

# **PROGRAMACIÓN DIDACTICA**

**DEPARTAMENTO DE XEOGRAFIA E HISTORIA**

**XUNQUEIRA I**

**CURSO 2012-2013**

**PONTEVEDRA**

**CURSO 2011-2012**

## PROGRAMACION DIDACTICA 2011-2012

### INDICE.

0.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
I.-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	4
II.-MATERIAS.....	4
III.-CONTIDOS MÍNIMOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN:.....	4
1-Referencia legislativa.....	4
2-ESO.....	5
3-Bacharelato.....	5
IV.-OBXETIVOS E METODOLOXÍA:.....	6
1-Recursos metodolóxicos.....	6
2-Procedementos.....	6
3-Técnicas de traballo: ESO, Bacharelato.....	7
V.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	10
VI.-AVALIACIÓN.....	11
VII.-ESTRATEGIAS PARA A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS....	14
VIII.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN.....	16
IX.-PREVISIÓN DE SUCESOS.....	16
X.-ALUMNOS PENDENTES.....	17
XI.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	17
XII.-IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.....	17
XIII.-ANEXO PROGRAMACIÓN.....	19
XIV.-PROGRAMACIÓN DE AULA.....	20

## 0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia constitúe unha contribución fundamental para a formación do alumnado na educación secundaria obrigatoria. Coas materias deste área preténdese profundar no coñecemento da organización e o funcionamento da sociedade, así como do territorio no que se asenta, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior da Educación Primaria na área denominada Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Tradicionalmente o estudo das disciplinas desta área foi fundamentalmente descritivo. Hoxe en día hai que insistir na necesidade non so de describir os contidos sociais, senón tamén que traten de explicalos, tratando de que os coñecementos adquiridos sirvan para conseguir un desenvolvemento integral do alumnado. Por iso desde a nosa área trataremos de que se estuden os aspectos máis próximos, sen esquecer as perspectivas máis amplas e as realidades máis remotas, tendo en conta o mundo globalizado de hoxe.

O estudo da Xeografía contribuirá a interpretar o espazo natural e social e a súa evolución a través do tempo e axudará a comprender as sociedades actuais e a aparición de novas temáticas como a educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer.

O coñecemento histórico proporcionaralle ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. Será necesario facer emerxer no seu estudo suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, etc., dándolles o protagonismo que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Non debemos esquecer o estudo da Historia da Arte, presentando as obras como produto resultante da creatividade e da actuación humana en diálogo permanente co tempo e o espazo que se expresa cos seus propios códigos e enriquece a visión global da realidade e as súas formas de manifestarse. Nos cursos da ESO farase un tratamento máis sinxelo, mentres que no Bacharelato a finalidade principal será a de facilitar unha formación máis específica no campo das artes, consistente en observar, analizar, interpretar e valorar as obras de arte, situándoas no seu contexto temporal e espacial. A través dela apréndese a percibir a arte como unha linguaxe con múltiples códigos que permiten comunicar ideas e compartir sensacións, proporcionando coñecementos específicos para percibir a linguaxe das formas das artes plásticas, enriquecidos progresivamente coa achega doutras manifestacións. A materia contribúe, ademais, a valoración e gozo do patrimonio artístco, partindo da súa importancia como sinal de identidade, considerando os desafíos que presenta a súa conservación e o potencial de recursos que contén, o que constitúe outro motivo fundamental que demanda unha adecuada formación que promova o seu coñecemento, deleitación e conservación, como legado que debe transmitirse ás xeneracións do futuro e, dunha forma moi especial, ás de Galicia. A dificultade de abranguer a amplitude e complexidade da historia da arte fai necesaria unha selección.

Non deberemos esquecer á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación. Tamén se favorecerá a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a socioloxía, a antropoloxía, a economía, ou a ecoloxía, que ofrece unha perspectiva de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

## **I.-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO**

Os membros do departamento durante o presente curso escolar son:

- M<sup>a</sup> Xosé Fernández Torrado.
- M<sup>a</sup> Carmen Larriba García  
Manuel Reboredo Tajés
- Pilar López Rodríguez

## **II.-MATERIAS**

As materias impartidas son as seguintes:

- Ciencias Sociais, xeografía e historia(1<sup>o</sup>,2<sup>o</sup>,3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> ESO)
- Historia do mundo contemporáneo (1<sup>o</sup> BACH)
- Historia de España (2<sup>o</sup> BACH)
- Xeografía (2<sup>o</sup> BACH)
- Historia da Arte(2<sup>o</sup> BACH)
- Sociedade e Cidadanía I. (PCPI)

## **III.-CONTIDOS MINIMOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN**

### **Referencias legislativas do DCB da ESO e BACHARELATO:**

XERAL:

- LEI ORGÁNICA 2/2006. DO 30 DE MAIO, DE EDUCACIÓN
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9/8/96)
- ORDE DE 28 de agosto de 1995 (BOE 20/09/95) por la que se regula el procedimiento para garantizar el derecho de los alumnos de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato a que su rendimiento escolar sea evaluado conforme a criterios objetivos.

ESO:

- DECRETO 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas de Educación Secundaria Obligatoria (DOG 13 de xullo de 2007)
- ORDE 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria (DOG 12 de setembro)
- ORDE do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na Secundaria Obligatoria (DOG 07/01/08)
- ORDE de 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de rexime xeral (DOG do 7 de novembro de 1995).
- ORDE de 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na Educación Secundaria Obligatoria (DOG do 21 de agosto de 2007)
- CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado da ESO.

BAC:

- DECRETO 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de Bacharelato (DOG do 23/06/08)
- ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de Bacharelato (DOG 27/06/08)
- ORDE do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde de 24 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas de Bacharelato e se regula a súa oferta (DOG 27/06/2008)
- ORDE de 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do

Bacharelato e se establece o seu currículo (DOG 29/08/200())

- ORDE de 23 de xuño pola que se amplía a oferta de materias optativas do Bacharelato e se establece o seu currículo (DOG 01/07/2009)

## 1º ESO

- Primer trimestre: El planeta Tierra. Os elementos do medio físico. Os medios naturais e a súa distribución.
- Segundo trimestre: Os medios naturais de Europa. A vida no espazo urbano.
- Terceiro trimestre: O Antigo Exipto e Mesopotamia. Grecia e Roma. A romanización da Península Ibérica.

## 2º ESO

- Primer trimestre: A poboación. As sociedades actuais. A *vida no* espazo urbano.
- Segundo trimestre: A sociedade medieval. Características do estado moderno en Europa.
- Terceiro trimestre: A monarquía hispánica dos Reis Católicos. Os Austrias e o Imperio Español.

## 3º ESO

- Primer trimestre: Actividade económica e espazo xeográfico.
- Segundo trimestre: Organización política e espazo xeográfico.
- Terceiro trimestre: Transformacións e desequilibrios no mundo actual.

## 4º ESO

- Primer trimestre: Bases históricas da sociedade actual. Do Antigo Réxime a sociedade actual
- Segundo trimestre: A España contemporánea.
- Terceiro trimestre: O mundo actual.

## 1º BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

- Primer trimestre: Da crise do Antigo Réxime a II Revolución Industrial.
- Segundo trimestre: O mundo na primeira metade do século XX.
- Terceiro trimestre. Da Guerra Fría a caída do muro de Berlín. A historia presente.

## 2º BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA

- Primeiro Trimestre: Dos orixes o século XVIII (visión xeral). A crise do Antigo Réxime e a construción do estado liberal ata o destronamento de Isabel II.
- Segundo trimestre: A segunda metade do século XIX. A restauración.
- Terceiro trimestre: A segunda república e a Guerra Civil. O franquismo. A transición e a España democrática.

## 2º BACHARELATO: XEOGRAFÍA

- Primer trimestre: Territorio e actividades económicas en España.
- Segundo trimestre: Poboación, sistema urbano e contrastes rexionais en España. España en Europa e no mundo.
- Terceiro trimestre: Naturaleza e medio ambiente en España.

## 2º BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE

- Primer trimestre: Arte antigo e arte medieval.

- Segundo trimestre: Renacemento e Barroco.
- Terceiro trimestre: Arte dos séculos XIX e XX.

#### IV.-OBXETIVOS E METODOLOXÍA ESO.

A consecución dos obxetivos propostos no DCB basearase nunha metodoloxía *activa e participativa* no proceso de ensinanza-aprendizaxe, o suficientemente *aberta e flexible* en función do nivel de coñecementos e destrezas do alumnado.

Para determinar dito nivel farase unha indagación inicial, e igualmente o comenzo de cada unidade didáctica, faranse unha serie de preguntas sobre o novo tema.

Os resultados da avaliación inicial por cada equipo docente completará a información sobre o alumnado.

O departamento comprométese a profundizar na adquisición do aprendizaxe significativo; propondo actividades de aplicación dos coñecementos adquiridos; así como exercicios de análise das causas e consecuencias dos fenómenos sociais: Se favorecerá igualmente o desenvolvemento do aprendizaxe autónomo mediante o traballo dos procedementos, a búsqueda de información, a súa selección e a organización dos datos e resultados.

##### 1.- Recursos metodolóxicos:

- A nosa actividade como profesora será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento do coñecemento comprensivo do alumnado.
- Partiremos do nivel do alumnado, o que significa considerar todas as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción docente a estimular o alumnado a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.
- Buscaremos formas de adaptación as diferentes necesidades do alumnado. (colaboración co departamento de orientación)
- Impulsaremos un tipo de avaliación que informe o alumno sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a súa participación no mesmo a través da autoevaluación e a coevaluación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado.

##### 2.- Procedementos:

Os contidos integranse en unidades didácticas que serán abordados por medio de procedementos tales como:

- Indagación e investigación a través de hipóteses e conxecturas, observación e recollida de datos, organización e análise de esos datos, interpretación, conclusións e comunicación das mesmas.
- Tratamento da información, análise crítico.
- A explicación multicausal, analizando os numerosos factores causais que interveñen na determinación dos fenómenos sociais e humanos.

O desenvolvemento da área dende unha perspectiva inter e intradisciplinar tamén levarase a cabo a través de actitudes e valores como o rigor e a curiosidade científica, a conservación e valoración do patrimonio, tanto natural medio-ambiental como artístico, cultural e histórico e a tolerancia respecto as ideas, opinións e creencias doutras persoas e sociedades, a valoración e defensa da paz e da democracia, a responsabilidade fronte os problemas colectivos e o sentido da solidariedade.

O Departamento nas aulas buscará a alternancia entre dous tipos de estratexias: expositivas e de indagación. Estas estratexias materializaranse en técnicas como: os mapas de contido, as representacións plásticas, os comentarios de texto e de obras artísticas, o debate, o coloquio e os

diálogos.. Así mesmo o departamento promoverá en todos os cursos actividades orales o obxecto de mellorar a súa capacidade expresiva.

### **3.-Técnicas de traballo :**

#### **1º de ESO**

- Iniciación a lectura dos símbolos cartográficos.
- Elaboración e utilización de material cartográfico para obter información sobre o relevo, os ríos e a vexetación.
- Lectura e resolución de problemas relacionadas coas coordenadas terrestres.
- Elaboración das gráficas: climogramas
- Descrición de paisaxes :diapositivas,láminas.
- Localización de accidentes xeográficos en mapas-mundi.
- Obtención de información a través da prensa.
- Elaboración de mapas temáticos.
- Debates y exposicions sobre noticias.
- Utilización das formas de medición cronolóxica e a súa representación gráfica.
- Obtención de información a través de imáxenes e de obras de arte.
- Explicación e comparación de algún rasgo cultural das diversas civilizacións da antigüedad clásica.
- Realización de sinxelos comentarios de texto dirixidos polo profesorado.
- Elaboración e resúmenes, esquemas e notas a partir da información escrita e oral.
- Lecturas de carácter xeográfico-histórico e literario que sirva para a mellor comprensión dos conceptos.

#### **2º de ESO**

- Utilización das formas de medición cronolóxica e a súa representación gráfica.
- Obtención de información a partir de imáxenes e obras de arte.
- Explicación e comparación dos rasgos culturais, económicos, políticos e sociais de diferentes épocas históricas e evolución das mesmas.
- Realización de resúmenes e esquemas para a fixación de conceptos xeográficos e históricos.
- Elaboración, lectura interpretación de distintos tipos de mapas, planos, croquis tablas estadísticas.
- Realización de comentarios dirixidos de textos.
- Elaboración, lectura e comprensión de mapas históricos.
- Tratamiento da información procedente da prensa y os medios de comunicación.
- Realización e comentario de pirámides de poboación.
- Análisis comparativo dos datos referidos a distintas áreas do mundo en cuanto a poboación, recursos índices de desenvolvemento.
- Lecturas de carácter xeográfico-histórico e literario que sirvan para a mellor comprensión dos conceptos.

#### **3º de ESO**

- Obtención de información, descripción e comentario de paisaxes.
- Resúmenes e esquemas para a fixación de conceptos xeográficos.
- Elaboración, lectura e comprensión de diferentes tipos gráficos e tablas estadísticas.
- Elaboración, lectura e comprensión de diferentes tipos de mapas, planos e croquis.
- Realización e comentario de pirámides de poboación.
- Análisis comparativo de datos referidos a distintas áreas do mundo en cuanto a poboación, recursos e índices de desenvolvemento.
- Localización de accidentes xeográficos de mapas- mundi.

- Tratamento da información procedente da prensa e os medios de comunicación.
- Exposición e debates sobre a actualidade.
- Lecturas de carácter xeográfico-histórico e literario que sirva para a mellor comprensión dos conceptos.

#### 4º de ESO

- Elaborar e interpretar mapas históricos.
- Iniciación al análisis d y comentario de textos.
- Elaborar e interpretar eixos cronolóxicos que correspondan a Idade Moderna e Contemporánea.
- Elaboración, lectura e interpretación de distintos tipos de gráficos y tablas estadísticas.
- Lecturas de carácter xeográfico-histórico e literario que sirva para a mellor comprensión dos conceptos.
- Obtención de información, análisis e comentario de imáxenes.
- Explicación e comparación dos rasgos culturais, económicos, políticos e sociais de diferentes etapas históricas.
- Realización de resúmenes e esquemas para a fixación de conceptos históricos.
- Tratamento da información procedente de prensa e medios de comunicación.

#### 1º de BACHARELATO:

##### Historia do mundo contemporáneo.

Esta asignatura impartirase utilizando unha metodoloxía activa, que faga participar o alumnado no seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe. O *aparato conceptual* desenrollarase de maneira sistemática e precisa, formando parte dos contidos fundamentais e xerais de cada tema, necesarios para que os alumnos podan acadar nos obxetivos e capacidades previstos.

-Facilitarase a comprensión e o aprendizaxe organizado dos feitos, conceptos, procesos e relacións, integrando os diferentes procesos de histórica, sin otorgar un tratamento desproporcionado ou unívoco a ningún deles.

-O traballo sobre cada unidade didáctica basearase nas fotografías, mapas, debuxos, cadros, estadísticas, gráficos, escollidos polo seu valor didáctico e pola súa relación cos principais contidos desenvolvidos.

-O profesor evitará unha memorización pasiva dos coñecementos por parte do alumnado. Así mesmo, lles proporcionará novas fontes e actividades para completar a información do libro de texto. Planteará cuestións na aula que inciten o alumnado a efectuar comparacións e indagar nas causas e nas consecuencias dos feitos históricos.

-Realizaranse actividades individuais ou colectivas co fin de reforzar os coñecementos por parte do alumnado, mellorar a comprensión crítica do contexto histórico e profundizar no estudo dos contidos. Así mesmo, propoñense actividades para a identificación da multicausalidade dos acontecementos históricos, para o desenvolvemento da capacidade persoal de argumentación e para o análise correcto dos recursos gráficos.

-Se recomendará a lectura de obras de narrativa, visionado de películas e documentais relacionados cos temas estudados.

#### 2º de BACHARELATO

##### Historia da Arte



Obxectivo primordial da materia será acadar que os alumnos adquiran un coñecemento básico da evolución histórica da arte, que asimilen e apliquen criterios científicos para comentar e valorar as obras artísticas. Interesa que aprendan a comentar unha obra de arte, utilizando un vocabulario correcto, aplicando os coñecementos que poseen, o contexto histórico no que o feito artístico se produce e o papel do artista.

O tempo principal da clase dedicárase, polo tanto, a exposición do marco xeral correspondente a cada etapa ou movemento artístico, para despois pasar o comentario das obras que serán presentadas o alumnado en diapositivas ou en soporte informático.

Asimismo os alumnos participarán activamente mediante traballos e recopilación e comentario que presentarán en clase.

Complementariamente levaranse a cabo visitas a monumentos e museos, así como as exposicións que se consideren máis interesantes. Recomendase traballar de maneira continuada, revisando os apuntes de clase e realizando actividades semanais de aplicación práctica. Se aconsellará a utilización de algunhas páxinas web con contidos artísticos, útiles para obter material gráfico e para servir de fonte de consulta.

## **Xeografía**

A metodoloxía en esta disciplina ha de ser necesariamente científica, como corresponde a unha xeografía aplicada na que ademais dos coñecementos teóricos han de tratarse o análise e prácticas espaciais. É fundamental a participación do alumnado, de modo que se adiestren para ser capaces de emitir un xuízo razonado e coherente.

A metodoloxía didáctica no bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación. Asimismo, debe relacionar os aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

Resulta conveniente utilizar estratexias didáctica variadas, que combinen a exposición teórica de conceptos coa realización de actividades prácticas.

-A exposición teórica dos conceptos pode ser previa ou posterior a execución das actividades prácticas ou poden combinarse ambas.

-A realización de actividades é esencial nunha disciplina como a Xeografía. Os criterios que se seguiron para a súa selección son:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Favorecer o aprendizaxe significativo o permitir comparar o punto de partida previo a súa realización.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou xustificacións.
- Expoñer unha formulación clara e interrelacionada cos contidos teóricos para que o alumnado o entenda sin dificultade.
- Afianzar os conceptos e traballar os procedementos.
- Dar unha proxección práctica dos contidos, permitindo aplicar os coñecementos a realidade.
- Motivar e conectar cos intereses do alumnado, facendo alusión a temas actuais ou relacionados co seu entorno.
- Fomentar a participación individual e en grupo.

Sobre a base deste criterios as actividades programadas responden a unha tipoloxía variada que se encadra dentro das seguintes categorías:

- Definición de termos e conceptos xeográficos.
- Realización de temas referidos a diversos aspectos da xeografía de España.
- Realización de exercicios prácticos de diverso tipo (comentario de texto, gráficos, tablas estadísticas e localización de fenómenos xeográficos en mapas) cos que se pretende que o alumnado lea e interprete a información que se aporta, doptando unha estratexia adecuada según os datos de que se dispón. Como elemento auxiliar, aconsellase a consulta de

algunhas páxinas web con exercicios e prácticas de xeografía.

## **Historia de España**

O profesorado expondrá cada un dos temas contidos no programa, deténdose na explicación dos problemas que plantexan. Baixo a dirección do profesor,o alumnado seleccionará e definirá os conceptos, acontecementos e personaxes relativos a cada un dos temas. Asimesmo, elaborarán eixes cronolóxicos correspondentes a cada bloque temático, Por cada bloque temático, se traballarán os seguintes instrumentos: textos, mapas históricos, gráficos e cadros estadísticos.

## **V.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **ESO**

- Escritos: informes estadísticos, textos de diversas procedencias, artigos de prensa, etc.
- Gráficos: mapas, atlas, imáxenes, esquemas, croquis, fotografías, globo terráqueo, etc...
- Audiovisuais: diapositivas, transparencias, vídeos, documentais, películas, etc.
- Informáticos: programas e páxinas web de contido histórico, xeográfico, cultural...
- Material de debuxo: papel milimetrado
- Material didáctico elaborado polos profesores do departamento.
- Fondos da biblioteca do centro.
- Libros de lectura.
- Libros de texto e carpetas de actividades: Proxecto editorial Vicens Vives.

### **BACHARELATO**

#### **1º DE BACHARELATO**

##### **Historia do mundo contemporáneo**

- Mapas históricos.
- Textos seleccionados.
- Gráficos y tablas estadísticas.
- Imáxenes.
- Material audiovisual e informático.

O libro de texto proposto polo departamento é: Historia do mundo Contemporáneo da Editorial Vicens Vives.

#### **2º DE BACHARELATO**

##### **Historia da Arte**

- Diapositivas , imáxenes en diferentes formatos.
- Medios audiovisuais e informáticos.
- Materiais de traballo elaborado polo profesorado.
- Dicionarios de termos artísticos, libros de arte.
- Visitas a monumentos, museos e exposicións.
- O libro de texto proposto polo departamento e: Historia da arte da editorial Vicens Vives.

##### **Xeografía**

- Diapositivas, imáxenes en diferentes formatos.
- Medios audiovisuais e informáticos.
- Materiais de traballo elaborados polo profesorado.

- Dicionarios de términos xeográficos, atlas.
- Se propón como libro de texto a Xeografía da editorial Anaya.

## Historia de España

- Materiais gráficos: mapas históricos, fotografías, artigos de prensa, distintos tipos de gráficas e tablas.
- Medios audiovisuais e informáticas.
- Textos seleccionados. Materiais elaborados polo profesorado.
- O libro de texto proposto polo departamento e “Historia de España” Galicia Editorial Vicens Vives.

## VI- AVALIACIÓN

### ESO

#### Consideración xerais

A avaliación do aprendizaxe do alumnado será **continua e diferenciada**, así como integrada no proceso de ensinanza- aprendizaxe co obxectivo de detectar as dificultades, averiguar a suas causas e en consecuencia adaptar as actividades. Estará orientada polos obxetivos mínimos xerais da área e especificamente polos obxetivos establecidos para o curso correspondente. Comprobará o cumprimento de ditos obxetivos e a adquisición de coñecementos de acordo cos criterios de avaliación establecidos. Realizarase unha avaliación inicial a principio de curso co fin de detectar o nivel do alumnado. No proceso de avaliación continua utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Traballo en clase e revisión dos cadernos de actividades.
- Actitude e participación nas clases.
- Adquisición e dominio de técnicas de aprendizaxe.
- Traballos en grupo ou individuais presentados por escrito ou expostos oralmente.
- Diálogos e debates na aula.
- Realización de probas obxetivas escritas, como mínimo dúas probas por avaliación.
- O término do curso, todo o alumnado deberá superar unha proba demostrativa da consecución das competencias básicas cuio contido será determinado polo departamento.

Este Departamento considera:

- Sólo podrá repetirse un exame o alumnado que presente xustificante oficial sobre as causas da sua falta de asistencia a convocatoria inicial.
- Teranse en conta os hábitos de traballo.
- Non entregar os traballos e actividades plantexadas o longo do curso será rexistrado como puntuación negativa para a nota final das respectivas avaliacións.
- A falta de atención e participación nas explicacións e traballos orais de clase incidirá igualmente de forma negativa na nota.
- As faltas de ortografía reducirán a calificación obtida.

Realizarase una recuperación de toda a materia que fora obxecto de exame en cada avaliación. O final da terceira avaliación realizarase un exame de recuperación para o alumnado que non obtiveran unha calificación positiva en algunha das avaliacións. Non obstante o profesor poderá levar a cabo outras fórmulas que considere mais adecuadas as características do su alumnado . En setembro realizarase unha avaliación extraordinaria para aquele alumnado que non obtiveran

unha calificación positiva en xuño. O alumnado deberá superar unha proba demostrativa da consecución das competencias básicas.

O TEMPO MÍNIMO CON QUE PODERÁ SER FIXADO UN EXÁME SERÁ DE 48 HORAS INCLUIDOS DÍAS NON LECTIVOS.

O departamento considera que este prazo é o mínimo que aplicarase en periodos concretos nos que sexa imprescindible por urxencia. Denantes o resto do curso os exámes e probas estableceranse con mais antelación.

### **Alumnos con asignaturas pendentes:**

**O alumnado con asignaturas pendentes será atendido polo profesorado do departamento que imparta clase no curso no que se encontre para facilitar os eu seguimento.** O profesorado do Departamento elaborará unha serie de actividades de recuperación basadas nos contidos mínimos de dita asignatura que conduzan o logro das competencias básicas. O seguimento do traballo será obxecto de valoración nas reunións de Departamento. Realizarán dúas probas o longo do curso, como se expón no apartado XI desta programación.

## **BACHARELATO**

### **1º de Bacharelato**

#### **Historia do mundo contemporáneo**

A avaliación e *continua*. En xeral os criterios de avaliación obteranse a través da realización de probas escritas cujos criterios de calificación serán expostos no apartado VIII. Estas probas tendrán a seguinte estrutura:

- Preguntas obxetivas que esixan respostas curtas, as cales permitirán avaliar a capacidade de memorística, consistindo en definicións de conceptos básicos, cuestións breves ou preguntas tipo test.
- Cuestións obxetivas de desenvolvemento, e dicir, de razoamento nas que o alumnado debe comentar e argumentar convenientemente as respostas.
- Realización de exercicios de tipo práctico (comentario de textos históricos e historiográficos, mapas, gráficas, etc.).

**Terá a máxima consideración para a calificación a corrección ortográfica e sintáctica así como a utilización do vocabulario específico da materia, e a correcta presentación de probas e traballos.**

Para obter a calificación final da avaliación serán tidas en conta tanto as notas obtidas nos exámes realizados no período de cada avaliación que comprenderán os contidos vistos así como a actitude ante a signatura e a adquisición de destrezas no manexo dos instrumentos propios do estudo da historia. **Polo tanto a avaliación terá un carácter formativo e sumativo.**

A calificación final de xuño obterase a través dunha media entre as calificacións das distintas avaliacións sempre e cando todas elas estén aprobadas (alcanzando un 5 como mínimo). A calificación non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das calificacións parciais, xa que o profesorado valorará a evolución do alumno/a o longo do curso.

A falta de asistencia a clase puntuará negativamente. Cando un alumno/a non superara unha avaliación na convocatoria ordinaria nin na recuperación, será necesario que se presente a un exáme final de contidos de dita avaliación. E cando o alumno/a teña suspensas dúas avaliacións terá que presentarse a un exáme global da materia. Na terceira avaliación caso de non ser superada e dado o avanzado do curso, examínase dos contidos de esta avaliación na data establecida para o exame final da materia.

O exame extraordinario de Setembro será referido a toda a materia do curso, sin posibilidade de examinarse de avaliacións independentes.

Cando un alumno non se presente a unha proba deberá xustificar oficialmente as causas da súa

ausencia, sendo a sua nai, pai ou titor as persoas que teñen que facer constar a causa xustificada, de non ser así deberá presentarse a proba de recuperación ou a o exame final según o caso, xa que non tendrá dereito a repetición de dito exame .

## **2º de Bacharelato**

### **Historia de España**

A avaliación será continua a lo largo del curso a partir das seguintes actuaciónes:

- Probas escritas: dúas probas en cada un dos trimestres, na segunda los alumnos deberán rendir cuenta de la totalidad das unidades didácticas correspondentes a cada periodo de avaliación. A segunda proba ofrecerá ó mesmo tempo a posibilidade de recuperación a quenes suspenderan a primeira. O longo do seguinte trimestre ou o final de curso, según determine o profesor da materia e informado o departamento, poderán recuperar as avaliacións suspensas mediante un exáme final da materia. No caso de suspender a terceira avaliación por razón do calendario a recuperación farase na data do exáme final. Valorarase a corrección ortográfica e sintáctica, así como a expresión e o estilo. Terá a máxima consideración a utilización do vocabulario específico e preciso das materias.
- Actividades orais e escritas así como preguntas en clase si se fixeran relacionadas coas unidades temáticas que se estudien en cada periodo lectivo. Exercicios que se pidiran, resúmenes ,esquemas dos temas, que os alumnos deberán presentar ó profesor puntualmente antes de cada avaliación, estas cumprirán as mesmas exixencias que as probas escritas anteriores debendo ter unha correcta presentación.
- A participación e a actitude teranse en conta para decidir a calificación final. As faltas de asistencia a clase sen xustificación puntuaran negativamente.
- No caso de non haber aprobado a asignatura na avaliación final de xuño, o alumno terá un exáme en setembro do contido completo da programación.
- O tipo e a calificación dos exámes fundamentarase sustancialmente no modelo establecido pola comisión de selectividade. Ademais faranse outro tipo de probas que sirvan para avaliar os coñecementos teóricos da materia especialmente no primeiro trimestre co fin de avanzar hacia o control das estratexias dos exámes de selectividade. Con carácter xeral os profesores introducirán as modificacións que consideren oportunas .
- A calificación final do curso no se corresponderá necesariamente coa media aritmética das calificacións parciais senon que o profesor valorará a evolución dos alumnos o longo do curso.

### **Historia da Arte**

- Actividades de clase relacionadas coas unidades temáticas que se estudien en cada periodo evaluativo. A participación e a actitude teranse en conta para decidir a calificación final. As faltas de asistencia a clase, dada a metodoloxía da materia que exige a visualización e o comentario das imaxes puntuarase negativamente.
- Traballos de recollida de imaxes e información sobre as obras e autores realizados o longo do curso.
- Realizaranse dúas probas escritas en cada semestre que se axustarán aos modelos propostos nos exámes de selectividade; na segunda os alumnos que non houberan aprobado a primeira teran a posibilidade de recuperala. Así mesmo a segunda proba poderá comprender contidos da primeira. O final de curso os alumnos poderán recuperar as avaliacións suspensas mediante un exame final da materia. A terceira avaliación por razón de calendario, si se suspendera

- recuperarase na data do exame final.
- En caso de non haber aprobado a asignatura na avaliación de xuño, os alumnos terán un exame en setembro sobre o contido completo do programa.
- Os modelos de exames terán como referencia os establecidos polo comisión de selectividade, pero os profesores introducirán neles as modificacións que consideren oportunas. A calificación final do curso non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das calificacións parciais, senon que o profesor valorará a evolución do alumno o longo do curso.
- Terá a maior consideración a corrección ortográfica e sintáctica, así como a utilización do vocabulario específico da asignatura.

## **PCPI. SOCIEDADE E CIDADANÍA.**

### **Obxectivos.**

- Coñecer e valorar as características organizativas, sociais e culturais do contorno.
- Coñecer e valorar os principais trazos das organizacións sociais e culturais do Estado.
- Coñecer as características da sociedade democrática e tomar conciencia da necesidade de participación, con recoñecemento dos deberes da cidadanía.
- Coñecer as principais institucións supranacionais: UE e organismos internacionais.
- Coñecer e analizar os problemas sociais do mundo actual.

### **Contidos.**

- Coñecemento da organización social de Galicia. Institucións e servizos públicos da comunidade.
- Coñecemento da organización do Estado español. O sistema das autonomías.
- O sistema democrático: Participación cidadá,; dereitos e deberes; a Constitución e o Estatuto de Autonomía.
- Galicia e España en Europa. Organismos internacionais. Política de cooperación.
- Coñecemento doutros modelos sociopolíticos actuais.
- Desequilibrios e conflitos no mundo actual. A acción humana como causa e efecto dos problemas. A globalización. O compromiso persoal.
- A violencia como defecto da sociedade: violencia entre pobos e violencia de xénero.
- Desenvolvemento e consumo. Consumo responsable.
- Criterios de avaliación.
- Coñecer a distribución xeográfica de Galicia (organización e paisaxes galegas e a súa economía), localizar en mapas a súa situación e argumentar as causas e as consecuencias das súas características.
- Coñecer a estruturación do estado español en comunidades autónomas. Valorar as diferenzas como elemento enriquecedor. Saber localizar as comunidades en mapas. Organizar itinerarios para se mover entre elas.
- Coñecer e apreciar o sistema democrático. Representación da cidadanía. A participación como valor para mellorar a vida da comunidade. Dereitos e deberes.
- Coñecer de forma sinxela a Constitución española. Dificultades para os consensos. Significado dunha norma común.
- Coñecer de forma sinxela o Estatuto de Autonomía e o longo percorrido pola historia ata chegar a el. O goberno autónomo e as relacións co resto do Estado español.
- Analizar as desigualdades no mundo actual. Reflexionar sobre a multicausalidade. Valorar a cooperación entre os pobos.
- Recoñecer o consumo responsable. Papel da publicidade. Valorar igualmente a capacidade de comprender os prexuízos que pode provocar na vida persoal e na do contorno.

- Recoñecer a necesidade da seguridade viaria para persoas, condutores e peóns.

## VII.-ESTRATEGIAS PARA A CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS BASICAS.

No caso das competencias nas que as ciencias sociais teñen unha contribución maior (III, IV e VI coñecemento e interacción do medio físico, competencia social e cidadán e competencia cultural e artística ) a súa consecución ha de partir:

1. Do coñecemento e comprensión da organización do territorio: habilidades para coñecer os elementos que o compoñen e as súas interrelacións para comprender como eses elementos son o resultado (causalidade) de las interacciones das sociedades entre sí e no medio no que se desenrollan; para a avaliar as consecuencias da organización territorial dos individuos e dos grupos sociais, e identificar os impactos que as accións humanas teñen sobre o medio natural . Han de aplicarse algunhas ferramentas e métodos xeográficos como: elementos de medición tales como índices ou escalas, elementos de representación do territorio (fundamentos básicos da xeografía etc); localización e orientación sobre mapas e sobre o terreo.
2. Do coñecemento e comprensión do concepto de "tempo histórico" nunha dobre acepción: como o proceso de evolución e cambio das diferentes sociedades a traves da súa historia e como habilidade para situar no seu contexto espacial e temporal os feitos sociais. En suma debe facerse fincapé como estratexia básica nos procesos da dinámica histórica das sociedades e os seus factores, na diversidade de sociedades que conviven e se interrelacionan nun determinado momento histórico; na contextualización dos diversos feitos económicos, sociais, políticos, relixiosos, culturais, etc, na utilización de elementos de investigación, medición e representación da Historia; na comprensión dos conflitos e dinámicas que se dan nas sociedades (española e galega en particular), e especialmente no ámbito da cidade; no coñecemento e valoración positiva dos conceptos de democracia, liberdade, solidaridade, corresponsabilidade, participación e cidadanía.
3. Do coñecemento e comprensión e valoración das principais manifestacions culturais e artísticas, Tratase de contribuir a consecución desta competencia mediante o coñecemento da Historia da arte , despertando o respecto polo patrimonio artístico e cultural.
4. En canto as chamadas competencias básicas denominadas troncais(I, II e IV, ) seguiremos as seguintes estratexias:
  - Competencia en comunicación lingüística: exercicios de lectura comprensiva; actividades da expresión oral; lectura e comprensión dos linguaxes icónico, simbólico, cartográfico,etc.
  - Competencia matemática: traballo con magnitudes, proposicións, estadísticas,escalas,medicións etc.;lectura de taboas, elaboración e/o interpretación de representacións gráficas, etc.
  - Competencia sobre o tratamento da información: obtención de información : identificación e lectura (decodificación si procede); percepción de información xeográfica, histórica, artística e sociolóxica na realidade que rodea os alumnos, e obtención de información xa codificada ( libros, música, profesores, medios audiovisuais, internet, etc)
  - Criterios de selección de información: compara sistintas fontes , identificación dos elementos relevantes ,tantopor medios convencionais como utilizando as novas TIC.
  - Resolución de problemas: plantexamentos de hipótesis, obtención de conclusións, asociación das causas cos efectos sobre as persoas e no medio ambiente,comprensión e aplicación de modelos de análise e interpretación propios da xeografía, explicación da dinámica e os cambios,etc.

5. No que respecta a consecución das competencias que afectan o “sistema”( VII e VIII ), estas dependen de dous factores: as decisións de ámbito político administrativo e as concepcións que utilizemos a saber:

- Desenrolo da conciencia do proceso evolutivo do aprendizaxe:
- Programación na que o progreso conceptual e procedimental o longo das actividades programadas sexa evidente para oos alumnos/as.
- Fomento da autoestima do alumno/a: plantexamento de obxetivos “acadables” e instrumentos para superar as dificultades.
- Desenrolo de técnicas para a comprensión e interpretación de realidades próximas ó alumno/a, como punto de partida para o coñecemento e conciencia de que a información serve para dar resposta ó contexto.

## **VIII-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN:**

### **ESO**

#### **Primeiro da ESO**

Probas teórico prácticas:60%

Traballo diario-caderno:30%

Actitude en clase e participación:10%.

#### **Segundo da ESO:**

Probas teórico prácticas:60%

Traballo diario-caderno:30%

Actitude en clase e participación:10%

#### **Terceiro da ESO:**

Probas teórico prácticas:70%

Traballo diario\_caderno:20%

Actitude en clase e participación:10%.

#### **Cuarto da ESO:**

Probas teórico prácticas:70%

Traballo diario-caderno:20%.

Actitude en clase e participación:10%

### **BACHARELATO**

#### **1º BACH.**

##### **Historia Contemporánea:**

Probas teórico practicas 80%

Traballo diario 10%

Actitude en clase:10%.

#### **2º BACH.**

##### **Historia de España, Historia da arte e Xeografía**

Probas teórico prácticas orales e escritas 90%

Trabalo diario actitude an clase e participación 10%.

Respecto a actitude e comportamento ,as faltas de atención graves así como de actitude sobor de todo si provocan unha alteración da órden da clase, suponen unha calificación negativa. Acumular tres faltas graves nunha avaliación supón a pérdida de completa da puntuación neste apartado.

A nota final do curso terá en conta non só as notas trimestrais senón tamén a evolución positiva do



alumno, o esforzo e o interés demostrado o longo do curso..Aqueles alumnos que non superaran a asignatura ,terán dereito a un exame final de toda a asignatura.

### **IX-PREVISIÓN DE SUCESOS:**

Os alumnos que durante un exáme copien por calquer medio ou altere o desenrolo e contido do mesmo, terá que examinarse en xuño dos seus contados, si este exáme fora de avaliación. Si se tratara dun exame final de xuño perdería a convocatoria tendo que examinarse na convocatoria de setembro, si ocorrira no exáme de setembro non aprobaría a signatura.

### **X.-ALUMNOS PENDENTES:**

#### **ESO**

A materia dividirase en dúas partes das que os alumnos terán que examinarse en dúas probas. A aportación das calificacións das probas será dun 70% . Serán os profesores dos cursos os que promocionen os alumnos os encargados do seu seguimento . A este respecto establecece:

- a) As probas realizaranse en Xaneiro e Abril aproximadamente. A súa calificación supón o 70% da nota.
- b)Ademais coincidindo co momento de realización das probas os alumnos terán que entregar os exercicios e tarefas que o departamento sinalara con anterioridade. A aportación destes exercicios a calificación será de un 30%.

#### **BACHARELATO**

A materia dividirase en duas partes das que se examinaran en dúas probas , a aportación destas a calificación será do 100%.

### **XI.-ATENCIÓN A DIVERSIDADE:**

O departamento de Xeografía e Historia en colaboración co departamento de Orientación elaborará as adaptacións curriculares do ámbito sociolingüístico ,xunto cos demais departamentos do ámbito, no momento en que se detecten alumnos con dificultades de aprendizaxe.

### **XII.-IMPLANTACIÓN DAS TICS:**

A nova sociedade da información esixe utilizar as nocvas tecnoloxías como ferramentas que dan o roceso de ensinanza –aprendizaxe un ritmo moito mais vivo, unha participación interactiva a través de ferramentas moi atractivas para os alumnos: o ordenador, as cámaras dixitais, o mobiles, etc.

A súa vez ,o papel do profesorado como fonte exclusiva de coñecementos xa non é unha prioridade. Agora o profesorado debe asumir tamen un papel activo ante a sociedade da información, debe analizar e someter a análises críticas a información para elaborar unha selección do que realmente sexa válido para a aprendizaxe.

O uso das TICS nas aulas supón a superación do modelo anterior e ofrece vantaxes tanto no ámbito do alumnado como do profesorado. Polo que se refire o alumnado, podemos sinalar, como mais significativas as seguintes:

- A redución da conflictividade, ao usar métodos activos de traballo.
- Melloranse as habilidades sociais dos alumnos.
- O ritmo das clases e mais atractivo.
- Trátase dunha participación activa: aprender facendo
- Captase a información por medio de canles mais variados: imaxe son cor...
- Facilitase o traballo cooperativo.

Respecto o profesorado:

- É posible deseñar materiais mais atractivos.
- Facilitase o intercambio de materiais con outros profesores.

- Facilitase unha ensinanza activa nas aulas.
- Facilitase o traballo en equipo.
- Disponse de bancos de datos.

Afondaremos nas posibilidades que a aplicación *moodle* facilita na Aula Virtual, e, como xa se dixo anteriormente, promoveremos a utilización das actividades *moodle*, comezando por portos, foros e glosarios e non só no uso dos recursos.

Non esquecemos a relación que estas tecnoloxías teñen co Proxecto Lector do centro, polo que o Departamento estará coordinado con el para incrementar as lecturas dixitais, procurando que o alumnado faga unha lectura intensiva, tutelado polo profesorado que imparte a materia en cada nivel.

### XIII. ANEXO PROGRAMACIÓN

Os contidos mínimos e asúa temporalización encontráanse nas páxinas 4 e 5. Na programación de aula desenvólvense máis detalladamente. Todos os contidos que figuran nesta programación coinciden cos que aparecen nos Decretos 133/2007 e 126/2008 polo tanto todo o que aparece neles considérase parte dos contidos mínimos. Todo o que non figure nos anteriores Decretos non poderá ser obxecto de avaliación.

En todos os cursos inclúense lecturas de contido xeográfico e histórico que sirven para a mellor comprensión dos contidos e coñecemento dos seus contextos espacio-temporais, contribuíndo así o plan de fomento da lectura do centro,"Proxecto Lector.

Nas técnicas de traballo inclúense a búsqueda de información nos medios de comunicación escritos o que redundan no fomento da lectura.

Na súa indicación sobre a falta de un programa específico para alumnos repetidores comunícalles que os alumnos integranse nos seus cursos correspondentes en igualdade de condicións co resto dos seus compañeiros de curso.

A educación en valores é unha constante no ensino-aprendizaxe das ciencias sociais os seus contidos conceptuais son especialmente adecuados para transmitir ideas de respecto e de convivencia. O medio natural, o patrimonio histórico artístico, a xustiza social, a tolerancia, o respecto as leis, a educación na diferenza etc etc.. O noso referente inmediato é o plan de convivencia do centro.

Respecto as accións de contribución ao plan TIC, no noso departamento na práctica diaria utilizamos as novas tecnoloxías. Os profesores dispomos de medios informáticos nas clases e na comunicación cos alumnos, para o que contamos coa inestimable colaboración do departamento de tecnoloxía. Dende este curso contamos con instalacións completas nas aulas de 2º de bacharelato. Sen dúbida a utilización das TIC onde máis necesarias e útiles son e na asignatura de Historia da Arte que abre unha infinidade de posibilidades.

As actividades complementarias e extraescolares non son incluídas porque non é posible precisalas na súa totalidade xa que dependen en gran medida das programacións culturais que se desenvolvan e que coincidan co curso académico. Ademais deben ser aprobadas polo Consello Escolar. Os nosos alumnos/as realizan salidas do centro na propia cidade para coñecer a súa historia, visitan o seu museo en varias ocasións ao longo do curso e realizan visitas programadas para coñecer o patrimonio histórico-artístico das cidades galegas, así como os seus mosteiros dentro das programacións de historia e de historia da arte.

Cada comezo de curso todos os profesores do departamento adican a primeira semana a coñecer os coñecementos previos dos alumnos facendo un lixeiro repaso dos contidos dos cursos anteriores para poder avanzar ordenadamente na construción dos seus coñecementos. Esta **avaliación inicial** é considerada de gran importancia para os alumnos/as que proceden doutros centros.

O longo do curso o departamento reúne semanalmente e analiza:

- O desenvolvemento da programación nas clases.
- A relación entre obxectivos e contidos.
- A adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- A adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

Nas reunións decídese a revisión da mesma. A final de curso fállese a avaliación global da mesma, incluíndoa no informe final do Departamento.

## PROGRAMACIÓN DE AULA

### 1º ESO

#### Unidade 1.- A terra, planeta do sistema solar.

##### Competencias básicas:

- Competencias no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.

##### Obxectivos didácticos:

- Localizar a Terra no Universo e coñecer as características da Vía Láctea.
- Coñecer a forma, as dimensións e a composición da Terra.
- Saber que é o movemento de rotación da Terra e as súas consecuencias.
- Coñecer o movemento de translación da Terra e as características da súa órbita.
- Saber orientarse no espazo partindo da posición do Sol.
- Explicar a posición da Terra respecto ao Sol nas diferentes estacións do ano.
- Coñecer cando e por que se producen os solsticios e os equinoccios.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico do tema, verbalmente e por escrito.
- Resolver os problemas formulados a partir da observación de imaxes e mapas.

##### Contidos:

- A Terra no Universo. A Vía Láctea.C3
- Os corpos celestes do Sistema Solar. Os planetas. C3
- A Terra: forma, dimensións e liñas imaxinarias. C3
- movemento de rotación. A posición do Sol. Os fusos horarios.C3
- movemento de translación. As estacións. Solsticios e equinoccios. C3
- Observación e descrición de fotografías de satélites, bosquejo e debuxos. C4
- Localización das liñas imaxinarias da Terra no globo terráqueo. C4
- Orientación no espazo a partir da posición do Sol. C3
- Interpretación dun mapa de fusos horarios. C4
- Cálculo da diferenza horaria entre diversos puntos da Terra.C2
- Utilización do vocabulario específico do tema. C1
- Interese e curiosidade por coñecer o Universo e o noso planeta. C8
- Concienciación da necesidade de respectar e conservar o medio físico. C3
- Valoración dos avances técnicos e científicos na exploración espacial.
- Elaboración dun mapa conceptual que sintetice os contidos deste tema.C7

##### Criterios de avaliación:

- Comprobar que coñecen a forma e as dimensións da Terra.
- Pescudar se identifican os corpos celestes que forman o Sistema Solar.
- Observar se coñecen o movemento de rotación da Terra e as súas consecuencias.
- Ver se entenden a función dos fusos horarios e calculan correctamente a diferenza horaria entre distintos puntos da Terra.

- Comprobar que coñecen o movemento de translación da Terra e saben establecer a relación entre este movemento e as estacións do ano.
- Observar se saben a posición que ocupan a Terra e o Sol nos distintos momentos e estacións do ano.
- Constatar que resolven axeitadamente as actividades formuladas a partir da observación de imaxes e mapas.

## 1º ESO

### Unidade 2.- A representación da terra: os mapas.

#### Competencias básicas:

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.

#### Obxectivos didácticos:

- Coñecer a función das coordenadas xeográficas da Terra.
- Localizar con precisión lugares e territorios utilizando a latitude e a lonxitude.
- Coñecer diferentes sistemas de proxección cartográfica.
- Recoñecer os distintos tipos de mapas existentes: topográficos e temáticos.
- Interpretar un mapa tendo en conta a escala gráfica, os símbolos convencionais empregados, as tramas e a lenda.
- Comparar a magnitude da escala gráfica de distintos mapas.
- Coñecer o valor dos mapas para localizar lugares e fenómenos no espazo.
- Aprender a utilizar con precisión o vocabulario específico deste tema.

#### Contidos:

- As coordenadas xeográficas: paralelos e meridianos. C3
- Localización exacta dun punto da Terra: latitude e lonxitude. C3
- A representación da Terra. Os mapas e as proxeccións cartográficas. C4
- A escala dos mapas: función, representación e magnitude. C4
- Os mapas topográficos e os mapas temáticos: os seus signos convencionais e a súa lectura. C4
- A cartografía e as técnicas de teledetección. C4
- Observación e interpretación de fotografías aéreas. C4
- Localización das coordenadas xeográficas no globo terráqueo. C3
- Observación e análise da superficie da Terra partindo de fotografías de satélite. C4
- Análise e interpretación dun mapa topográfico e dun mapa temático. C4
- Cálculo e interpretación da escala gráfica de planos e mapas. C2
- Utilización do vocabulario específico do tema. C1
- Realización de exercicios de localización de territorios nun planisferio. C7
- Elaboración dun mapa conceptual que sintetice os contidos deste tema. C7
- Interese por localizar lugares e fenómenos no espazo coa máxima precisión. C7

#### Criterios de avaliación:

- Ver se identifican as liñas imaxinarias da Terra e recoñecen a súa utilidade.
- Comprobar que saben localizar con precisión lugares e territorios utilizando a latitude e a lonxitude.
- Verificar que saben interpretar escalas gráficas de diferentes magnitudes.
- Pescudar se coñecen os distintos tipos de mapas que existen, así como a información que se representa en cada un deles.
- Observar se saben interpretar un mapa tendo en conta a escala gráfica, os símbolos convencionais e mais a lenda.
- Observar se saben calcular a distancia entre distintos lugares da Terra a partir da escala gráfica.
- Valorar se utilizan con precisión e rigor o vocabulario específico deste tema.

- Comprobar se resolven as actividades formuladas a partir da observación e interpretación de imaxes e mapas.

## 1º ESO

### Unidade 3.- As formas da terra.

#### Competencias básicas:

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.

#### Obxectivos didácticos:

- Identificar as capas que forman a estrutura interna da Terra.
- Coñecer a teoría da deriva continental e analizar un mapa de placas tectónicas.
- Recoñecer os axentes internos e externos responsables da formación do relevo.
- Reflexionar sobre a acción do ser humano na transformación da paisaxe.
- Identificar as diferentes formas de relevo continental e oceánico.
- Coñecer a extensión, as formas xerais do relevo e os accidentes xeográficos máis importantes de cada continente, e saber localizalos no espazo.
- Identificar e localizar no mapa as grandes unidades do relevo do mundo.
- Describir e localizar no mapa os grandes conxuntos de relevo de Europa e de España.
- Observar e analizar mapas, diagramas e esbozo de unidades de relevo.

#### Contidos:

- A estrutura da terra: forma, dimensións e composición. C3
- A codia terrestre e a deriva dos continentes. C3
- Os axentes internos de formación do relevo: terremotos e volcáns. C3
- Os axentes externos de formación do relevo: auga, vento e vexetación. C3
- As distintas formas do relevo terrestre e do fondo dos océanos. C3
- Os continentes. O medio antártico. C3
- As principais unidades de relevo dos diferentes continentes e illas principais. C3
- relevo do continente europeo e de España. C3
- Localización nun esquema das capas que forman a estrutura interna da Terra. C4
- Análise e interpretación dun mapa de placas tectónicas e dorsais oceánicas. C7
- Explicación das causas e os efectos dun terremoto. C7
- Observación e descrición das partes dun volcán. C4
- Realización de mapas coas unidades de relevo dos diferentes continentes. C7
- Uso do vocabulario específico referente á orografía e á xeoloxía da Terra. C1
- Valoración do impacto da acción antrópica na transformación da paisaxe. C5 e C3

#### Criterios de avaliación:

- Pescudar se saben explicar a teoría da deriva continental.
- Comprobar que coñecen os axentes internos e externos de formación do relevo.
- Ver se recoñecen as formas de relevo da superficie terrestre e do fondo oceánico.
- Verificar que identifican e localizan os continentes e os océanos da Terra.
- Comprobar que localizan xeograficamente as montañas, chairas, illas, penínsulas e golfos da Terra.
- Observar se localizan no mapa as formas de relevo máis importantes de Europa e de España.
- Comprobar que saben analizar mapas e fotografías sobre aspectos do relevo e que utilizan o vocabulario específico do tema.

## Unidade 4.- Ríos e mares.

### Competencias básicas:

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.

### Obxectivos didácticos:

- Saber como se distribúe a auga doce e a auga salgada no noso planeta.
- Coñecer as características do curso dos ríos e os traballos que realizan.
- Analizar o consumo desigual da auga no mundo e investigar como a usamos no noso país, propondo diferentes medidas para o seu aforro.
- Identificar e localizar no mapa os mares, ríos, océanos e lagos da Terra.
- Describir os movementos dos mares e océanos, e explicar a acción que exerce o mar na modelaxe das costas.
- Identificar os recursos que ofrecen os mares e os océanos.
- Reflexionar sobre os problemas ambientais derivados da pesca moderna, construción de portos, etc.
- Localizar no mapa os principais ríos e mares de Europa e de España.

### Contidos:

- A auga na natureza. O traballo dos ríos. C3
- Problema da auga. O consumo e o aproveitamento da auga. C3 e C5
- Identificar e localizar en mapas os océanos, mares, ríos e lagos da Terra. C3
- Os movementos dos mares e os océanos. C3
- A acción do mar na modelaxe das costas. C3
- Os recursos de océanos e mares. C3
- Os ríos de Europa e de España. C3
- Observación e interpretación dun mapa de correntes mariñas. C4
- Localización e clasificación dos ríos de Europa, segundo as variantes climáticas. C3 e C7
- Descrición das características dos ríos españois e clasificación por vertentes. C3
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a distribución da auga no noso planeta. C7
- Análise dun texto sobre os problemas da auga no noso país. C4 e C8
- Observación e interpretación de mapas, diagramas, gráficos e esbozo. C4
- Predisposición a adoptar medidas persoais para reducir o consumo de auga. C8 e C5
- Utilización do vocabulario específico referente aos recursos hídricos da Terra. C1

### Criterios de avaliación:

- Ver se coñecen o traballo que realizan os ríos nos distintos tramos do seu curso.
- Comprobar que saben como se distribúe a auga no noso planeta e que localizan os mares, ríos, océanos e lagos da Terra.
- Constatar que coñecen os movementos dos mares e dos océanos e o seu papel na modelaxe das costas.
- Observar se saben que recursos se extraen de mares e océanos, como se explotan e se utilizan.
- Pescudar se saben avaliar o consumo desigual de auga no mundo
- Comprobar que recoñecen e localizan os ríos e mares de Europa e de España.
- Verificar que analizan distintos tipos de mapas, esbozo e gráficos.

## Unidade 5.- Tempo e clima.

### Competencias básicas:

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.

### Obxectivos didácticos:

- Coñecer a estrutura e a composición da atmosfera, prestando especial atención ás características e a función da capa de ozono.
- Comprender os factores que condicionan as temperaturas no conxunto da Terra.
- Explicar os factores que interveñen na formación das nubes e precipitacións.
- Analizar un mapa das precipitacións anuais da Terra e explicar os factores que determinan a variabilidade existente.
- Coñecer os factores que condicionan a presión atmosférica e os instrumentos para a medir.
- Identificar os diferentes tipos de ventos, a dirección en que sopran e os factores que determinan a súa intensidade.
- Aprender a empregar con precisión o vocabulario específico deste tema.

### Contidos:

- A atmosfera: compoñentes. Papel da capa de ozono. C3
- A temperatura atmosférica. Factores que a condicionan. C3
- A humidade do aire. As nubes e as precipitacións. C3
- A presión atmosférica e o vento. C3
- Observación e análise dunha gráfica coa composición e estrutura da atmosfera. C4
- Busca de información en internet sobre a función da capa de ozono. C4 e C7
- Análise da incidencia dos raios solares sobre unha superficie determinada. C3
- Observación e análise dun mapa de isothermas. C4 e C7
- Análise e interpretación dun mapa das precipitacións anuais no mundo e de mapas do tempo. C4
- Explicación do proceso de formación das nubes e precipitacións. C3
- Análise dun mapa sobre a presión atmosférica. C4
- Enumeración dos diferentes tipos de ventos e da dirección en que sopran. C3
- Descrición dos elementos de observación e medición dos factores climáticos. C1, C7
- Utilización do vocabulario específico referente ao tempo e aos climas da Terra. C1

### Criterios de avaliación:

- Comprobar que identifican as capas da atmosfera e saben explicar as súas principais características.
- Verificar que recoñecen a importancia da capa de ozono para a vida na Terra.
- Asegurarse de que identifican os factores que condicionan as mudanzas de temperatura e saben analizar un mapa de isothermas.
- Ver se coñecen os factores que interveñen na formación das precipitacións.
- Comprobar que saben como se distribúen xeograficamente as nubes e as precipitacións.
- Pescudar se coñecen os factores que condicionan a presión atmosférica e os instrumentos necesarios para a medir.
- Comprobar que recoñecen os distintos tipos de ventos, a dirección en que sopran e os factores que determinan a súa intensidade.
- Valorar se empregan con precisión o vocabulario específico sobre o tempo e o clima.



## **Unidade 6.- Climas e paisaxes da terra.**

### **Competencias básicas:**

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia matemática.

### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar as grandes zonas climáticas da Terra e sabelas localizar no mapa.
- Coñecer o clima, ríos, a vexetación, a fauna e a poboación dos diferentes tipos de paisaxes do mundo.
- Localizar no planisferio a distribución de cada tipo de clima e de paisaxe.
- Analizar e comparar climogramas correspondentes ás diferentes zonas climáticas.
- Aprender a construír táboas para rexistrar e sintetizar a información traballada.
- Describir a vexetación de determinadas paisaxes partindo da observación, a análise e a interpretación de fotografías e debuxos.
- Aprender a representar graficamente datos estatísticos.
- Empregar o vocabulario específico relacionado cos climas e paisaxes da Terra.

### **Contidos:**

- As zonas climáticas da Terra. C3
- Zona cálida: paisaxe ecuatorial, paisaxe tropical e paisaxe desértica. C3
- Zonas frías: paisaxe polar e paisaxe de alta montaña. C3
- Zonas temperadas: paisaxe oceánica, paisaxe mediterránea e paisaxe continental. C3
- Localización das diferentes zonas climáticas da Terra e descrición das súas características. C3
- Análise, interpretación e comparación de climogramas. C4
- Realización dun traballo de investigación sobre a selva amazónica. C8 e C5
- Descrición da vexetación da sabana e busca de información sobre a fauna que habita nela. C7
- Comparación das características dos diferentes tipos de climas. C7
- Elaboración de táboas para sintetizar a información das paisaxes da Terra. C2
- Localización xeográfica das paisaxes estudadas. C3
- Busca de información en internet e outras fontes de consulta. C4
- Organización dun debate sobre a conservación dos medios naturais. C5 e C8
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as paisaxes da Terra. C7
- Análise e interpretación de gráficas de barras, sectoriais e lineais. C4
- Emprego do vocabulario específico dos climas e paisaxes da Terra. C1

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben como se distribúen xeograficamente os distintos climas e paisaxes da Terra.
- Observar se saben interpretar axeitadamente un climograma e identifican o tipo de clima.
- Comprobar que coñecen o clima, os ríos, a vexetación, a fauna e a poboación das distintas paisaxes da Terra.
- Ver se saben valorar o impacto da acción dos grupos humanos sobre o medio en cada unha das paisaxes estudadas.
- Verificar que saben analizar e comparar debuxos e fotografías de distintos tipos de paisaxes e formacións vexetais.

## **Unidade 7.- Climas e paisaxes de Europa e España.**

### **Competencias básicas:**

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.

### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer as características dos climas, a vexetación e mais a fauna de Europa.
- Recoñecer os climas de España e saber como se distribúen no territorio.
- Identificar a vexetación natural da Península Ibérica e das Illas Canarias.
- Describir as principais características das paisaxes humanizadas de España.
- Comparar as características específicas de cada tipo de paisaxe mediante a observación, análise e interpretación de fotografías e debuxos.
- Coñecer os trazos distintivos dos climas, os ríos, a vexetación e as paisaxes de Galicia.
- Explicar as transformacións que experimentou o medio natural como consecuencia da acción humana.
- Analizar e interpretar mapas, diagramas, gráficos e esbozo.

### **Contidos:**

- Coñecer as características dos climas, a vexetación e mais a fauna de Europa. C3
- Recoñecer os climas de España e saber como se distribúen no territorio. C3
- Identificar a vexetación natural da Península Ibérica e das Illas Canarias. C3
- Describir as principais características das paisaxes humanizadas de España. C3
- Comparar as características específicas de cada tipo de paisaxe mediante a observación, análise e interpretación de fotografías e debuxos. C4
- Coñecer os trazos distintivos dos climas, os ríos, a vexetación e as paisaxes de Galicia. C3
- Explicar as transformacións que experimentou o medio natural a consecuencia da acción humana. C5
- Analizar e interpretar mapas, diagramas, gráficos e esbozo. C4

### **Criterios de avaliación:**

- Coñecer as características dos climas, a vexetación e mais a fauna de Europa.
- Recoñecer os climas de España e saber como se distribúen no territorio.
- Identificar a vexetación natural da Península Ibérica e das Illas Canarias.
- Describir as principais características das paisaxes humanizadas de España.
- Comparar as características específicas de cada tipo de paisaxe mediante a observación, análise e interpretación de fotografías e debuxos.
- Coñecer os trazos distintivos dos climas, os ríos, a vexetación e as paisaxes de Galicia.
- Explicar as transformacións que experimentou o medio natural como consecuencia da acción humana.
- Analizar e interpretar mapas, diagramas, gráficos e esbozo.

## **Unidade 8.- Sociedade e medio natural.**

### **Competencias básicas:**

- Coñecemento e interacción co mundo físico a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer o que é e como funciona un ecosistema e analizar os elementos do ecosistema "Terra".
- Identificar os residuos e os axentes contaminantes que se xeran na cidade.
- Recoñecer as principais catástrofes tecnolóxicas e naturais da historia.
- Explicar as causas e as consecuencias da contaminación ambiental.
- Coñecer os problemas ambientais derivados da desertización da paisaxe.
- Analizar as causas e as consecuencias dos incendios forestais.
- Reflexionar sobre a importancia de investigar e xestionar de xeito rigoroso os riscos, para poder predicir determinadas catástrofes.
- Tomar conciencia da limitación dos recursos naturais e da necesidade de adoptar medidas alternativas, como o emprego dos recursos renovables.

### **Contidos:**

- Os ecosistemas. O ecosistema Terra. O Sol. C3
- Os problemas ambientais das cidades. C3 e C6
- Os riscos naturais e os riscos tecnolóxicos. C3 e C6
- Os riscos provocados pola acción humana: contaminación medioambiental e desertización. C5
- A explotación dos recursos. Recursos renovables e non renovables: un desenvolvemento sostible.
- Descrición do funcionamento dun ecosistema mariño. C3
- Redacción dun texto sobre a conservación da natureza. C1
- Identificación dos residuos que se producen nas cidades. C3
- Procura de información en internet sobre os problemas ambientais. C4
- Localización das zonas con maior risco de sufrir desastres naturais. C3
- Organización dun debate sobre a explotación dos recursos naturais. C5 e C8
- Análise e interpretación de estatísticas sobre os incendios forestais. C4 e C3
- Explicación dos conceptos relacionados co medio traballados. C1
- Análise e interpretación de debuxos e fotografías sobre diversos problemas ambientais. C4
- Investigación sobre os problemas ambientais da nosa Comunidade. C7 e C8

### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben explicar por que a Terra é un ecosistema.
- Pescudar se recoñecen as interrelacións que mantén a vexetación con outros elementos do ecosistema Terra.
- Asegurarse de que identifican os distintos tipos de residuos e axentes contaminantes que se xeran nas cidades.
- Observar se coñecen os principais desastres naturais e tecnolóxicos que teñen lugar no planeta.
- Ver se identifican os axentes responsables da contaminación ambiental.
- Verificar que son conscientes da limitación dos recursos naturais e da necesidade de protexelos.
- Comprobar que saben explicar os conceptos relacionados co medio, entre eles, o desenvolvemento sostible.

## Unidade 9.- A prehistoria.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### Obxectivos didácticos:

- Identificar e localizar cronoloxicamente as grandes etapas da Prehistoria.
- Recoñecer as características físicas que diferencian o ser humano do resto de primates e explicar os principais elementos do proceso de hominización.
- Coñecer o xeito de vida das sociedades cazadoras-recolectoras, as sociedades agrícolas-gandeiras e as sociedades da Idade dos Metais.
- Recoñecer as manifestacións artísticas de época paleolítica e neolítica e a súa función.
- Explicar as causas de nacemento e a difusión do Neolítico e os cambios que comportou o proceso de sedentarización dos grupos humanos.
- Coñecer as causas que conduciron á estratificación social na Prehistoria e á aparición das primeiras cidades.
- Identificar os depósitos prehistóricos máis importantes da Península Ibérica.

### Contidos:

- O tempo histórico. A cronoloxía. Iniciación e interpretación dos eixes cronolóxicos. C4
- proceso de hominización. As orixes do ser humano. C5
- Paleolítico: a caza e a recolección. A tecnoloxía. C5
- A arte das cavernas. Crenzas relixiosas, pintura rupestre e arte mobiliaria. C 5 e C6
- Neolítico. A difusión da agricultura e da gandaría. A evolución dos útiles e a tecnoloxía. C3 e C5
- proceso de sedentarización. A vida nunha aldea neolítica. C5
- A Idade dos Metais: metalurxia, artesáns e comerciantes. Os megálitos. C5 e C6
- A Prehistoria na Península Ibérica. C5
- Identificación e diferenciación dos útiles do Paleolítico, Neolítico e da Idade dos Metais. C4 e C7
- Valoración e respecto do patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico como fonte de coñecemento do noso propio pasado. C 6
- Comparación e análise de datos a partir de diversas fontes de información: ilustracións, esbozo, fotografías e pinturas. C4
- Participación en debates sobre o xeito de vida das sociedades prehistóricas. C7 e C8
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Observar se saben explicar os aspectos máis relevantes do proceso de hominización.
- Comprobar que identifican as distintas especies de homínidos, que recoñecen os seus trazos distintivos e que saben localizalas no tempo.
- Pescudar se recoñecen as características dos soterramentos e as manifestacións artísticas do Paleolítico e Neolítico.
- Comprobar que coñecen as innovacións que tiveron lugar no Neolítico.
- Ver se saben comparar as economías depredadora e produtora.
- Comprobar que saben explicar cal era a función dos megálitos e cales eran as características das sociedades da Idade dos Metais.
- Valorar se saben establecer as diferenzas entre as pinturas cantábricas e as levantinas.

## **Unidade 10.- As primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá a través dos contidos da unidade.
- Competencia cultural e artística.
- Tratamento da información e competencia dixital.

### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar e localizar cronoloxicamente as primeiras civilizacións urbanas.
- Coñecer a organización social e económica das primeiras cidades-Estado e imperios de Mesopotamia.
- Saber como e cando se produciu a aparición da escritura.
- Recoñecer as características da escultura e a arquitectura mesopotámicas.
- Entender a influencia do medio xeográfico no desenvolvemento da civilización exipcia.
- Comprender o poder do faraón e das clases privilexiadas na sociedade exipcia.
- Describir as actividades económicas e a vida cotiá do antigo Exipto.
- Comprender as crenzas relixiosas e as características da arte funeraria exipcia.
- Observar e interpretar diferentes fontes históricas: pintura murais, esculturas, etc.

### **Contidos:**

- Mesopotamia: as primeiras cidades-Estado e os primeiros imperios. C5 e C6
- A orixe da escritura. A escritura cuneiforme e xeroglífica. C6
- A arte mesopotámica: arquitectura e escultura. C6
- Exipto: as enchentes do Nilo e o deserto. C3
- A sociedade exipcia: o faraón, os privilexiados e o pobo. C5
- A vida cotiá no Antigo Exipto. C5
- Os deuses e as crenzas relixiosas no Antigo Exipto. C6
- A arquitectura relixiosa e funeraria do Antigo Exipto: o templo, mastabas e pirámides. C6
- Localización dos feitos máis relevantes das primeiras civilizacións urbanas nun friso cronolóxico. C6
- Descrición e análise de obras de arte de Exipto e Mesopotamia. C6
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural. C6
- Lectura e interpretación dalgúns dos primeiros textos históricos. C4 e C1
- Observación e interpretación de mapas, debuxos e plantas de edificios. C4
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as primeiras civilizacións urbanas. C7
- Busca de información sobre distintos aspectos das antigas civilizacións. C4 e C7
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se comprenden e valoran a influencia do medio xeográfico, e en especial o río Nilo, no desenvolvemento da civilización exipcia.
- Constatar que saben explicar a organización social das primeiras cidades-Estado.
- Ver se recoñecen as principais características da cultura mesopotámica e exipcia.
- Comprobar que saben identificar as actividades que realizaban os grupos sociais en Exipto.
- Valorar se saben como era a vida cotiá nas aldeas e as cidades exipcias.
- Comprobar que saben establecer as diferenzas entre os templos exipcios e mesopotámicos.
- Asegurarse de que comprenden o significado da relixión exipcia e do culto aos mortos.

## Unidade 11.- O mundo grego.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá a través dos contidos da unidade.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### Obxectivos didácticos:

- Situar xeográfica e cronoloxicamente a civilización grega.
- Describir a organización política e económica das primeiras polis.
- Explicar as causas das colonizacións e da expansión do mundo grego.
- Recoñecer diversos aspectos da sociedade, a economía e a organización política do mundo grego a través do exemplo da cidade de Atenas.
- Explicar as causas que desencadearon a formación da Liga de Delos e enumerar os principais conflitos bélicos en que participou a cidade de Atenas.
- Analizar as causas que permitiron a aparición da democracia e describir a composición e función.
- Coñecer as consecuencias da derrota de Atenas ante o rei Filipo de Macedonia.
- Recoñecer as características do Imperio de Alexandre e dos reinos helenísticos.

### Contidos:

- Nacemento do mundo grego: o marco xeográfico e a civilización creto-micénica. C3
- As polis gregas: organización social e formas de goberno. C5
- As colonizacións gregas. Os gregos na Península Ibérica. C5
- A democracia ateniense. Principais institucións democráticas. A hexemonía ateniense. C5
- A Grecia helenística: o reino de Macedonia e o Imperio de Alexandre Magno. C5
- Os reinos helenísticos: Alexandría. C5
- A vida cotiá en Atenas. C5 e C7
- Lectura e comentario de documentos históricos escritos. C4
- Observación e interpretación dun organigrama da democracia ateniense. C4 e C7
- Análise e interpretación de mapas e información cartográfica. C4
- Busca de información para un traballo de investigación sobre un tema específico. C4
- Descrición de espazos físicos representativos do mundo grego. C4 e C3
- Comparación das distintas formas de goberno do mundo grego. C7
- Explicación e distinción entre as causas e consecuencias dun feito histórico. C7
- Comparación da democracia ateniense coa democracia actual. C7 e C8
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Ver se identifican o marco xeográfico en que se desenvolveu a civilización grega.
- Comprobar que coñecen as principais características das polis gregas.
- Pescudar se saben explicar cales foron as causas que desencadearon a expansión grega.
- Observar se saben localizar xeograficamente as metrópoles e as colonias gregas.
- Comprobar que identifican os principais conflitos nos que participaron os gregos e que coñecen a composición da Liga de Delos.
- Constatar que coñecen as funcións das institucións democráticas da polis ateniense.
- Asegurarse de que recoñecen os distintos sistemas de goberno do mundo grego.
- Valorar se saben localizar no mapa os territorios do Imperio de Alexandre Magno.

## Unidade 12.- O Imperio Romano.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### Obxectivos didácticos:

- Localizar as diferentes etapas da historia de Roma nun eixe cronolóxico.
- Coñecer a evolución da organización socioeconómica e política de Roma desde a época da Monarquía ata o fin do Imperio.
- Identificar as causas e as consecuencias da expansión territorial romana e coñecer os factores que explican a prosperidade agrícola e comercial de Roma.
- Recoñecer os dereitos e deberes dos cidadáns romanos e comparalos coas obrigas e condicións de vida dos escravos.
- Analizar as causas que provocaron a crise e a posterior caída do Imperio romano.
- Identificar os pobos xermánicos que se instalaram nos territorios do Imperio romano de Occidente e comparar o seu xeito de vida co da sociedade romana.
- Resolver as cuestións e as actividades formuladas utilizando a información contida en eixes cronolóxicos, fotografías, mapas, debuxos, organigramas e textos.

### Contidos:

- As orixes de Roma. A época da Monarquía. C5
- A época republicana. Patricios e plebeos. Asembleas e maxistrados. C5
- A conquista do Mediterráneo. conflitos sociais e guerras civís. C5
- Imperio romano e a “pax romana”. As cidades e os grupos sociais. C5
- As explotacións agrícolas. As relacións comerciais. C5
- A crise do Imperio romano. A división do Imperio. C5
- A desaparición do Imperio de Occidente. Os pobos xermánicos. C5
- Localización xeográfica da civilización romana; etapas e territorios conquistados. C5
- Obtención de información partindo da análise de esculturas, moedas e monumentos arquitectónicas desta época. C4
- Análise de organigramas sobre a organización política da Monarquía e da República. C4 e C7
- Análise e comentario de textos históricos da época romana. C4, C1 e C8
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural. C6
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen a orixe histórica de Roma e as primeiras formas de goberno.
- Comprobar que entenden a organización social da República e explican as súas institucións.
- Valorar se coñecen os dereitos e deberes dos cidadáns e as limitacións políticas doutros grupos.
- Pescudar se saben analizar os pros e os contras da expansión territorial de Roma.
- Comprobar que saben situar nun mapa fases da expansión romana e territorios conquistados
- Ver se saben identificar os aspectos máis salientables das orixes do Cristianismo.
- Constatar que recoñecen os elementos clave da prosperidade agrícola e comercial de Roma.
- Valorar se coñecen as causas e as consecuencias da crise do século III.

## Unidade 13.- A Hispania Romana.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá a través dos contidos da unidade.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

### Obxectivos didácticos:

- Identificar as características dos pobos que habitaban a Península antes da chegada dos romanos e coñecer a súa distribución no territorio.
- Coñecer e describir as diferentes fases da conquista romana de Hispania.
- Explicar os cambios os que experimentaron as cidades e a economía de Hispania como provincia do Imperio romano.
- Recoñecer a importancia da herdanza romana na nosa cultura e patrimonio.
- Identificar as principais cidades e vías de comunicación de Hispania.
- Coñecer as obras públicas e as manifestacións artísticas que se conservan no noso territorio.
- Resolver as cuestións formuladas a partir da información obtida de diversas fontes documentais.

### Contidos:

- Os pobos invasores e colonizadores: fenicios, gregos e cartaxineses. C5
- Os pobos prerromanos: iberos e celtas. C5
- A conquista romana da Península. C5
- As cidades e a economía de Hispania. C5
- A arte e a cultura hispanorromana. O legado de Roma. C6
- Lectura e análise de textos históricos de época romana. C1 e C4
- Análise e interpretación de mapas e información cartográfica. C4 e C7
- Enumeración das principais cidades romanas de Hispania.
- Relación do nome de determinadas cidades españolas coa herdanza romana. C4 e C7
- Busca de información en internet sobre algúns restos do patrimonio peninsular. C4
- Identificación dos principais restos romanos na Península. C5
- Descrición e análise de diferentes esculturas, edificios e obras públicas. C4
- Análise dun plano dunha cidade con restos arqueolóxicos de época romana. C4
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural de época romana. C6
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a historia de Hispania. C7

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen e saben contextualizar as invasións indoeuropeas e as colonizacións de fenicios, gregos e cartaxineses.
- Ver se saben explicar a organización social e económica dos pobos prerromanos.
- Observar se coñecen os principais episodios das guerras entre Roma e Cartago e sitúan no tempo as fases da conquista romana da Península Ibérica.
- Comprobar que localizan as principais cidades e as vías de comunicación de Hispania.
- Verificar que comprenden a organización político-administrativa e económica de Hispania como provincia romana.
- Ver se saben explicar algúns aspectos da vida cotiá da cidadanía romana.
- Comprobar que recoñecen algúns exemplos da arquitectura romana e valoran a importancia do legado romano na nosa cultura e o noso patrimonio histórico.



## Unidade 14.- A herdanza da cultura clásica.

### Competencias básicas:

- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### Obxectivos didácticos:

- Valorar a importancia da cultura clásica no desenvolvemento do pensamento racional e saber quen foron os pensadores máis sobranceiros de Grecia e Roma.
- Recoñecer os elementos característicos da relixiosidade grega e romana.
- Comparar as características da arquitectura grega e da romana e identificar os seus edificios.
- Coñecer as características xerais da escultura grega e da romana, e analizar algunhas das principais manifestacións artísticas do mundo clásico.
- Deducir as características da arte clásica a partir da observación e a análise de diferentes obras.
- Valorar a importancia do patrimonio arqueolóxico para o coñecemento histórico.
- Utilizar con precisión o vocabulario específico referente á antigüidade clásica.

### Contidos:

- A relixión grega e romana. C6
- A cultura clásica: a filosofía, a ciencia e o dereito. C6
- teatro: a traxedia e a comedia. C6
- A arquitectura grega: templos e teatros. C6
- A arquitectura romana. O urbanismo e as obras públicas. C6
- A escultura, a cerámica e a pintura en Grecia e Roma. C6
- Localización nun eixe dos feitos máis significativos da historia cultural de Grecia e Roma. C7
- Análise e interpretación de mapas, debuxos, esquemas, gráficos e organigramas. C4 e C7
- Enumeración dos diferentes deuses romanos e relación cos deuses gregos. C6
- Participación nun debate sobre a superstición e o pensamento máxico. C8
- Identificación e descrición das principais obras públicas romanas. C6
- Diferenciación das ordes arquitectónicas gregas. C6
- Descrición dalgúns edificios e elementos arquitectónicos da Antigüidade. C6
- Observación e análise de esculturas, pinturas, cerámicas e mosaicos. C4 e C7
- Formulación e contraste de hipótese mediante diferentes tipos de fontes. C7
- Curiosidade e interese por coñecer o legado cultural da civilización romana. C6
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen os elementos característicos da relixión grega e romana.
- Observar se valoran o legado da cultura clásica e recoñecen a obra dos pensadores da Antigüidade máis destacados.
- Valorar se saben explicar as achegas da cultura grega e romana ao pensamento de Occidente.
- Comprobar que recoñecen as características da arquitectura grega a partir da análise dos elementos construtivos do tempo.
- Verificar que saben explicar a evolución da escultura grega ao longo do tempo.
- Comprobar que identifican as técnicas construtivas e os edificios máis representativos.
- Asegurarse de que coñecen as características xerais da escultura, a pintura e o mosaico romanos.

## Unidade 15.- A fragmentación do mundo antigo.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia cultural e artística.

### Obxectivos didácticos:

- Coñecer a distribución territorial dos reinos xermánicos e a súa organización social.
- Analizar as causas e as consecuencias do proceso de ruralización que tivo lugar en Occidente a partir do século V.
- Identificar as distintas etapas da historia do Imperio bizantino, desde a época de Xustiniano ata a caída de Constantinopla.
- Coñecer a distribución territorial dos pobos bárbaros en Hispania, explicar as características da monarquía visigoda e describir as súas institucións de goberno.
- Recoñecer os elementos máis importantes da organización económica, social e cultural da Hispania visigoda.
- Coñecer a biografía de Carlomagno, analizar a expansión territorial dos francos e localizala no mapa.
- Analizar diferentes obras de arte da Hispania visigoda e do Imperio bizantino.

### Contidos:

- Os reinos xermánicos e a ruralización de Occidente. C5
- Imperio bizantino. A época de Xustiniano e a evolución do imperio entre os séculos VII e XV. C5
- A Hispania visigoda. A organización da monarquía visigoda. C5
- A sociedade visigoda. A cultura e a arte visigodas. C5 e C6
- Carlomagno e a dinastía carolinxia. C5
- Lectura e interpretación de textos históricos. C4 e C1
- Análise e interpretación de mapas, debuxos, relevos e mosaicos. C4 e C7
- Localización no mapa dos territorios do reino visigodo, do Imperio bizantino e carolinxio. C5
- Observación e análise de edificios visigodos e bizantinos, e descrición doutras manifestacións artísticas deste período histórico. C6 e C7
- Elaboración dun mapa conceptual da fragmentación da unidade mediterránea. C7
- Análise da planta e os elementos construtivos dunha basílica bizantina. C4 e C7
- Localización dos episodios da fragmentación do mundo antigo nun eixe cronolóxico. C6
- Curiosidade e interese por coñecer o legado cultural bizantino e visigodo. C7 e C8
- Confeccionar un vocabulario específico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se localizan os xermánicos, o Imperio Carolinxio e Imperio Bizantino.
- Comprobar que recoñecen algúns dos acontecementos máis importantes do Imperio bizantino.
- Observar se saben explicar a relación que mantiveron os cristiáns bizantinos e os cristiáns occidentais entre os séculos VII e XI.
- Constatar que coñecen o proceso de expansión dos visigodos por Hispania e a organización do reino de Toledo.
- Verificar que recoñecen os elementos característicos das igrexas visigodas.
- Comprobar que saben explicar o proceso de ruralización de Occidente.
- Ver se coñecen a expansión territorial da dinastía carolinxia e as accións de Carlomagno para tratar de reconstruír a unidade do Imperio romano de Occidente.

## **Unidade 16.- Galicia na Antigüidade.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender e aprender.

### **Obxectivos didácticos:**

- Datar as principais etapas históricas da Prehistoria en Galicia e diferencialas polas súas actividades económicas e manifestacións culturais.
- Recoñecer as características principais da cultura castrexa.
- Explicar a conquista dos romanos do territorio da actual Galicia e a súa explotación económica.
- Coñecer a urbanización e a rede de viaria da etapa romana en da Galicia.
- Valorar a herdanza da romanización en Galicia.
- Coñecer a invasión dos pobos bárbaros e a creación do reino suevo en Galicia.
- Observar, analizar e comentar diversas fontes históricas: fontes primarias, mapas históricos, depósitos arqueolóxicos, obras de enxeñaría e arquitectura.

### **Contidos:**

- Paleolítico en Galicia. Observación de elementos materiais paleolíticos. C5
- Neolítico en Galicia: a economía, a cultura megalítica e os petróglifos. C5 e C6
- A Idade do Bronce na Comunidade de Galicia. C5
- A cultura castrexa: os pobos indíxenas e a chegada dos pobos celtas. C5 e C6
- Os castros galaicos. Observación e análise de depósitos de castros. C4 e C7
- As actividades económicas, a arte e as crenzas da cultura castrexa. C5 e C6
- A conquista romana de Galicia. A explotación romana dos recursos mineiros do territorio galego. C5
- Identificación das calzadas romanas que cruzaban a Galicia actual e explicación das súas funcións. C5
- A herdanza romana en Galicia: achegas técnicas á agricultura, a creación da provincia de Gallaecia e a introdución do latín. C6
- Os suevos: invasión de Hispania polos pobos bárbaros e formación do reino suevo. C5
- Observación, análise e comentario de mapas históricos de Galicia. C4 e C7
- Busca de información para realizar pequenos traballos de investigación. C7 e C8

### **Criterios de avaliación:**

- Ver se coñecen as principais características do Paleolítico, Neolítico e Idade do Bronce en Galicia.
- Verificar que coñecen as características das dúas manifestacións neolíticas da cultura megalítica e os petróglifos.
- Comprobar que coñecen as principais características da cultura castrexa.
- Constatar que identifican as vías romanas e as relacionan coa explotación dos recursos mineiros.
- Ver se son capaces de explicar a conquista romana de Galicia.
- Pescudar se son capaces de identificar as achegas máis relevantes da presenza romana en Galicia.
- Constatar de que comprenden o proceso que conduce á creación do reino suevo en Galicia.
- Identificar diversas manifestacións materiais que forman parte do patrimonio histórico de Galicia e datalas.

## 1º ESO

### TEMPORALIZACIÓN PREVISTA.

☐ 1ª avaliación: [36 sesións - Unidades 1 a 5

Unidade 0: 3 sesións

Unidade 1: 4 sesións

Unidade 2: 5 sesións

Unidade 3: 5 sesións

Unidade 4: 4 sesións

Unidade 5: 5 sesións

Unidade 6: 4 sesións

3 sesións dedicadas a exames

3 sesións dedicadas a toma de contacto coa materia e explicación dos obxectivos, criterios de avaliación e metodoloxía de traballo.

☐ 2ª avaliación: [30 sesións -Unidades 6 a 10

Unidade 7: 5 sesións

Unidade 8: 4 sesións

Unidade 9: 6 sesións

Unidade 10: 5 sesións

Unidade 11: 6 sesións

2 sesións dedicadas a exames.

2 sesións dedicadas a avaliación e actividades complementarias.

☐ 3ª avaliación: [33 sesións -] - Unidades 11 a 16

Unidade 11: 5 sesións

Unidade 12: 5 sesións

Unidade 13: 5 sesións

Unidade 14: 5 sesións

Unidade 15: 5 sesións

Unidade 16: 5 sesións

3 sesións dedicadas a exames

## 2.- 2º ESO.

### CIENCIAS SOCIAIS

#### 1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia de 2º de ESO contribúe, de forma clara e dependendo dos contidos propios de cada unidade programada á consecución das competencias básicas desta etapa educativa. De forma xeral especificanse neste apartado e concrétanse en cada unha das unidades.

##### 1.1.- Competencia social e cidadá. C5

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e mais ao traballo cooperativo.
- Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.

##### 1.2.- Coñecemento e a interacción co mundo físico. C3

- Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

##### 1.3.- Competencia cultural e artística. C6

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte medieval e moderno, e os valores estéticos que expresan.
- Analizar obras de arte de xeito técnico e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

##### 1.4.- Tratamento da información e competencia dixital. C4

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais...
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

##### 1.5.- Competencia en comunicación lingüística. C1

- Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.

##### 1.6.- Competencia matemática. C2

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas.

### **1.7.- Competencia para aprender a aprender. C7**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos etc.
- Participar en debates e contrastar as opinión persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

### **1.8.- Autonomía e iniciativa persoal. C8**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de caída situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular o propio aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## **2.- OBXECTIVOS.**

- Aprender a relacionarse cos demais e a participar en actividades en grupo respectando as opinións dos seus compañeiros. C7, C5.
- Coñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadáns para poder integrarse responsablemente na sociedade democrática na que lles tocou vivir. C5
- Inculcar hábitos e estratexias de traballo autónomo que contribúan ao desenvolvemento intelectual, a madurez e a responsabilidade do alumnado. C8
- Aprender a respectar os principios fundamentais das sociedades democráticas, a valorar criticamente as diferenzas entre individuos ou colectivos e rexeitar os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseado en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social. C5, C7.
- Aprender a seleccionar, manexar e interpretar información de xeito organizada e intelixible a partir de documentos e fontes diversas. C4, C1, C2, C7.
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a análise de datos e a presentación de traballos e informes. C4.
- Interpretar adecuadamente eixes cronolóxicos e liñas do tempo. Utilizar de forma correcta as distintas formas de datar e medir o tempo histórico. C5, C2.
- Aprender o vocabulario histórico, artístico e xeográfico propio da materia para permitir a súa comprensión e contribuír a mellorar a expresión oral e escrita dos alumnos. C1.
- Comentar mapas temáticos de carácter xeográfico e histórico. C3, C5, C4.
- Aprender a analizar textos de contido histórico referidos a Idade Media e Moderna coa finalidade de que os alumnos coñezan as fontes de investigación histórica e a partir da súa análise aprendan a relacionar os datos conseguidos cos contidos que aparecen no libro de texto. C7, C1, C5
- Analizar e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia en diferentes eidos do saber, así como a súa incidencia no medio físico, social e cultural. C5, C3.
- Potenciar a autoestima do alumno axudando a formar unha imaxe positiva pero realista da propia personalidade. Axudar a conseguir a autonomía persoal na aprendizaxe e a valorar de forma positiva o esforzo e á superación das dificultades. C8, C7.
- Axudar ao coñecemento da propia cultura desenvolvendo actitudes de respecto e interese por outras culturas. C3

- Analizar as repercusións que o crecente proceso de urbanización exerce sobre o medio físico e as consecuencias sociais provocadas. Valorar positivamente as medidas que contribúen a defendédelo, conservalo e melloralo. C3, C5
- Valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de España e Galicia para conseguir desenvolver actitudes que favorezan a súa preservación e desenvolvemento. C6.

### 3.- PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Programación de cada unidade nas páxinas seguintes (unha páxina por unidade).

## 2º ESO

### Unidade 1.- O Islam e al-Ándalus.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.

#### Obxectivos didácticos:

- Describir as principais características do Islam e a súa influencia nas sociedades islámicas.
- Coñecer os lugares sagrados do Islam e as súas principais manifestacións culturais.
- Explicar o proceso de expansión do Islam no mundo e en al-Ándalus.
- Caracterizar a sociedade e as formas de goberno existentes en al-Ándalus.
- Valorar a riqueza da cultura islámica en al-Ándalus e recoñecer a importancia da herdanza musulmá na nosa cultura e patrimonio.
- Coñecer os monumentos de época andalusí que se conservan no noso territorio.
- Resolver as cuestións formuladas a partir de debuxos, mapas e textos históricos.
- Aprender o léxico propio dos temas estudados.

#### Contidos:

- As orixes do Islam. C5
- Características da relixión e as sociedades islámicas. C5
- Descrición dos elementos e lugares propios da sociedade e a relixión islámica. C5
- A expansión do Islam e a conquista da Península Ibérica. C3 e C3
- Análise e interpretación de mapas e información cartográfica. C3 e C4
- Caracterización da sociedade islámica. C5
- Lectura e interpretación de textos históricos da civilización andalusí. C4 e C1
- O califato de Córdoba e os reinos de taifas. C5
- As actividades económicas e a organización social en al-Ándalus. C5
- Explicación da vida palaciana e urbana en al-Ándalus a partir da análise de debuxos. C4
- A cultura e a arte islámicas en al-Ándalus. Identificación dos principais monumentos. C6
- Interese por coñecer e preservar o patrimonio cultural de época andalusí. C6
- Elaboración dun mapa conceptual sobre o Islam e al-Ándalus. C7
- Investigación sobre o mundo islámico na actualidade. C7e C5
- Elaboración dun vocabulario específico do tema. C1

#### Criterios de avaliación:

- Verificar que definen os conceptos básicos referidos á civilización islámica.

- Constatar que explican a influencia da relixión na organización social, económica e política da sociedade islámica.
- Comprobar que localizan o ámbito xeográfico da civilización islámica.
- Ver se identifican os territorios musulmáns e cristiás na Península Ibérica.
- Comprobar que relacionan períodos históricos de al-Ándalus con sucesos e personaxes históricos.
- Asegurarse de que caracterizan a economía e a sociedade andalusí a partir da lectura dun texto.
- Ver se describen as características xerais máis relevantes da arte islámica.

## 2º ESO

### Unidade 2.- A Europa feudal.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.

#### Obxectivos didácticos:

- Identificar os factores que propiciaron a aparición e o desenvolvemento do feudalismo tras a morte de Carlomagno.
- Coñecer os termos básicos para a comprensión do tema.
- Entender os pactos de fidelidade e vasalaxe que integraban o sistema feudal.
- Explicar a composición dos estamentos da sociedade medieval.
- Comprender as funcións da monarquía feudal e da Curia Rexia.
- Coñecer os trazos distintivos da nobreza e a súa función na sociedade medieval.
- Describir como era e como se vivía nun castelo medieval.
- Saber como vivían os campesiños durante a Idade Media, e que tipo de relacións mantiñan cos señores feudais.
- Recoñecer a importancia da Igrexa e os mosteiros na Idade Media.
- Analizar a arquitectura, a pintura e a escultura románica.

#### Contidos:

- As orixes do feudalismo e a fragmentación do Imperio carolinxio. C3 e C5
- A sociedade feudal. C5 e C1
- O rei e os seus vasallos. A nobreza guerreira. C5
- Os castelos medievais. C4 e C5
- Os campesiños no mundo feudal. C5
- A Igrexa cristiá: os cregos. C5
- As cruzadas. C3, C5
- Os mosteiros medievais. C5, C7
- A arte románica: arquitectura e escultura e pintura. C6

#### Criterios de avaliación:

- Ver se son quen de identificar os factores que propiciaron a aparición do feudalismo.
- Constatar que saben explicar as funcións da monarquía e Curia Rexia na Idade Media.
- Confirmar que saben explicar en que consistían os pactos de fidelidade e de vasalaxe e que coñecen o ritual que acompañaba a cerimonia de armar a un cabaleiro.
- Observar se recoñecen a composición e as formas de vida dos distintos estamentos da sociedade medieval: nobres, eclesiásticos e campesiños.



- Coñecer as condicións de traballo dos campesiños da Idade Media; explicar o funcionamento dun feudo e o sistema de rotación dos cultivos.
- Comprobar que describen os edificios característicos da sociedade medieval.
- Ver se explican a organización da Igrexa e a súa relevancia na vida política e social.
- Constatar que analizan obras da arquitectura, pintura e escultura románicas.
- Verificar que definen os conceptos básicos relacionados co feudalismo e o mundo medieval.

## 2º ESO

### Unidade 3.- A cidade medieval.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia cultural e artística.

#### Obxectivos didácticos:

- Coñecer as razóns da revitalización ou a orixe da cidade medieval.
- Recoñecer os grandes centros mercantís e as rutas comerciais da Idade Media.
- Coñecer a composición e o funcionamento dos gremios na cidade medieval.
- Entender a función do obradoiro medieval a partir da observación dunha casa-obradoiro dun mestre artesán.
- Identificar aos grupos sociais que habitaban a cidade medieval.
- Explicar o papel da burguesía no aumento do poder real.
- Identificar os principais espazos da cidade medieval.
- Analizar as revoltas e os conflitos urbanos que tiñan lugar na cidade medieval.
- Describir tecnicamente unha catedral gótica indicando os seus elementos característicos.
- Comentar e identificar obras representativas da pintura e escultura gótica.

#### Contidos:

- A recuperación da vida urbana: causas. C5
- Análise da evolución demográfica desde o ano 500 ata o 1.300. C2 e C5
- Descrición das innovacións técnicas introducidas a partir do século XI. C4 e C5
- As características dos burgos a través do análise e comentario dunha cidade. C4 e C7
- As actividades urbanas: artesanía e os gremios. C4 e C1
- O comercio: feiras, mercados e as grandes rutas e principais centros comerciais. C3-C1
- A sociedade urbana. C4 e C7
- Descrición dunha casa-obradoiro e unha casa da burguesía. C4 e C5
- O afianzamento de poder real: o papel da burguesía. C5
- As Cortes e os Parlamentos. C5
- A crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV). C5 e C7
- A arquitectura, escultura e pintura gótica. C6 e C1

#### Criterios de avaliación:

- Comprobar que saben explicar as orixes ou a revitalización da cidade medieval.
- Verificar que recoñecen o xurdimento da primeira gran ruta comercial mediterránea e dos principais centros mercantís europeos.

- Pescudar se saben analizar a organización e as funcións dos artesáns, os obradoiros e os gremios nas cidades da Idade Media.
- Confirmar que coñecen os diferentes grupos sociais que habitaban a cidade medieval.
- Ver se saben explicar as estratexias que seguiron os monarcas para afianzar o poder real.
- Constatar que explican as revoltas campesiñas e urbanas da Baixa Idade Media.
- Observar se analizan as obras representativas da arquitectura, escultura e pintura gótica.
- Verificar que definen o vocabulario básico propio da unidade.

## 2º ESO

### **Unidade 4.- Formación e expansión dos reinos peninsulares.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia cultural e artística.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar a evolución das fronteiras entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica nos inicios do século X.
- Coñecer a creación e a evolución do reino de Asturias.
- Expor o desenvolvemento do reino de León e do reino de Castela.
- Recoñecer a función da Marca Hispánica.
- Coñecer a creación e a evolución do reino de Navarra, o condado de Aragón e os condados cataláns.
- Expor a ofensiva dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII e a reacción islámica coa entrada dos almorábides e almohades.
- Comprender o que eran as repoboacións, como se realizaron e evolucionaron.
- Coñecer a base da economía dos reinos cristiáns.
- Analizar a arte románica da Península Ibérica.
- Recoñecer a influencia das culturas xudeus e musulmáns na cultura cristiá medieval.

#### **Contidos:**

- A orixe e localización dos reinos cantábricos: o reino de Asturias, o reino de León e a formación do reino de Castela. C3
- A orixe e localización dos primeiros condados e os reinos pirenaicos. C3 e C5
- A expansión territorial dos reinos peninsulares entre os séculos XI e XII. C3 e C5
- A repoboación dos territorios conquistados. C5 e C7
- A interacción cultural entre cristiáns, musulmáns e xudeus. C6 e C5
- As comunidades xudías, os mozárabes e os mudéxares. C5
- Románico na Península Ibérica. C6 e C4

#### **Criterios de avaliación:**

- Confirmar que entenden a evolución do reino de Asturias, o desenvolvemento do reino de León, as orixes do reino de Castela e a constitución da Marca Hispánica.
- Observar se saben explicar a evolución de Navarra, Aragón e os condados cataláns.
- Ver se recoñecen as ofensivas dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII, así como a reacción dos monarcas islámicos.
- Verificar que coñecen as actividades económicas dos primeiros reinos cristiáns.

- Comprobar que coñecen como se produciu a repoboación e as diferentes repoboacións.
- Valorar se comprenden a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media tanto na revitalización da economía como na penetración de ideas.
- Comprobar que identifican as comunidades que conviviron na Península.
- Ver se saben caracterizar a arte románica.
- Verificar que definen os conceptos básicos relacionados co a unidade.

## 2º ESO

### Unidade 5.- Os grandes reinos peninsulares.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Competencia cultural e artística.

#### Obxectivos didácticos:

- Coñecer a evolución e a consolidación dos reinos hispánicos.
- Localizar nun mapa o desenvolvemento da Reconquista dos reinos de Castela, Portugal e a Coroa de Aragón no século XIII.
- Describir a forma en que se levou a cabo a repoboación dos territorios conquistados.
- Explicar a organización do poder e as institucións de goberno dos reinos de Castela, Navarra e a Coroa de Aragón.
- Analizar a produción agrícola, o comercio da Coroa de Castela e a súa expansión territorial polo Atlántico.
- Coñecer a expansión comercial da Coroa de Aragón polo Mediterráneo, así como as súas conquistas militares na zona.
- Analizar as consecuencias da crise económica, social e política da Baixa Idade Media.
- Coñecer as principais características da arte gótica peninsular.

#### Contidos:

- A consolidación dos reinos hispánicos: feitos representativos. C5
- A Reconquista dos reinos cristiáns durante o século XIII. C5 e C3
- A Repoboación. C5 e C1
- As institucións de goberno: a Monarquía, as Cortes e os Municipios. C5, C4 e C7
- A economía do reino de Castela: gandaría, rutas e a Mesta. C5, C3
- A sociedade do reino de Castela. C5 e C7
- A economía e as rutas comerciais da Coroa de Aragón. C5, C3
- As conquistas militares da Coroa de Aragón. C3
- A sociedade da Coroa de Aragón. C5
- A crise económica durante a Baixa Idade Media. C5
- Os conflitos sociais e políticos durante a Baixa Idade Media. C5, C4
- O Gótico na Península Ibérica: arquitectura, escultura e pintura. C6 e C1

#### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen a consolidación dos reinos hispánicos.
- Verificar que localizan nun mapa as principais etapas da Reconquista nos séculos XII e XIII, e explican o distinto proceso de repoboación en Castela e Aragón.

- Ver se determinan satisfactoriamente as institucións de goberno dos reinos peninsulares e establecen as súas diferenzas políticas.
- Constatar que explican adecuadamente o proceso de expansión política e económica da Coroa de Aragón e da Coroa de Castela.
- Avaliar se son quen de caracterizar a crise da Baixa Idade Media.
- Comprobar que recoñecen obras e artistas do Gótico na Península Ibérica.
- Descubrir se interpretan correctamente as fontes históricas traballadas, así como os debuxos, mapas, textos e eixes cronolóxicos do tema.
- Verificar que definen os conceptos básicos relacionados co a unidade.

## 2º ESO

### Unidade 6.- Galicia na Idade Media.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

#### Obxectivos didácticos:

- Detallar a chegada dos musulmáns e as razóns da súa breve presenza en Galicia.
- Explicar a anexión de Galicia ao reino de Castela.
- Especificar o que é a arte mozárabe e recoñecer as súas principais manifestacións.
- Desenvolver a evolución política de Galicia ao longo do século X e XI.
- Explicar en que consistiu a feudalización de Castela.
- Comprender a organización social da Galicia feudal.
- Detallar as actividades económicas desenvolvidas durante os séculos XII ao XIII.
- Entender a importancia do Camiño de Santiago, as razóns da peregrinación e a súa relevancia para o intercambio comercial e intelectual.
- Recoñecer a crise dos séculos XIV e XV.
- Identificar os conflitos sociais de Galicia a finais da Idade Media e as causas.
- Describir e diferenciar as principais mostras de arte románica e gótica en Galicia.

#### Contidos:

- A invasión musulmá. C5
- A integración no reino astur-leonés. C5
- A independencia e posterior unión de Galicia coa Coroa de Castela. C5
- A arte mozárabe. C6
- A feudalización de Galicia. C5 e C1
- Galicia: señores e campesiños. C5
- Os mosteiros galegos. C7
- As actividades económicas nos séculos XII e XIII. C5
- O Camiño de Santiago. C3, C5 e C6
- Os conflitos sociais en Galicia ao final da Idade Media. C5 e C7
- A arte románica e gótica en Galicia. C6

#### Criterios de avaliación:

- Asegurarse de que explican a chegada dos musulmáns aos territorios galegos.

- Ver se coñecen como se produciu a anexión de Galicia ao reino astur-leonés e as consecuencias que diso se derivaron.
- Verificar que identifican a evolución política de Galicia desde os séculos X ao XIII.
- Avaliar se explican correctamente en que consistiu a feudalización de Galicia.
- Comprobar que detallan as principais actividades económicas en Galicia nos séculos XII e XIII.
- Valorar se comprenden a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media tanto na revitalización da economía como na penetración de ideas.
- Constatar que recoñecen os conflitos sociais do final da Idade Media en Galicia.
- Pescudar se analizan correctamente o Románico e mais o Gótico en Galicia.

## 2º ESO

### Unidade 7.- Renacemento e Reforma.

#### Competencias básicas:

- 
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia para aprender a aprender.

#### Obxectivos didácticos:

- Comprender as orixes, as principais características do pensamento humanista.
- Explicar a importancia da invención da imprenta de Gutenberg na difusión do Humanismo así como a contribución das academias e as universidades.
- Entender as causas da reforma eclesiástica protestante.
- Expoñer os principios básicos nos que se fundamenta a Reforma luterana.
- Diferenciar os principais aspectos das diferentes doutrinas reformistas.
- Analizar a reacción da Igrexa católica e o proceso de Contrarreforma relixiosa.
- Recoñecer a concepción da arte renacentista.
- Comentar obras artísticas representativas do Quattrocento, o Cinquecento e o Renacemento en Flandres e Norte de Europa.
- Aprender a utilizar con precisión o vocabulario introducido neste tema.

#### Contidos:

- O Humanismo. C5 e C1
- Explicación da contribución da imprenta de Gutenberg á difusión do Humanismo. C5
- A Reforma relixiosa. C5
- Localización nun mapa da difusión da Reforma. C3
- Comparación da doutrina, o culto e a organización dos católicos, luteranos, calvinistas e anglicanos. C5, C7
- Exposición das razóns para o restablecemento da Inquisición española en relación coa loita contra os protestantes. C1, C5
- Enumeración das medidas disciplinarias adoptadas no Concilio de Trento. C5
- A difusión da Contrarreforma. C5
- Os cortesáns e os mecenas. C5
- A concepción da arte do Renacemento. C1 e C6
- A Arte do Renacemento: Quattrocento e Cinquecento. C6
- A difusión do Renacemento en Flandres, Alemaña e Francia. C5 e C6
- Observación e análise das obras do Renacemento italiano. C6 e C7

#### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen as características máis importantes do pensamento humanista.
- Comprobar que recoñecen as causas que desencadearon a Reforma e a súa difusión.
- Confirmar que coñecen as diferenzas entre as doutrinas reformistas.
- Ver se analizan axeitadamente a reacción da Igrexa católica fronte á Reforma.
- Constatar que recoñecen a inspiración clásica da arte renacentista e que identifican a algúns dos seus máis destacados representantes.
- Verificar que recoñecen e analizan algunhas obras representativas do Quattrocento e do Cinquecento e do estilo flamenco.
- Comprobar que manexan o vocabulario específico do tema.

## 2º ESO

### **Unidade 8.- A monarquía autoritaria: os Reis Católicos.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Analizar as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar en Europa no século XV.
- Saber como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
- Localizar nun mapa a expansión territorial e coñecer a política exterior dos Reis Católicos.
- Coñecer as institucións da Monarquía autoritaria en Castela e relacionalas co afianzamento do poder real.
- Explicar como se produciu a uniformidade relixiosa.
- Coñecer a organización económica e social durante o reinado dos Reis Católicos.
- Identificar os principais humanistas españois e valorar a súa contribución á nosa cultura.
- Diferenciar os estilos arquitectónicos da arquitectura do Renacemento español.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico para este período histórico.
- Interpretar criticamente a información contida en textos e mapas históricos.

#### **Contidos:**

- A Europa do século XV: o crecemento demográfico e económico, o ascenso da burguesía e o fortalecemento da monarquía. C5
- A unión de Castela e Aragón coa monarquía dos Reis Católicos. C5
- A expansión territorial baixo os Reis Católicos. C3
- A política exterior dos Reis Católicos. C5
- A articulación da nova monarquía e as súas institucións de goberno. C5
- A organización económica e social dos reinos peninsulares. C5
- O Humanismo español. C5 e C1
- A arquitectura do Renacemento español: plateresco, clasicista e herreriano. C6
- A escultura e a pintura renacentistas en España. El Greco. C6
- Observación e análise de textos e obras representativas do Renacemento español. C6 e C7

## **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar en Europa durante o século XV.
- Verificar que saben explicar como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
- Ver se coñecen como se organizou a monarquía autoritaria dos Reis Católicos.
- Pescudar se explican as bases da economía de Castela e a Coroa de Aragón.
- Constatar que diferencian os grupos sociais en época dos Reis Católicos.
- Comprobar que identifican e analizan correctamente as obras representativas do Renacemento español.

## **2º ESO**

### **Unidade 9.- Os grandes descubrimentos xeográficos.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Expoñer os obxectivos das grandes viaxes.
- Recoñecer os descubrimentos científicos e técnicos que permitiron as grandes expedicións da Idade Moderna.
- Identificar as expedicións portuguesas.
- Explicar como se produciu o descubrimento do continente americano.
- Coñecer as teorías xeográficas e os “erros” sobre os que se asentou p proxecto de Colon.
- Localizar e datar a primeira volta ao mundo e identificar aos seus protagonistas.
- Identificar e localizar nun mapa as civilizacións precolombianas.
- Coñecer as grandes expedicións de conquista do territorio americano.
- Especificar as institucións nas que se organizou o Imperio americano.
- Detallar o modo en que se explotaron os recursos da América española.
- Coñecer as principais características da sociedade colonial.
- Analizar criticamente a información contida en textos e mapas históricos.

#### **Contidos:**

- Os obxectivos das grandes viaxes. C5
- As expedicións portuguesas. C3
- O progreso da navegación. C4
- O proxecto e viaxes de Colon. C5 e C3
- A repartición entre España e Portugal: o Tratado de Tordesillas. C5 e C3
- Localización sobre un mapa da primeira volta ao mundo. C3
- Exposición dos coñecementos achegados polas grandes expedicións do s. XVI. C5
- Os pobos precolombianos: os maias, os aztecas e os incas. C5
- A conquista do Imperio americano:cronoloxía e conquistadores. C2 e C5
- A organización dos territorios conquistados. C5 e C3
- A explotación dos recursos americanos. O comercio americano. C5

- A sociedade colonial: españois, amerindios, crioulos e poboación negra. C5 e C7

### **Criterios de avaliación:**

- Constatar que expoñen os obxectivos das grandes viaxes marítimas.
- Verificar que explican correctamente como se produciu o descubrimento de América.
- Ver se recoñecen o traxecto da primeira volta ao mundo.
- Constatar que identifican e localizan as principais civilizacións precolombianas.
- Pescudar se desenvolven como se produciu a conquista de México e Perú.
- Comprobar que comprenden a organización institucional do Imperio americano.
- Confirmar que coñecen como se explotaba a man de obra indíxena e identifican os recursos que se extraían da América española.
- Ver se identifican os grupos que constituían a sociedade colonial.

## **2º ESO**

### **Unidade 10.- O imperio dos Austria.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Expoñer os conflitos internos e externos do reinado de Carlos V.
- Identificar os territorios que conformaban o Imperio europeo de Carlos V.
- Coñecer os órganos de goberno e as institucións da monarquía dos Austria.
- Especificar as razóns que explican a política interior e exterior de Felipe II.
- Recoñecer as principais actividades económicas desenvolvidas no século XVI.
- Diferenciar os grupos da sociedade hispánica do século XVI.
- Entender como era a vida cotiá na época dos Austria.
- Explicar en que consistía o goberno dos validos.
- Comprender as razóns que explican a fin da hexemonía de España en Europa.
- Detallar as razóns que explican a crise social e económica do século XVII.
- Utilizar o vocabulario deste período e analizar criticamente textos e mapas históricos

#### **Contidos:**

- Os territorios herdados por Carlos V. C5 e C3
- Os problemas internos do Imperio: a revolta das Comunidades e as Xermanías. C5
- Os conflitos exteriores durante o reinado de Carlos V. C5 e C7
- O Imperio hispánico: o goberno de Felipe II. C5
- Explicación da política de Felipe II para a defensa da ortodoxia católica: as leis en defensa do catolicismo, a Inquisición e a persecución dos mouriscos. C5
- A política exterior de Felipe II. C5, C3 e C7
- A economía no século XVI. C5 e C2
- A demografía e sociedade no século XVI. C5
- O século XVII: o declive do Imperio: os últimos Austria. C5



- Análise dun mapa coas perdas territoriais impostas pola Paz de Westfalia. C3, C5 e C4
- Carlos II: o solpor da Monarquía dos Austria. C5
- A crise demográfica e económica do século XVII. C5 e C7
- Os problemas sociais do século XVII. C5 e C7
- A vida cotiá na época dos Austria. C7

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen a extensión do Imperio europeo de Carlos V e especifican os conflitos internos e exteriores aos que fixo fronte.
- Verificar que especifican o sistema de goberno establecido por Felipe II.
- Ver se recoñecen as repercusións da chegada de ouro e prata americanos e as actividades económicas na España do século XVI.
- Constatar que identifican os grupos da sociedade hispánica no século XVI.
- Avaliar se explican as causas do declive do Imperio dos Austria acontecido no s. XVII.
- Comprobar que comprenden as razóns da crise social e económica do século XVII.
- Confirmar que se expresan utilizando de maneira axeitada o vocabulario específico.

## **2º ESO**

### **Unidade 11. O século do Barroco.**

#### **Competencias básicas:**

- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Analizar a evolución demográfica europea ao longo do século XVII.
- Explicar as características da economía e a sociedade do século XVII.
- Identificar os aspectos máis significativos da Europa do absolutismo.
- Comprender os principios da monarquía absoluta e como se organiza o poder.
- Coñecer os novos valores estéticos introducidos polo Barroco.
- Explicar o contexto político e relixioso en que se inscribe o Barroco.
- Analizar o Pazo de Versalles.
- Especificar as características da escultura e a arquitectura barrocas.
- Describir os elementos comúns e singulares das principais escolas da pintura barroca.
- Expor as características da arquitectura e a escultura do Barroco español.
- Identificar os pintores máis representativos do Século de Ouro da pintura española con especial atención á obra de Diego Velázquez.
- Recoñecer a importancia da revolución científica e a filosofía do século XVII.

#### **Contidos:**

- A evolución demográfica e a sociedade europea do século XVII. C5, C4
- A economía de Europa no século XVII: o comercio internacional, as manufacturas estatais e o sistema económico do mercantilismo. C5, C4
- Localización nun mapa das rutas comerciais europeas do século XVII. C3
- Os cambios políticos e relixiosos da Europa do absolutismo. C5 e C7
- Análise do mapa político de Europa tras a Paz de Westfalia. C3 e C5

- As características da monarquía absoluta. C5 e C8
- Descrición da política de Luís XIV como paradigma de monarca absoluto. C5
- Definición do concepto Barroco e análise do novo movemento cultural: estética, relixión e poder político. C1, C5 e C6
- Descrición do Pazo de Versalles. C4
- A arquitectura, a escultura e a pintura barroca. C6
- O Barroco español. C6
- A filosofía e a ciencia no século XVIII. C6 e C7

### **Crterios de avaliación:**

- Pescudar se explican as características da economía e a sociedade do século XVII.
- Ver se recoñecen os cambios políticos e relixiosos que se produciron no século XVII.
- Verificar que coñecen as bases sobre as que se asentaba a monarquía absoluta e identifican a organización do goberno absoluto.
- Avaliar se enumeran os novos valores estéticos do Barroco.
- Comprobar que coñecen as características xerais da escultura e a arquitectura barrocas, e se identifican os seus artistas máis importantes.
- Confirmar que recoñecen os aspectos máis destacados da pintura barroca.
- Identificar sobre un mapa os cambios políticos de Europa tras Westfalia.
- Constatar que caracterizan a arquitectura e a escultura barroca española.
- Pescudar se analizan correctamente pinturas de Diego de Velázquez.

## **2º ESO**

### **Unidade 12.- Galicia na Idade Moderna.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar as institucións de goberno creadas polos Reis Católicos para gobernar Galicia e especificar as funcións de cada unha delas.
- Explicar o sistema de voto nas Cortes.
- Coñecer as provincias en que foi dividida Galicia nos comezos da Idade Moderna.
- Detectar o declive demográfico de Galicia no século XVI, a súa incidencia por cidades e expor as causas que explican esta crise.
- Detallar as principais actividades comerciais e industriais que se desenvolven en Galicia durante os séculos XVI e XVII.
- Valorar a achega á agricultura da introdución do millo e da pataca.
- Identificar a estrutura social de Galicia nos séculos XVI e XVII e analizar as súas diferenzas.
- Especificar as peculiaridades do Barroco en Galicia a partir do análise de obras de arte.

#### **Contidos:**

- As institucións de goberno da Monarquía Hispánica en Galicia durante os séculos XVI e XVII. C5
- A Xunta: unha institución propia de Galicia. C5 e C1
- O voto galego nas Cortes. C5

- Galicia e os descubrimentos xeográficos. C7
- A crise demográfica do século XVI en Galicia. C5
- A economía de Galicia nos séculos XVI e XVII. C5
- A estrutura social de Galicia durante os séculos XVI e XVII. C5
- A orixinalidade do Barroco galego. C6
- Outros edificios barrocos as igrexas, os mosteiros e os pazos. C6
- Barroco compostelán. C6 e C7

### **Criterios de avaliación:**

- Valorar se identifican as institucións creadas polos Reis Católicos para levar a cabo a súa política centralizadora e a función da Xunta na Idade Moderna.
- Verificar que localizan nun mapa a división provincial de Galicia na Idade Moderna.
- Pescudar se explican as razóns do descenso demográfico do século XVI en Galicia.
- Constatar que especifican a estrutura social de Galicia na Idade Moderna.
- Constatar que coñecen a evolución económica de Galicia nos séculos XVI e XVII.
- Observar se expoñen correctamente as peculiaridades do Barroco galego.
- Comprobar que identifican obras representativas do Barroco en Galicia.
- Comprobar que son capaces de relacionar as obras máis representativas de Compostela co seu autor e estilo.
- Verificar que coñecen os termos adecuados aos temas tratados na unidade.

## **2º ESO**

### **Unidade 13. Os habitantes do planeta.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer os distintos factores que condicionan a distribución da poboación.
- Definir o concepto de densidade de poboación.
- Detallar a evolución da poboación mundial.
- Recoñecer as causas da desigual dinámica da poboación nos países ricos e nos pobres.
- Entender os conceptos de taxa de natalidade, taxa de fecundidade e taxa de mortalidade e saber como se calculan.
- Analizar as consecuencias que xeran os movementos migratorios.
- Identificar os principais fluxos migratorios a escala planetaria.
- Interpretar unha pirámide de poboación.
- Interpretar diferentes tipos de mapas sobre aspectos relacionados coa poboación.
- Saber como se reparte a poboación mundial segundo a súa actividade económica.
- Participar en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.

#### **Contidos:**

- A distribución da poboación. C3, C4, C2 e C7
- Estudo da densidade mundial con axuda dun mapa e datos cuantitativos. C3, C4, e C7

- A evolución da poboación nos países ricos e nos países pobres. C4, C2 e C7
- O concepto e a evolución da natalidade e mortalidade. As taxas de natalidade e mortalidade. C1 e C7
- O crecemento natural ou vexetativo. C1
- A desaceleración do crecemento da poboación. C7
- A dinámica da poboación nos países ricos e países pobres. C7, C3
- O saldo migratorio e as súas consecuencias. C7, C3 e C8
- As migracións na actualidade. C3, C7 e C8
- Interpretación dunha pirámide de poboación. C4
- A poboación e o traballo: poboación activa, non activa e paro. O problema do paro. C1-7
- Os sectores produtivos e a desigualdade entre os países. C3 e C7

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen os factores da distribución da poboación no mundo.
- Verificar que diferencian a evolución da poboación nos países ricos e pobres.
- Ver se son quen de interpretar unha pirámide de poboación.
- Constatar que utilizan correctamente os factores demográficos ao referirse á dinámica da poboación mundial.
- Pescudar se identifican os fluxos migratorios na actualidade.
- Constatar que son capaces de interpretar diferentes tipos de mapas e gráficos.
- Comprobar que recoñecen as características da poboación e o traballo en relación co grao de desenvolvemento dun país.
- Confirmar que comprenden o problema do paro.

## **2º ESO**

### **Unidade 14.- A poboación de España e de Galicia.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Autonomía e competencia persoal.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Localizar a distribución da poboación española e galega no territorio.
- Analizar a evolución da poboación española.
- Identificar as características da poboación española: natalidade e mortalidade, taxas de fecundidade, a esperanza de vida.
- Explicar as causas da emigración no pasado e identificar os lugares de destino.
- Analizar a procedencia e consecuencias da inmigración en Galicia e en España.
- Diferenciar o poboamento rural e o poboamento urbano en España.
- Clasificar a poboación activa en España por sectores económicos.
- Valorar a incorporación da muller ao mundo laboral en España.
- Expor a evolución demográfica galega no século XX.

#### **Contidos:**

- O modelo de transición demográfico español. C4 e C7
- Interpretación de pirámides de poboación. C4 e C7

- Características da poboación española: natalidade, mortalidade, fecundidade e esperanza de vida da poboación española. C7
- O crecemento vexetativo de España. C4 e C7
- Distribución da poboación no territorio español. C3 e C4
- O poboamento rural e urbano en España. C4, C3, C7
- A poboación e o traballo en España. C4, C2, C7
- A emigración: causas, orixe e destino, consecuencias das migracións en España e Galicia. C3, C7, C4, e C1
- A inmigración estranxeira: orixe, composición e destino. Valoración do fenómeno. C3, C7
- A distribución da poboación en Galicia. C3
- A evolución demográfica de Galicia ao longo do século XX. C4 e C7
- A inmigración en Galicia. C4, C7 e C8

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se establecen as características do modelo de transición demográfica en España e indican a cronoloxía desta evolución.
- Verificar que recoñecen as características da poboación española.
- Ver se identifican a distribución demográfica tanto en España como en Galicia.
- Constatar que coñecen as diferenzas entre o poboamento rural e urbano en España.
- Avaliar se saben a distribución da poboación activa de España por sectores económicos e comentan a evolución do paro.
- Comprobar que coñecen a emigración histórica dos españois e lles prestan especial atención á dos galegos.
- Asegurarse de que distinguen os grupos de inmigrantes que encontramos en España e Galicia en función da súa orixe e composición.

## **2º ESO**

### **Unidade 15.- A cidade e o urbano.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencias no coñecemento e na interacción do mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e competencia persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer os factores que definen a cidade.
- Establecer as distintas funcións urbanas.
- Recoñecer a utilidade do plano urbano para caracterizar as diversas morfoloxías urbanas.
- Diferenciar as etapas do crecemento urbano ao longo do tempo.
- Comprender as características das grandes cidades do mundo.
- Establecer os catro niveis básicos da xerarquía urbana.
- Entender a cidade como un ecosistema humano.
- Expor a estrutura do sistema urbano español.
- Especificar as particularidades das cidades de Galicia.

#### **Contidos:**

- O concepto de cidade. C1
- As diferentes funcións urbanas a súa relación co súa orixe e a evolución ó longo do tempo. C3, C4 e C7
- A morfoloxía urbana: o casco antigo, o ensanche e os barrios periféricos. C4, C7
- As etapas no crecemento urbano: a cidade preindustrial, industrial e postindustrial. C7
- As características das grandes cidades no mundo actual. C3 e C4
- A xerarquía urbana: metrópoles globais, metrópoles mundiais, metrópoles nacionais e centros rexionais e comarcais. C7
- A cidade como un ecosistema humano. C4 e C7
- A estrutura do sistema urbano español : a xerarquía das cidades españolas. C3, C4 e C7
- Os eixes do sistema urbano español. C3 e C7
- As cidades de Galicia. C3
- Identificación do crecemento urbano a través da análise de planos urbanos. C4 e C8
- Identificación do tipo de plano urbano que se corresponde coas diversas modalidades da morfoloxía urbana. C4 e C8
- Observación e análise dun mapamundi que mostra as aglomeracións urbanas do planeta. C3

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se explican correctamente as diversas funcións que poden desempeñar as cidades.
- Verificar que diferencian o caso antigo, os ensanches e os barrios periféricos segundo o plano urbano.
- Ver se caracterizan cada unha das etapas do proceso de urbanización.
- Verificar que coñecen as características das grandes cidades do mundo.
- Constatar que clasifican diversas cidades na xerarquía que lles corresponde.
- Comprobar que establecen a xerarquía das cidades españolas.
- Ver se localizan nun mapa os eixes do sistema urbano español.
- Avaliar se explican correctamente as características das cidades galegas.

## **2º ESO**

### **Unidade 16.- As sociedades humanas.**

#### **Competencias básicas:**

- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e competencia persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Entender as variables que organizan unha sociedade e valorar a diversidade social rexeitando a discriminación racial, sexual, relixiosa, económica.
- Diferenciar as sociedades tradicionais, modernas e posmodernas.
- Recoñecer os factores que contribúen en Europa a unha sociedade do benestar.
- Valorar o Estado de dereito, a democracia, o pluralismo político, o respecto e a tolerancia para a diversidade co fin de fomentar a convivencia.
- Entender o que é o Índice de Benestar Social e recoñecer as variables que se teñen en conta para a súa elaboración.
- Enumerar os factores que explican o alto nivel de benestar social español.
- Explicar os cambios máis significativos ocorridos na sociedade española e na estrutura familiar e laboral.
- Entender os cambios culturais e as dificultades de integración da inmigración.

- Definir a cultura e especificar os factores que contribuíron á cultura de masas.

### Contidos:

- A organización da sociedade humana. C7 e C8
- A evolución da sociedade humana: as tradicionais, as modernas e as posmodernas.C3
- A sociedade europea. C7
- Observación e análise da esperanza de vida nos países da Unión Europea. C4 e C7
- Estudo do Índice do Desenvolvemento Humano dos países europeos. C2 e C7
- A sociedade española e a galega. C4, C7
- Explicación do nivel de benestar social de Galicia e comparación do Índice de Benestar social co resto de comunidades autónomas. C4 e C7
- A inmigración mundial: consecuencias. C7 e C8
- A cultura e a diversidade cultural. C7
- Recoñecemento da diversidade social e rexeitamento de todo tipo de discriminación. C8
- Valoración da diversidade lingüística en Europa. C8
- Comparación da esperanza de vida dos países da Unión Europea.C4 e C7

### Crterios de avaliación:

- 
- Pescudar se explican as principais variables que interveñen na organización social e valoran a diversidade rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Verificar que diferencian as características propias dos tres tipos de sociedades na evolución histórica da sociedade.
- Avaliar se recoñecen as políticas da sociedade do benestar que permiten a igualdade e a convivencia en Europa respectando a diversidade.
- Verificar que explican o nivel de benestar social de Galicia, o razoan e relacionan cos indicativos do Índice de Benestar Social.
- Constatar que detectan os factores do alto nivel de benestar social español.
- Comprobar que explican os cambios máis significativos da sociedade española.
- Ver se respectan a diversidade cultural e enumeran os factores que definen a cultura.

## 2º ESO

### TEMPORALIZACIÓN PREVISTA.

☐ 1ª avaliación: [38 sesións -] – Unidade 1 3 a 16 inclusive.

Unidade 0: 6 sesións

Unidade 13: 6 sesións

Unidade 14: 8 sesións

Unidade 15: 8 sesións

Unidade 16: 6 sesións

3 sesións dedicadas a exames

1 sesión dedicada a actividades complementarias.

☐ 2ª avaliación: [32 sesións -] - Unidades 1 a 6.

Unidade 1: 5 sesións

Unidade 2: 5 sesións

Unidade 3: 5 sesións

Unidade 4: 5 sesións

Unidade 5: 5 sesións

Unidade 6: 3 sesións

3 sesións dedicadas a exames

1 sesións dedicadas a actividades complementarias.

☐ 3ª avaliación: [33 sesións -] - Unidades 7 a 12 inclusive.

Unidade 7: 5 sesións

Unidade 8: 5 sesións

Unidade 9: 5 sesións

Unidade 10: 5 sesións

Unidade 11: 5 sesións

Unidade 12: 5 sesións

3 sesións dedicadas a exames

### 3.- 3º ESO

## **XEOGRAFÍA**

### **1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

A materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia de 3º da ESO contribúe, de forma clara e dependendo dos contidos propios de cada unidade programada á consecución das competencias básicas desta etapa educativa. De forma xeral especificanse neste apartado e concrétanse en cada unha das unidades.

#### **1.1.- Competencia social e cidadá. C5**

- Coñecer os axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado.
- Entender as mudanzas que se están a producir nas relacións económicas e sociais a escala mundial.
- Analizar as causas e as consecuencias das tendencias migratorias predominantes no mundo actual.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.



- escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Reflexionar de forma crítica sobre algúns problemas sociais.

### **1.2.- Coñecemento e a interacción co mundo físico. C3**

- Identificar e localizar no mapa os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.
- Recoñecer os trazos físicos e humanos básicos do territorio español e da Unión Europea.
- Recoñecer os desequilibrios territoriais na distribución dos recursos e explicar as súas consecuencias.
- Tomar conciencia dos problemas que a explotación do espazo pode xerar no medio.
- Suxerir actuacións e políticas concretas que contribúan ao desenvolvemento sostible.

### **1.3.- Competencia cultural e artística. C6**

- Desenvolver a sensibilidade para gozar do patrimonio natural e cultural.
- Interesarse pola conservación do patrimonio cultural.

### **1.4.- Tratamento da información e competencia dixital. C4**

- Obter información a través de varios tipos de fontes: documentos visuais, cartográficos, etc.
- Analizar os datos numéricos e mais os indicadores socioeconómicos de táboas e diagramas.
- Relacionar, procesar e sintetizar a información procedente de fontes diversas: gráficos, bocexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas.
- Comunicar as conclusións de forma organizada empregando as tecnoloxías da información.

### **1.5.- Competencia en comunicación lingüística. C1**

- Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía máis pertinente.
- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, nomeadamente a descrición e a argumentación.
- escoitar as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

### **1.6.- Competencia matemática. C2**

- Extraer, analizar e comprender a información numérica de táboas, listaxes, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar fenómenos de carácter social e/ou xeográfico.

### **1.7.- Competencia para aprender a aprender. C7**

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Aplicar razoamentos de distinto tipo e procurar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.

### **1.8.- Autonomía e iniciativa persoal. C8**

- Planificar a secuencia de tarefas para realizar un traballo de investigación ou de busca de información.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Tomar decisións e saber escoller o xeito máis axeitado para recuperar e presentar a información.

## **2.- OBXECTIVOS.**

- Aprender a relacionarse cos demais e a participar en actividades en grupo respectando as opinións dos seus compañeiros. C7, C5
- Inculcar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e o desenvolvemento intelectual do alumnado. C8.
- Aprender a respectar os principios fundamentais das sociedades democráticas, a valorar criticamente as diferenzas entre individuos ou colectivos e rexeitar os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseado en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social. C5, C7
- Aprender a xestionar a información (busca, recollida e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitirla aos demais de maneira organizada e intelixible. C4, C2, C7.
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a análise de datos e a presentación de traballos e informes. C4
- Comentar, analizar e comparar mapas temáticos de carácter xeográfico. C3, C5, C4.
- Identificar a partir dun plano as diferentes partes da cidade a súa orixe e funcións así como a súa evolución ao longo do tempo. C4, C3.
- Ampliar e perfeccionar o coñecemento do vocabulario xeográfico propio da materia para permitir a súa comprensión e contribuír a mellorar a expresión oral e escrita dos alumnos. C1.
- Manexar, analizar e interpretar estatísticas sobre poboación e de carácter económico. C2, C4.
- Analizar gráficos diversos: climogramas, pirámides de poboación, de sectores e barras. C4.
- Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia nos diversos campos do saber. C5, C3.
- Reforzar a autoestima do alumno axudando a formar unha imaxe positiva pero realista da propia personalidade. Axudar a conseguir a autonomía persoal na aprendizaxe e a valorar de forma positiva o esforzo e á superación das dificultades. C8, C7.
- Comprender a necesidade de coñecer, protexer e conservar o patrimonio natural e cultural de España, Galicia e do mundo. C3, C6.
- Desenvolver hábitos e actitudes que favorezan o propio desenvolvemento individual e a conservación do medio. C3
- Coñecer o patrimonio natural de España, Galicia e o mundo e propiciar actitudes de participación activa na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións vindeiras. C3, C8.
- Recoñecer e valorar positivamente a pluralidade lingüística e cultural de España e manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara á culturas, costumes e tradicións distintas da propia. C1, C5, C6.

## **3.- PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

Programación de cada unidade nas páxinas seguintes (unha páxina por unidade).

**Unidade 0.- Repaso de conceptos e procedementos básicos.**

**Unidade 1.- O relevo: marco físico das actividades humanas.**

**Competencias básicas:**

- Coñecemento e interacción co medio físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.

**Obxectivos didácticos:**

- Coñecer e localizar as unidades do relevo terrestre e os accidentes xeográficos dos continentes.
- Recoñecer as características do relevo, os ríos e as costas de Europa.
- Identificar as principais unidades morfoestruturais do relevo español.
- Coñecer e localizar nun mapa físico as unidades de relevo, os ríos e os accidentes xeográficos máis importantes de Galicia e de España.
- Explicar as características das zonas costeiras de Galicia e de España.
- Recoñecer algúns das paisaxes máis representativas da xeografía galega.
- Afacerse a utilizar mapas para localizar e representar a información xeográfica.

**Contidos:**

- Os elementos do relevo. As grandes unidades do relevo terrestre. C3
- As unidades de relevo, os ríos e as costas de Europa., España e Galicia. C3
- O relevo das Illas Baleares e as Illas Canarias. C3
- Definición de conceptos relacionados coas formas de relevo terrestre. C1
- Observación e análise de mapas, gráficas, cortes de relevo, debuxos e fotografías. C4
- Localización xeográfica das grandes unidades de relevo e os principais accidentes xeográficos da Terra, Europa, España e Galicia. C5
- Descrición das características das costas de España e de Galicia. C3 e C1
- Comparación de varias fotografías de unidades de relevo de Galicia. C4 e C7
- Localización das unidades morfoestruturais no mapa físico de España. C3
- Realización dun esquema das unidades do relevo peninsular. C7
- Localización no mapa dos principais ríos de Galicia e de España. C3
- Análise e interpretación dun mapa topográfico. C4 e C7
- Comunicación da información mediante o diálogo e o debate. C8
- Utilización do atlas e doutras fontes de información cartográfica. C4
- Valoración da diversidade de paisaxes que forman o noso patrimonio natural. C8

**Criterios de avaliación:**

- Comprobar que recoñecen e definen correctamente algunhas formas de relevo da superficie dos continentes e o fondo dos océanos.
- Ver se saben localizar no mapa as grandes unidades do relevo terrestre.
- Pescudar se coñecen as unidades que configuran o relevo do litoral europeo.
- Observar se saben localizar os macizos e montañas mozos de Europa e coñecen como son os seus relevos.
- Confirmar que coñecen as características do relevo de Galicia e de España; e que identifican as súas principais unidades de relevo.
- Comprobar que saben explicar as características xerais das costas galegas.
- Valorar se saben localizar no mapa as costas, os ríos e as unidades de relevo de Europa, Galicia e España.

## Unidade 2.- As paisaxes da terra.

### Competencias básicas:

- Coñecemento e interacción co medio físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia social e cidadá.

### Obxectivos didácticos:

- Identificar e localizar as distintas paisaxes das zonas climáticas da Terra, de Europa e de España.
- Describir as características do clima, a vexetación e o poboamento das distintas paisaxes da Terra e de Europa.
- Comparar as características das distintas paisaxes de España: atlánticas, mediterráneas, insulares, de interior e de alta montaña.
- Analizar e comparar climogramas correspondentes ás diferentes zonas climáticas.
- Describir a vexetación de determinadas paisaxes a partir da observación, a análise de fotografías.
- Explicar as transformacións que experimentaron as paisaxes de España como consecuencia da acción humana.

### Contidos:

- Localización e descrición das características dos climas e dos distintos paisaxes da Terra. C3
- As paisaxes de Europa. C3
- A diversidade das paisaxes de España: atlántica, mediterránea, España interior, alta montaña e Illas Canarias. C3
- Localización xeográfica das paisaxes da Terra, de Europa e de España. C3
- Análise, interpretación e comparación de climogramas de distintas paisaxes. C4 e C6
- Enumeración dos factores que determinan a variabilidade climática da Terra. C3
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as paisaxes da Península Ibérica. C7
- Comparación de formacións vexetais a partir da observación de fotografías. C4
- Realización dun traballo de investigación sobre unha paisaxe da Terra. C7
- Lectura e comentario dun texto sobre os incendios forestais en España. C1 e C5
- Análise dun mapa das chuvias caídas en España. C4
- Utilización do vocabulario específico dos climas e paisaxes da Terra. C1
- Valoración da riqueza e a beleza das paisaxes naturais. C8
- Concienciación dos efectos dalgunhas actividades humanas sobre a paisaxe. C8 e C5

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se recoñecen as características das paisaxes da Terra a partir da interpretación de climogramas.
- Confirmar que saben explicar como inflúen os factores climático nas paisaxes da Península Ibérica.
- Observar se recoñecen as especies vexetais das paisaxes de Europa e de España.
- Comprobar que identifican algunhas das actividades económicas que se practican nas distintas paisaxes de España.
- Ver se saben explicar como o ser humano transformou a paisaxe de alta montaña.
- Asegurarse de que coñecen a localización xeográfica, as características climáticas e o tipo de poboamento das paisaxes de España.

### **Unidade 3.- Organización económica das sociedades.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Autonomía e iniciativa persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer os procesos necesarios para o funcionamento da actividade económica.
- Identificar os factores que interveñen na produción de bens ou servizos.
- Recoñecer os principios básicos da economía de mercado e valorar a importancia que ten a publicidade na relación entre oferta e demanda.
- Coñecer os distintos axentes económicos que interveñen no funcionamento da economía: as economías domésticas, as empresas e o Estado.
- Explicar as principais características do mercado de traballo na actualidade.
- Saber quen forma parte da poboación dun país e reflexionar sobre as causas e as consecuencias do paro.
- Coñecer os cambios que experimentou o mercado de traballo pola globalización da economía.

#### **Contidos:**

- Funcionamento da actividade económica. C3
- Os factores de produción. Os recursos naturais, o traballo e o capital.C3
- A economía de mercado. A oferta e a demanda. A publicidade.C3
- Os axentes económicos. As economías domésticas, as empresas e o Estado. C3
- Mercado laboral. Poboación activa, sindicatos e organizacións empresariais. C3
- Novo sistema económico e os cambios no traballo. C3
- Descrición e clasificación dos distintos tipos de actividades económicas. C3
- Identificación dos principais servizos e bens de consumo.C3
- Valoración das consecuencias da sobreexplotación dos recursos naturais. C5
- Análise de datos cuantitativos sobre os gastos das familias españolas. C4
- Interpretación dun esquema sobre as distintas modalidades de impostos. C7
- Análise da evolución da taxa de paro en España desde finais dos noventa. C4
- Valoración do impacto da globalización nas actividades económicas. C7 e C8
- Valoración da importancia da publicidade na economía de mercado e realización dun traballo de investigación sobre o investimento publicitario en España. C7 e C8
- Identificación e localización das empresas máis importantes de Europa. C3
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a actividade económica.C7 e C8

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Pescudar se identifican e saben clasificar as actividades económicas.
- Confirmar que recoñecen os factores necesarios para producir bens e servizos.
- Comprobar que coñecen os principios básicos da economía de mercado e da influencia da publicidade.
- Verificar que saben explicar as características dos distintos axentes económicos e coñecen os sistemas de protección social dos traballadores.
- Asegurarse de que coñecen as características do mercado laboral e valor o papel dos sindicatos.
- Valorar se saben identificar os cambios que se produciron no mercado do traballo como consecuencia da globalización da economía.

## Unidade 4.- A agricultura, a gandería e a pesca.

### Competencias básicas:

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

### Obxectivos didácticos:

- Recoñecer as actividades que forman parte do sector primario e os elementos que caracterizan as paisaxes agrarias.
- Entender o que é a agricultura de subsistencia, súas técnicas de cultivo e localizar onde pervive.
- Coñecer as características e a distribución xeográfica da agricultura de mercado.
- Comparar as características da gandería intensiva e a gandería extensiva; e recoñecer os distintos tipos de gandería que se practican no mundo.
- Establecer as diferenzas entre a pesca tradicional e a pesca industrial; e explicar a tecnoloxía que se utiliza en cada caso.
- Localizar as principais zonas pesqueiras do mundo e reflexionar sobre os problemas do sector.

### Contidos:

- Sector primario. As actividades agrarias e as paisaxes agrarias. C3
- A agricultura de subsistencia e a agricultura de mercado. C3
- A gandería. A gandería tradicional e a gandería de mercado. C3
- A pesca: pesca tradicional e industrial. Principais zonas pesqueiras. Os problemas da pesca. C3
- Análise de gráficas e mapas sobre a poboación activa no sector primario. C4
- Descrición das características dos distintos sistemas de cultivo. C3 e C1
- Clasificación de paisaxes agrarias a partir da observación de fotografías. C4
- Identificación e localización dos principais tipos de agricultura de subsistencia e de mercado. C3
- Comparación dos distintos tipos de agricultura de mercado. C3 e C7
- Análise dun mapa sobre a distribución da gandería no mundo. C4
- Comparación das características da gandería intensiva e a extensiva. C7
- Busca de información sobre a pesca de altura e a pesca de baixura. C7 e C8
- Participación en debates sobre temas como a sobrepesca e produtos transxénicos. C8
- Localización das principais zonas pesqueiras do mundo. C3
- Ler e comparar entre si dúas entrevistas sobre a agricultura no mundo. C7
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a agricultura de subsistencia. C7
- Elaborar un vocabulario básico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Comprobar que recoñecen os sistemas de cultivo que se practican no mundo.
- Verificar que coñecen a distribución xeográfica da agricultura de subsistencia e Confirmar que coñecen os distintos tipos de agricultura de subsistencia.
- Asegurarse de que saben explicar cales son os obxectivos da agricultura de mercado e os medios cos que conta para conseguilos.
- Comprobar que recoñecen e saben localizar no mapa os distintos tipos de gandería que se practican no mundo.
- Observar se saben comparar entre si a pesca tradicional e a pesca industrial e coñecen os principais caladoiros do mundo.
- Ver se saben explicar en que consiste a explotación sostible dos recursos mariños.

## Unidade 5.- A industria e a enerxía.

### Competencias básicas:

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.

### Obxectivos didácticos:

- Recoñecer as actividades produtivas que forman parte do sector secundario.
- Clasificar as materias primas naturais segundo a súa orixe e coñecer os países produtores.
- Recoñecer as vantaxes e os inconvenientes das distintas fontes de enerxía.
- Describir as características da produción artesanal e analizar os cambios que se producen no sector secundario cos inicios da industrialización.
- Recoñecer os elementos que interveñen no proceso industrial e explicar como se produce a división técnica e social do traballo.
- Identificar os factores que determinaron a localización industrial e localizar as rexións industriais.

### Contidos:

- As materias primas naturais e a minería. C3
- As fontes de enerxía tradicionais e as fontes de enerxía alternativas. C3
- Localización das fontes de enerxía tradicionais. C3
- A industria. Da produción artesanal á industria actual. C3
- Clasificación das industrias. A empresa industrial. C3
- O proceso e o traballo industrial. A división técnica e social do traballo. C3
- A localización da industria no mundo. C3
- Clasificación das materias primas segundo a súa orixe. C3
- Localización dos países produtores de recursos minerais, petróleo e gas. C3
- Valoración das vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de enerxía. C8
- Interpretación dunha gráfica sobre a produción de electricidade no mundo. C4
- Clasificación das fontes de enerxía segundo a súa importancia económica. C3
- Comparación do traballo artesanal e o traballo industrial. C7
- Enumeración dos elementos que interveñen no proceso industrial. C3
- Análise dun esquema sobre os factores de localización industrial. C4 e C7
- Elaboración dun mapa conceptual sobre o traballo industrial. C7
- Lectura e interpretación dun artigo xornalístico sobre a deslocalización. C8
- Elaborar un vocabulario básico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Comprobar que coñecen as distintas actividades produtivas que forman parte do sector secundario e as distintas materias primas que se utilizan.
- Ver se saben clasificar as fontes de enerxía e localizan no mapa os países produtores.
- Confirmar que coñecen as características da produción artesanal e analizan os cambios que se producen neste sector cos inicios da industrialización.
- Observar se clasifican adecuadamente unha serie de industrias segundo o destino dos produtos.
- Ver se saben identificar os distintos elementos que interveñen no proceso industrial e analizan os aspectos relacionados coa división técnica e social do traballo.
- Verificar que coñecen os factores que determinan a localización da industria.

## **Unidade 6.- Os servizos, o desenvolvemento do turismo.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer e clasificar as diversas actividades económicas que forman parte do sector terciario.
- Relacionar a saúde da poboación e a cantidade e a calidade dos servizos sanitarios co nivel de renda.
- Coñecer as campañas de prevención que desenvolve actualmente a OMS.
- Analizar as causas do desenvolvemento do turismo e comentar os distintos tipos de desprazamentos turísticos que teñen lugar na actualidade.
- Localizar os principais focos do turismo internacional e relacionar os fluxos turísticos actuais co nivel económico dos países emisores e receptores.
- Valorar a importancia económica do turismo e os seus efectos nos países receptores.
- Analizar e interpretar a información de gráficas, fotografías, mapas e textos.

### **Contidos:**

- As actividades terciarias e os cambios sociais recentes. A diversidade do sector servizos. C3
- A sanidade como servizo. A Organización Mundial da Saúde. C3
- Turismo. Os desprazamentos turísticos. Os efectos do turismo. C3
- Definición dalgúns conceptos clave relacionados co sector terciario. C1
- Comparación da importancia do sector terciario nos distintos países. C4
- Comparación dos indicadores económicos e sociais de distintos países. C4
- Explicación das causas que deron lugar ao aumento da poboación no século XX. C3
- Busca de información sobre as campañas de prevención da OMS. C4
- Comparación dos servizos sanitarios dos países pobres e dos países ricos. C7
- Localización dos principais focos do turismo internacional. C3
- Valoración das consecuencias positivas e negativas do turismo. C8
- Comparación do gasto público en educación en distintos países. C4
- Análise de gráficos sectoriais sobre a evolución do turismo ao longo do século XX. C7
- Valoración crítica da información dos catálogos publicitarios. C8
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as actividades terciarias. C7
- Valoración da importancia do sector terciario na economía mundial. C8

### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que coñecen as actividades económicas que constitúen o sector terciario e son conscientes da expansión que sufriu este sector na actual economía globalizada.
- Ver se recoñecen a importancia da Sanidade como servizo social básico.
- Pescudar se coñecen os principais problemas sanitarios dos países pobres e valoran a función que desempeña a Organización Mundial da Saúde.
- Confirmar que saben analizar as causas do desenvolvemento do turismo, que localizan os principais focos do turismo internacional e que emiten unha opinión argumentada sobre as consecuencias positivas e negativas do turismo.
- Verificar que utilizan o vocabulario específico deste tema e que participan en discusións e debates.



## **Unidade 7.- O comercio e o transporte.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

### **Obxectivos didácticos:**

- Recoñecer os elementos necesarios para que poidan levarse a cabo as actividades comerciais e establecer as diferenzas entre comercio interior e comercio exterior.
- Explicar en que consiste a balanza comercial e a balanza de pagamentos dun país.
- Identificar os grandes bloques comerciais e explicar as relacións comerciais entre os distintos países.
- Recoñecer as funcións dos medios de transporte na actualidade e analizar a revolución que experimentaron nos últimos cincuenta anos.
- Describir as características dos distintos tipos de transporte e analizar as vantaxes e inconvenientes de cada un deles.
- Localizar no mapa os aeroportos e os portos máis importantes do mundo.

### **Contidos:**

- A actividade comercial. C3
- Comercio internacional na actualidade. Os fluxos e os bloques comerciais. C3
- A función dos transportes. C3
- As redes e os transportes terrestres. Os transportes aéreo e marítimo. C3
- Comparación das características do comercio interior e o comercio exterior. C7
- Diferenciación da balanza comercial e a balanza de pagamentos dun país. C7
- Interpretación dun mapa sobre os intercambios comerciais no mundo. C4
- Localización dos principais bloques comerciais que existen no mundo. C3
- Definición de conceptos clave como fluxo de información e fluxo de capitais. C1
- Localización das rexións que dirixen o comercio internacional de capitais. C3
- Descrición dos distintos tipos de redes de transporte. C1 e C3
- Observación e interpretación de mapas sobre o transporte aéreo e marítimo. C4
- Análise das vantaxes e inconvenientes dos distintos medios de transporte. C7
- Localización dos portos e aeroportos máis importantes do mundo. C3
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as actividades terciarias. C7
- Análise da distribución mundial das novas tecnoloxías da información. C4 e C5
- Valoración da importancia do comercio na economía mundial. C8

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen os elementos que interveñen nas actividades comerciais.
- Observar se saben explicar as características do comercio interior e do comercio exterior, así como as diferenzas entre a balanza comercial e a balanza de pagamentos.
- Comprobar que coñecen os grandes bloques comerciais do mundo.
- Verificar que saben explicar os distintos tipos de fluxos comerciais que se dan a escala planetaria.
- Confirmar que coñecen os principais cambios que experimentaron os transportes na actualidade.
- Asegurarse de que coñecen as vantaxes e os inconvenientes dos distintos medios de transporte.

## Unidade 8.- A economía española.

### Competencias básicas:

- Competencias no coñecemento e interacción co medio físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

### Obxectivos didácticos:

- Recoñecer os cultivos e as paisaxes agrarias de España e valorar os cambios que tiveron lugar no sector primario tras a incorporación á Unión Europea.
- Identificar as principais zonas pesqueiras de España e reflexionar sobre os problemas do sector.
- Enumerar os recursos enerxéticos que se consomen no noso país e localizar no mapa as fontes de enerxía e os depósitos minerais máis importantes.
- Coñecer a estrutura industrial española, identificar os principais sectores produtivos e valorar o papel que ocupa a industria española na rede industrial da UE.
- Explicar as características das infraestruturas turísticas españolas e localizar no mapa as principais rexións turísticas do noso país.
- Recoñecer as principais características das nosas infraestruturas e os medios de transporte.

### Contidos:

- A agricultura, a gandería e a pesca en España. As paisaxes agrarias. C3
- A minaría e a produción de enerxía en España. C3
- As actividades industriais en España. C3
- Turismo, o comercio, os transportes e as comunicacións en España. C3
- Localización xeográfica dos principais cultivos e zonas gandeiras de España. C3
- Análise dun gráfico sobre a evolución da cabana gandeira española. C4 e C5
- Busca de información en internet sobre a agricultura e o turismo en España. C4
- Localización no mapa dos caladoiros, os depósitos minerais e rexións industriais. C3
- Cálculo das distintas fontes de enerxías que se consomen en España. C 2
- Descrición da estrutura da rede de estradas e ferrocarrís en España. C5
- Localización no mapa de España dos portos, aeroportos e tramos do AVE. C3 e C4
- Análise dun gráfico sobre a evolución do comercio exterior español. C4
- Elaboración dun mapa conceptual sobre os sectores económicos en España. C7
- Valoración da importancia dos servizos en España. C5 e C8
- Elaborar un vocabulario básico do tema. C1

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se recoñecen os cambios que experimentou o sector agrícola e gandeiro español coa incorporación do noso país á Unión Europea.
- Valorar se coñecen os problemas que atravesamos o sector pesqueiro na actualidade.
- Comprobar que coñecen os recursos enerxéticos que se consumen no noso país.
- Observar se recoñecen os principais sectores industriais españois.
- Verificar que coñecen a evolución histórica do comercio en España e recoñecen os cambios experimentados tras a incorporación do noso país á UE.
- Confirmar que saben explicar as características das infraestruturas e os medios de transporte de España.
- Asegurarse de que son conscientes da importancia do turismo na economía española e saben localizar os principais equipamentos turísticos no mapa.

## Unidade 9.- A economía galega.

### Competencias básicas:

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Competencia para aprender a aprender.
- Tratamento da información.

### Obxectivos didácticos:

- Coñecer as características do sector primario en Galicia e valorar a súa importancia dentro do conxunto da economía galega.
- Recoñecer os distintos tipos de pesca e marisco que se practican en Galicia e valorar como repercute a actividade pesqueira na creación de postos de traballo.
- Localizar no territorio as principais industrias galegas e coñecer a recente expansión do sector téxtil desde os anos 80 do século XX ata a actualidade.
- Valorar a singularidade da oferta turística galega e localizar no mapa os principais lugares de interese paisaxístico, cultural e artístico.
- Comprender as características do comercio interior e exterior en Galicia.
- Recoñecer as características da rede de transportes e comunicacións de Galicia.

### Contidos:

- Sector primario galego. A agricultura e a gandería. C3
- A pesca e o marisqueo en Galicia. C3
- Os recursos enerxéticos, a minaría e a industria en Galicia. C3
- Os servizos galegos. O turismo, o comercio e os transportes. C3
- Enumeración dos principais produtos agrícolas e tipos de gando de Galicia. C4
- Valoración do peso das actividades primarias no conxunto da economía galega. C7 e C8
- Comparación dos distintos tipos de pesca que se practican en Galicia. C7
- Localización dos portos galegos que concentran unha maior actividade pesqueira. C3
- Análise dunha gráfica sobre a evolución das capturas pesqueiras. C4
- Comentario dun texto sobre a evolución do sector conserveira galego. C4
- Localización no territorio das principais industrias galegas. C3
- Comentario dunha gráfica de barras sobre os sectores industriais en Galicia. C4
- Análise da distribución da poboación activa ocupada no sector servizos. C4 e C7
- Localización no mapa dos lugares de interese turístico de Galicia. C3
- Descrición da rede de transportes e localización dos portos e aeroportos. C1 e C3
- Elaboración dun mapa conceptual sobre as actividades económicas en Galicia. C7
- Análise dun gráfico sobre a evolución da riqueza en Galicia. C4 e C7
- Valoración da importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento. C8

### Criterios de avaliación:

- Comprobar que coñecen as características do sector primario e o seu peso na economía galega.
- Ver se recoñecen os distintos tipos de pesca que se practican en Galicia e coñecen as medidas que puxo en práctica a Xunta para profesionalizar o marisqueo.
- Pescudar se coñecen as principais industrias galegas e o seu desenvolvemento na actualidade.
- Observar se saben explicar as características da oferta turística galega e localizan no mapa os principais destinos e lugares de interese turístico.
- Comprobar que coñecen a configuración da rede de transportes de Galicia e que localizan no mapa os aeroportos e os portos máis importantes.

## **Unidade 10.- A organización política das sociedades.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### **Obxectivos didácticos:**

- Recoñecer as principais competencias e as funcións do Estado.
- Comparar e diferenciar as características dos Estados democráticos e os non democráticos.
- Localizar os distintos tipos de Estados nun mapa político do mundo.
- Comprender o papel que desempeña actualmente o Estado e as relacións que mantén con outras organizacións supranacionais.
- Valor a importancia dos tratados e convenios internacionais; e recoñecer a estrutura e as funcións da Organización de Nacións Unidas.
- Comprender o papel social que desempeñan as ONG como grupos de presión sobre gobernos e empresas.
- Recoñecer os principais ámbitos culturais do mundo.

### **Contidos:**

- Estado e a organización política da sociedade. C3
- A democracia. Elementos dos Estados democráticos. C3
- Estados democráticos e Estados non democráticos. C3
- Mapa político do mundo: estados e capitais de Europa, América, Así, África e Australia e Oceanía C3
- Estado: entre a globalización e a rexionalización. C3
- Tratados, declaracións e organizacións internacionais. ONU. C3
- As organizacións non gobernamentais. C3
- Os ámbitos culturais do mundo. C3
- Comparación das características de diferentes tipos de Estados. C7
- Identificación nun esquema e a través de textos das funcións dos principais órganos da ONU. C4
- Debate sobre a algúns artigos da Declaración Universal dos dereitos humanos. C5 e C8
- Busca de información sobre as actividades do Foro Social Mundial. C4
- Localización no mapa os grandes ámbitos políticos e culturais do mundo. C3
- Reflexión sobre o papel que desempeñan as ONG na denuncia e a proposta de iniciativas para solucionar algúns problemas sociais. C5 e C8

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se recoñecen as principais competencias e funcións do Estado e establecen así mesmo as diferenzas entre Estados democráticos e non democráticos.
- Valorar se saben comparar as funcións que desempeñaban os Estados no pasado e as que desempeñan na actualidade.
- Comprobar que coñecen e saben situar no tempo algúns dos tratados e convenios internacionais máis importantes.
- Confirmar que saben explicar a estrutura organizativa e as funcións da ONU.
- Asegurarse de que coñecen a misión e as liñas de actuación dalgunhas ONG.
- Observar se coñecen e saben explicar as principais características dos grandes ámbitos culturais do mundo.

## **Unidade 11.- A Unión Europea.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Tratamento da Información.

### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer as distintas fases no proceso de construción da UE.
- Identificar os países que forman parte da UE e os países candidatos.
- Coñecer as distintas institucións da UE, a súa composición, funcións e capacidade de decisión.
- Explicar as bases da política económica rexional creada pola Unión Europea para corrixir os desequilibrios dentro dos países membros.
- Comprender as bases do desenvolvemento económico da Unión Europea.
- Valorar as consecuencias da incorporación de España á UE.

### **Contidos:**

- Proceso de creación da Unión Europea.C5
- Os obxectivos e a política da Unión Europea. C5
- As institucións da Unión Europea. C5
- A política agraria e pesqueira da Unión Europea.C5
- Os grandes eixes industriais da Unión Europea.C3
- Desenvolvemento económico na Unión Europea: servizos, comercio e transportes. C5
- España na Unión Europea. C5
- Localización no tempo das distintas fases do proceso de creación da UE.C5
- Enumeración dos obxectivos da política rexional da UE. C5
- Explicación da composición e a función das institucións da UE. C4 e C5
- Comentario e valoración da política agraria e a política pesqueira da UE. C7 e C8
- Localización dos grandes eixes industriais e os portos máis importantes da UE. C3
- Descrición da rede de transportes da Unión Europea.C3 e C5
- Análise das consecuencias da adhesión de España á Unión Europea.C5
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a Unión Europea. C7
- Comentario dos obxectivos do Tratado de Roma.C8
- Investigación do impacto da introdución do euro nos países da UE.C4
- Comentario das preocupacións e esixencias dos cidadáns europeos.C5

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen as distintas fases no proceso de construción da Unión Europea así como os seus principais obxectivos económicos, políticos e sociais.
- Comprobar que saben identificar os países que forman parte da UE.
- Ver se coñecen as distintas institucións que forman parte da Unión Europea.
- Observar se explican as bases da política rexional da UE para corrixiren os desequilibrios dos países membros.
- Confirmar que saben localizar os grandes eixes industriais da UE e que recoñecen os cambios que experimentou este sector.
- Valorar se coñecen as consecuencias da incorporación de España á UE.

## **Unidade 12.- A organización política e territorial de España.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información.
- Competencia para aprender a aprender.

### **Obxectivos didácticos:**

- Comprender os principios organizativos dunha monarquía parlamentaria.
- Identificar as funcións das institucións que gobernan no Estado español.
- Coñecer a organización territorial do Estado das Autonomías.
- Recoñecer os aspectos máis importantes do Estatuto de Autonomía de Galicia así como as funcións e as competencias das súas institucións de autogoberno.
- Explicar a organización política e territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Reflexionar sobre as transformacións nas formas de traballo e de vida que experimentou a sociedade española e galega nas últimas décadas.
- Realizar actividades en grupo e participar nos debates cunha actitude construtiva.

### **Contidos:**

- España, unha monarquía parlamentaria. C5
- A organización territorial de España. O Estado das Autonomías. C5
- A Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma de Galicia. C5
- A organización territorial de Galicia. Espazos rurais e espazos urbanos. C5
- As transformacións da sociedade española e galega. C5
- Elaboración dun cadro-resumo sobre a monarquía parlamentaria. C4
- Interpretación dun esquema sobre a división de poderes. C7
- Procura de información en internet sobre o Parlamento español. C4
- Definición de conceptos relacionados co sistema de goberno español. C1
- Explicación das funcións das institucións que gobernan no Estado español. C5
- Recoñecemento dos partidos políticos da Comunidade Autónoma de Galicia. C5
- Explicación das funcións das institucións de autogoberno de Galicia. C5
- Lectura dalgúns artigos do Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia. C4
- Comparación das características dos espazos rurais e urbanos de Galicia. C7
- Comparación do índice de benestar social das distintas comunidades de España. C4
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a organización de España e de Galicia. C7

### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben o que é unha monarquía parlamentaria e coñecen as funcións e a composición das distintas institucións do Estado español.
- Pescudar se coñecen as funcións que desempeñan os partidos políticos e recoñecen os partidos máis importantes da Comunidade de Galicia.
- Confirmar que recoñecen os diferentes modelos de organización territorial do poder do Estado e saben identificar o modelo que impera en España.
- Pescudar se coñecen os aspectos máis importantes do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como as funcións e as competencias das súas institucións de autogoberno.
- Comprobar que saben explicar a organización territorial da Comunidade de Galicia.
- Observar se son conscientes dos cambios nas formas de traballo e de vida que experimentou a sociedade española e galega nas últimas décadas.

## Unidade 13.- A globalización: cara a un sistema mundial.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información.
- Competencia para aprender a aprender.

### Obxectivos didácticos:

- Coñecer as grandes rexións que controlan a economía mundial e analizar as causas da globalización económica.
- Valorar as vantaxes e as desvantaxes da globalización.
- Entender o desenvolvemento tecnolóxico e o papel das telecomunicacións no acceso á información.
- Saber interpretar os indicadores de desenvolvemento humano e reflexionar sobre os distintos niveis de riqueza entre países como consecuencia da globalización.
- Analizar as consecuencias do desigual acceso á riqueza no mundo: fame, falta de escolarización, aumento das diferenzas sociais, etc.
- Reflexionar sobre as perspectivas de futuro da sociedade globalizada.

### Contidos:

- Un sistema mundial. A globalización. A globalización na maneira de vivir. C5
- A tecnoloxía, a comunicación e a globalización. C5
- Globalización e desigualdade. O desigual acceso á riqueza do mundo e as súas consecuencias. 5
- As causas da desigualdade nun mundo globalizado. C5
- Análise das vantaxes e os inconvenientes da globalización. C7
- Enumeración das principais potencias económicas e militares do mundo. C5
- Interpretación dun mapa sobre o PIB real por habitante no mundo. C4
- Observación e interpretación dunha gráfica sobre a pobreza no mundo. C4
- Comparación do nivel de inversión en I+D de distintos países. C7
- Valoración dos cambios relacionados co desenvolvemento das novas tecnoloxías. C7 e C8
- Comentario dos índices de mortalidade infantil e de escolarización en África. C4
- Comparación do consumo de diario de calorías en diferentes zonas do planeta. C7
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a globalización. C7
- Comparación dos indicadores socioeconómicos de varios países. C4
- Identificación das causas que orixinan a fame no continente africano. C5
- Análise da relación entre a globalización e as formas de vida e de traballo. C5 e C7
- Toma de conciencia das desigualdades económicas que teñen lugar no mundo e da necesidade de adoptar medidas para erradicar a fame e a pobreza. C5 e C8

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se recoñecen as vantaxes e os inconvenientes da globalización.
- Comprobar que valoran o papel que desempeñan as novas tecnoloxías na actual sociedade da información e a comunicación.
- Confirmar que saben definir os indicadores de desenvolvemento humano e son conscientes do desigual nivel de riqueza entre países como consecuencia da globalización.
- Verificar que recoñecen as causas e as consecuencias do desigual acceso á riqueza no mundo.
- Observar se saben argumentar as súas propostas para reducir a pobreza no mundo.
- Valorar se reflexionan de forma crítica sobre os retos derivados dunha sociedade globalizada.

## Unidade 14.- A organización do espazo.

### Competencias básicas:

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información.

### Obxectivos didácticos:

- Coñecer as transformacións que experimentou o espazo urbano no marco da economía globalizada.
- Comprender o papel que desempeñan as redes urbanas como eixe vertebrador do territorio.
- Recoñecer as desigualdades territoriais e sociais que teñen lugar dentro das cidades como consecuencia da globalización.
- Saber en que consiste a cidade difusa e explicar os seus principais usos e funcións.
- Coñecer a redistribución dos espazos que tivo lugar nas áreas metropolitanas.
- Identificar os principais retos ecolóxicos das cidades e concienciarse da necesidade de contribuír activamente á protección ambiental.

### Contidos:

- A globalización e o espazo urbano. C5 e C3
- Desigualdades territoriais e sociais. C5 e C3
- A cidade difusa. C3 e C5
- Os novos espazos das áreas metropolitanas.C3
- Os problemas ambientais das cidades.C3
- Comparación das desigualdades sociais entre distintos espazos da cidade. C7
- Análise dunha táboa sobre a evolución do prezo da vivenda en España. C4
- Identificación dos elementos propios da cidade difusa en varias fotografías e sobre un mapa. C4
- Enumeración e localización dos novos espazos das áreas metropolitanas. C4
- Participación nun debate sobre os problemas ecolóxicos das cidades. C8
- Valoración das consecuencias que produce o crecemento das cidades no seu entorno natural. C5
- Elaboración dun mapa conceptual sobre o espazo urbano.C7
- Comparación de fotografías de distintos barrios dunha mesma cidade.C4
- Análise e interpretación dunha gráfica sobre o crecemento da poboación urbana. C4 e C5
- Realización de cálculos matemáticos para analizar a distribución da poboación nas capitais de provincia. C2
- Comentario dun mapa sobre as redes urbanas entre cidades españolas. C4
- Valoración das causas e as consecuencias da especulación inmobiliaria. C5

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen os cambios que se produciron na actual organización do territorio como consecuencia da globalización.
- Comprobar que describen correctamente os distintos tipos de relacións que configuran o sistema de redes urbanas.
- Observar se coñecen as principais desigualdades territoriais e socioeconómicas que teñen lugar dentro das cidades.
- Ver se saben explicar cales son os usos e as funcións da cidade difusa.
- Confirmar que coñecen os novos espazos das áreas metropolitanas.
- Valorar se son conscientes dos problemas ambientais das cidades e saben propor e argumentar medidas que contribúan á protección ambiental.



## Unidade 15.- Os fenómenos migratorios.

### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### Obxectivos didácticos:

- Identificar os factores que interveñen na evolución da poboación.
- Analizar os factores económicos e as razóns históricas que explican o fenómeno migratorio no marco da globalización económica.
- Localizar no mapa os principais movementos migratorios actuais.
- Comprender as consecuencias económicas, sociais e culturais das migracións.
- Coñecer as migracións da poboación española e galega na historia recente, a partir da análise de gráficas e datos demográficos.
- Recoñecer as características da inmigración actual en España.
- Reflexionar sobre as consecuencias económicas e sociais da inmigración actual.

### Contidos:

- Definición dos conceptos básicos para a comprensión do tema. C1
- A pirámide de poboación. C4
- As migracións na actualidade e as rutas das migracións. C5
- Os efectos económicos e sociais das migracións. C5
- As migracións en España e en Galicia. C5
- A inmigración actual en España e as súas consecuencias. C5
- Análise das causas que explican a repartición desigual da poboación mundial. C5
- Observación, análise e interpretación de pirámides de idade, gráficas e series estatísticas. C4
- Localización dos principais focos emisores e receptores de poboación inmigrante. C3
- Comparación do número de inmigrantes que reciben distintos países. C4
- Enumeración dos factores de expulsión e atracción que motiva a emigración. C5
- Descrición das rutas das migracións actuais. C3 e C5
- Contextualización do fenómeno migratorio no marco da globalización. C7
- Comparación das migracións da poboación española ao longo da historia. C7
- Análise das causas e as consecuencias da inmigración en España e Galicia. C5
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a poboación no mundo. C7
- Reflexión sobre as condicións nas que se producen algunhas migracións. C7

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen os factores que interveñen na evolución da poboación.
- Observar se saben explicar a evolución dos movementos migratorios ao longo da historia.
- Comprobar que recoñecen as consecuencias económicas, sociais e culturais das migracións na actual sociedade globalizada.
- Confirmar que coñecen as migracións da poboación española e galega na historia recente e que analizan gráficas e datos demográficos correctamente.
- Observar se recoñecen a procedencia da poboación inmigrante en España.
- Valorar se saben explicar e argumentar de forma convincente as consecuencias económicas, sociais e culturais da inmigración actual en España.

## **Unidade 16.- Natureza e sociedade: harmonías, crises e impactos.**

### **Competencias básicas:**

- Competencia no coñecemento e na interacción co medio físico.
- Competencia social e cidadá.
- Autonomía e iniciativa persoal.

### **Obxectivos didácticos:**

- Saber como evolucionou a relación entre sociedade e natureza ao longo do tempo e analizar os factores que explican o desenvolvemento da conciencia ecolóxica.
- Coñecer a distribución desigual dos recursos naturais no mundo e o papel que desempeñan as empresas multinacionais na súa explotación.
- Concienciarse da limitación dos recursos naturais e propiciar o seu uso responsable.
- Recoñecer os axentes responsables da sobreexplotación da auga; e reflexionar sobre o consumo desigual de auga entre países ricos e países pobres.
- Explicar os fenómenos responsables da contaminación do medio natural e a deforestación.
- Explicar as principais accións levadas a cabo en política ambiental e recoñecer a necesidade de introducir novas medidas para alcanzar un desenvolvemento sostible.

### **Contidos:**

- As relacións entre natureza e sociedade. C3
- Goce desigual dos recursos do planeta. C5
- Os impactos ambientais sobre a auga: sobreexplotación e contaminación. C3 e C5
- Os impactos ambientais sobre o aire e a vexetación: contaminación atmosférica e deforestación. 3
- A xestión dos residuos e o desenvolvemento sostible. C5
- Observación e descrición de mapas, gráficas, bosquexo, debuxos e fotografías. C4
- Procura de información sobre os conflitos entre países polo control da auga. C4
- Análise das vantaxes e inconvenientes dos recursos renovables e non renovables. C5
- Busca de estratexias para facer fronte á contaminación da auga. C5 e C8
- Explicación dos fenómenos de "efecto invernadoiro" e "chuvia ácida". C5
- Análise das causas da contaminación atmosférica e a deforestación. C5
- Interese por participar activamente na recolla selectiva de residuos. C8
- Investigación sobre a política ambiental a escala internacional. C8
- Elaboración dun mapa conceptual sobre os impactos ambientais. C7
- Valoración das posibles repercusións futuras do cambio climático. C7

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen as relacións que os grupos humanos manteñen coa natureza.
- Comprobar que saben explicar as razóns polas cales o consumo de recursos naturais dos países desenvolvidos é insostible.
- Verificar que saben distinguir os recursos renovables dos non renovables.
- Constatar que recoñecen as causas do goce desigual dos recursos do planeta.
- Asegurarse de que identifican os axentes responsables da contaminación da auga e coñecen as causas e as consecuencias da deforestación.
- Comprobar que saben explicar as medidas que podemos realizar para xestionar os recursos de forma sostible.
- Pescudar se coñecen as causas e as posibles consecuencias do efecto invernadoiro a escala planetaria.

## 3º ESO

### TEMPORALIZACIÓN PREVISTA.

☐ 1ª avaluación: [36 sesiones] - Unidades 1 a 6

Unidade 1: 7 sesións

Unidade 2: 5 sesións

Unidade 3: 5 sesións

Unidade 4: 5 sesións

Unidade 5: 6 sesións

Unidade 6: 6 sesións

2 sesións dedicadas a exames.

☐ 2ª avaluación: [30 sesións -] - Unidades 7 a 11

Unidade 7: 5 sesións

Unidade 8: 5 sesións

Unidade 9: 5 sesións

Unidade 10: 5 sesións

Unidade 11: 6 sesións

2 sesións dedicadas a exames.

2 sesións dedicadas a actividades complementarias.

☐ 3ª avaluación: [33 sesións -] - Unidades 11 a 16

Unidade 12: 6 sesións

Unidade 13: 6 sesións

Unidade 14: 5 sesións

Unidade 15: 5 sesións

Unidade 16: 5 sesións

3 sesións dedicadas a exames.

2 sesións dedicadas a avaliación / actividades complementarias.

## 4.- 4º ESO

### HISTORIA

#### 1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

##### 1.1.- Competencia social e cidadá. C5

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Historia contemporánea.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Recoñecer e asumir os valores democráticos; aceptar e practicar normas sociais acordes con eles.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

##### 1.2.- Coñecemento e a interacción co mundo físico. C3

- Identificar e localizar os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Historia contemporánea.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

##### 1.3.- Competencia cultural e artística. C6

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte contemporánea e os cambios que os motivaron.
- Analizar obras de arte de distintas épocas; cultivar o sentido estético e a capacidade de se emocionar.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

##### 1.4.- Tratamento da información e competencia dixital. C4

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

##### 1.5.- Competencia en comunicación lingüística. C1

- Utilizar axeitadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

##### 1.6.- Competencia matemática. C2

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para analizar e interpretar fenómenos de carácter social.

### **1.7.- Competencia para aprender a aprender. C7**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

### **1.8.- Autonomía e iniciativa persoal. C8**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## **2.- OBXECTIVOS.**

- Coñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadáns , preparándose para o exercicio dos primeiros e para o cumprimento dos segundos. C5.
- Aprender a respectar os principios fundamentais das sociedades democráticas, a valorar criticamente as diferenzas entre individuos ou colectivos e rexeitar os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseado en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social. C5, C7
- Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e desenvolvemento intelectual do alumnado. C7,C8
- Aprender a seleccionar, manexar e interpretar información de xeito organizada e intelixible a partir de documentos e fontes diversas. C4, C1, C2, C7.
- Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes áreas de coñecemento mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses. C8
- Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia en diferentes eidos do saber, así como a súa incidencia no medio físico, social e cultural. C5, C3.
- Reforzar a autoestima do alumno axudando a formar unha imaxe positiva pero realista da propia personalidade. Axudar a conseguir a autonomía persoal na aprendizaxe e a valorar de forma positiva o esforzo e á superación das dificultades. C8, C7
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a análise de datos e a presentación de traballos e informes. C4
- Ampliar e perfeccionar o coñecemento do vocabulario histórico e artístico propio da materia para permitir a súa comprensión e contribuír a mellorar a expresión oral e escrita dos alumnos.C1.
- Aprender a analizar textos e diferentes tipos de documentos de contido histórico referidos a Idade Contemporánea coa finalidade de que os alumnos coñezan as fontes de investigación histórica e a partir da análise aprendan a relacionar os datos conseguidos cos contidos que aparecen no libro de texto. C7, C1, C5
- Interpretar adecuadamente eixes cronolóxicos e liñas do tempo. Utilizar de forma correcta as distintas formas de datar e medir o tempo histórico. C5, C2.

- Analizar, identificar e comparar mapas histórico para poder comprender a evolución política dos diferentes estados desde o século XIX á actualidade C3, C5, C4.
- Coñecer e respectar os mecanismos e valores que rexen a sociedade, as crenzas e valores da nosa tradición e do noso patrimonio cultural e desenvolver unha actitude favorable a coñecelos e comprendelos mellor. C6 e C5.
- Valorar a necesidade de coñecer, protexer e conservar o patrimonio artístico e cultural como manifestación da nosa memoria colectiva. C6, C8.
- Coñecer as particularidades do patrimonio histórico e artístico de España, Galicia e Europa e valorar a necesidade de participar de forma activa na súa protección e conservación para asegurar e o seu traspaso ás xeracións futuras. C6.
- Recoñecer e valorar positivamente a pluralidade lingüística e cultural de España e manifestar actitudes de tolerancia e respecto cara á culturas, costumes e tradicións distintas da propia. C1, C5, C6.

### **3.- PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

#### **4º ESO**

#### **Unidade 1.- O século XVIII: a crise do Antigo Réxime.**

##### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en comunicación lingüística.

##### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar ós principais pensadores da Ilustración e as súas propostas.
- Entender a formación e o desenvolvemento da Ilustración e o Despotismo Ilustrado.
- Coñecer a importancia histórica da limitación do poder real na Inglaterra do século XVII.
- Saber como se produciu a independencia das colonias americanas e valorar a importancia histórica da Constitución americana.
- Coñecer os feitos que desencadearon a Guerra de Sucesión ao trono español.
- Recoñecer os principais aspectos do Despotismo Ilustrado.
- Comprender o proceso de centralización do poder político da monarquía absoluta de Felipe V e analizar as consecuencias dos decretos de Nova Planta.
- Explicar a evolución demográfica e económica de Galicia no século XVIII.

##### **Contidos:**

- Características do Antigo Réxime. C5 e C1
- Análise do crecemento económico da Europa do século XVIII. O comercio colonial. C5
- Identificación da variedade de réximes políticos en Europa a partir dun mapa histórico.
- A sociedade estamental: os privilexiados e os non privilexiados. C5, C7
- Identificación dos pensadores ilustrados máis importante e síntese das principais ideas do seu pensamento. C5, C7
- Análise do contexto da quebra da monarquía absoluta no século XVIII: o despotismo ilustrado e o parlamentarismo inglés. C7, C5
- A revolución americana: a independencia das trece colonias e a constitución de EE.UU. C5.
- Explicación da guerra de Sucesión e o absolutismo borbónico do século XVIII. C5, C7
- Análise da poboación e a economía de Galicia no século XVIII. C5, C2

- O reformismo borbónico: Carlos III. C5, C7
- Recoñecemento das particularidades da ilustración galega. C5
- Uso do vocabulario específico dos sistemas políticos e a ideoloxía do século XVIII. C1

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se detallan correctamente as principais ideas do pensamento ilustrado.
- Ver se son quen de describir as características do Antigo Réxime.
- Verificar que explican as razóns que conduciron á Guerra de Sucesión.
- Confirmar que saben explicar a sociedade estamental e recoñecer os membros de cada grupo social.
- Asegurarse de que relacionan correctamente a definición política co estado ao que se refire.
- Ver se interpretan as ideas económicas dunha fonte primaria do réxime borbónico.
- Pescudar se saben describir as características da sociedade e a economía de Galicia no século XVIII.
- Constatar se identifica as ideas de Ilustración española e o programa reformista de Carlos III.

## **4º ESO**

### **Unidade 2.- Liberalismo e nacionalismo.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Coñecemento e a interacción co mundo físico.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer e describir as causas, etapas e os principais acontecementos da Revolución Francesa.
- Describir as causas e o proceso que levou dende a “revolución” ao Imperio napoleónico.
- Recoñecer a participación das mulleres na Revolución Francesa e adoptar unha actitude crítica cara á súa discriminación en relación coa ideoloxía.
- Analizar o contexto político e económico da Europa da Restauración; así como as diversas medidas levadas a cabo para restablecer o Antigo Réxime.
- Coñecer o contido ideolóxico e político do liberalismo e o nacionalismo.
- Diferenciar as características das distintas revolucións liberais.
- Entender os procesos de unificación política de Alemaña e Italia

#### **Contidos:**

- As causas da Revolución Francesa. C7 e C5
- O estalido da Revolución Francesa: convocatoria dos Estados Xerais, a Asemblea Nacional e a fin do Antigo Réxime. C2, C5, C7 e C4
- As etapas da Revolución Francesa: a monarquía constitucional (1789-1792), a república democrática (1792-1794) e a república burguesa (1794-1799). C2, C5, C7
- As mulleres e a Revolución Francesa. C4
- Lectura e interpretación de fontes primarias: Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, testemuños da participación das mulleres na Revolución Francesa etc. C4
- Explicación do Imperio napoleónico e as causas da súa caída. C5, C7 e C3
- Análise e interpretación do mapa de Europa de 1811: as conquistas napoleónicas. C3, C5
- Descrición e análise do novo mapa de Europa tras o Congreso de Viena. C3, C7
- Definición dos conceptos: liberalismo e nacionalismo. C1

- Comentario dos obxectivos de cada unha das revolucións liberais. C5 e C7
- Identificación nun mapa das zonas onde se orixinaron as revolucións liberais. C3
- Explicación e comparación das unificacións italiana e alemán. C5, C7
- Uso do vocabulario específico dos sistemas políticos e a ideoloxía do século XIX. C1

### **Crterios de avaliación:**

- Pescudar se son quen de ordenar cronoloxicamente os episodios do estalido da Revolución Francesa.
- Confirmar que identifican as etapas da Revolución Francesa e especifican as características de cada unha delas.
- Comprobar se son capaces de interpretar as ideas básicas do texto da Declaración de Dereitos.
- Ver se explican o desenvolvemento e o significado do Imperio napoleónico.
- Verificar que recoñecen os principais conceptos da Europa da Restauración.
- Asegurarse de que describen as principais características do liberalismo.
- Observar se definen os termos relativos ao nacionalismo e ao liberalismo.
- Ver se son capaces de explicar as revolucións liberais do século XIX.

## **4º ESO**

### **Unidade 3.- A industrialización das sociedades europeas.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Entender a industrialización como un proceso de transformacións económicas e sociais do século XIX europeo, onde Gran Bretaña foi o berce desta Revolución.
- Coñecer as mudanzas que experimentou o sector agrario como consecuencia das transformacións dos sistemas de cultivo e a estrutura de propiedade.
- Identificar os avances técnicos da Revolución Industrial e os sectores industriais pioneiros, e recoñecer as causas da conflitividade laboral do movemento obreiro.
- Entender a revolución dos transportes.
- Identificar as novas fontes de enerxía e os sectores industriais da Segunda Revolución Industrial.
- Coñecer o pensamento liberal, marxista, socialista e anarquista.

#### **Contidos:**

- Análise da evolución da poboación dos estados europeos e do mundo. C2, C5
- Enumeración dos avances agrícolas do século XVIII. C4
- Explicación das principais innovacións tecnolóxicas e as novas materias primas que conduciron á Revolución Industrial. C4, C7
- Análise das innovacións no sector dos transportes, con especial atención aos ferrocarrís e ao barco de vapor, así como as súas consecuencias comerciais. C5, C7 e C2
- Explicación dos principais conceptos do liberalismo económico. C1
- Importancia dos bancos e as sociedades anónimas na conformación do capitalismo. C5, C7
- Identificación das principais novidades nas fontes de enerxía, industrias e organización industrial que conduciron á segunda fase da industrialización. C7, C5
- Análise das condicións de vida das clases sociais xurdidas da industrialización. C5
- Exposición da evolución das primeiras asociacións obreiras. C5



- A cidade industrial: causas do crecemento e distribución urbanística. C1, C5
- Comparación dos postulados defendidos polas diferentes correntes do pensamento obreiro do século XIX: marxismo, anarquismo e internacionalismo. C5, C7
- Interpretación de textos e gravados co fin de chegar a conclusións sobre a ideoloxía, a organización industrial e as condicións laborais dos obreiros. C4
- Uso do vocabulario adecuado. C1

### **Criterios de avaliación:**

- Confirmar que explican os factores que propiciaron a Revolución Industrial.
- Pescudar se relacionan os avances do sector téxtil e metalúrxico cos seus inventores.
- Ver se identifican a nova organización do traballo.
- Verificar que explican a importancia dos transportes no desenvolvemento económico.
- Asegurarse de que recoñecen as características no funcionamento do capitalismo industrial.
- Observar se identifican as modalidades de organización obreira do século XIX.
- Ver se son quen de establecer as características do pensamento obreiro.
- Constatar que diferencian as fontes de enerxía, as industrias e os avances técnicos entre as dúas revolucións industriais.

## **4º ESO**

### **Unidade 4.- A España do século XIX: a construción dun réxime liberal.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Analizar a Guerra da Independencia e as Cortes de Cádiz como o inicio do liberalismo.
- Comprender as causas e as consecuencias da independencia das colonias.
- Coñecer os principais aspectos da revolución liberal.
- Recoñecer as peculiaridades do carlismo e o caciquismo en Galicia.
- Describir a configuración do réxime moderado (1843-1848).
- Entender o Sexenio Democrático como o primeiro intento democratizador.
- Analizar a restauración monárquica como a instauración dun réxime liberal conservador.
- Comprender a situación política e económica de España a finais do século XIX e analizar as causas e as consecuencias a través da crise do 98.
- Recoñecer as orixes do provincialismo e o rexionalismos galegos.

#### **Contidos:**

- Localización nun eixe cronolóxico dos principais feitos da España do século XIX .C2
- As Cortes de Cádiz. C5,C7
- O enfrontamento entre absolutismo e liberalismo. A quebra do absolutismo. C5,C7
- Galicia no século XIX. A Guerra da Independencia. C5,C7
- Análise das causas e a evolución da Guerra da Independencia. C5
- Análise dos grupos enfrontados nas guerras carlistas e causas da guerra. C5
- Carlismo galego e o caciquismo. C5
- A revolución liberal 1833-1843: as reformas progresistas e a rexencia de Espartero.C5
- A etapa isabelina: o liberalismo moderado. C5, C7, C4

- Sexenio Democrático: a revolución de 1868, Amádeo de Savoia e primeira República. C5
- Análise do sistema canovista e das causas da irrupción dos nacionalismos durante a Restauración. C5,C7
- Galicia ao longo do século XIX: carlismo, caciquismo e provincialismo. C4,C7

### **Criterios de avaliación:**

- Verificar que identifican os principios básicos da Constitución de 1812.
- Constatar que enumeran as medidas que conduciron á restauración do absolutismo e as causas da súa creba.
- Pescudar se saben localizar no tempo algúns dos acontecementos que tiveron lugar en Galicia ao longo do século XIX.
- Ver se son quen de explicar o proceso de independencia das colonias americanas.
- Valorar se saben definir os conceptos clave da revolución liberal e o liberalismo español.
- Observar se enumeran os problemas que afrontou a monarquía de Amadeo de Savoia e a Primeira República.
- Comprobar que explican a alternancia no poder do sistema canovista que conformou o sistema da Restauración.
- Confirmar que describen as correntes políticas e culturais do século XIX en Galicia.

## **4º ESO**

### **Unidade 5.- Industrialización e sociedade en España do século XIX.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer a evolución demográfica española e galega do século XIX.
- Identificar os conceptos básicos da reforma agraria liberal.
- Recoñecer as diferenzas respecto á propiedade da terra en España e en Galicia.
- Valorar os motivos da lentitude da industrialización española e galega.
- Coñecer o proceso de industrialización en España e entender as repercusións para a industria do desenvolvemento de novas fontes de enerxía: a electricidade e o petróleo.
- Analizar os cambios e as transformacións da sociedade española e galega no s. XIX.
- Contextualizar la aparición e actuación dos movementos obreiros en España.

#### **Contidos:**

- Localización nun eixe cronolóxico o proceso de industrialización na España do XIX. C2
- A poboación española no século XIX: crecemento e movementos migratorios. C5,C4
- Interpretación dun mapa da poboación en España a finais do século XIX. C4,C5
- Identificación dos problemas do campo español e características da reforma agraria liberal. C5,C7
- Recoñecemento dos cultivos da agricultura española durante o século XIX. C5
- Enumeración dos problemas da industrialización española. C5
- Análise dos comezos da industrialización: a siderurxia e a industria téxtil. C5, C7
- Análise do desenvolvemento da minaría e a construción do ferrocarril no século XIX. C5
- Descrición das novas enerxías e industrias de finais do século XIX. C1
- A economía e a sociedade na Galicia do século XIX. C5

- Estudo da sociedade española e da sociedade galega do século XIX. C5
- Análise de gráficas sobre a emigración galega a ultramar. C5, C4
- A vida cotiá na España do século XIX. C7,C4, C8
- Observación do desenvolvemento do movemento obreiro: anarquismo e socialismo. C5,C7

### **Crterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen a evolución da poboación española no século XIX e explicar as causas do crecemento demográfico.
- Comprobar que definen unha serie de conceptos básicos relacionados coa reforma agraria liberal.
- Ver se explican os obstáculos que frearon o ritmo de crecemento da industria española e galega no século XIX.
- Verificar que recoñecen as materias primas, as innovacións técnicas e os sectores industriais das principais etapas do proceso de industrialización de España.
- Observar se coñecen algunhas características da minaría e a industria española e galega no século XIX.
- Comprobar que identifican as clases sociais da España do século XIX.
- Comprobar que saben como era a vida cotiá das clases sociais da España e Galicia do século XIX.
- Pescudar se recoñecen as principais características das ideoloxías dos movementos anarquistas e socialistas.

## **4º ESO**

### **Unidade 6-. A época do imperialismo.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Coñecemento e a interacción co mundo físico.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Analizar as causas e as consecuencias dos fenómenos coloniais do século XIX.
- Describir as formas de organización e de explotación das colonias e valorar as súas repercusións na situación económica e social destes países.
- Rexeitar as xustificacións do colonialismo e a segregación racial.
- Identificar as causas que desencadearon a Primeira Guerra Mundial.
- Analizar as fases da guerra e as repercusións económicas, sociais, políticas e territoriais da Gran Guerra.

#### **Contidos:**

- Observación e interpretación dun mapa dos grandes imperios coloniais. C4 e C5
- Exposición das causas que conduciron ao imperialismo. C5
- Conquista, organización e explotación das colonias. C5
- A repartición do mundo:os imperios coloniais. C3, C5
- Comentario das repercusións económicas e sociais da explotación colonial. C5
- Lectura e interpretación de diferentes documentos históricos sobre o imperialismo. C4
- Análise das causas profundas e conxunturais da Primeira Guerra Mundial. C5
- Identificación dos países que formaban parte dos bloques enfrontados no conflito e exposición das causas da configuración das alianzas. C5, C3
- As etapas da Gran Guerra: a guerra de movementos, a guerra de trincheiras, a crise de 1917 e a fin da guerra. C5, C4

- Valoración do papel das mulleres durante o conflito e a súas repercusións. C7, C8
- Análise das repercusións económicas e sociais da Primeira Guerra Mundial. C5,
- Descrición da nova configuración territorial de Europa despois da guerra. C3,C5
- A organización da paz: o tratado de Versalles e a Sociedade de Nacións. C5, C7,C8

### **Criterios de avaliación:**

- Ver se son quen de recoñecer as razóns éticas e morais utilizadas polas potencias europeas para xustificar o imperialismo.
- Comprobar que explican as causas e as consecuencias económicas da expansión colonial do último terzo do século XIX.
- Verificar que identifican os territorios correspondentes aos principais imperios coloniais da época.
- Constatar que identifican as causas da Primeira Guerra Mundial.
- Observar se explican como era a vida nas trincheiras e que armamento se utilizou durante a Gran Guerra.
- Pescudar se recoñecen as alianzas militares que se estableceron entre os países europeos durante a I Guerra Mundial.
- Comprobar se saben coñecer algúns episodios clave no desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- Ver se explican os cambios territoriais que se produciron no mapa de Europa tras a organización da paz.

## **4º ESO**

### **Unidade 7.- A arte do século XIX.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia cultural e artística.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer, analizar e explicar os principais movementos artísticos do século XIX.
- Analizar as características artísticas das obras estudadas en cada movemento: Barroco, Neoclásico, Romanticismo, Realismo, Arquitectura e Escultura, época industrial, Impresionismo e Modernismo.
- Recoñecer as principais obras de arte e identificar os autores pertencentes a cada movemento.
- Analizar e comprender o contido e o estilo utilizado nas obras de arte dos autores estudados.
- Comprender a evolución e desenvolvemento dos diferentes movementos artísticos pertencentes ó século XIX.

#### **Contidos:**

- Os antecedentes artísticos: o século XVIII. A permanencia do Barroco. C6
- A evolución artística do Rococó ó Neoclásico. C6
- A obra de Francisco de Goya. C6
- O movemento romántico. O romanticismo pictórico e os seus pintores. C6
- O realismo. O estilo pictórico realista. C6
- A evolución da escultura do século XIX. C6
- A evolución da arquitectura do século XIX. Arte e técnica do século XIX. C6
- O Impresionismo. Principais obras e artistas impresionistas. C6
- O modernismo. O arquitecto Antonio Gaudí. C6
- Definición das principais características dos estilos artísticos do século XIX. C6, C1

- Análise e interpretación de obras artísticas do século XIX. C4,C6
- Preocupación polo rigor e a claridade na argumentación persoais. C8, C1
- Valoración da diversidade artística e a riqueza dos estilos do século XIX. C6
- Identificación dos artistas máis representativos de cada estilo artístico. C6,C1
- Comprender a evolución e desenvolvemento dos diferentes movementos artísticos pertencentes ao século XIX. C6

### **Criterios de avaliación:**

- Ver se recoñecen a evolución das formas estéticas e artísticas que tivo lugar ao longo do s. XVIII.
- Comprobar se saben comparar os estilos arquitectónicos do século XIX e analizar as causas da renovación da arquitectura.
- Comprobar que coñecen as distintas etapas da obra de Francisco de Goya e algunhas das súas obras máis relevantes.
- Constatar que coñecen os principais artistas do século XIX e os saben relacionar co movemento artístico ao que pertencen.
- Observar se saben identificar algunhas das obras dos pintores máis relevantes do século XIX traballadas ao longo do tema.
- Valorar se saben explicar as características da arte modernista e recoñecer as particularidades da obra de Antonio Gaudí.
- Valorar se coñecen e diferencian as características esenciais dos distintos movementos artísticos do século XIX.

## **4º ESO**

### **Unidade 8.- O período de entreguerras (1919-1939).**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer a caída do tsarismo e describir a toma do poder na xornada revolucionaria de outubro e como se construíu o primeiro estado socialista.
- Comprender o proceso de formación da URSS e o ascenso de Stalin ao poder.
- Recoñecer e valorar os logros sociais e políticos da muller do século XX.
- Analizar as causas que provocaron o crack bolsista de 1929 e o desencadeamento da depresión económica xeneralizada.
- Describir os factores que explican o ascenso dos réximes totalitarios en Alemaña e Italia.
- Identificar e criticar a ideoloxía do fascismo italiano e nazismo alemán.
- Elaborar un glosario de termos específicos do tema.
- Localizar no espazo e no tempo correspondentes os acontecementos estudados.

#### **Contidos:**

- Causas do proceso revolucionario ruso: da aristocracia tsarista á revolución de outubro. C5
- A guerra civil (1918-1921) e a creación da URSS. C5, C3
- Identificación dos aspectos máis significativos do stalinismo. C5, C1
- Causas da prosperidade económica de Estados Unidos na década dos anos vinte. C5,C2
- O novo papel político e social da muller no século XX. C4,C5, C8

- Análise do crack da Bolsa en 1929 á Gran Depresión. C4, C1,C5
- Enumeración dos principios básicos do New Deal. C5
- Causas que permitiron o ascenso do fascismo. C5
- Identificación da ideoloxía do fascismo italiano. C5,C1
- A instauración do nazismo en Alemaña: da república de Weimar ao ascenso do nazismo ao poder. C5, C4,C7 e C8
- Identificar a ideoloxía e a política levada a cabo polo III Reich alemán. C5
- Interpretación de gráficos para estudar a evolución económica do período. C1
- Rexeitamento de calquera tipo de totalitarismo político, da intolerancia e da discriminación dirixida contra persoas ou grupos sociais. C5 e C8

### **Criterios de avaliación:**

- Ver se recoñecen os acontecementos previos á revolución de outubro de 1917 e as primeiras medidas adoptadas polos bolxeviques tras a toma de poder.
- Constatar que explican as medidas implantadas por Stalin para asegurar o desenvolvemento económico e o control social da URSS.
- Verificar que elaboran un esquema sobre as causas que desencadearon a Gran Depresión.
- Comprobar se explican os principios en que se baseaba o fascismo italiano.
- Observar se recoñecen os principais elementos da ideoloxía nacionalsocialista e as medidas que levou a cabo o III Reich para defender o seu modelo de sociedade.
- Pescudar se explican os obxectivos e os logros dos movementos sufragistas das primeiras décadas do século XX.
- Verificar se son capaces de situar nun eixe cronolóxico os acontecementos fundamentais deste período histórico.

## **4º ESO**

### **Unidade 9.- Tempos de confrontación en España (1902-1939).**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Analizar a situación socioeconómica e política de España no primeiro terzo do século XX.
- Identificar as causas da revolta popular da Semana Tráxica no marco da política internacional española de comezos de século.
- Explicar as características do sistema político da Ditadura de Primo de Rivera.
- Analizar o contexto en que se produciu a proclamación da Segunda República e as reformas que se realizaron para modernizar e democratizar a sociedade española.
- Identificar as orixes do nacionalismo galego e as súas figuras máis importantes.
- Coñecer as causas que desencadearon a Guerra civil española e saber explicar, coa axuda de mapas, a evolución do conflito.
- Comprender a situación política e económica de España ao rematar o conflito.
- Localizar no espazo e no tempo correspondentes os acontecementos estudados.

#### **Contidos:**

- O declive da quenda dinástica (1898-1917). C5

- A crise da Restauración e a Ditadura de Primo de Rivera (1917-1931). C5, C7
- A proclamación da República. O goberno provisorio e a constitución de 1931. C5
- O Bienio Reformista (1931-1933) e a oposición ás reformas. C5
- O Bienio Conservador e a Fronte Popular (1933-1936). C5
- A Guerra civil: a internacionalización do conflito e as dúas zonas enfrontadas. C5
- A Segunda República e a Guerra Civil en Galicia. C5, C1
- O nacionalismo galego. C1, C4, C5
- Recoñecemento das publicacións do primeiro nacionalismo galego. C5
- Localización dos principais feitos e acontecementos nun eixe cronolóxico. C2
- Análise e interpretación de datos a partir de distintos tipos de fontes. C4, C1
- Lectura e interpretación de varios textos históricos sobre a Guerra civil. C4
- Análise de datos estatísticos sobre as consecuencias demográficas da guerra. C1
- Localización e adscrición cronolóxica das principais batallas da Guerra civil. C2, C3

### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar se recoñecen a política reformista e os grupos de oposición durante a crise da Restauración.
- Ver se coñecen as causas do éxito e o fracaso da ditadura de Primo de Rivera.
- Pescudar se identifican as características do contexto en que se proclamou a República, explican os seus principios constitucionais.
- Pescudar se recoñecen algunhas figuras clave do primeiro nacionalismo galego.
- Verificar que recoñecen e clasifican correctamente os distintos tipos de reformas levadas a cabo durante o Bienio Reformista.
- Confirmar se saben definir as liñas políticas da CEDA e da Fronte Popular.
- Observar se identifican os personaxes e as características do bando republicano e do franquista.
- Ver se saben situar cronoloxicamente os principais episodios da Guerra civil.

## **4º ESO**

### **Unidade 10.- A II Guerra Mundial e as súas consecuencias.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial.
- Identificar as ofensivas máis importantes da Segunda Guerra Mundial.
- Valorar as consecuencias demográficas, económicas e políticas do conflito.
- Coñecer a evolución de Estados Unidos e a URSS durante a Guerra Fría. Analizar as causas que explican a polarización do mundo en dous bloques antagónicos.
- Identificar os principais conflitos da Guerra fría: a guerra de Corea, Vietnam, crise dos mísiles.
- Explicar os motivos que conduciron á “coexistencia pacífica” dos anos 50 e 60.
- Recoñecer as principais etapas do proceso de descolonización.
- Comprender as consecuencias da descolonización: o xurdimento do concepto de Terceiro Mundo e os problemas económicos e sociais dos países que o engloban.

#### **Contidos:**

- As causas e os contendentes da Segunda Guerra Mundial. C5,C3
- O desenvolvemento do conflito (1939-45). C5, C3
- O Holocausto. O significado dos campos de concentración. C5,C7
- As consecuencias da Segunda Guerra Mundial. C5
- A formación de bloques antagónicos. C5, C7
- A Guerra Fría e a coexistencia pacífica. C5
- A fin dos imperios coloniais e o conflito de Oriente Medio. C5, C3
- A descolonización e o xurdimento do Terceiro Mundo. C5, C7
- Localización dos principais acontecementos estudados nun eixe cronolóxico. C2
- Análise das causas da Segunda Guerra Mundial. C5
- Observación e interpretación de mapas históricos dalgunhas campañas do conflito. C4
- Elaboración dun cadro esquemático sobre as consecuencias da guerra. C4, C5
- Descrición dos cambios territoriais no mapa de Europa despois da guerra. C5
- Lectura, interpretación, comentario e síntese de diferentes textos históricos. C1
- Elaboración dun informe sobre a vida nun campo de concentración nazi. C4
- Definición dos conceptos de Guerra Fría, Terceiro Mundo e neocolonialismo. C1
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a II Guerra Mundial. C7
- Busca de información en internet e en fontes de consulta alternativas. C4, C5

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben explicar as causas que conduciron á Segunda Guerra Mundial.
- Comprobar que coñecen o desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial.
- Ver se saben indicar as consecuencias inmediatas da Segunda Guerra Mundial.
- Observar se saben especificar a política seguida polas dúas potencias na división de Europa en dous bloques.
- Confirmar que explican correctamente o que foi a Guerra Fría.
- Comprobar se saben valorar a influencia de determinados factores respecto á descolonización dos países do Terceiro Mundo.

## **4º ESO**

### **Unidade 11.- Un mundo bipolar.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Coñecer os factores que converteron a Estados Unidos no líder do mundo capitalista.
- Entender o proceso de construción de Europa tras a Segunda Guerra Mundial e a consolidación dos sistemas políticos democráticos.
- Analizar o desenvolvemento dos países do sueste asiático a partir do exemplo de Xapón.
- Recoñecer as características da Unión Soviética, como unha gran potencia mundial, e o proceso de expansión do comunismo no mundo.
- Comprender a evolución política, social e económica da China comunista.
- Analizar as causas da crise económica nos países industrializados.
- Identificar os cambios experimentados na URSS tras a morte de Stalin e coñecer as causas da crise e o afundimento do comunismo.

#### **Contidos:**



- Estados Unidos, líder do mundo capitalista. C5, C2
- A Europa occidental (1945-1973). C5, C1
- Xapón, unha potencia asiática. C5, C2, C4
- A Unión Soviética, unha gran potencia. C5
- A expansión do comunismo no mundo. C3, C5
- A revolución chinesa. C4, C5
- A crise económica e política nos países industrializados. C2,C5
- Crise e afundimento do comunismo. C5
- Definición de conceptos relacionados cos temas tratados: American Way of Life, sociedade do benestar, milagre xaponés, etc. C1
- Lectura, interpretación, comentario e síntese de diferentes textos históricos. C4
- Comparación dos réximes políticos de Europa da segunda metade do século XX. C5, C7
- Análise e interpretación de carteis propagandísticos e caricaturas da época. C4, C5
- Cálculo da evolución dos prezos do petróleo entre 1973 e 1975. C2
- Elaboración dun mapa conceptual sobre o mundo bipolar. C7
- Busca de información en Internet e noutras fontes de consulta. C4
- Observación, análise e interpretación de gráficas, fotografías e cadros estatísticos. C4
- Elaboración dun friso cronolóxico comparado do período estudado. C2

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se identifican a ideoloxía das forzas políticas europeas e estadounidenses.
- Observar se identifican os factores que explican o milagre económico xaponés.
- Verificar que saben explicar as causas e consecuencias da crise económica de 1973.
- Confirmar que recoñecen algúns dos procesos sociais e económicos que marcaron a evolución da URSS desde a morte de Stalin á fin do comunismo.
- Comprobar que identifican os países onde se estendeu o comunismo e os motivos desta expansión.
- Asegurarse de que saben explicar a política militar e económica dos dous bloques para manter outros países baixo a súa influencia.

## **4º ESO**

### **Unidade 12.- España durante o franquismo.**

#### **Competencias básicas:**

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### **Obxectivos didácticos:**

- Identificar as características básicas do sistema político franquista.
- Avaliar os custos humanos da Guerra civil e a situación de penuria económica á que tivo que facer fronte a poboación durante a posguerra.
- Comprender a condición das mulleres durante o franquismo.
- Coñecer a evolución da política económica franquista, da autarquía ao desarrollismo, e os cambios que experimentou a sociedade española a partir da década de 1960.
- Identificar e analizar os principais movementos de oposición ao franquismo.
- Analizar as causas da crise da ditadura desde principios dos anos 70 e comprender a configuración do mapa político que posibilitou a transición á democracia.

#### **Contidos:**

## O franquismo: unha ditadura militar. C5

- A posguerra, miseria e autarquía. C5
- A muller baixo o franquismo. C5
- A época do desenvolvementismo e a modernización da sociedade española. C5
- A oposición ao franquismo en España e Galicia. C5
- Os últimos anos do franquismo e a transición á democracia. C5
- Localización dos principais acontecementos da posguerra nun eixe cronolóxico. C2
- Descrición e comentario de fotografías e viñetas da España franquista. C1
- Análise dunha serie de indicadores sobre as condicións económicas da posguerra. C2
- Lectura e comentario de distintos tipos de textos e documentos históricos. C1
- Elaboración dun informe sobre a condición das mulleres durante o franquismo. C4, C5
- Análise das causas da emigración española e galega dos anos 60. C5
- Posta en común das experiencias recollidas nunha enquisa sobre a posguerra. C7
- Análise da balanza de pagamentos española durante a época do desarrollismo. C2
- Reflexión crítica sobre a represión exercida polo franquismo. C5,C7,C8
- Localización dos principais focos de resistencia armada antifranquista. C3
- Elaboración dun eixe cronolóxico coas principais etapas do franquismo. C2

## Criterios de avaliación:

- Ver se saben explicar as características do sistema político franquista.
- Observar se datan correctamente as etapas da política exterior do franquismo.
- Comprobar que saben definir algúns conceptos clave da economía de posguerra.
- Pescudar se saben explicar o desarrollismo indicando cales foron os seus impulsores políticos, que medios utilizou e cales foron as súas consecuencias.
- Observar se saben identificar os cambios sociais e económicos que se produciron na década dos sesenta en España e en Galicia.
- Constatar que saben distinguir e ordenar cronoloxicamente as principais forzas e movementos de oposición ao réxime franquista.
- Valorar se recoñecen a situación económica, política e social do final dos últimos anos do réxime franquista.

## 4º ESO

### Unidade 13.- España e Galicia en democracia.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.

#### Obxectivos didácticos:

- Coñecer os resultados das eleccións democráticas de xuño de 1977 e a evolución dos gobernos de UCD, ata o intento golpista do 23-F.
- Recoñecer os trazos esenciais da Constitución de 1978 e a estrutura territorial autonómica.
- Comprender as razóns que deron lugar á vitoria do PSOE nas eleccións de 1982 e analizar a súa traxectoria política ata as eleccións de 1996.
- Comparar as accións políticas das dúas lexislaturas do Partido Popular.
- Explicar as accións que emprendeu o actual goberno socialista.
- Analizar os grandes cambios sociais e económicos que se produciron na sociedade española durante as dúas últimas décadas.

## Contidos:

- A instauración da democracia, o primeiro goberno de UCD e a Constitución de 1978. C5
- Os primeiros estatutos de autonomía e a consolidación do mapa autonómico. C5, C3
- A crise do goberno de UCD e o golpe de Estado do 23-F. C5, C4
- A etapa socialista (1982-1996). C5, C4
- Os gobernos do Partido Popular (1996-2004) e o retorno do PSOE. C5, C4
- A sociedade española no cambio de século e a nova inmigración. C2, C4, C5
- A muller na España actual. As políticas de igualdade. C2, C4, C5
- Descrición do proceso autonómico en Galicia. C5
- Localizar nun eixe os principais personaxes e acontecementos de Galicia e España. C2
- Enumeración dos partidos políticos que se enfrontaron nas eleccións de 1977. C5
- Descrición da nova organización territorial do Estado das Autonomías. C5, C4
- Lectura e comentario dalgúns artigos da Constitución española de 1978. C1, C5
- Análise e interpretación de viñetas e de carteis de propaganda da época. C1
- Busca de información en internet sobre a Lei de igualdade e sobre o sistema electoral. C4
- Elaboración dunha proposta de lei para fomentar a igualdade entre sexos. C7
- Análise da evolución demográfica de España nas últimas décadas. C2, C5
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a España democrática. C7, C8

## Criterios de avaliación:

- Pescudar se saben explicar os principios da Constitución española de 1978.
- Pescudar se localizan no tempo os principais acontecementos do proceso autonómico de Galicia.
- Observar se completan correctamente unha explicación sobre a configuración do Estado das Autonomías.
- Ver se saben describir a política levada a cabo polos gobernos socialistas.
- Confirmar que recoñecen as principais liñas de actuación dos gobernos do PP.
- Comprobar se relacionan correctamente unha serie de medidas políticas cos gobernos democráticos que as levaron a cabo.
- Verificar que identifican os cambios sociais que tiveron lugar en España desde a instauración da democracia.
- Comprobar se coñecen os termos adecuados aos temas tratados.

## 4º ESO

### Unidade 14.- A Unión Europea.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Coñecemento e interacción co mundo físico.

#### Obxectivos didácticos:

- Recoñecer as distintas fases no proceso de construción da Unión Europea.
- Identificar os países que forman parte da Unión Europea na actualidade.
- Coñecer a composición e as funcións das institucións da Unión Europea.
- Comprender os piares das políticas comúns da Unión Europea.
- Recoñecer a diversidade e as particularidades dos países que forman a UE.

- Valorar os retos aos que se enfrenta a Unión Europea na actualidade.
- Describir as principais etapas do proceso de integración do noso país á Unión Europea e valorar as súas consecuencias económicas e sociais para España e Galicia.

### Contidos:

- O proceso de construción : A CEE. C5, C3
- A creación da Unión Europea. C5, C3
- As institucións europeas na actualidade. C5, C1
- As políticas comúns da Unión Europea. C5,C2
- A Unión Europea na actualidade e os retos de futuro. C5,C3. C2
- A integración de España na Comunidade Europea. C5
- As consecuencias da incorporación de España á Unión Europea. C5
- Galicia na Unión Europea. C5
- Enumeración dos países que forman a Unión Europea na actualidade. C3
- Localización no tempo das distintas fases do proceso de creación da UE. C2
- Lectura e comentario dalgúns artigos dos tratados de Roma e de Maastricht. C1
- Descrición das funcións das principais institucións da Unión Europea. C5
- Procura de información en internet sobre a inmigración en Europa. C4
- Reflexión sobre os grandes retos ós que se enfrenta a UE na actualidade. C5
- Análise comparativa do nivel de renda per cápita dos países da Unión Europea. C2
- Valoración da evolución da economía española e galega tras a integración na UE.C2, C5
- Elaboración dun mapa conceptual e comentario dun organigrama político da Unión Europea. C7

### Criterios de avaliación:

- Pescudar se determinan as principais funcións das institucións europeas.
- Comprobar se saben indicar a veracidade dunha serie de afirmacións sobre as condicións esixidas a España para a súa integración á CE.
- Verificar que recoñecen as primeiras institucións europeas e algúns retos de futuro da Unión Europea.
- Confirmar que saben identificar e localizar no tempo os principais tratados de constitución da Unión Europea.
- Ver se saben clasificar os países membros da UE segundo o seu ano de incorporación.
- Asegurarse de que explican correctamente as transformacións económicas que supuxo para España a entrada na Comunidade Europea.
- Constatar que valoran as vantaxes que supuxo para Galicia a integración á UE.

## 4º ESO

### Unidade 15.- O mundo actual.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia para aprender a aprender.
- Coñecemento e a interacción co mundo físico.

#### Obxectivos didácticos:

- Recoñecer as características da nova orde internacional e as causas que fixeron de Estados Unidos a única superpotencia mundial.
- Identificar os principais conflitos bélicos de finais do século XX en Europa, Asia e África, así como o papel do terrorismo no panorama internacional.
- Explicar en que consiste a globalización e que efectos ten sobre a economía.
- Comprender as causas que explican as desigualdades entre centro e periferia.
- Valorar os grandes cambios sociais que se produciron nos últimos anos.
- Tomar conciencia dos problemas das mulleres no Terceiro Mundo.
- Recoñecer os avances científicos e técnicos que se produciron nas últimas décadas e reflexionar sobre os retos presentes e futuros do mundo actual.

### Contidos:

- A nova orde internacional: o liderado de Estados Unidos. C3,C5
- Os conflitos no mundo actual: as guerras e o fundamentalismo islámico. C3, C5
- A globalización e o fenómeno da mundialización. C5,C8
- As desigualdades no mundo actual: centro e periferia. C3,C2,C5,C8
- A sociedade do século XXI: o novo papel da muller e os novos modelos sociais. C5
- A situación das mulleres no Terceiro Mundo. C2, C4, C5, C8
- Os cambios científicos e técnicos; e a era das comunicacións.
- Os retos do mundo actual: o crecemento sostible e a xustiza social. C5
- Localización xeográfica dos principais conflitos bélicos no mundo actual. C3
- Lectura e comentario de distintos tipos de documentos. C4
- Análise e interpretación da información contida en fotografías, gráficas, etc. C4, C5
- Análise das causas dos principais conflitos bélicos do noso tempo: os conflitos nacionalistas no Este europeo e o fundamentalismo islámico. C5, C3, C8
- Reflexión crítica sobre as intervencións militares americanas noutros países. C5
- Valoración da revolución científico-técnica que tivo lugar nas últimas décadas. C5
- Elaboración dun mapa conceptual sobre os problemas do mundo actual. C7
- Busca de información en Internet sobre a problemática do cambio climático. C4

### Criterios de avaliación:

- Observar se definen correctamente o significado de globalización.
- Confirmar que determinan a veracidade dunha serie de frases referentes ás principais características da orde internacional actual.
- Verificar que identifican as principais innovacións tecnolóxicas e científicas do século XX e que as valoran criticamente.
- Comprobar que recoñecen a crecente desigualdade que existe no mundo como consecuencia da globalización.
- Pescudar se identifican as causas dos retos que debe afrontar a humanidade.
- Constatar que saben comparar os modelos sociais dos países occidentais e os do Terceiro Mundo.

## 4º ESO

### Unidade 16.- A arte do século XX.

#### Competencias básicas:

- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.

## Obxectivos didácticos:

- Comprender a gran revolución estética da arte que tivo lugar no século XX e relacionala cos acontecementos e as inxuedanzas da época.
- Distinguir as primeiras vangardas artísticas do século XX.
- Identificar as particularidades das tendencias abstractas do século XXI, así como os artistas máis representativos de cada unha delas.
- Recoñecer as características das tendencias artísticas da sociedade de masas.
- Valorar os cambios que experimentou a arquitectura e a escultura do século XX en relación ás tendencias do século anterior.
- Identificar os principais artistas do século XX en España e Galicia.

## Contidos:

- A ruptura artística do século XX. C6
- A nova arquitectura: o funcionalismo, o organicismo e as últimas tendencias. C6
- As primeiras vangardas do século XX. C6
- As tendencias abstractas: a arte minimalista, o op-art e o informalismo. C6
- As últimas tendencias: a pop-art, o hiperrealismo e outras tendencias. C6
- A escultura: a rotura co naturalismo, Calder e Moore. C6
- As vangardas en España: arquitectura, pintura e escultura. C6
- Pablo Picasso, un grande intérprete do século XX. C6, C5
- A arte galega do século XX. C6
- Descrición das características das principais correntes artísticas. C6, C1
- Análise e interpretación de pinturas, esculturas e obras arquitectónicas de estilos diferentes. C6
- Busca de información en internet sobre a obra dalgúns artistas do século XX. C6
- Recoñecemento das obras máis importantes dos artistas estudados. C6
- Descrición dos materiais utilizados na construción dalgúns obras. C6
- Elaboración dun mapa conceptual sobre a arte do século XX. C7
- Valoración das motivacións do artista a través da observación da súa obra. C5
- Desenvolvemento da sensibilidade estética e valoración do patrimonio artístico. C8
- Xustificación e argumentación das preferencias artísticas persoais. C8

## Criterios de avaliación:

- Comprobar que recoñecen os principais movementos artísticos do século XX.
- Observar se saben determinar a veracidade dunha serie de afirmacións referentes ás escolas da arte abstracta.
- Confirmar que explican adecuadamente a influencia do contexto histórico no cambio estético do século XX.
- Constatar que enumeran os principais movementos arquitectónicos do século XX.
- Pescudar se recoñecen a disciplina en que salientaron os grandes artistas do século XX.
- Valorar se saben citar as obras máis importantes das principais correntes artísticas do século XX.
- Ver se identifican diversas obras e relaciónanas co estilo artístico correspondente.

## 4º ESO

### 4.- TEMPORALIZACIÓN PREVISTA.

☐ 1ª avaliación: [35 sesións] -Temas 1 a 5) (Bloque I).

Tema 0: 2 sesións

Tema 1: 6 sesións

Tema 2:	6 sesións
Tema 3:	5 sesións
Tema 4:	6 sesións
Tema 5:	6 sesións

3 sesións dedicadas a exames.

2 sesión dedicada a actividades complementarias.

☐ 2ª avaliación: [30 sesións -] - Temas 6 a 10 (Bloque II-III).

Tema 6:	7 sesións
Tema 7:	5 sesións
Tema 8:	5 sesións
Tema 9:	5 sesións
Tema 10:	6 sesións

2 sesións dedicadas a exames.

☐ 3ª avaliación: [33 sesións -]- Temas 11 a 17 (Bloque III-IV).

Tema 11:	5 sesións
Tema 12:	5 sesións
Tema 13:	5 sesións
Tema 14:	5 sesións
Tema 15:	5 sesións
Tema 16:	4 sesións

4 sesións dedicadas a exames.

## BACHARELATO

### 5.- 1º BAC

#### HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

##### 5.1.- Obxectivos:

- Explicar os feitos máis significativos da Historia do Mundo Contemporáneo, situándoos axeitadamente no tempo e no espazo, e destacando a súa incidencia no presente.
- Comprender e interrelacionar os principais cambios económicos, sociais, polífticas e culturais que configuran a historia dos últimos séculos.

- Empregar con propiedade unha terminoloxía básica acuñada pola historiografía e manexar diversas fontes que lles permitan contrastar as informacións.
- Analizar as situacións e problemas do presente, cunha visión que conduza a unha percepción global e coherente do mundo.
- Fomentar a sensibilidade ante os problemas sociais actuais, potenciando unha actitude crítica e un sentido responsable e solidario na defensa dos dereitos humanos, os valores democráticos e o camiño cara á paz.
- Comprender a Historia como unha ciencia aberta á información e ós cambios que brindan as novas tecnoloxías.

## **5.2.- Contidos:**

### **Unidade 0.- A Historia do Mundo Contemporáneo. Fontes e técnicas de traballo.**

- 1.- A historia do mundo contemporáneo.
- 2.- As fontes da historia contemporánea.
- 3.- O comentario de textos históricos.
- 4.- O comentario de mapas históricos.

## **BLOQUE I.- AS BASES DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.**

### **Unidade 1.- A Europa do Antigo Réxime. Trazos básicos.**

- 1.- Unha economía de base agraria.
  - 1.1.- A propiedade da terra.
  - 1.2.- Os dereitos señoriais.
  - 1.3.- O estancamento agrícola.
  - 1.4.- Industria tradicional e manufacturas.
  - 1.5.- A insuficiencia dos transportes.
  - 1.6.- Comercio interior e comercio colonial.
- 2.- A sociedade estamental.
  - 2.1.- Unha poboación estancada.
  - 2.2.- Os privilexiados.
  - 2.3.- Os non privilexiados.
- 3.- O absolutismo monárquico.
  - 3.1.- A monarquía de dereito divino.
  - 3.2.- Os límites da autoridade real. O modelo inglés.
- 4.- A crise do Antigo Réxime.
  - 4.1.- O espírito da Ilustración.
  - 4.2.- O Despotismo Ilustrado.

### **Unidade 2.- O proceso de industrialización. Formación e desenvolvemento do capitalismo.**

- 1.- A revolución industrial en Gran Bretaña.
  - 1.1.- Os factores do despegue.
  - 1.2.- Os sectores punteiros.
- 2.- A expansión da industrialización.
  - 2.1.- Algunhas pautas comúns.
  - 2.2.- As diferentes vías de industrialización.
- 3.- O capitalismo.
  - 3.1.- A base doutrinal. O liberalismo económico.
  - 3.2.- Orixe e evolución do concepto capitalismo.



- 3.3.- Trazos básicos do sistema capitalista.
- 3.4.- A importancia do capital. Sociedades e bancos.
- 4.- Unha nova sociedade.
- 4.1.- De estamentos a clases.
- 4.2.- A nova elite dirixente: a burguesía.
- 4.3.- A aparición da clase obreira.
- 4.4.- A cidade. O corazón do mundo industrial.
- 4.5.- Do campo á cidade.
- 4.6.- As pervivencias da sociedade do Antigo Réxime.

### **Unidade 3.- As transformacións políticas: liberalismo e nacionalismo.**

- 1.- Liberalismo.
  - 1.1.- As orixes do liberalismo.
  - 1.2.- Principios políticos do liberalismo.
  - 1.3.- Estructuras políticas do liberalismo.
- 2.- Nacionalismo.
  - 2.1.- O concepto.
  - 2.2.- A fundamentación teórica do concepto de nación.
  - 2.3.- Os movementos nacionalistas.
- 3.- A Revolución Francesa: modelo de revolución liberal burguesa.
  - 3.1.- Razóns para unha revolución.
  - 3.2.- O proceso de institucionalización. As fases da revolución.
  - 3.3.- O legado da Revolución Francesa.
- 4.- Restauración e revolucións: 1814-1848.
  - 4.1.- A Restauración.
  - 4.2.- As ondas revolucionarias.
- 5.- Os nacionalismos de unificación: Italia e Alemaña.
  - 5.1.- O proceso de unificación de Italia.
  - 5.2.- O proceso de unificación de Alemaña.
  - 5.3.- Análise comparativa: similitudes e diferenzas.

### **Unidade 4.- Transformacións e movementos sociais. O movemento obreiro.**

- 1.- As orixes do movemento obreiro.
  - 1.1.- As primeiras manifestacións do movemento obreiro.
  - 1.2.- As primeiras organizacións sindicais.
  - 1.3.- O cartismo.
- 2.- As grandes ideoloxías do movemento obreiro.
  - 2.1.- O socialismo utópico.
  - 2.2.- O marxismo.
  - 2.3.- O anarquismo.
- 3.- A Primeira Internacional.
  - 3.1.- A formación da AIT.
  - 3.2.- As diverxencias ideolóxicas: o enfrontamento Marx-Bakunin.
  - 3.2.- A crise da Internacional.
- 4.- A expansión do movemento obreiro (1871-1914).
  - 4.1.- A consolidación do sindicalismo.
  - 4.2.- Os novos camiños do anarquismo.
  - 4.3.- A formación de partidos e sindicatos socialistas.
  - 4.4.- As tendencias ideolóxicas socialistas.
- 5.- A Segunda Internacional.

- 5.1.- Desenvolvemento, caracteres e organización.
- 5.2.- Os grandes debates.
- 5.3.- Crise e división do movemento socialista.

### **Unidade 5.- A dominación europea.**

- 1.- A Segunda Revolución Industrial.
  - 1.1.- Crecemento demográfico e migracións.
  - 1.2.- As novas fontes de enerxía.
  - 1.3.- Os novos medios de transporte.
  - 1.4.- Novos inventos, novas industrias.
  - 1.5.- A nova organización do capital e do traballo.
  - 1.5.- O aumento da competencia.
- 2.-As causas do imperialismo.
  - 2.1.- A Europa dominante.
  - 2.2.- As causas económicas.
  - 2.3.- Os factores políticos e demográficos.
  - 2.4.- As causas ideolóxicas.
- 3.- O reparto do mundo.
  - 3.1.- Os antecedentes: o colonialismo no século XVIII.
  - 3.2.- O desmembramento de África.
  - 3.3.- A ocupación de Asia.
- 4.- As novas potencias imperialistas.
  - 4.1.- O imperialismo dos Estados Unidos.
  - 4.2.- O expansionismo xaponés.
- 5.- A organización dos imperios coloniais.
  - 5.1.- A administración dos territorios conquistados. O modelo británico.
  - 5.2.- O dominio dos pobos colonizados.

## **BLOQUE II.- TENSIONS E CONFLICTOS NA PRIMEIR METADE DO SÉCULO XX.**

### **Unidade 6.- A Primeira Guerra Mundial (1914-1918).**

- 1.- As grandes potencias europeas.
  - 1.1.- As potencias democráticas.
  - 1.2.- O II Reich alemán.
  - 1.3.- O vellos imperios.
- 2.- As causas da Guerra.
  - 2.1.- A formación das alianzas internacionais.
  - 2.2.- Os enfrontamentos coloniais.
  - 2.3.- As crises balcánicas.
  - 2.4.- A rivalidade entre as grandes potencias.
- 3.- O desenvolvemento do conflito.
  - 3.1.- O estalido do conflito.
  - 3.2.- Guerra de movementos e guerra de trincheiras.
  - 3.3.- A mundialización do conflito.
  - 3.4.- Un novo tipo de guerra.
  - 3.5.- Da crise de 1917 á fin da Guerra.
- 4.- A paz dos vencedores.
  - 4.1.- Os tratados de paz.
  - 4.2.- A Sociedade de Nacións.
  - 4.3.- Unha paz inestable.

- 5.- As consecuencias da guerra.
  - 4.1.- Consecuencias políticas e territoriais.
  - 4.2.- Os efectos demográficos e económicos.
  - 4.3.- Os cambios sociais.

### **Unidade 7.- A Revolución Soviética e a URSS (1917-1941).**

- 1.- A Rusia dos tsares.
  - 1.1.- Un imperio atrasado.
  - 1.2.- As forzas de oposición ó tsarismo.
  - 1.3.- A revolución de 1905.
- 2.- A revolución de febreiro de 1917.
  - 2.1.- A caída do tsarismo.
  - 2.2.- A dualidade de poderes: Goberno Provisional e soviets (marzo-outubro de 1917).
- 3.- A revolución de outubro de 1917.
  - 3.1.- As xornadas revolucionarias.
  - 3.2.- As primeiras medidas revolucionarias.
  - 3.3.- A guerra civil e o comunismo de guerra.
  - 3.4.- A consolidación do poder bolxevique e a formación da URSS.
  - 3.5.- A NEP, unha nova política económica.
- 4.- De Lenin a Stalin.
  - 4.1.- A creación da III Internacional.
  - 4.2.- A expansión da revolución comunista.
  - 4.3.- A morte de Lenin e a disputa polo poder.
- 5.- Os comezos do stalinismo.
  - 5.1.- Stalin, dono do poder.
  - 5.2.- A planificación e colectivización da economía.
  - 5.3.- O terror stalinista.
  - 5.4.- As novas institucións políticas.

### **Unidade 8.- A economía no período de entreguerras (1918-1939).**

- 1.- Os problemas económicos da paz.
  - 1.1.- Os efectos inmediatos da guerra.
  - 1.2.- Os desequilibrios comerciais.
  - 1.3.- O auxe da economía estadounidense.
- 2.- Os felices anos vinte.
  - 2.1.- A prosperidade americana: os felices anos vinte.
  - 2.2.- Auxe e caída da Bolsa.
  - 2.3.- Da crise bolsista á depresión.
- 3.- A Gran Depresión.
  - 3.1.- As causas da Gran Depresión.
  - 3.2.- A crise bancaria e industrial.
- 4.- A expansión mundial da crise.
  - 4.1.- Os mecanismos de expansión da crise.
  - 4.2.- O afundimento do comercio internacional.
- 5.- Os camiños da recuperación económica.
  - 5.1.- Keynes e a crise.
  - 5.2.- O New Deal de Roosevelt.
  - 5.3.- Os países escandinavos.
  - 5.4.- A política armamentista de Hitler.

5.5.- O Reino Unido e Francia.

### **Unidade 9.- Democracias e totalitarismos (1918-1939).**

- 1.- A crise dos sistemas democráticos.
  - 1.1.- As consecuencias da I Guerra Mundial.
  - 1.2.- As democracias ante a crise.
  - 1.3.- A aparición de réximes autoritarios.
- 2.- A Italia fascista (1922-1939).
  - 2.1.- A crise da posguerra.
  - 2.2.- A conquista do poder.
  - 2.3.- A organización do Estado fascista.
  - 2.4.- A política económica.
  - 2.5.- Un estrito control social.
- 3.- A Alemaña nazi (1933-1939).
  - 3.1.- A República de Weimar (1918-1933).
  - 3.2.- O ascenso dos nazis ó poder.
  - 3.3.- O camiño cara a ditadura.
  - 3.4.- Autarquía económica e rearmamento.
  - 3.5.- A pureza racial.
  - 3.6.- A cohesión social e ideolóxica.
  - 3.7.- A expansión territorial.

### **Unidade 10.- A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).**

- 1.- Causas da Segunda Guerra Mundial.
  - 1.1.- A política de forza de Alemaña, Italia e Xapón.
  - 1.2.- A iniciativa nazi e a debilidade das democracias.
  - 1.3.- O camiño cara á guerra: do Anschluss á invasión de Polonia.
  - 1.4.- O imperialismo xaponés.
- 2.- O desenvolvemento da guerra.
  - 2.1.- As vitorias alemás. A guerra lóstrego.
  - 2.2.- A batalla de Inglaterra e a guerra do Deserto.
  - 2.3.- A campaña contra a URSS.
  - 2.4.- A guerra no Pacífico.
  - 2.5.- A derrota nazi.
  - 2.6.- A derrota xaponesa.
- 3.- Europa baixo o dominio nazi.
  - 3.1.- A ocupación nazi.
  - 3.2.- Os campos de concentración.
  - 3.3.- Colaboración e resistencia.
- 4.- As consecuencias da guerra.
  - 4.1.- O impacto demográfico.
  - 4.2.- O impacto económico.
  - 4.3.- O impacto moral.
  - 4.4.- As conferencias de paz.
  - 4.5.- A organización da paz e as Nacións Unidas.

### **BLOQUE III.- UN MUNDO BIPOLAR.**

## **Unidade 11.- A Guerra Fría e a política de bloques.**

- 1.- A formación de bloques.
  - 1.1.- Antigos aliados, novos inimigos: a guerra fría.
  - 1.2.- A ruptura do ano 1947.
  - 1.3.- O Plan Marshall e a resposta soviética.
  - 1.4.- A crise alemá e o bloqueo de Berlín.
  - 1.5.- As alianzas militares e os bloques.
- 2.- Os conflitos da guerra fría.
  - 2.1.- A guerra de Corea (1950-1953).
  - 2.2.- A guerra de Vietnam (1957-1975).
  - 2.3.- O conflito de Camboxa.
  - 2.4.- O conflito do Canal Suez.
  - 2.5.- A crise dos mísiles de Cuba.
- 3.- Os anos da coexistencia pacífica.
  - 3.1.- Os primeiros signos do desxeo.
  - 3.2.- Cara á distensión internacional.
  - 3.3.- A volta á tensión.
- 4.- Problemas internos dos bloques.
  - 4.1.- As primeiras disidencias no bloque comunista: Iugoslavia e China.
  - 4.2.- A revolta de Hungría.
  - 4.3.- A Primavera de Praga.
  - 4.4.- As disidencias no bloque occidental.

## **Unidade 12.- A descolonización e o nacemento do Terceiro Mundo.**

- 1.- As causas da descolonización.
  - 1.1.- A debilidade das metrópolis.
  - 1.2.- Un contexto internacional favorable.
  - 1.3.- A forza dos movementos nacionalistas.
- 2.- As primeiras independencias asiáticas.
  - 2.1.- O caso de Indonesia e Indochina.
  - 2.2.- A independencia da India.
- 3.- O nacemento da República Popular China.
  - 3.1.- China convértese en república.
  - 3.2.- A invasión xaponesa e a revolución comunista.
  - 3.3.- Do modelo soviético ao capitalismo.
- 4.- O proceso de descolonización no mundo árabe.
  - 4.1.- Os conflitos en Oriente Próximo: a creación do Estado de Israel.
  - 4.2.- As consecuencias no mundo árabe.
  - 4.3.- As guerras árabe-israelís.
  - 4.4.- O problema palestino.
  - 4.5.- A independencia do Magreb.
- 5.- A descolonización subsahariana.
  - 5.1.- O espertar da África Negra.
  - 5.2.- A serodia descolonización da África Austral.
- 6.- Bandung e o nacemento do Terceiro Mundo.
  - 6.1.- A Conferencia de Bandung.
  - 6.2.- Terceiro Mundo e neocolonialismo.
  - 6.3.- Características do neocolonialismo.

## **Unidade 13.- Un mundo dividido en bloques (1945-1991).**

- 1.- O mundo capitalista: a hexemonía de Estado Unidos.
  - 1.1.- O mundo capitalista de Estados Unidos.
  - 1.2.- A democracia liberal estadounidense.
  - 1.3.- Os países de Europa occidental: a reconstrución económica.
  - 1.4.- O modelo europeo de democracia.
  - 1.4.- Xapón, a gran potencia asiática.
- 2.- Crise e transformación do capitalismo en Occidente.
  - 2.1.- O crecemento económico.
  - 2.2.- A crise de 1973 e as súas consecuencias.
- 3.- O mundo socialista: a hexemonía soviética.
  - 3.1.- A URSS despois de Stalin.
  - 3.2.- Progreso económico e “socialismo desenvolto”.
  - 3.3.- As democracias populares da Europa do Este.
  - 3.4.- Economía e sociedade nas democracias populares.
  - 3.5.- A expansión do comunismo no mundo.
- 4.- A desaparición da URSS e a fin do mundo bipolar.
  - 4.1.- Inmobilismo e crise do sistema soviético.
  - 4.2.- As reformas de Gorbachov.
  - 4.3.- A caída do muro de Berlín e o afundimento das democracias populares.
  - 4.4.- A disolución da URSS.

#### **BLOQUE IV.- O MUNDO ACTUAL.**

##### **Unidade 14.- A formación da Unión Europea.**

- 1.- O movemento europeísta.
  - 1.1.- As orixe do europeísmo.
  - 1.2.- A creación da CECA.
  - 1.3.- O Tratado de Roma e a CEE.
  - 1.4.- A ampliación comunitaria.
- 2.- A construción da Unión Europea.
  - 2.1.- A creación da Unión Europea.
  - 2.2.- As principais institucións comunitarias.
  - 2-3.- As últimas adhesións á UE.
- 3.- Os grandes eixes económicos.
  - 3.1.- A política agrícola comunitaria.
  - 3.2.- As políticas de cohesión.
  - 3.3.- A creación dunha moeda común.
  - 3.4.- A defensa da competencia.
- 4.- A Unión Europea no mundo.
  - 4.1.- Unha potencia económica.
  - 4.2.- Unha sociedade democrática e solidaria.
  - 4.3.- Os retos da Unión Europea.

##### **Unidade 15.- Xeopolítica do mundo actual.**

- 1.- A nova orde internacional.
  - 1.1.- O liderado de Estados Unidos.
  - 1.2.- O fundamentalismo islámico.
  - 1.3.- Un novo tipo de violencia internacional.

- 1.4.- As guerras contra o terrorismo.
- 2.- Conflitos e guerras no cambio de milenio.
  - 2.1.- O conflito balcánico.
  - 2.2.- O enfrontamentos no Cáucaso.
  - 2.3.- Os conflitos na África subsahariana.
- 3.- Os sistemas políticos democráticos.
  - 3.1.- Constitucionalismo e parlamentarismo.
  - 3.2.- Unitarismo e federalismo.
  - 3.3.- O pluralismo político.
  - 3.4.- Os diferentes sistemas de escrutinio electoral.
  - 3.5.- Os problemas da democracia.
- 4.- Ditaduras e dereitos humanos.
  - 4.1.- Os réximes autoritarios.
  - 4.2.- A violación dos dereitos humanos.

## **Unidade 16.- Desenvolvemento tecnolóxico, globalización e cambio social.**

- 1.- O desenvolvemento científico e tecnolóxico.
  - 1.1.- Ciencia e poder.
  - 1.2.- Os novos campos de investigación.
  - 1.3.- A era das comunicacións.
  - 1.4.- A era da información.
- 2.- Un mundo globalizado.
  - 2.1.- Un único sistema económico.
  - 2.2.- A mundialización da economía.
  - 2.3.- Centros impulsores e economías dependentes.
- 3.- Un novo escenario económico mundial.
  - 3.1.- Transformacións nos países industrializados.
  - 3.2.- A crise do estado do benestar.
  - 3.3.- Os problemas dos países pobres.
  - 3.4.- As novas economías emerxentes.
- 4.- Contrastes e desigualdades no mundo actual.
  - 4.1.- O desigual acceso á riqueza.
  - 4.2.- Os problemas sociais do subdesenvolvemento.
  - 4.3.- Os contrastes da poboación.
- 5.- A busca de alternativas.
  - 5.1.- As críticas ao modelo actual de globalización.
  - 5.2.- A necesidade dun crecemento sostible.
- 6.- A sociedade do século XXI.
  - 6.1.- Un tempo de cambios sociais.
  - 6.2.- Sociedade de consumo e cultura de masas.
  - 6.3.- A condición feminina na sociedades occidentais e industrializadas.
  - 6.4.- As mulleres no Terceiro Mundo.

## **Unidade 17.- Iberoamérica no século XX.**

- 1.- Iberoamérica no primeiro terzo do século XX.
  - 1.1.- A creación dos Estados latinoamericanos.
  - 1.2.- Os distintos espazos iberoamericanos.
  - 1.3.- Unha economía exportadora.
  - 1.4.- O ascenso do liberalismo radical.
  - 1.5.- A revolución mexicana.

- 1.6.- A crise da década de 1930.
- 2.- América latina no contexto da Guerra Fría.
  - 2.1.- Progreso económico e desigualdade social.
  - 2.2.- O ascenso dos populismos.
  - 2.3.- Unha ondada democratizadora.
  - 2.4.- A revolución cubana.
  - 2.5.- A extensión de movementos guerrilleiros.
- 3.- Militarismo e ditaduras.
  - 3.1.- O protagonismo do exército.
  - 3.2.- A ditadura chilena.
  - 3.3.- A Xunta militar arxentina.
- 4.- Iberoamérica nun mundo globalizado.
  - 4.1.- O regreso das democracias.
  - 4.2.- Os retos económicos.
  - 4.3.- Disparidades e inxustizas sociais.

### **5.3.- Procedementos.**

- Identificación, definición e aplicación dos conceptos históricos específicos de cada tema.
- Elaboración de eixes cronolóxicos e localización nos mesmos dos feitos ou procesos históricos determinantes en cada período.
- Elaboración e comentario de mapas conceptuais.
- Elaboración de cadros sinópticos.
- Observación, análise e interpretación de series estatísticas.
- Observación, análise e interpretación de gráficos.
- Observación, análise e interpretación de mapas históricos.
- Elaboración de mapas temáticos relacionados con distintos feitos e procesos do mundo contemporáneo.
- Análise e comentario de textos históricos.
- Análise de filmes de contido histórico.
- Elaboración de esquemas ou cadros comparativos entre institucións, procesos ou feitos históricos diferenciados.
- Elaboración dun informe a partir de fontes históricas diversas.
- Busca de información, preparación e desenvolvemento de debates na aula.
- Formulación e contraste de hipótese a partir das fontes documentais traballadas.
- Argumentación das conclusións elaboradas e das opinións persoais.

### **5.4.- Actitudes.**

- Interese polo coñecemento dos trazos esenciais da evolución histórica do mundo contemporáneo.
- Predisposición a buscar as causas de determinados problemas políticos e sociais do mundo actual nos seus antecedentes históricos.
- Rexeitamento de calquera actitude dogmática e fomento da tolerancia.
- Tolerancia, solidariedade e valoración crítica de actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas distintas á nosa.
- Sensibilidade ante as situacións de discriminación e inxustiza social.
- Valoración da diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á propia identidade.
- Interese por recoñecer e aceptar os erros históricos para evitar que se repitan.
- Valoración da busca de solucións pacíficas a calquera tipo de conflito.
- Valoración dos dereitos humanos como conquista histórica, e rexeitamento de calquera forma de violación dos mesmos.
- Interese por estar ben informados e actitude crítica ante a información e as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.
- Comprensión da complexidade e parcialidade do estudio histórico.



- Sensibilidade polo rigor e a obxectividade na análise e interpretación de feitos históricos.
- Adopción dun método de traballo ordenado e rigoroso no estudio histórico.
- Respecto polo patrimonio histórico e artístico como fonte de coñecemento das sociedades do pasado.

## 1º BAC

### 5.5.- TEMPORALIZACIÓN PREVISTA.

☐ 1ª avaliación: [46 sesións -] -Temas 1 a 6) (Bloque I).

Tema 0: 3 sesións

Tema 1: 6 sesións

Tema 2: 6 sesións

Tema 3: 9 sesións

Tema 4: 6 sesións

Tema 5: 5 sesións

Tema 6: 6 sesións

3 sesións dedicadas a exames

2 sesións dedicada a actividades complementarias.

☐ 2ª avaliación: [36 sesións ] - Temas 7 a 11 (Bloque II)

Tema 7: 6 sesións

Tema 8: 6 sesións

Tema 9: 8 sesións

Tema 10: 6 sesións

Tema 11: 6 sesións

4 sesións dedicadas a exames

☐ 3ª avaliación: [40 sesións] - Temas 12 a 17 (Bloque III).

Tema 12: 7 sesións

Tema 13: 7 sesións

Tema 14: 5 sesións

Tema 15: 7 sesións

Tema 16: 6 sesións

Tema 17: 5 sesións

3 sesións dedicadas a exames

## 5.6.- Criterios de avaliación:

### 5.6.1- Criterios xerais.

- Coñecer e analizar os procesos e os feitos máis relevantes da historia do mundo contemporáneo situándoos cronoloxicamente en relación cos distintos ritmos de cambio e permanencia.
- Obter información relevante procedente de fontes diversas e valorala criticamente.
- Analizar os principais acontecementos e ideas políticas e económicas que cuestionaron os principios do Antigo Réxime e propiciaron as revolucións liberais e o nacionalismo.
- Comprender e explicar os motivos e acontecementos que conducen á Revolución Industrial coas súas repercusións sociais e políticas, prestando especial atención ó movemento obreiro e á expansión imperialista.
- Distinguir as interrelacións existentes entre os conflitos e as crises da primeira metade do século XX, e a súa repercusión no ámbito ideolóxico.
- Caracterizar e explicar as transformacións máis significativas que tiveron lugar en todo o mundo desde o fin da Segunda Guerra Mundial.
- Analizar e valorar o impacto da explosión demográfica, dos cambios tecnolóxicos e sociais e dos novos camiños da ciencia no presente e as súas repercusións no novo milenio.
- Recoñecer os logros acadados pola democracia na conquista da liberdade e no respecto polos dereitos humanos.

### 5.6.2.- Criterios específicos.

## **Unidade 1.- A Europa do Antigo Réxime. Trazos básicos.**

- Identificar os trazos básicos da estrutura económica do Antigo Réxime.
- Sintetizar a sociedade estamental: trazos definitorios e grupos que a compoñían.
- Explicar os caracteres que definen a monarquía absoluta e o seu fundamento teórico.
- Comparar a monarquía absoluta e a monarquía parlamentaria xurdida en Gran Bretaña.
- Comentar os postulados defendidos polos pensadores da Ilustración e a súa aplicación parcial na actuación dos déspotas ilustrados.
- Analizar a crítica que os ilustrados fixeron das estruturas do Antigo Réxime: aspectos que cuestionaron e alternativas que elaboraron.

## **Unidade 2.- A revolución industrial.**

- Identificar os factores que explican o desenvolvemento dos procesos de cambio económico en Gran Bretaña, como pioneira da revolución industrial.
- Sintetizar os cambios que se produciron no sector agrario coa introdución dos novos sistemas de cultivo e da nova maquinaria agrícola.
- Explicar os sectores pioneiros do proceso de industrialización e as principais innovacións técnicas incorporadas en cada un deles.
- Resumir o proceso de expansión da industrialización en Europa e describir as particularidades no desenvolvemento dos diferentes países.
- Esquematizar os principios teóricos da doutrina do liberalismo económico.
- Comentar o funcionamento do capitalismo industrial e os cambios que provocou no sistema fabril e na organización do traballo.
- Analizar as transformacións que o impacto da revolución industrial operou sobre a sociedade: as condicións sociolaborais da clase obreira, o crecemento das cidades industriais e os cambios na estrutura familiar.

## **Unidade 3.- As transformacións políticas: liberalismo e nacionalismo.**

- Identificar e explicar os principios e estruturas que definen o réxime liberal.
- Definir o concepto nacionalismo e explicar as diferentes concepcións deste fenómeno histórico, relacionándoo coas posturas actuais sobre o mesmo.

- Comentar os factores que explican o estalido do proceso revolucionario en Francia.
- Identificar as etapas evolutivas da Revolución Francesa, situalas cronoloxicamente e sintetizar as transformacións sociais, políticas e económicas máis transcendentais en cada caso.
- Analizar a transcendencia do labor de Napoleón a partir do mapa da Europa Napoleónica.
- Explicar o concepto de Restauración e as implicacións políticas da súa ideoloxía.
- Elaborar un esquema sobre as revolucións liberais e nacionalistas da primeira metade do século XIX, situándoas no espazo e no tempo.
- Identificar as similitudes e diferenzas na conformación e desenvolvemento dos procesos de unificación política de Italia e Alemaña.
- Valorar a influencia do proceso de independencia das colonias inglesas de América do Norte sobre os fenómenos revolucionarios europeos e a súa evolución histórica e ideolóxica.

#### **Unidade 4.- O movemento obreiro.**

- Definir o concepto movemento obreiro e identificar as súas fases evolutivas básicas.
- Identificar as principais reivindicacións da clase obreira, e explicar as circunstancias en que xurdiron as primeiras manifestacións do movemento obreiro.
- Identificar, situar e sintetizar os principios básicos das principais ideoloxías do movemento obreiro no século XIX, comparándoas entre si: o socialismo utópico, o marxismo e o anarquismo.
- Analizar a evolución destas ideoloxías no século XIX e a súa plasmación na práctica, coa formación do sindicalismo de masas e a formación de partidos socialistas.
- Identificar e caracterizar as diferentes vías que apareceron no seo do socialismo e o anarquismo, e os conflitos derivados das mesmas.
- Explicar a orixe, trazos e evolución do internacionalismo proletario, incidindo nas causas do seu fracaso.

#### **Unidade 5.- A dominación europea do mundo.**

- Elaborar un esquema comparativo entre os trazos básicos das principais potencias europeas no século XIX, atendendo ós seguintes aspectos: réxime político, desenvolvemento económico, política interior e exterior.
- Explicar os sistemas de alianzas políticas que estableceron as potencias europeas a finais do século XIX e a súa contribución ó desencadeamento da Gran Guerra.
- Esquematizar os trazos definitorios da Segunda Revolución Industrial: enumerar as principais innovacións técnicas e comparar a súa evolución coa Primeira Revolución Industrial.
- Analizar a estrutura demográfica da sociedade europea no último terzo do século XIX, a partir da lectura e a análise de gráficas e series estatísticas.
- Sintetizar as causas económicas, políticas, ideolóxicas e demográficas da expansión imperialista europea no último terzo do século XIX.
- Valorar criticamente as xustificacións e as posturas, propias da época e as que se emiten na actualidade, a favor e en contra do colonialismo.
- Describir o proceso de colonización dos continentes africano e asiático, a partir da observación e a análise de mapas históricos.
- Explicar as particularidades da política imperialista de Estados Unidos e Xapón.
- Comentar as diversas modalidades de organización e explotación dos territorios dominados.

#### **Unidade 6.- A Primeira Guerra Mundial (1914-1918).**

- Sintetizar as repercusións do imperialismo sobre os países colonizadores e os territorios colonizados.
- Identificar as causas da I Guerra Mundial, diferenciando entre causas remotas, próximas e inmediatas.
- Elaborar un cadro esquemático que recolla as alianzas establecidas entre os países que formaron parte dos dous bloques enfrontados na guerra.
- Esquematizar a evolución do conflito: etapas básicas, cronoloxía correspondente e feitos máis relevantes nas respectivas fronteiras bélicas.

- Explicar os acordos que se tomaron nos tratados de paz cos que rematou a Gran Guerra, e valorar criticamente a función das organizacións nadas para garantir a paz internacional.
- Sintetizar as repercusións económicas, políticas e territoriais da Gran Guerra. Describir o novo mapa de Europa resultante do conflito.
- Comprobar que coñecen o potencial militar dos países que participaron no conflito así como a evolución das estratexias militares utilizadas.
- Observar se saben explicar as razóns da mundialización do conflito e as súas consecuencias na economía e na vida cotiá.

### **Unidade 7.- A revolución soviética e a URSS (1917-1941).**

- Elaborar un esquema que recolla as características básicas do Imperio tsarista a principios do século XX.
- Identificar as causas que desencadearon a revolución de 1905. Explicar a ideoloxía dos partidos políticos que promoveron a revolución. Valorar o alcance da mesma, facendo especial referencia ó labor dos soviets.
- Elaborar un cadro comparativo que recolla as semellanzas e diferenzas básicas entre as dúas fases do proceso revolucionario que se produciu no imperio ruso en 1917. Deben considerarse os seguintes aspectos: causas; partidos, líderes e ideoloxía; proceso revolucionario; medidas adoptadas e consecuencias do fenómeno revolucionario.
- Resumir a evolución do novo Estado xurdido da revolución, asociando o proceso político e a organización económica: a guerra civil, o goberno de Lenin, a loita polo poder e a era de Stalin.
- Valorar o impacto que a Revolución rusa tivo no resto de Europa, e explicar as medidas que se adoptaron para difundir as ideas comunistas.
- Analizar o significado e alcance da represión exercida por Stalin nos anos trinta.
- Ver se analizan correctamente a información contida en documentos históricos, gráficas, gravados, cadros e fotografías correspondentes a este período.
- Comprobar que son capaces de formularen hipóteses explicativas sobre a realidade histórica e formarse unha opinión fundamentada nas fontes consultadas.

### **Unidade 8.- A economía no período de entreguerras (1918-1939).**

- Explicar os grandes desequilibrios internacionais xurdidos da Primeira Guerra Mundial e as causas que explican a supremacía económica de Estados Unidos durante os anos 20.
- Analizar as causas que provocaron a crise bolsista de 1929 e o conseguinte desencadeamento, a nivel mundial, da Gran Depresión económica.
- Comentar as consecuencias desta crise nas condicións laborais, as economías domésticas e a vida cotiá da poboación.
- Explicar o proceso de mundialización da crise americana.
- Comparar as medidas adoptadas por diferentes gobernos para recuperar o curso natural da economía. Explicar os principios defendidos pola doutrina keynesiana.
- Valorar a importancia que tivo a colaboración internacional para a recuperación da recesión económica.
- Asegurarse de que entenden como funciona o sistema capitalista e que son conscientes das posibles consecuencias da mundialización da economía.
- Ver se analizan correctamente a información contida en documentos históricos, gráficos, gravados, cadros e fotografías correspondentes a este período.
- Pescudar se utilizan correctamente o vocabulario deste período histórico.
- Comprobar que son capaces de formularen hipóteses explicativas sobre a realidade histórica e formarse unha opinión fundamentada nas fontes consultadas.

### **Unidade 9.- Democracias e totalitarismos (1918-1939).**

- Sintetizar os factores que provocaron a crise dos sistemas democráticos e o ascenso dos réximes totalitarios no período de entreguerras.

- Definir, contextualizar e caracterizar os réximes fascistas. Precisar as similitudes e diferenzas ideolóxicas entre o fascismo italiano e o nazismo alemán, recolléndoo nun cadro sinóptico.
- Elaborar un esquema cronolóxico que recolla o proceso de control do poder por parte do fascismo italiano e o nazismo alemán. Deben sinalarse as fases elementais e as medidas adoptadas en cada unha delas.
- Describir e comparar a xestión política e económica de ambos réximes totalitarios.
- Valorar o alcance das mesmas, facendo fincapé na súa decisiva contribución á preparación do ambiente de tensión e odio que provocou o estalido da Segunda Guerra Mundial.
- Reflexionar sobre as medidas de control ideolóxico e de represión social que exerceu o réxime nazi sobre a poboación civil e, fundamentalmente, sobre a minoría xudía.
- Comprobar que coñecen os principais postulados da ideoloxía nazi e que reflexionan, criticamente, sobre as medidas de control ideolóxico e de represión social que exerceu sobre a poboación civil e as minorías.
- Asegurarse de que son contrarios a calquera forma de totalitarismo político e que defenden a tolerancia, o pluralismo e os valores democráticos.

### **Unidade 10.- A Segunda Guerra Mundial (1939-1945).**

- Analizar a conxuntura internacional que explica a xestación deste devastador conflito. Discriminar as causas profundas e as causas inmediatas da guerra.
- Elaborar un cadro esquemático que recolla o proceso de formación das alianzas establecidas entre os países que formaron parte dos bloques enfrontados na guerra.
- Sintetizar as etapas básicas da evolución do conflito. En cada unha delas debe analizarse a cronoloxía, os espazos no que se desenvolveu a guerra, os trazos definitorios e os feitos máis relevantes.
- Valorar criticamente as dimensións sociais e morais do conflito, facendo especial referencia ás medidas represivas do réxime nazi, ó xenocidio do pobo xudeu e ó uso da bomba atómica sobre a poboación civil.
- Resumir as consecuencias económicas e demográficas da Guerra.
- Esquemmatizar o proceso de deseño do mundo da posguerra a través dos acordos adoptados nas sucesivas conferencias de paz.
- Resumir as principais transformacións que sufriu o mapa de Europa como consecuencia da guerra.

### **Unidade 11.- A Guerra Fría e a política de bloques.**

- Sintetizar evolución de Estados Unidos e a URSS despois da Segunda Guerra Mundial, explicando as causas da Guerra Fría.
- Enumerar, situar e describir os principais conflitos que se produciron durante este período: bloqueo de Berlín, guerra de Corea, guerra de Vietnam, crise dos mísiles...
- Explicar as circunstancias que conduciron ó período de “coexistencia pacífica” dos anos 50 e 60, e a volta á tensión a partir da década dos setenta.
- Analizar as disidencias e tensións que se produciron dentro do bloque soviético: a ruptura con Iugoslavia, a revolución chinesa, a revolta de Hungría e a Primavera de Praga.
- Pescudar se saben explicar as causas do final da Guerra Fría e se avalían, en particular, o papel da descolonización e dos países non-aliñados.
- Verificar que saben analizar a información contida en documentos históricos, gráficos, fotografías e carteis propagandísticos da Guerra Fría.
- Asegurarse de que fan unha reflexión crítica sobre os perigos da utilización de armamento nuclear e que valoran a necesidade de frear a carreira armamentista.
- Valorar as alternativas propostas para resolver os conflitos de forma non-violenta.

### **Unidade 12.- A descolonización e o nacemento do Terceiro Mundo.**

- Sintetizar as causas do proceso de descolonización a partir da Segunda Guerra Mundial, e identificar as súas principais etapas.

- Analizar o proceso descolonizador en Asia a través dos exemplos da independencia de Indonesia, Indochina e a India.
- Explicar os factores que inciden nos conflitos de Oriente Próximo, en especial as guerras entre árabes e israelís. Analizar os antecedentes históricos e a evolución do problema palestino.
- Contextualizar a conferencia de Bandung e valorar a súa transcendencia.
- Sintetizar as etapas do proceso de descolonización do continente africano, desde Marrocos ata a zona austral.
- Comentar as consecuencias da descolonización: o xurdimento do Terceiro Mundo e os problemas dos países enmarcados dentro deste concepto.
- Explicar os factores que contribuíron á creba da bipolarización mundial, centrándose en particular no papel da descolonización e dos países non-aliñados.
- Valorar as alternativas propostas para resolver os conflitos de forma non-violenta e para comprender a gravidade dos problemas que afectan aos Dereitos Humanos e a paz.
- Observar se entenden a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.
- Comprobar que son capaces de formularen hipóteses explicativas sobre a realidade histórica e formarse unha opinión fundamentada nas fontes consultadas.

### **Unidade 13.- Un mundo dividido en bloques (1945-1991).**

- Analizar as bases da hexemonía dos Estados Unidos no mundo da posguerra.
- Explicar as principais características da estrutura social e do sistema político norteamericano.
- Resumir a evolución económica e demográfica de Europa occidental na segunda metade do século XX, incidindo nas melloras sociais alcanzadas coa consecución do estado do benestar.
- Comentar o proceso de consolidación dos sistemas democráticos na Europa da posguerra.
- Analizar os factores que conduciron á crise económica do 1973 e valorar as medidas adoptadas polos países industrializados para superar a crise.
- Describir o proceso de formación das democracias populares na Europa oriental e resumir as principais transformacións sociais experimentadas polos países comunistas.
- Sintetizar os cambios políticos e económicos que tiveron lugar na URSS trala morte de Stalin e valorar os logros e as limitacións do socialismo desenvolvido.
- Analizar a importancia das reformas políticas e económicas iniciadas por Mihail Gorbachov na década dos 80 sobre a evolución do comunismo.
- Esquematizar a evolución de China desde a caída do Imperio ata finais do século XX: identificar as etapas básicas e os trazos que as caracterizan.
- Explicar o dobre proceso de expansión e quebra do sistema comunista no mundo da posguerra.
- Identificar as causas que provocaron o vertixinoso desmantelamento das democracias populares e a desmembración da URSS.
- Analizar os factores que conduciron á crise económica do 1973 e valorar as medidas adoptadas polos países industrializados para superar a crise.

### **Unidade 14.- A formación da Unión Europea.**

- Pescudar se saben explicar a evolución que experimentou Europa desde a época da posguerra ata a creación da Unión Europea.
- Comprobar que coñecen as repercusións do Tratado de Roma.
- Confirmar que saben explicar o proceso de progresivo crecemento da Comunidade Europea.
- Pescudar se recoñecen as innovacións que supuxo a sinatura da Acta Única.
- Constatar que coñecen o Tratado de Maastricht e algúns dos seus principais obxectivos.
- Comprobar que coñecen as funcións das institucións comunitarias.
- Asegurarse de que coñecen os países que forman parte da Unión Europea na actualidade e os seus distintos niveis de riqueza.
- Ver se identifican os principais eixes económicos da Unión Europea e reflexionan criticamente sobre a necesidade de realizar unha política exterior común.
- Comprobar que recoñecen o papel que desempeña a Unión Europea na escena internacional.
- Verificar que realizan traballos en grupo e que participan en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.
- Describir a evolución do proceso de xestación e de construción da Unión Europea. Sintetizar a súa organización institucional.

## **Unidade 15.- Xeopolítica do mundo actual.**

- Observar se saben explicar en que consiste a nova orde mundial e recoñecen a hexemonía dos Estados Unidos como a única superpotencia mundial.
- Pescudar se coñecen as causas da desintegración da URSS e as principais dificultades que atravesara Rusia na nova orde mundial.
- Ver se coñecen que é o integrismo islámico e a relación deste co terrorismo internacional, facendo especial fincapé nos atentados do 11 de setembro.
- Observar se son capaces de identificar os principais conflitos bélicos que tiveron lugar a finais do século XX en Europa, África e Asia; e se poden determinar o carácter diferente de cada un deles.
- Comprobar que entenden os seguintes conceptos: sistema parlamentario, sistema presidencialista, sistema bipartidista, multipartidismo, estado unitario e estado federal.
- Valorar se saben explicar os principais problemas aos que teñen que facer fronte os sistemas democráticos na actualidade.
- Confirmar que coñecen a existencia de réximes autoritarios no mundo actual e que saben indicar as diferenzas entre estes e os sistemas democráticos.
- Ver se son conscientes das principais violacións dos dereitos humanos que se practican no mundo e adoptan unha postura crítica en relación.
- Observar se entenden a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.
- Verificar que realizan traballos en grupo e que participan en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.

## **Unidade 16.- Desenvolvemento tecnolóxico, globalización e cambio social.**

- Explicar o fenómeno da globalización, as relacións económicas que teñen lugar no mundo capitalista, e as diferenzas existentes entre países pobres e países ricos.
- Interpretar os distintos indicadores do desenvolvemento e analizar os problemas derivados do desigual acceso á riqueza no mundo.
- Explicar o concepto de débeda externa e localizar nun mapa os países máis endebedados.
- Contextualizar o desenvolvemento científico e tecnolóxico no marco dos sucesos acaecidos durante a última metade do século XX e principios do XXI.
- Analizar o impacto que a ciencia e a técnica tiveron e están tendo nas nosas propias vidas.
- Resumir e valorar criticamente os cambios sociais transcendentais que a sociedade actual está vivindo, especialmente no que se refire ó cambio de roles da muller e á transformación da familia tradicional.
- Explicar os conceptos de sociedade de consumo e cultura de masas e as contestacións existentes actualmente ao modelo social dominante.
- Confirmar que entenden o significado dos conceptos de sociedade de consumo e cultura de masas.
- Comprobar que son capaces de formularen hipóteses explicativas sobre a realidade histórica e formarse unha opinión fundamentada nas fontes e documentos históricos consultados.
- Verificar que realizan traballos en grupo e que participan en discusións e debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante.

## **Unidade 17.- Iberoamérica no século XX.**

- Valorar a política de intervención de Estados Unidos en América Latina e identificar ós principais protagonistas das revolucións centroamericanas.
- Identificar as causas dos principais problemas políticos e económicos da América Latina desde a posguerra ata actualidade.
- Valorar se recoñecen as fases da Revolución mexicana e os seus principais líderes; e analizan o contexto que conduce á instauración do PRI no poder.
- Constatar que coñecen a traxectoria seguida por Arxentina no século XX: o triunfo do populismo de Perón e a ditadura militar de Videla, Viola e Galtieri.
- Asegurarse de que coñecen as represións brutais exercidas polas ditaduras militares iberoamericanas.

- Observar se saben explicar a evolución da revolución cubana: a vitoria da guerrilla de Fidel Castro, a radicalización da revolución e o modelo político comunista.
- Entender que supuxo para a política interior e exterior de Chile o triunfo de Allende nas eleccións de 1970 e explicar as reformas que se emprenderon durante o seu mandato.
- Pescudar se identifican as características da ditadura de Pinochet.
- Valorar se saben explicar a situación de Iberoamérica no actual mundo globalizado e entenden as causas da emigración da poboación latinoamericana.
- Confirmar que utilizan o vocabulario específico deste tema con rigor e precisión.

## 6.- 2º BACHARELATO

### HISTORIA DE ESPAÑA

#### 6.1.- Obxectivos xerais.

O ensino da materia de *Historia de España* terá como finalidade o desenvolvemento por parte do alumnado das seguintes capacidades:

- 1.- Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos globais e acontecementos máis relevantes da historia de España, a súa diversidade territorial e a especificidade de Galicia para comprender a xénese da historia recente.
- 2.- Coñecer e comprender os procesos da historia contemporánea máis importantes, tanto pola súa xénese como polas súas repercusións na actualidade, observando as interrelacións que se dan entre os feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
- 3.- Desenvolver unha perspectiva integradora da historia de España que respecte a pluralidade de identidades que a conforman –non só territoriais, senón tamén sociais– e que potencie actitudes de solidariedade.
- 4.- Situar o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no marco internacional para poder ver as implicacións e influencias mutuas e ser capaces de ter unha idea coherente e articulada da historia.
- 5.- Distinguir os cambios conxunturais dos trazos que identifican os procesos históricos profundos para se capaces de pensar historicamente sobre os problemas máis relevantes do mundo actual.
- 6.- Coñecer o proceso de formación das normas que regulan o ordenamento constitucional, promovendo o compromiso cos valores democráticos e o interese por participar na vida cidadá.
- 7.- Valorar e comprender as loitas contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas, comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e tomando consciencia da necesidades de ter presentes suxeitos xeralmente silenciados na historia, en especial as mulleres.
- 8.- Seleccionar e interpretar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas metodolóxicas propias da materia (composición de textos, interpretación de imaxes, mapas, gráficas) para contrastar diversos puntos de vista e desenvolver a capacidade de exercer a crítica histórica.
- 9.- Realizar investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia do alumnado, manexando fontes como a historia oral, a prensa ou as tecnoloxías da información e da comunicación para aproximarse á propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e a diversidade das manifestacións históricas.

#### 6.2.- Contidos.



A Historia é unha materia común para todas as modalidades do Bacharelato, cunha dedicación semanal de 3 sesións lectivas e unhas 85 sesións anuais. Nesta programación os contidos conceptuais distribúense en catro bloques temáticos e cronolóxicos, que se organizan internamente nun total de dez unidades temáticas.

### Bloque I.- AS RAÍCES HISTÓRICAS.

Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na Antigüidade.

- 1.- As primeiras culturas.
- 2.- A romanización.
- 3.- Os reinos xermánicos de Hispania.

Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais.

- 1.- Esplendor de al-Ándalus e formación dos reinos cristiáns.
- 2.- Expansión cristiá e a fin de al-Ándalus.
- 3.- Sociedade e monarquía feudal.
- 4.- A crise dos séculos XIV e XV.
- 5.- A Galicia medieval.

### Bloque II.- O ANTIGO RÉXIME.

Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica.

- 1.- Os Reis Católicos.
- 2.- A Monarquía dos Austrias.
- 3.- Conquista e explotación da América española.
- 4.- A Galicia dos Austrias.

Unidade 4.- A Monarquía Borbónica no Antigo Réxime.

- 1.- O Antigo Réxime: trazos fundamentais.
- 2.- Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII.
- 3.- A Galicia borbónica.

### Bloque III.- O RÉXIME LIBERAL.

Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal.

- 1.- Crise do Antigo Réxime e revolución liberal.
- 2.- A construción do Estado liberal.
- 3.- O Sexenio Democrático. 1868-1874.
- 4.- O modelo de Estado na España liberal.

Unidade 6.- Estado e nación na Restauración borbónica.

- 1.- O réxime da Restauración borbónica. 1875-1923.
- 2.- O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración. 1902-1931.
- 3.- Nación e nacionalismos en España.

Unidade 7.- As transformacións socioeconómicas na España liberal.

- 1.- Atraso e desenvolvemento económico.
- 2.- Modernización demográfica e emigración.
- 3.- Nova sociedade de clases e dominio burgués.
- 4.- Conflitividade social e movemento obreiro.

## Bloque IV.- REPÚBLICA, DITADURA E DEMOCRACIA.

### Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil.

- 1.- A Segunda República.
- 2.- A Guerra Civil.

### Unidade 9.- España no franquismo.

- 1.- Bases e apoios da ditadura franquista.
- 2.- Unha longa posguerra. 1939-1959.
- 3.- Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973.
4. -A agonía do franquismo. 1973-1975.

### Unidade 10.- España en democracia.

- 1.- A transición democrática. 1975-1977.
- 2.- A Constitución de 1978.
- 3.- Os gobernos de UCD. 1977-1982.
- 4.- Os gobernos socialistas de Felipe González. 1982-1996.
- 5.- Os gobernos conservadores de Xosé María Aznar. 1996-2004.
- 6.- Os gobernos socialistas de Xosé Luís Rodríguez Zapatero. 2004-...
- 7.- A Galicia autonómica.

### 6.3.- Procedementos:

- Identificación, definición e aplicación dos conceptos históricos específicos de cada tema.
- Elaboración de eixes cronolóxicos e localización nos mesmos dos personaxes, feitos ou procesos históricos determinantes en cada período da evolución histórica peninsular.
- Elaboración de esquemas ou cadros comparativos entre institucións, procesos ou feitos históricos diferenciados na historia de España.
- Elaboración e comentario de mapas conceptuais e cadros sinópticos.
- Observación, análise e interpretación de series estatísticas e gráficos.
- Observación, análise e interpretación de mapas históricos de diverso contido, singularmente aqueles que permitan observar a evolución das unidades integrantes de España nas diferentes etapas históricas.
- Elaboración de mapas temáticos sobre feitos e procesos esenciais da evolución histórica peninsular.
- Análise e comentario de textos históricos.
- Identificación e clasificación dos factores causais que explican procesos de cambio global ou feitos históricos.
- Análise das accións e intervencións dos grupos e das persoas que interveñen nalgún feito histórico, con axuda de diversos medios.
- Identificación, nunha situación de conflito dada, dos distintos factores que nela interveñen, e as interrelacións que entre eles se establecen.
- Formulación e contraste de hipóteses explicativas ás preguntas propostas sobre a realidade histórica, adquirindo unha opinión fundamentada nas fontes consultadas.
- Identificación, coa axuda de diferentes fontes, dos acontecementos internacionais que inflúen na situación política española.
- Confección dun dossier de prensa sobre determinados aspectos significativos dun período histórico recente traballado na aula.
- Proxección de documentais e análise de filmes de contido histórico.
- Utilización de fontes orais para a realización e exposición de pequenos traballos sobre a evolución da vida cotiá de períodos recentes da nosa historia.
- Utilización de diversos medios (vídeos, diapositivas, discos, fotografías, etc.), que faciliten a comprensión das tensións e da dinámica cultural da historia de España.
- Elaboración de traballos en grupo, exposición e debate dos mesmos na aula.
- Preparación e realización dun debate sobre un dos temas traballados ao longo do curso.

#### 6.4.- Actitudes.

- Interese por coñecer as raíces de España e de Galicia, analizando con rigor as diversas fontes históricas, e identificando e desmitificando as interpretacións partidistas ou tendenciosas.
- Predisposición por buscar as causas da complexa realidade da España actual no seu diverso e variado proceso de conformación ó longo do tempo.
- Valoración crítica de épocas e culturas distintas á actual como elementos enriquecedores da existencia colectiva da nosa sociedade.
- Relativización da propia cultura e civilización, e valoración negativa e rexeitamento de calquera forma de pensar dogmática e de actitudes ou comportamentos etnocéntricos.
- Asunción do diálogo e da tolerancia como medios necesarios para resolver os conflitos, rexeitando o fanatismo e o recurso á violencia.
- Asunción da necesidade dunha formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.
- Comprensión da complexidade e a subxectividade da análise histórica, e da necesidade de relativizar os seus resultados, entendéndoos como un proceso en constante reelaboración.
- Sensibilidade polo rigor e a obxectividade na busca e interpretación da información histórica.
- Adopción dun método de traballo ordenado e rigoroso no estudio histórico.
- Sensibilidade pola precisión e o sentido estético na elaboración das tarefas e dos traballos propostos.
- Valoración e respecto polo patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico como fonte de coñecemento do noso pasado. Compromiso na súa difusión e valoración da acción individual para a súa conservación.

#### 6.5.- Metodoloxía.

- Para alcanzar os obxectivos desta materia, sintetizados en conseguir que o alumnado se achegue ao estudo dos feitos e procesos históricos máis significativos da historia da España, trabállase cun modelo explicativo do cambio histórico baseado na distinción de distintos sistemas configurados por uns trazos sociais, políticos, económicos, culturais e ideolóxicos específicos que se desenvolven nun período de tempo determinado e que, polo seu propio desenvolvemento, evolucionan e orixinan novos sistemas. Este é o criterio aplicado á hora de organizar os contidos da materia, os catro bloques temáticos en que se distribúen os contidos a desenvolver durante o curso.
- Á hora de optar por unha ou outra metodoloxía didáctica das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Historia, optamos por aquela que combina a construción do coñecemento histórico do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador en que se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.
- A elección desta metodoloxía condiciona a presentación dos contidos, de forma que se debe combinar a información explícita, que facilite ao alumnado a comprensión dos fenómenos históricos, coa reconstrución e verificación de parte da información por el mesmo mediante a lectura e o comentario de numerosos documentos históricos, integrados no discurso explicativo, incardinados nel, non como un complemento optativo ou de información complementaria, senón como partes integrantes da explicación e reconstrución histórica.

#### 6.6.- Temporalización prevista.

- **1ª avaliación:** (36 sesións,). Temas 1 a 5.
  - Introducción: 3 sesións
  - Unidade 1: 3 sesións
  - Unidade 2: 3 sesións
  - Unidade 3: 3 sesións
  - Unidade 4: 6 sesións
  - Unidade 5: 10 sesións
  - *Unidade 6:* 5 sesións

- 2 sesións dedicadas a exames
- 1 sesións dedicadas a avaliación

- **2ª avaliación:** (30 sesións,). Temas 6 a 8.
  - Unidade 6: 5 sesións
  - Unidade 7: 8 sesións
  - Unidade 8: 12 sesións
  - *Unidade 9:* 2 sesións
  - 2 sesións dedicadas a exames
  - 1 sesións dedicadas a avaliación
- **3ª avaliación:** (18 sesións,). Temas 9-10.
  - Unidade 9: 10 sesións
  - Unidade 10: 6 sesións
  - 2 sesións dedicadas a exames
  - Semana dedicada a exámenes.

MES	SEMANA	UNIDADE TEMÁTICA
Setembro	3ª	Introdución
	4ª	1. Hispania e Gallaecia na Antigüidade
Outubro	1ª	2. Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais
	2ª	3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica
	3ª	4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime
	4ª	
Novembro	1ª	5. Inicios e consolidación do réxime liberal
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Decembro	1ª	6.- Estado e nación na restauración borbónica
	2ª	
	3ª	
Xaneiro	3ª	7. As transformacións socioeconómicas na España liberal
	4ª	
	5ª	
Febreiro	1ª	8. Segunda república e guerra civil
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Marzo	1ª	9. España no franquismo
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Abril	2ª	10. España en democracia
	3ª	
	4ª	
	5ª	
Maio	1ª	Probas de avaliación
	2ª	

#### 6.7.- Avaliación.

### 6.7.1.- Criterios xerais.

- Caracterizar as grandes etapas do pasado histórico de España e Galicia, destacando as súas achegas básicas e sinalando os seus aspectos comúns e diversos.
- Coñecer e analizar os procesos, feitos e personaxes máis relevantes da historia de España e de Galicia, situándoos cronoloxicamente dentro dos diferentes ritmos de cambio e permanencia.
- Comprender os trazos esenciais da sociedade española e galega actual a partir da identificación dos procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica histórica.
- Recoñecer na realidade actual as posibles pervivencias do pasado.
- Recoñecer os criterios valorativos propios da nosa época nas diferentes interpretacións do pasado.
- Analizar a interrelación causal entre os diferentes factores que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia.
- Relacionar os procesos e acontecementos propios da historia de España e de Galicia cos correspondentes ós ámbitos europeo, hispanoamericano e internacional.
- Obtención e valoración crítica de información relevante procedente de diferentes fontes e emprego dela para a emisión dun xuízo razoado sobre os aspectos esenciais da evolución histórica de España e de Galicia.
- Apreciación de actitudes de tolerancia, relativismo crítico e respecto á realidade plural e multiforme que caracteriza as sociedades actuais.
- Formular hipóteses explicativas sobre a realidade histórica, formándose unha opinión fundamentada nas diversas fontes consultadas.
- Definir e situar no espazo e no tempo os personaxes, feitos e procesos históricos básicos en cada tema.
- Participar de forma regular no traballo desenvolvido na aula cunha actitude respectuosa, crítica e construtiva.

### 6.7.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado valoraranse conxuntamente os seguintes aspectos:
  - A comprensión dos contidos conceptuais.
  - Precisión léxica, corrección da sintaxe e ortografía.
  - Coherencia na exposición das ideas: ordenación e relación das mesmas.
  - Capacidade de síntese e argumentación.
  - A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
  - A responsabilidade asumida na realización de traballos en grupo, así como a capacidade organizativa e de coordinación de tarefas.
  - A calidade e variedade das fontes empregadas, así como a presentación formal dun traballo.
- A valoración global do alumnado será o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizado ao longo de curso. Os elementos e instrumentos básicos nos que se fundamentará a cualificación obtida polo alumno serán:
  - Respecto das normas de convivencia.
  - Actitude ante a materia e participación na clase.
  - Actividades desenvolvidas na aula.
  - Tarefas realizadas na casa e materiais elaborados polo alumno, recollidos no caderno de clase.
  - Probas orais e escritas sobre contidos previamente traballados na aula ou adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual ou en grupo.
- Nas probas escritas poderán presentarse ao alumnado:
  - Termos (conceptos, procesos, personaxes...) para ser definidos.
  - Textos, gráficas, imaxes e mapas históricos para ser analizados e comentados, de acordo coas pautas dadas na aula.
  - Preguntas que o alumnado debe contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.
  - Elaboración dunha "*composición dun texto sobre tema de tipo histórico*", a partir da análise dunha serie de documentos. Este era o modelo seguido ata o presente curso nas probas de acceso á universidade (PAAU), e supoñemos que seguirá vixente. Dada a súa transcendencia, será o tipo de proba máis frecuente.

Este tipo de proba pretende que o alumno interprete acontecementos e procesos históricos a partir de fontes documentais diversas, e que reestruture e reelabore os coñecementos adquiridos para realizar unha síntese persoal.

## **6.8.- Programación das unidades didácticas.**

### **Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na Antigüidade[desde as orixes ata o século VIII].**

#### **Obxectivos específicos:**

- Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.
- Diferenciar as orixes míticas das culturas e pobos peninsulares dos coñecementos obtidos a través de fontes científicas e históricas.
- Coñecer as principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia.
- Valorar o impacto da romanización na Península Ibérica.
- Recoñecer algún dos vestixios da civilización romana na actualidade.
- Reflexionar sobre a chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular.

#### **Contidos conceptuais:**

- 1.- As primeiras culturas.
  - 1.1.- Os inicios do poboamento peninsular.
  - 1.2.- A chegada de influencias e pobos centroeuropeos e mediterráneos.
  - 1.3.- Os pobos prerromanos e a cultura castrexa.
- 2.- A romanización.
  - 2.1.- A Hispania romana.
  - 2.2.- A Gallaecia romana.
- 3.- Os reinos xermánicos de Hispania.
  - 3.1.- O reino dos suevos en Gallaecia.
  - 3.2.- O reino dos visigodos.

#### **Criterios de avaliación:**

- Identificar os xacementos prehistóricos máis importantes de España e valorar a repercusión dos achados de Atapuerca no estudio da evolución humana.
- Sintetizar as principais diferenzas entre a economía e a tecnoloxía das sociedades cazadoras-colleiteiras e a das sociedades agrícolas.
- Identificar, situar e caracterizar as distintas culturas da Idade dos Metais na Península.
- Valorar a importancia dos aportes dos pobos indoeuropeos e colonizadores na evolución histórica peninsular.
- Comparar a organización socioeconómica, os patróns de asentamento e as manifestacións artísticas dos pobos prerromanos peninsulares.
- Esquematizar as diferentes fases e formas da conquista romana de Hispania e como condicionan o ritmo e o grao do proceso de romanización.
- Resumir os trazos elementais da organización administrativa, da estrutura económica e social e das manifestacións culturais e artísticas da Hispania romana.
- Sintetizar o proceso de formación e evolución política dos reinos xermanos peninsulares. Identificar os trazos esenciais da súa organización territorial, económica e social.

### **Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais [séculos VIII-XV].**

#### **Obxectivos específicos:**

- Comprender a singularidade da convivencia de cristiáns e musulmáns durante a Idade Media peninsular.
- Reflexionar sobre o éxito do avance e rápido dominio musulmán da Península despois de 711.
- Diferenciar o modelo social, económico e cultural dos reinos cristiáns en contraste co modelo dos reinos e territorios musulmáns.
- Apreciar o desenvolvemento económico e cultural alcanzado pola sociedade hispana de al-Ándalus.
- Identificar algúns dos vestixios da civilización musulmá presente na actualidade.
- Coñecer a orixe das diferentes unidades territoriais que se foron configurando na península ibérica.

### **Contidos conceptuais:**

- 1.- Esplendor de al-Ándalus e formación dos reinos cristiáns.
  - 1.1.- Conquista e ocupación islámica.
  - 1.2.- Emirato e califato de Córdoba.
  - 1.3.- A orixe dos reinos cristiáns.
  - 1.4.- Reconquista e repoboación.
  - 1.5.- As campañas de Almanzor e a fin do califato de Córdoba.
  - 1.6.- A presenza musulmá en Galicia.
- 2.- A expansión cristiá e a fin de al-Ándalus.
  - 2.1.- Taifas, parias e reinos cristiáns.
  - 2.2.- A loita contra os almorábides.
  - 2.3.- Creación da Coroa de Aragón e independencia de Portugal.
  - 2.4.- A loita contra os almohades.
  - 2.5.- Creación da Coroa de Castela e conquista de Andalucía e Levante.
  - 2.6.- Cartas de poboamento, doazóns e repartimentos.
  - 2.7.- A expansión catalano-aragonesa.
  - 2.8.- O reino nazarí de Granada.
- 3.- Sociedade e monarquía feudal.
  - 3.1.- A sociedade feudal.
  - 3.2.- A monarquía feudal.
  - 3.3.- Da ruralización ó desenvolvemento urbano e comercial.
- 4.- A crise dos séculos XIV e XV.
  - 4.1.- A crise demográfica e a peste negra.
  - 4.2.- Crise e recuperación económica.
  - 4.3.- Crise política e revoltas nobiliarias.
  - 4.4.- Crise e revoltas sociais.
- 5.- A Galicia medieval.
  - 5.1.- Un reino sen rei.
  - 5.2.- Os señores de Galicia.
  - 5.3.- As peregrinacións a Compostela.
  - 5.4.- Reactivación da vida urbana.
  - 5.5.- As dificultades do século XIV.
  - 5.6.- A revolta dos irmandiños.

### **Criterios de avaliación:**

- Explicar a conquista musulmá da Península e esquematizar as etapas básicas da historia de al-Ándalus.
- Identificar e localizar no espazo e no tempo os distintos núcleos de resistencia contra o dominio islámico.
- Sintetizar os trazos básicos da organización económica e social de al-Ándalus, en comparación cos núcleos de resistencia cristiáns.
- Caracterizar e esquematizar o proceso de expansión territorial dos Estados cristiáns coñecido como Reconquista, identificando as súas etapas elementais e relacionándoo coa situación de al-Ándalus.

- Analizar e comparar os trazos definitivos dos distintos modelos de ocupación do espazo que coñecemos como Repoboación, sintetizando a súa transcendencia sobre a estrutura da propiedade da terra.
- Esquematisar a evolución da organización territorial da Península na Idade Media, identificando os fitos esenciais da conformación dos Estados peninsulares e a súa incidencia na presente.
- Comparar os aspectos máis salientados da organización territorial, socioeconómica e política das Coroas de Castela e Aragón.
- Comparar os procesos de proxección exterior de Castela e Aragón.
- Sintetizar os trazos que definen a chamada crise baixomedieval: factores, manifestacións e repercusións.
- Interpretar textos e mapas históricos sobre distintos aspectos dos reinos que nos séculos XIV e XV constituían a Península Ibérica.

### **Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica. [séculos XV-XVII].**

#### **Obxectivos específicos:**

- Analizar o reinado dos Reis Católicos como o tránsito da Idade Media á Idade Contemporánea e o inicio da formación do Estado moderno, coa transformación dos órganos de goberno e o reforzo da autoridade nos monarcas.
- Reflexionar sobre o proceso de exploración e conquista das terras descubertas en América e as súas consecuencias.
- Coñecer o modelo político instaurado polos monarcas Austrias na Monarquía hispánica.
- Identificar os distintos territorios que formaron parte da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.
- Diferenciar a posición internacional da Monarquía hispánica, hexemónica no século XVI e de dificultades e guerras continuas no século XVII.
- Valorar o papel de Galicia na política internacional dos monarcas Austrias.

#### **Contidos conceptuais:**

##### 1.- Os Reis Católicos.

- 1.1.- Unión dinástica.
- 1.2.- Pacificación dos reinos e sometemento dos señores feudais.
- 1.3.- Dominación de Galicia.
- 1.4.- Establecemento da Inquisición e expulsión dos xudeus.
- 1.5.- Reorganización político-administrativa.
- 1.6.- Ampliación territorial.
- 1.7.- Descubrimento de América e reparto do mundo.
- 1.8.- A política matrimonial e o problema sucesorio.

##### 2.- A monarquía dos Austrias.

- 2.1.- A Monarquía hispánica. Trazos xerais.
  - A.- Unión de Coroas e dispersión territorial.
  - B.- Monarquía autoritaria.
  - C.- Hexemonía e guerra.
  - D.- Dependencia económica de América.
  - E.- Auxe e decadencia.
- 2.2.- Carlos I e o Imperio universal.
  - A.- Rei e emperador.
  - B.- Imperio, comunidades e xermanías.
  - C.- Rivalidade con Francia.
  - D.- A loita pola unidade relixiosa en Europa.
  - E.- Desvinculación do Imperio e abdicación.
- 2.3.- A monarquía católica de Felipe II.
  - A.- Defensa do catolicismo e intolerancia relixiosa.
  - B.- Continuidade das guerras con Francia.
  - C.- A rebelión dos Países Baixos.



- D.- A sublevación dos mouriscos e a ameaza turca.
- E.- Unión con Portugal.
- F.- O problema inglés.
- G.- Problemas interiores e dificultades exteriores.
- 2.4.- A hexemonía dinástica de Felipe III.
  - A.- Paz e diplomacia.
  - B.- Expulsión dos mouriscos.
- 2.5.- Felipe IV e a loita polo mantemento da hexemonía.
  - A.- A Guerra dos Trinta Anos.
  - B.- A Unión de Armas e a crise xeral da Monarquía hispánica.
  - C.- A perda da hexemonía e o sistema Westfalia-Pirineos.
- 2.6.- Carlos II e o problema sucesorio.
  - A.- As derrotas fronte a Francia.
  - B.- O problema sucesorio.
- 3.- Conquista e explotación da América española.
  - 3.1.- A conquista da América española.
  - 3.2.- O goberno das Indias.
  - 3.3.- A explotación das Indias.
  - 3.4.- A evanxelización.
- 4.- A Galicia dos Austrias.
  - 4.1.- Organización administrativa do Reino.
  - 4.2.- Galicia e a explotación das colonias.
  - 4.3.- Galicia e as guerras dos Austrias.
  - 4.4.- Sociedade agraria e novos cultivos.

#### **Criterios de avaliación:**

- Resumir as vías da política de unidade territorial dirixida polos Reis Católicos, o seu alcance real e as súas repercusións.
- Sintetizar os obxectivos, instrumentos e consecuencias da política relixiosa da monarquía católica.
- Explicar os trazos elementais da organización económica e social da España dos Reis Católicos.
- Resumir o proxecto colombino: formulación inicial, erros de cálculo, proceso de negociación coa monarquía e realización do proxecto.
- Explicar os trazos definitivos da organización colonial e a explotación económica das Indias.
- Analizar o impacto da colonización nas Indias e o das Indias na economía e sociedade españolas.
- Identificar as bases do Estado moderno autoritario e a función dos seus principais órganos de goberno.
- Enumerar os distintos monarcas da dinastía dos Austrias e resumir as liñas de actuación política emprendidas por cada un deles.
- Sintetizar as causas e o desenvolvemento dos conflitos internos que cuestionaron a política dos Austrias nos séculos XVI e XVII. Valorar o seu alcance e as súas implicacións.
- Resumir os trazos esenciais da estrutura e evolución demográfica e social da España moderna.
- Comparar a evolución da conxuntura económica de España nos séculos XVI e XVII.
- Identificar as causas da decadencia do imperio español e a perda da hexemonía dos Austrias en Europa.
- Analizar os exemplos máis sobresaíntes da arte barroca en España e en Galicia.

#### **Unidade 4.- A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. 1700-1808.**

##### **Obxectivos específicos:**

- Identificar os trazos fundamentais que definen o Antigo Réxime hispano.
- Recoñecer o modelo de organización que introduce a nova dinastía borbónica na Coroa de España.
- Valorar o esforzo reformista iniciado polos ilustrados españois e galegos, así como as dificultades e limitacións con que se atoparon.

- Reflexionar sobre o impacto que a Revolución francesa de 1789 tivo sobre a sociedade e sobre a monarquía españolas.
- Apreciar as diferentes consecuencias que o novo modelo político centralista e uniforme tivo para os distintos reinos, señoríos e territorios peninsulares.
- Valorar a evolución da situación internacional da Monarquía borbónica española durante o século XVIII.

#### **Contidos conceptuais:**

- 1.- O Antigo Réxime: trazos fundamentais.
  - 1.1.- Sistema económico predominantemente agrario.
  - 1.2.- Réxime demográfico antigo.
  - 1.3.- Sociedade estamental.
  - 1.4.- Analfabetismo e relixiosidade.
  - 1.5.- Persistencia do réxime señorial.
  - 1.6.- Monarquía absoluta e soberanía real.
- 2.- Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII.
  - 2.1.- Felipe V e o centralismo borbónico.
    - A.- Guerra de sucesión e cambio dinástico. O sistema de Utrecht.
    - B.- Reforma da monarquía e centralismo político.
    - C.- Do revisionismo de Utrecht ós Pactos de Familia.
  - 2.2.- Fernando VI e o pacifismo.
  - 2.3.- Carlos III e o reformismo ilustrado.
    - A.- Despotismo ilustrado e regalismo.
    - B.- Os problemas exteriores.
    - C.- O apoxeo do reformismo ilustrado.
    - D.- Dificultades das reformas.
  - 2.4.- Carlos IV e o impacto da Revolución Francesa.
    - A.- O temor á expansión da revolución.
    - B.- A fin do reformismo.
    - C.- Despotismo de Godoy e alianza con Napoleón.
- 3.- A Galicia Borbónica.
  - 3.1.- As realizacións dos Borbóns en Galicia.
  - 3.2.- Galicia e as guerras dos Borbóns.
  - 3.3.- Fidalgos e comerciantes.
  - 3.4.- A Ilustración en Galicia.

#### **Criterios de avaliación:**

- Resumir os trazos xerais e particulares do Antigo Réxime en España e en Galicia.
- Explicar a estrutura da sociedade galega no século XVIII e o conflito foral entre a fidalguía e a Igrexa.
- Explicar as causas que desembocaron na Guerra de Sucesión e as súas consecuencias.
- Sintetizar a repercusión do proceso de centralización do poder político que levaron a cabo os Borbón.
- Identificar as características do Despotismo Ilustrado de Carlos III.
- Analizar as reformas económicas implantadas polos Borbón: obxectivos, desenvolvemento e balance.
- Identificar os principios fundamentais e os pensadores máis representativos da Ilustración en España e en Galicia. Valorar as súas propostas de renovación económica e social.

#### **Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal. 1808-1875.**

##### **Obxectivos específicos:**

- Comprender a natureza do cambio histórico que experimenta a sociedade e o Estado neste período.
- Relacionar a situación española destes momentos coa situación internacional: Napoleón e a Europa dos Congresos.
- Analizar os factores que contribúen á especificidade da revolución española.

- Identificar as distintas ideoloxías da sociedade española a comezos de XIX: absolutistas, liberais e reformistas.
- Adquirir un vocabulario histórico preciso que permita unha mellor comprensión e utilización do mesmo na análise da realidade.
- Valorar a transcendencia política e económica da independencia das colonias españolas en América.
- Identificar as ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
- Identificar as características principais do Estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativo.

### Contidos conceptuais:

- 1.- Crise do Antigo Réxime e revolución liberal.
  - 1.1.- Liberalismo: principios e institucións.
  - 1.2.- A crise da monarquía e a invasión napoleónica.
    - A.- A crise da monarquía española.
    - B.- As abdicacións de Baiona e o reinado de Xosé I Bonaparte.
    - C.- A guerra contra Napoleón.
  - 1.3.- As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
    - A.- A formación das xuntas de goberno.
    - B.- As Cortes de Cádiz e a abolición do Antigo Réxime.
    - C.- A Constitución de 1812.
  - 1.4.- A restauración absolutista de Fernando VII. 1814-1833.
    - A.- O Sexenio Absolutista. 1814-1820.
    - B.- O Trienio Liberal. 1820-1823.
    - C.- A Década Ominosa ou Absolutista. 1823-1833.
  - 1.5.- Independencia da América española.
    - A.- Formación de xuntas e intentos de emancipación. 1808-1814.
    - B.- Guerras de independencia latinoamericana. 1814-1824.
- 2.- A construción do Estado liberal.
  - 2.1.- Liberalismo doutrinario: moderados e progresistas.
  - 2.2.- O réxime do Estatuto Real e o triunfo liberal. 1833-1840.
    - A.- A reforma provincial.
    - B.- O Estatuto Real.
    - C.- As revolucións de 1835 e 1836.
    - D.- O carlismo.
    - E.- A Primeira Guerra Carlista (1833-1839).
    - F.- A desaparición do Reino de Galicia.
  - 2.3.- O réxime progresista de 1837. 1836-1843.
    - A.- A Constitución de 1837.
    - B.- Segunda fase da rexencia de María Cristina de Borbón. 1836-1840.
    - C.- Rexencia de Espartero. 1840-1843.
  - 2.4.- O réxime moderado de 1845. 1843-1868
    - A.- A Constitución de 1845.
    - B.- A Década Moderada. 1844-1854.
    - C.- O Bienio Progresista. 1854-1856.
    - D.- A Década Moderado-unionista e a fin do reinado. 1856-1868.
- 3.- O Sexenio Democrático. 1868-1874.
  - 3.1.- Liberalismo democrático: demócratas e republicanos.
  - 3.2.- A Revolución de 1868.
    - A.- A Revolución Gloriosa.
    - B.- A Constitución de 1869.
  - 3.3.- A monarquía democrática de Amadeo I. 1871-1873.
  - 3.4.- A Primeira República. 1873-1874.
  - 3.5.- O republicanismo en Galicia durante o Sexenio.

#### 4.-O modelo de Estado na España liberal.

##### **Criterios de avaliación:**

- Explicar as causas, a evolución e as consecuencias da Guerra da Independencia.
- Valorar a importancia histórica das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 na historia de España.
- Elaborar un esquema sobre a evolución do reinado de Fernando VII (1814-1833).
- Sintetizar a evolución dos enfrontamentos entre liberais e realistas durante o reinado de Fernando VII.
- Comentar as relacións entre a evolución histórica de España e a conxuntura internacional.
- Identificar os intereses políticos dos distintos sectores enfrontados pola sucesión de Fernando VII.
- Explicar a orixe e a evolución do movemento emancipador das colonias americanas, identificar ós seus principais líderes políticos e analizar os problemas das novas nacións americanas.
- Caracterizar as fases básicas do reinado de Isabel II. Enumerar as medidas e actuacións concretas que se levaron a cabo en cada unha, tanto na política interna como nas relacións internacionais.
- Explicar as tensións entre absolutismo e liberalismo en España e en Galicia: a guerra carlista.
- Relacionar os períodos do reinado de Isabel II coa conxuntura internacional.
- Clasificar e caracterizar as tendencias políticas do reinado de Isabel II: moderados, progresistas e demócratas. Explicar a súa relevancia política en cada etapa.
- Comparar as Constitucións de 1837, 1845 e 1856. Subliñar como se recollen nelas os principios ideolóxicos de moderados e progresistas.
- Comentar os factores que desencadearon a revolución de 1868 e provocaron a crise da monarquía de Isabel II.
- Realizar unha valoración crítica da Constitución de 1869: identificar os principios de liberalismo democrático que recolle e comparalos cos fundamentos das Constitucións anteriores do século XIX.
- Analiza os principais conflitos e recoñecer os grupos de oposición cos que se enfrontou a monarquía democrática de Amadeo I. Explicar o proceso que conduciu á proclamación da Primeira República.
- Explicar os distintos modelos republicanos que se sucederon durante a I República.
- Identificar as causas da inestabilidade política que caracterizou a I República e explicar as razóns do seu fracaso. Facer unha valoración da primeira experiencia republicana en España.

#### **Unidade 6.- Estado e nación na Restauración borbónica. 1875-1931.**

##### **Obxectivos específicos:**

- Coñecer o sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- Identificar as causas que levan á crise do sistema.
- Recoñecer as causas que levaron á Ditadura e a fin do sistema constitucional e liberal.
- Identificar as características básicas da ditadura de Primo de Rivera e as súas similitudes e diferenzas co fascismo italiano.
- Reflexionar sobre as críticas que os rexeneracionistas facían ao sistema político da Restauración e as propostas de reforma política, social, económica e cultural.
- Analizar a diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo.

##### **Contidos conceptuais:**

#### 1.- O réxime da Restauración borbónica. 1875-1923.

##### 1.1.-Reinado de Alfonso XII. 1875-1885.

- A.- A Constitución de 1876.
- B.- A pacificación do reino.
- C.- Establecemento dun Estado unitario e centralizado.
- C.- Os gobernos de Cánovas e o inicio da quenda.
- D.- Reorganización e división republicana.

##### 1.2.-A rexencia de María Cristina de Habsburgo. 1885-1902.

- A.- As reformas de Sagasta.
- B.- A continuidade da quenda. Fraude electoral, oligarquía e caciquismo.
- C.- Conflitividade social e movementos rexionalistas.

- D.- O desastre de 1898.
- E.- O rexeneracionismo e a xeración de 1898.
- F.- Intentos fracasados de unión dos republicanos.
- 1.3.- A Galicia dos caciques.
- 2.- O reinado de Alfonso XIII e a crise da Restauración. 1902-1931.
  - 2.1.- Os inicios do reinado e as propostas de reforma. 1902-1916.
    - A.- As reformas de Maura.
    - B.- A Semana Tráxica.
    - C.- As reformas de Canalejas.
  - 2.2.- A quebra do sistema da Restauración. 1917-1923.
    - A.- A crise de 1917.
    - B.- A quebra da quenda e da monarquía constitucional.
    - C.- A oposición republicana.
    - D.- A cuestión marroquí e o desastre de Annual.
  - 2.3.- A ditadura de Primo de Rivera.
    - A.- O Directorio Militar. 1923-1925.
    - B.- O Directorio Civil. 1925-1930.
  - 2.4.- A fin da monarquía. 1930-1931.
- 3.- Nación e nacionalismos en España.
  - 3.1.- O nacionalismo español.
  - 3.2.- Rexionalismos e nacionalismos periféricos.
  - 3.3.- O catalanismo.
    - A.- A personalidade diferencial de Cataluña.
    - B.- O rexionalismo catalán.
    - C.- O nacionalismo catalán.
  - 3.4.- O nacionalismo vasco.
    - A.- Carlismo e foralismo.
    - B.- Sabino Arana Goiri.
    - C.- O Partido Nacionalismo Vasco.
  - 3.4.- O galeguismo.
    - A.- Os alicerces do galeguismo: o provincialismo.
    - B.- O rexionalismo galego.
    - C.- O nacionalismo galego.

#### **Criterios de avaliación:**

- Explicar as causas que deron lugar á Restauración da monarquía Borbónica.
- Identificar as bases legais e mecanismos institucionais que permitiron o funcionamento do chamado sistema político da Restauración. Valorar criticamente cada un deles.
- Enumerar e caracterizar as forzas políticas que existían dentro e fora da quenda de partidos: partidos, ideoloxía, propostas e actuacións.
- Esquematizar a evolución dos nacionalismos catalán, vasco e galego.
- Resumir as causas e as consecuencias da crise agraria finisecular.
- Sintetizar as causas, desenvolvemento e consecuencias das guerras de Cuba e Filipinas.
- Valorar os efectos que produciu o desastre do 98 na sociedade española. Analizar as principais ideas do movemento rexeneracionista.
- Sintetizar o alcance dos intentos rexeneracionistas desenvolvidos na segunda etapa da Restauración.
- Explicar o ideario e a evolución dos nacionalismos periféricos e do republicanismo neste período.
- Esquematizar a evolución económica e as tensións sociais da Galicia do primeiro terzo do século XX.
- Identificar e analizar a incidencia dos diversos factores que contribuíron ó deterioro progresivo do sistema político da Restauración, e que coincidiron na crise de 1917.
- Analizar os trazos básicos da política colonial española no primeiro terzo do século XX: a cuestión marroquí e o desastre de Annual. Destacar as súas consecuencias sociais e comparar as distintas posturas políticas ante a mesma.

- Elaborar unha visión de conxunto da conxuntura económica, social e política que propiciou o golpe de Estado de Miguel Primo de Rivera.
- Identificar os grupos que apoiaban e os que se opuña ó réxime ditatorial de Primo de Rivera.
- Comentar os obxectivos e realizacións do Directorio militar en relación cos seguintes aspectos: rexeneración da vida política, restablecemento da orde pública e a cuestión nacional.
- Analizar a política económica do Directorio civil: fundamentos, factores externos que influíron no crecemento económico, sectores económicos potenciados e desigual repercusión nos diferentes grupos sociais.
- Describir as causas e o proceso de decadencia da ditadura e da fin da monarquía borbónica.

## **Unidade 7.- As transformacións socioeconómicas na España liberal. 1808-1931.**

### **Obxectivos específicos:**

- Valorar as consecuencias da revolución agraria liberal e das desamortizacións para os distintos sectores afectados.
- Distinguir os factores que interveñen nos desequilibrios territoriais que se producen no século XIX.
- Analizar a evolución socioeconómica deste século.
- Comprender as causas do atraso económico relativo de España contemporánea.
- Relacionar os avances e retrocesos de revolución liberal co lento proceso de cambio socioeconómico.
- Identificar as causas que levan á conflictividade social tanto no rural como nas cidades.
- Analizar os cambios demográficos que se producen na sociedade española, así como as causas da emigración.

### **Contidos conceptuais:**

- 1.- Atraso e desenvolvemento económico.
  - 1.1.-O desenvolvemento capitalista da España liberal.
    - A.- Bases xurídicas da economía na España liberal.
    - B.- Dificultades e limitacións do desenvolvemento.
    - C.- Fases do desenvolvemento económico.
  - 1.2.-A reforma agraria liberal e as desamortizacións.
  - 1.3.-Desigual evolución da agricultura en España.
  - 1.4.-A diversidade rexional na industria.
  - 1.5.-O ferrocarril e a formación do mercado interior.
  - 1.6.-A renovación das estradas e dos portos. Correos e telecomunicacións.
  - 1.7.-O sistema bancario e financeiro.
- 2.- Modernización demográfica e emigración.
  - 2.1.-Pervivencia e cambios no modelo demográfico.
  - 2.2.-O proceso de urbanización.
  - 2.3.-Os movementos migratorios.
- 3.- Nova sociedade de clases e dominio burgués.
  - 3.1.-Os grupos tradicionais.
  - 3.2.-Os novos grupos.
- 4.- Conflictividade social e movemento obreiro.
  - 4.1.-As condicións de vida da clase traballadora.
  - 4.2.-A reacción contra as máquinas: o ludismo.
  - 4.3.-A protesta organizada: a folga.
  - 4.4.-Sociedades de resistencia e sindicatos de oficios.
  - 4.5.-As novas ideoloxías obreiras: anarquismo e socialismo marxista.
  - 4.6.-Sindicatos xerais e partidos obreiros.
    - A.- A Federación Rexional Española da AIT.
    - B.- As organizacións anarquistas.
    - C.- As organizacións socialistas marxistas.

- D.- As sociedades obreiras católicas.
- 4.7.- A conflictividade agraria.
  - A.- As sublevacións andaluzas.
  - B.- O agrarismo galego.
- 4.8.- A conflictividade urbana: os motíns de consumos.
- 4.9.- A resposta da patronal e do Estado.
- 4.10.- A reivindicación feminina.

#### **Criterios de avaliación:**

- Explicar as dificultades e limitacións básicas do desenvolvemento económico de España no século XIX.
- Analizar os principais efectos da reforma agraria e a evolución da agricultura española do século XIX.
- Sintetizar o proceso de desamortización no século XIX: obxectivos, realizacións e alcance, con especial incidencia no impacto que causou nos diferentes grupos sociais. Incidir na singularidade de Galicia.
- Comparar a evolución da dinámica demográfica da poboación española e a europea no século XIX.
- Identificar os obstáculos que explican o atraso o proceso de industrialización en España respecto a outros países europeos, e analizar os sectores industriais pioneiros.
- Explicar a evolución que experimentou a produción mineira e siderúrxica en España ó longo do século.
- Desenvolver os distintos procesos de industrialización en España en cada ámbito rexional. Valorar os seus trazos comúns e as súas peculiaridades.
- Comentar as consecuencias económicas e sociais da difusión da rede ferroviaria en España.
- Resumir a evolución que experimentou o comercio exterior ó longo do século XIX e diferenciar as políticas económicas adoptadas.
- Analizar a pervivencia dos elementos do Antigo Réxime na Galicia do século XIX: sistema foral, desindustrialización e atraso, etc.
- Clasificar e caracterizar os grupos sociais constituíntes da nova sociedade de clases. Comentar as bases ideolóxicas e xurídicas sobre as que se construíu.
- Comparar os diferentes tipos de propiedade e sistemas de explotación da terra e relacionalos cos estalidos de conflictividade social no campo.
- Explicar as causas e desenvolvemento da emigración transoceánica galega desde mediados do XIX.
- Analizar as principais reivindicacións obreiras e identificar as primeiras manifestacións do movemento obreiro.
- Explicar as orixes e desenvolvemento das organizacións obreiras en España, en relación co movemento obreiro internacional e a conxuntura económica española.
- Comentar os postulados teóricos das distintas correntes ideolóxicas que influíron no pensamento da sociedade española do século XIX: marxismo, anarquismo, socialismo...

### **Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil. 1931-1939.**

#### **Obxectivos específicos:**

- Coñecer as causas que levaron á proclamación da Segunda República.
- Analizar as características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas nesta época republicana.
- Identificar os conflitos básicos da España republicana e os grupos sociais afectados.
- Comprender as causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil.
- Analizar a evolución das operacións militares e o avance das fronteas de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace.
- Analizar o desenvolvemento político e social na España republicana e na España nacional.
- Identificar a axuda estranxeira recibida en ambos os bandos durante a Guerra.
- Valorar o significado deste conflito para a evolución do noso país.

#### **Contidos conceptuais:**

- 1.- A Segunda República. 1931-1936.
  - 1.1.- A proclamación da República.
  - 1.2.- As forzas sociais e políticas na República.
  - 1.3.- O Bienio Reformista. Abril 1931-novembro 1933.
    - A.- A Constitución de 1931.
    - B.- O goberno de Azaña e as grandes reformas da República.
    - C.- As dificultades do Goberno reformista.
  - 1.4.- O Bienio de Dereitas. Novembro 1933-febreiro 1936.
    - A.- A política rectificadora.
    - B.- Os sucesos de outubro de 1934.
    - C.- Cara ás eleccións de febreiro de 1936.
  - 1.5.- A Fronte Popular. Febreiro-xullo 1936.
    - A.- A autonomía do País Vasco.
    - B.- A autonomía de Galicia.
    - C.- A conspiración militar.
- 2.- A Guerra Civil. 1936-1939.
  - 2.1.- A sublevación militar e a formación dos bandos.
    - A.- A indecisión do Goberno republicano.
    - B.- Razóns da sublevación.
    - C.- A configuración dos bandos.
    - D.- Trazos xerais da Guerra Civil.
  - 2.2.- A internacionalización do conflito.
  - 2.3.- A evolución da guerra.
    - A.- As operacións militares.
    - B.- A represión.
  - 2.4.- A España republicana.
    - A.- Os Gobernos republicanos e a fragmentación do poder.
    - B.- Revolución social.
  - 2.5.- A España sublevada.
    - A.- Institucionalización dun novo réxime.
    - B.- A contrarrevolución.

#### **Criterios de avaliación:**

- Analizar as circunstancias internas e internacionais en que foi proclamada a II República.
- Elaborar un cadro que recolla as principais tendencias ideolóxicas actúantes ó longo do período e os partidos políticos que as representaban.
- Comentar a Constitución de 1931, destacando os principios políticos esenciais sobre os que baseou a súa formulación. Sinalar os trazos máis significativos do réxime republicano que nela se establecía.
- Enumerar e sintetizar as reformas deseñadas e postas en práctica durante o Bienio Reformista. Valorar os obstáculos atopados e os obxectivos alcanzados.
- Identificar os grupos de oposición ó goberno republicano e explicar os seus intereses políticos.
- Explicar as liñas de actuación do goberno de Lerroux tras as eleccións de 1933. Analizar as causas e consecuencias da Revolución de outubro de 1934.
- Analizar a correlación de forzas políticas ante as eleccións de 1936. Explicar as circunstancias que contribuíron a crear o clima de radicalización e tensión que as caracterizou.
- Explicar a liña de actuación do goberno da Fronte Popular e as reaccións que provocou. Describir a sucesión de acontecementos que conduciron ó golpe de estado.
- Comentar os Estatutos de Autonomía de Cataluña, País Vasco e Galicia, explicando os aspectos básicos das reivindicacións nacionalistas que recollen.
- Comentar os factores que explican e posibilitaron o pronunciamento militar.
- Analizar a formación, composición social e localización inicial de cada un dos bandos.
- Sintetizar a evolución da guerra civil: identificar as fases básicas e os trazos definitorios de cada unha.



- Explicar as posturas oficiais e as actitudes reais que adoptaron os países estranxeiros respecto á guerra de España.
- Sintetizar a evolución España republicana durante o conflito: revolución social e diverxencias políticas.
- Comentar os trazos que definen a situación e evolución da España sublevada. Explicar os trazos ideolóxicos e organizativos do réxime de Franco que se foron perfilando no transcurso da guerra.
- Valorar a represión exercida durante a guerra: analizar os elementos comúns e específicos de cada bando.
- Enumerar as consecuencias psicolóxicas, demográficas, económicas e políticas da contenda civil.

## **Unidade 9.- España no franquismo. 1936-1975.**

### **Obxectivos específicos:**

- Coñecer os trazos ideolóxicos básicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- Comparar a evolución política do réxime coa evolución social e económica que se produce en España.
- Realizar pequenos traballos de investigación utilizando fontes escritas e orais.
- Coñecer as etapas principais da evolución socioeconómica do país.
- Analizar e utilizar de maneira crítica fontes e material historiográfico diverso sobre este período.
- Comprender a dualidade cultural existente na España franquista.
- Valorar o labor da oposición á ditadura.

### **Contidos conceptuais:**

- 1.- Bases e apoios da ditadura franquista.
  - 1.1.-Leis Fundamentais.
  - 1.2.-Franco, caudillo de España.
  - 1.3.-Un reino sen rei.
  - 1.4.-O Movemento Nacional.
  - 1.5.-Unidade da patria e centralismo.
  - 1.6.-Nacionalcatolicismo.
  - 1.7.-Sindicalismo vertical.
  - 1.8.-Limitación dos dereitos individuais.
  - 1.9.-Subordinación da muller.
  - 1.10.- A democracia orgánica.
- 2.- Unha longa posguerra. 1939-1959.
  - 2.1.-As relacións co exterior: do illamento ó recoñecemento internacional.
    - A.- Os anos da Segunda Guerra Mundial. 1939-1945.
    - B.- Illamento internacional. 1945-1953.
    - C.- Recoñecemento internacional. 1953-1959.
  - 2.2.-A evolución económica: da autarquía ós inicios da liberalización.
    - A.- O período autárquico. 1939-1950.
    - B.- Inicios da liberalización económica. 1950-1959.
  - 2.3.-A represión dos vencidos.
    - A.- Exiliados.
    - B.- Guerrilleiros.
- 3.- Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973.
  - 3.1.-Os Planos económicos.
    - A.- Plano de Estabilización de 1959.
    - B.- Planos de Desenvolvemento económicos e social.
  - 3.2.-Cambios sociais e forzas de oposición.
    - A.- Cambios sociais.

- B.- Forzas de oposición.
- 3.3.-As relacións co exterior.
- 4.- A agonía do franquismo. 1973-1975.
  - 4.1.-Crise económica e política.
    - A.- A crise económica.
    - B.- A morte de Carrero Blanco.
    - C.- O goberno de Arias Navarro.
  - 4.2.-O incremento das forzas de oposición.
    - A.- A oposición no interior.
    - B.- A oposición no exterior.
  - 4.3.-Os problemas exteriores: a Marcha Verde.
  - 4.4.-Enfermidade e morte de Franco.

#### **Criterios de avaliación:**

- Identificar os trazos característicos do réxime franquista e relacionalo cos sistemas políticos coetáneos.
- Explicar as orientacións da política exterior do réxime en relación coa conxuntura internacional.
- Resumir a situación económica e social da España da posguerra: ruína material, penuria económica, descomposición social...
- Sintetizar os obxectivos, caracteres e consecuencias da política autárquica practicada polas autoridades franquistas tras a Guerra Civil.
- Analizar as diversos instrumentos de represión política, social, económica e ideolóxica que exerceu de forma permanente a ditadura franquista.
- Describir as manifestacións da oposición ó réxime no interior e no exterior nas décadas dos corenta e cincuenta. Valorar as estratexias de actuación e a incidencia de cada un.
- Identificar os elementos en que se manifestou o cambio dunha economía dirixida a outra máis aperturista durante a década dos cincuenta.
- Analizar os factores e os piares sobre os que se asentou o desenvolvemento económico dos anos 60.
- Explicar o proceso de industrialización española desta década e os apoios con que contou.
- Describir as consecuencias sociais que se derivan do crecemento económico da España dos sesenta.
- Analizar as principais causas da modernización demográfica da sociedade española. Valorar os factores e as consecuencias dos movementos migratorios nese período.
- Identificar os novos frontes de mobilización social e oposición política ó réxime que se formaron nesa conxuntura, con especial incidencia no caso de Galicia.
- Sintetizar as transformacións económicas e sociais que tiveron lugar en Galicia entre 1959 e 1975.
- Explicar os proxectos de perpetuación do sistema ideados polo réxime franquista.
- Analizar a pugna entre aperturismo e inmovilismo político nos últimos anos do franquismo.
- Identificar e explicar os principais problemas internos e conflitos exteriores que se desataron nos anos finais do réxime. Precisar a reacción dos gobernos ante eles.

### **Unidade 10.- España en democracia. 1975-2008.**

#### **Obxectivos específicos:**

- Comprender o proceso de transición á democracia.
- Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Comprender os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español, cunha actitude solidaria a participativa na defensa de proxectos que leve a mitigalos.
- Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal.
- Participar activamente na defensa do patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego, valorando a diversidade como dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade.

- Comprender a dimensión internacional da historia española recente, adquirindo unha visión global dos problemas e dos proxectos colectivos que supere enfoques localistas e promova actitudes democráticas e tolerantes.

### **Contidos conceptuais:**

- 1.- A transición á democracia. 1975-1977.
  - 1.1.-Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I.
  - 1.2.-O primeiro Goberno da monarquía.
  - 1.3.-Adolfo Suárez e o inicio das reformas.
    - A.- O programa de reformas de Adolfo Suárez.
    - B.- A Lei para a Reforma Política (LRP).
  - 1.4.-As primeiras eleccións democráticas.
- 2.-A Constitución de 1978.
  - 2.1.-Características e principios.
  - 2.2.-Dereitos, deberes e liberdades.
  - 2.3.-Os poderes do Estado.
- 3.- Os Gobernos de UCD. 1977-1982.
  - 3.1.-Os gobernos de Adolfo Suárez. 1977-1981.
    - A.- As medidas do programa de centro.
    - B.- O proceso autonómico.
    - C.- As dificultades da UCD e a dimisión de Suárez.
  - 3.2.-O goberno de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982.
    - A.- O intento de golpe de Estado do 23-F.
    - B.- A continuidade do proxecto da UCD.
- 4.- Os Gobernos socialistas de Felipe González. 1982-1996.
  - 4.1.-Integración de España na política internacional.
  - 4.2.-O Estado do benestar.
  - 4.3.-Axuste e reactivación económica.
  - 4.4.-O cambio sociocultural.
  - 4.5.-Escándalos e desprestixio socialista.
- 5.- Os Gobernos conservadores de José María Aznar.
  - 5.1.-Crecemento, privatización e moeda única.
  - 5.2.-Reformas do programa conservador.
  - 5.3.-A guerra de Iraq e o terrorismo de carácter islamista.
- 6.- Os Gobernos socialistas de José Luis Rodríguez Zapatero. 2004-...
  - 6.1.-Reformas do programa socialista.
  - 6.2.-A nova sociedade española.
- 7.- A Galicia autonómica.
  - 7.1.-Preautonomía e Estatuto.
  - 7.2.-Os gobernos autonómicos.
  - 7.3.-Unha poboación estancada.
  - 7.4.-Desequilibrado desenvolvemento económico.

### **Criterios de avaliación:**

- Esquematzar os trazos característicos do proceso cualificado como Transición española.
- Elaborar un esquema que recolla as fases esenciais do mesmo, e indicar en cada unha os protagonistas básicos e a correlación de forzas que se enfrontaban.
- Describir o labor lexislativo e institucional que posibilitou o tránsito á democracia en España. Valorar a importancia do programa político de Adolfo Suárez.
- Analizar a transcendencia da acción política da oposición ó réxime de Franco e a mobilización popular que tivo lugar durante a transición.

- Resumir o proceso de redacción e aprobación da Constitución de 1978 e destacar os caracteres máis significativos da mesma.
- Elaborar un organigrama que recolla a organización política e a estrutura territorial resultante deseñadas pola Constitución.
- Sintetizar o proceso de promulgación do Estatuto de Autonomía galego e resumir os cambios que supuxo a nivel institucional.
- Enumerar os principais problemas ós que se tivo que enfrontar o proceso de democratización. Explicar as medidas que tomaron os gobernos de UCD para intentar solucionarlos e os resultados acadados.
- Describir as características da xestión interna dos gobernos socialistas: política económica, reformas sociais e institucionais, relacións coa oposición e os sindicatos, problemas máis importantes...
- Caracterizar a política internacional española na época da Transición. Analizar o proceso de integración nas institucións internacionais, fundamentalmente na Unión Europea.

## 7.- 2º BAC

### HISTORIA DA ARTE

#### 7.1.- Obxectivos xerais:

- Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e as súas distintas funcións ó longo da historia.
- Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de seren admiradas por si mesmas, e de seren valoradas como documento testemuñal dunha época histórica, dunha sociedade e dunha cultura.
- Manexar a linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras de arte desenvolvendo, ó tempo, a propia sensibilidade e a imaxinación.
- Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental e, particularmente, as de Galicia, situándoas no seu contexto histórico, valorando as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propios de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.
- Realizar actividades de documentación e investigación a partir de fontes diversas sobre determinados aspectos da historia da arte.
- Coñecer, valorar e apreciar o patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación como fonte de riqueza e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.
- Valorar a cidade, na súa dimensión espacial e temporal, como obxecto da historia da arte e marco privilexiado das súas manifestacións e proxectar esta conciencia cara á súa evolución futura.
- Contribuír á formación estética, analítica e crítica, así como á capacidade de comunicar a empatía ante as creacións artísticas.

#### 7.2.- Contidos:

### **Unidade 1. Aproximación a historia da arte e ás linguaxes artísticas.**

#### **Conceptos:**

- 1.- A arte coma expresión humana no tempo e no espazo.
  - 1.1. A arte como documento histórico.
  - 1.2. A arte como patrimonio. Conservación do patrimonio artístico.
  - 1.3. O urbanismo. Tipoloxías urbanísticas.
- 2.- A linguaxe das artes visuais e a súa terminoloxía.
- 3.- A arquitectura:
  - 3.1. A arquitectura. Tipoloxías arquitectónicas.

- 3.2. Características da arquitectura: elementos materiais e técnicos.
- 4.- A plástica:
  - 4.1. A escultura. Formas, materiais e instrumentos.
  - 4.2. A pintura. Instrumentos, soportes e técnicas.
  - 4.3. O gravado de creación e o gravado de reprodución.
- 5.- Percepción e análise da obra de arte.

**Procedementos:**

- Comparar as distintas valoracións do concepto de arte ó longo da historia.
- introdución ó comentario das obras de arte.
- Identificación dos elementos técnicos das obras de arte.
- Iniciación no uso dun vocabulario específico de arte.
- Percepción da obra de arte como un ben cultural de valor universal.
- Comprensión da obra de arte tendo en conta o contexto histórico no que foi creada.
- Recoñecemento dos museos e centros de arte máis importantes de Europa.
- Identificación dalgúns dos conxuntos monumentais que forman parte do Patrimonio Cultural da Humanidade.
- Toma de conciencia da necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico para o goce das xeracións actuais e as vindeiras.

**Actitudes:**

- Valorar os diferentes factores que concorren na creación artística.

**Criterios de avaliación:**

- Pescudar se coñecen as distintas fases do proceso creador e os elementos que participan no proceso artístico.
- Observar se distinguen as diferentes maneiras de clasificar as obras de arte.
- Comprobar que valoran a utilidade da obra de arte como documento gráfico dun tempo, dunha cultura ou civilización.
- Confirmar que recoñecen os distintos tipos de manifestacións artísticas e que as saben clasificar en distintas categorías.
- Ver se coñecen e saben describir algúns dos elementos materiais e técnicos que se utilizan na arquitectura.
- Constatar que recoñecen as principais técnicas escultóricas.
- Valorar se saben explicar a evolución que experimentaron as técnicas pictóricas ao longo da historia.
- Ver se son conscientes da función que desempeñan os museos na conservación, a divulgación e o estudo da arte.
- Pescudar se saben expresar verbalmente as emocións que lles esperta a contemplación das obras de arte.
- Asegurarse de que valoran a importancia do patrimonio arqueolóxico e artístico como fonte de coñecemento das sociedades do pasado.

**Unidade 2.- A Arte Prehistórica.**

**Conceptos:**

- 1.- A arte prehistórica. O legado de prehistoria.
  - 1.1. A cronoloxía e a xeografía da arte prehistórica.
  - 1.2. A pintura rupestre.
  - 1.3. A escultura e a arte mobiliaria.
  - 1.4. A arquitectura megalítica.
  - 1.5. As tradicións culturais da Idade dos Metais en Europa: a cultura de Hallstatt e a cultura da Tène.
- 2.- A arte ibérica: arte funeraria, escultura e iconografía.

**Procedementos:**

- Descrición formal das pinturas da cova de Altamira.
- Comentario e descrición dunha venus paleolíticas: A Venus de Willendorf.
- Consideración da cova de Altamira como Patrimonio Cultural da Humanidade.
- Comentario das distintas teorías explicativas sobre a función da arte parietal.
- Análise da evolución das técnicas pictóricas utilizadas na Prehistoria.
- Uso do vocabulario específico da historia da arte correspondente a este período: pintura parietal, arte mobiliaria, sepulcro de corredor, palafita, menhir, mámoa, crómlech, talaiot.

**Actitudes:**

- Percepción da obra de arte como instrumento de coñecemento histórico e como ben cultural de valor universal.
- Valoración da arte prehistórica como testemuño da vida dos nosos antepasados.

**Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben situar no tempo as principais manifestacións artísticas da Prehistoria.
- Observar se son que de deducir as condicións de vida das sociedades prehistóricas a partir da análise das súas obras de arte.
- Ver se coñecen as características das pinturas da cova de Altamira.
- Pescudar se saben analizar os aspectos formais e simbólicos dunha mostra de arte moble do Paleolítico: a venus de Willendorf.
- Observar se coñecen a existencia, a función e o significado dos primeiros conxuntos arquitectónicos en Europa.
- Confirmar que distinguen os principais tipos de decoración cerámica documentados no Neolítico.
- Comprobar que coñecen as características xerais da arte europea da Idade do Bronce e da Idade do Ferro.
- Ver se recoñecen as principais mostras da arte funeraria dos iberos.
- Asegurarse de que valoran a importancia do patrimonio arqueolóxico e artístico como fonte de coñecemento das sociedades do pasado.
- Valorar se saben expresar verbalmente as emocións que senten ao contemplar as obras de arte prehistórica.

**Unidade 3.- Arte do Próximo Oriente.****Conceptos:**

- 1.- Aproximación á Historia do Próximo Oriente.
  - 2.- A xeografía e a cronoloxía da arte sumeria e asiria.
  - 3.- A arquitectura mesopotámica: templos pazos e tumbas.
- 4.- A escultura mesopotámica: figuras exentas e estelas.
  - 4.1. A escultura sumeria.
  - 4.2. O relevo asirio: a leoa ferida de Asurbanipal.
- 5.- O imperio persa dos Aqueménidas.
- 6.- A arquitectura persa: pazos e hipoxeos.
- 7.- Achegas artísticas de Mesopotamia: arquitectura e plástica.

**Procedementos:**

- Localización, nun friso cronolóxico, as diferentes civilizacións estudadas.
- Observación das imaxes para reforzar a comprensión das características da arte mesopotámica.
- Análise de planos dos templos e complexos mesopotámicos.
- Descrición das características do zigurat e dos pazos persas a partir da observación de fotografías.

- Comparación dalgunhas obras arquitectónicas e escultóricas das distintas civilizacións do Próximo Oriente: pazo de Persépolis e pazo de Nínive.
- Comentar obras de arte representativas de cada civilización: “zigurat de Ur”, “Gudea”, “estela de Naram-sin”, “friso dos arqueiros”, “Leoa ferida”.
- Uso do vocabulario específico do tema.

#### **Actitudes:**

- Percepción da obra de arte como instrumento de coñecemento histórico e como ben cultural de valor universal.
- Interese por favorecer todo tipo de iniciativas que leven a coñecer e conservar o patrimonio cultural da Antigüidade.

#### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben situar no tempo e no espazo as distintas culturas estudadas no tema: sumeria, asiria, persa e fenicia.
- Pescudar se coñecen as características xerais da arte mesopotámica nas súas distintas etapas e identifican os monumentos máis importantes.
- Confirmar que distinguen os distintos tipos de esculturas sumerias e asirias.
- Valorar se saben analizar de forma detallada un relevo asirio.
- Observar se saben explicar en que consisten as técnicas de gravado da pedra utilizadas en Mesopotamia.
- Ver se valoran a riqueza e a delicadeza dos enxovais funerarios sumerios.
- Comprobar que coñecen os elementos formais propios da arquitectura persa e que identifican os principais monumentos desta cultura.
- Pescudar se identifican os depósitos fenicios da Península Ibérica.
- Observar se recoñecen as influencias que recibiu a arte fenicia e se identifican as obras de arte máis interesantes desta cultura.
- Asegurarse de que coñecen e usan adecuadamente o vocabulario específico da historia da arte persa e mesopotámico.
- Valorar se gozan coa análise das obras de arte e saben expresar verbalmente as emocións que senten cando observan estas obras.

### **Unidade 4.- Arte Exipcia.**

#### **Conceptos:**

- 1.- Aproximación á Historia do Antigo Exipto: xeografía e cronoloxía da arte exipcia.
- 2.- A relación entre arte e relixión na civilización exipcia.
- 3.-A arquitectura exipcia:
  - 3.1. A tumba e a súa evolución: mastaba, pirámide e hipoxeos.
  - 3.2. O templo.
- 4.- A plástica exipcia.
  - 4.1.A escultura exipcia: características e convencionalismos.
  - 4.2. A pintura e o relevo exipcio: unha arte funeraria.

#### **Procedementos:**

- Localización das diferentes etapas da arte exipcia nun friso cronolóxico.
- Análise de planos dos templos e complexos funerarios exipcios.
- Análise das pirámides e a Esfinxe de Gizeh.
- Comparar os convencionalismos das artes plásticas exipcias e mesopotámicas.
- Comentar obras de arte representativas : “escriba sentado”, “templo de Amón”, “Speos de Abbu-Simbel”, “Tríada de Micerinos”, “Rahotep e Nofret”, Kefrén”.
- Uso do vocabulario específico do tema: mastaba, pirámide, hipoxeo, etc.

#### **Actitudes:**

- Percepción da obra de arte como instrumento de coñecemento histórico e como ben cultural de valor universal.
- Percepción e reflexión das relacións existentes entre relixión e poder nas civilizacións antigas.
- Respecto polo patrimonio artístico como testemuña de nosos antepasados.

**Criterios de avaliación:**

- Comprobar se saben situar no tempo e no espazo as principais manifestacións artísticas do Antigo Exipto.
- Ver se comprenden os condicionantes políticos, sociais, económicos e culturais das etapas históricas do Antigo Exipto e se as relacionan coa evolución da arte.
- Confirmar que coñecen a estrutura das mastabas e das pirámides.
- Observar se distinguen os distintos tipos de templos do Antigo Exipto.
- Comprobar que analizan as características da arquitectura do Antigo Exipto partindo da observación e da análise das pirámides de Gizeh.
- Pescudar se recoñecen as características dos relevos e a estatuaria exipcia.
- Ver se saben analizar desde un punto de vista formal a escultura do Escriba sentado.
- Constatar que coñecen as principais características da pintura exipcia e que saben explicar en que consiste a lei da frontalidade.
- Comprobar que relacionan a riqueza dos enxovais funerarios exipcios coa estrutura da sociedade no Antigo Exipto.
- Asegurarse de que valoran a importancia da arte exipcia como fonte de información histórica e recoñecen as obras que forman parte do Patrimonio da Humanidade.
- Valorar se saben expresar verbalmente as emocións que lles esperta a contemplación das obras de arte.

**Unidade 5.- Arte clásica: Grecia.**

**Conceptos:**

- 1.- Aproximación histórica á arte grega.
  - 1.1. A xeografía e a cronoloxía da arte grega.
  - 1.2. Os fundamentos sociais e culturais da arte grega.
- 2.- Os antecedentes da arte grega: as civilizacións minoica e micénica.
  - 2.1. O pazo cretense: a pazo de Knossos.
  - 2.2. A pintura cretense.
- 3.- O urbanismo e a concepción do espazo nas cidades gregas.
- 4.- A arquitectura grega. As ordes : dórica, xónica e corintia.
  - 4.1. A arquitectura relixiosa: o templo grego: o Partenón. A Acrópole de Atenas.
  - 4.2. A arquitectura civil: o teatro.
- 5.- Etapas e evolución da escultura grega.
- 6.- A cerámica: estilo xeométrico, época arcaica e época clásica.

**Procedementos:**

- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico: métopa, cariátide, kórai, éntase, ábaco, etc.
- Descrición e comprensión de iconografía clásica.
- Estudio do volume na escultura.
- Análise da composición da escultura grega.
- Comentario de obras representativas de arquitectura e escultura: “o Partenón de Atenas”, teatro de Epidauro”, “Discóbolo”, “Hermes con Dionisos neno”, friso das Panateneas”, “Laocoonte e os seus fillos”.



### **Actitudes:**

- Valoración da arte clásica como exemplo de racionalismo e antropocentrismo.
- Valoración da influencia das obras clásicas na arte posterior.
- Interese por o coñecemento e a conservación do patrimonio cultural da Antigüidade clásica.
- Expresión das emocións que espertan as obras de arte seleccionadas e interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico.
- Interese polo coñecemento doutras áreas de estudo relacionadas coa arte, como a filosofía, para entender o desenvolvemento artístico na Antiga Grecia.

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se sitúan no tempo as distintas etapas da civilización grega.
- Ver se recoñecen as características xerais da arte cretense e da arte micénica.
- Comprobar que saben relacionar a arquitectura coas necesidades da sociedade grega e a mentalidade da época.
- Observar se comprenden a concepción do espazo e do urbanismo nas cidades gregas, a partir do exemplo da cidade de Mileto.
- Confirmar que recoñecen as características da arquitectura clásica e que identifican os elementos estruturais das tres ordes arquitectónicas.
- Valorar se coñecen os aspectos formais do Partenón, así como a súa función, a súa adaptación á redonda e o seu significado.
- Observar se saben comparar obras arquitectónicas dos diferentes períodos.
- Ver se saben explicar a evolución estilística da escultura monumental grega e recoñecen ós principais escultores gregos e algunhas das súas obras.
- Verificar se coñecen a evolución dos estilos de decoración cerámica desde o século X a. C. ata o século V a. C.
- Pescudar se saben comparar os distintos tipos de mosaicos gregos.
- Comprobar que coñecen e usan adecuadamente o vocabulario específico da historia da arte grega nas súas diversas manifestacións artísticas.
- Valorar se gozan observando e analizando as obras de arte seleccionadas.
- Asegurarse de que valoran a importancia da arte clásica como Patrimonio da Humanidade e recoñecen a influencia que tivo en períodos posteriores.

## **Unidade 6.- Arte clásica: Roma.**

### **Conceptos:**

- 1.- Aproximación á historia do imperio romano: xeografía e a cronoloxía. Arte etrusca e arte romana.
- 2.- Antecedentes da arte romana: a arquitectura, escultura e pintura etrusca.
- 3.- A arquitectura romana:
  - 3.1. O urbanismo: a estrutura das cidades, as obras de enxeñería, as casas, os monumentos de administrativo e conmemorativos.
  - 3.2. A arquitectura: caracteres xerais, materiais e tipoloxías construtivas.
  - 3.3. Arquitectura da Hispania romana e a súa presenza en Galicia.
- 4.- A escultura: o retrato e o relevo histórico.
- 5.- Os catro estilos pictóricos: incrustación, arquitectónico, ilusionista e ornamental.
- .- O mosaico romano: técnicas, temática e estilos.
- 7.- A arte paleocristiá: as basílicas e a nova iconografía cristiá.

### **Procedementos:**

- Análise das relacións entre a sociedade romana e o urbanismo das súas cidades.
- Identificación dos elementos arquitectónicos que utilizaron os romanos.
- Análise das técnicas escultóricas e pictóricas e busca das súas orixes.
- Relacionar a escultura romana: relevo histórico e retrato coa mentalidade do pobo romano.

- Comentario de obras representativas: “Pont du Gard”, “Maison Carrée”, “Ara Pacis”, Augusto Prima Porta”, “Coliseo”, “Panteón”, Teatro de Mérida”.
- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.
- Análise das características da nova iconografía da arte paleocristiá.
- Busca de información en distintas fontes de consulta: a Internet, enciclopedias, materiais audiovisuais...

#### **Actitudes:**

- Percepción da influencia da arte grega nas manifestacións artísticas de Roma.
- Recoñecemento das achegas de Roma a nosa cultura.
- Interese pola conservación e a restauración dos monumentos clásicos.

#### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que sitúan no tempo e o espazo as culturas etrusca e romana, e que coñecen o contexto histórico no que se desenvolveron ambas as dúas civilizacións.
- Ver se recoñecen os elementos arquitectónicos básicos da arte romana.
- Comprobar que coñecen a importancia das cidades no mundo romano, que saben debuxar a súa planta e que saben localizar nelas os distintos espazos e edificios.
- Observar se saben analizar pormenorizadamente algunhas obras arquitectónicas romanas, tanto no que se refire ós seus aspectos formais como á súa función e o seu significado.
- Pescudar se coñecen as características dos retratos e os relevos romanos.
- Ver se saben analizar a evolución do retrato romano ao longo do tempo.
- Asegurarse de que valoran a importancia do relevo histórico e analizan correctamente os aspectos formais, técnicos e simbólicos da columna Trajana.
- Ver se distinguen os catro estilos pictóricos da arte romana e identifican as mostras máis representativas de cada un deles.
- Comprobar que recoñecen os distintos tipos de mosaicos romanos e que saben explicar as técnicas utilizadas en cada caso.
- Pescudar se identifican as características da iconografía da arte paleocristiá.
- Comprobar que valoran a importancia da cultura romana e a influencia da romanización sobre o legado cultural europeo.
- Valorar se gozan coa análise das obras de arte seleccionadas e mostran interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico.

### **Unidade 7.- Arte Bizantina.**

#### **Conceptos:**

- 1.- O marco histórico e cronolóxico do Imperio Bizantino as etapas na arte de Bizancio.
- 2.- A arte bizantina: características xerais.
- 3.- A arquitectura bizantina. A basílica. Santa Sofía de Constantinopla e o conxunto de Rávena.
- 4.- O mosaico bizantino: técnica e temática. Os mosaicos de Xustiniano e Teodora.

#### **Procedementos:**

- Análise dos elementos construtivos da arquitectura bizantina.
- Comparación entre a basílica paleocristiá e a bizantina.
- Análise da planta e o alzado da basílica de Santa Sofía de Constantinopla.
- Distinción das grandes etapas da arte bizantina: Século de Ouro, Período iconoclasta e Período post-iconoclasta.
- Análise das diferentes técnicas empregadas nas artes plásticas.
- Análise técnica e formal dos mosaicos bizantinos.
- Comentario de obras representativas: “Basílica Santa Sofía”, “Xustiniano e o seu séquito”.

- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.

#### **Actitudes:**

- Recoñecer as aportacións de Bizancio á arte occidental.
- Fomentar o estudo e a percepción da obra de arte como fonte de coñecemento das sociedades do pasado.
- Estimular o interese por visitar os restos desta cultura in situ.

#### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben situar no tempo e no espazo as etapas da arte bizantina e se coñecen o contexto histórico no que se desenvolveron.
- Observar se recoñecen os principais elementos construtivos da arquitectura bizantina e describen as características dos edificios relixiosos.
- Confirmar que identifican os exemplos máis representativos da arquitectura bizantina e valoran a importancia de Santa Sofía de Constantinopla.
- Ver se saben explicar as características dos relevos escultóricos bizantinos.
- Observar se identifican as características xerais dos mosaicos bizantinos, especialmente no referente aos aspectos iconográficos.
- Comprobar que describen correctamente os aspectos formais, técnicos e simbólicos dos mosaicos da igrexa de San Vital en Rávena.
- Pescudar se recoñecen os trazos xerais das iconas bizantinas e do resto de manifestacións pictóricas.
- Constatar que utilizan adecuadamente o vocabulario específico da arte bizantina.
- Valorar se saben expresar verbalmente as emocións que senten ao contemplar as obras de arte seleccionadas.
- Asegurarse de que valoran a importancia do patrimonio arqueolóxico e artístico como fonte de coñecemento das sociedades do pasado.

### **Unidade 8.- Arte islámico e mudéjar.**

#### **Conceptos:**

- 1.- Orixe e trazos distintivos da arte islámica.
  - 1.1. Características técnico-construtivas da arquitectura islámica.
  - 1.2. Os elementos decorativos da arte islámica.
- 2.- A arte hispanoárabe: etapas e localización.
  - 2.1. A arquitectura relixiosa: a mesquita de Córdoba.
  - 2.2. A arquitectura civil: a Alhambra de Granada.
- 3.- A arte mudéjar: contexto histórico, xeográfico e cronolóxico.
  - 3.1. A diversidade da arquitectura mudéjar.

#### **Procedementos:**

- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.
- Relacionar a historia de Al Andalus cós retos artísticos conservados.
- Analizar as aportacións da arte musulmán e a cultura cristiá coa arte mudéjar.
- Comentario de obras representativas: “Mesquita de Córdoba”, “Xiralda”, Alhambra de Granada, Sinagoga de Santa María, Torre de San Martiño de Teruel.

#### **Actitudes:**

- Respeito e interese por culturas diferentes.
- Valorar positivamente as influencias doutras culturas.

#### **Criterios de avaliación:**

- Ver se saben situar no tempo e no espazo a civilización islámica.
- Pescudar se coñecen as diversas etapas da presenza musulmá na Península.
- Comprobar que coñecen as principais características técnicas e construtivas da arquitectura islámica e a súa evolución ao longo do tempo.
- Verificar que recoñecen os edificios máis importantes da arte islámica e da arte mudéjar na Península Ibérica.
- Observar se saben indicar as principais características da mesquita de Córdoba e valoran a importancia deste conxunto monumental.
- Ver se recoñecen os elementos decorativos que introduce a arte islámica.
- Pescudar se distinguen as características dos focos mudéjares da Península Ibérica: castelán-leonés, toledano, aragonés e andaluz.
- Confirmar que utilizan correctamente a linguaxe específica da arquitectura e as técnicas decorativas islámicas e mudéjares.
- Valorar se gozan contemplando as obras de arte seleccionadas.
- Considerar se comprenden a importancia da conservación e restauración do patrimonio artístico islámico e mudéjar.

## **Unidade 9.- Arte prerrománica.**

### **Conceptos:**

- 1.- A cronoloxía e a xeografía da arte prerrománica.
- 2.- A arquitectura carolinxia. A capela palatina de Aquisgrán.
- 3.- O prerrománico na Península Ibérica.
  - 3.1. A arte visigoda.
    - 3.1.1. A arquitectura visigoda: san Juan de Baños.
    - 3.1.2. A ourivería visigoda: as coroas votivas.
- 4.- O prerrománico asturiano: etapas e características xerais. Santa María do Naranco.
- 5.- A arte mozárabe: características xerais.
  - 5.1. A arquitectura mozárabe. San Miguel de Escalada.
  - 5.2. As miniaturas mozárabes: os “beatos”.

### **Procedementos:**

- Análise da planta da capela palatina de Aquisgrán.
- Descrición da planta e os elementos construtivos da basílica visigótica.
- Distinción dos elementos construtivos da arquitectura asturiana.
- Análise das características da igrexa de Santa María do Naranco.
- Distinción dos elementos construtivos da arquitectura asturiana.
- Análise das características da igrexa de San Miguel de la Escalada.
- Aprendizaxe e utilización do vocabulario específico do tema: arco de ferradura , coroa votiva, etc.
- Busca de información na Internet e noutras obras de consulta.
- Relacionar documentos e textos histórico-literarios coa as imaxes das miniaturas mozárabes.
- Facer un esquema para comentar una obra de arte.

### **Actitudes:**

- Percepción da obra de arte como un ben cultural de valor universal.
- Interese por afondar no coñecemento da arte prerrománica.

### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben situar no tempo e no espazo as obras visigóticas, carolinxias, asturianas e mozárabes.

- Ver se relacionan as manifestacións artísticas cos condicionantes político-sociais de cada unha destas culturas.
- Pescudar se coñecen as orixes de cada un destes estilos artísticos e saben explicar a súa evolución ao longo do tempo.
- Observar se coñecen as principais características da arquitectura visigótica e os edificios máis importantes.
- Constatar que saben analizar os aspectos técnicos e formais dunha das igrexas asturianas máis importantes da Península Ibérica.
- Comprobar que recoñecen as principais solucións arquitectónicas da arquitectura visigótica e a asturiana.
- Ver se coñecen a influencia musulmá sobre a arquitectura cristiá da época.
- Comprobar que valoran a importancia da miniatura mozárabe.
- Observar se utilizan de forma rigorosa a linguaxe específica da arte prerrománica.
- Asegurarse de que son conscientes da importancia da conservación e restauración do patrimonio artístico prerrománico.

## **Unidade 10.- Arte románica.**

### **Conceptos:**

- 1.- O contexto histórico no que desenvólvese a arte románica.
- 2.- A arquitectura ao servizo de Deus: catedrais e igrexas. A arquitectura do Camiño de Santiago.
  - 2.1. Elementos construtivos e tipos de plantas. As igrexas de peregrinación.
  - 2.2. A catedral de Santiago de Compostela.
- 3.- As imaxes e a iconografía da arte medieval: orixes e significado.
  - 3.1. A escultura románica nas portadas e os capiteis.
  - 3.2. O Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.
  - 3.3. A pintura románica: a pintura mural. Sant Climent de Taüll e Santo Isidoro de León.

### **Procedementos:**

- Análise dos problemas das estruturas arquitectónicas románicas.
- Análise da planta e dos elementos construtivos das igrexas románicas.
- Valoración da importancia dos conxuntos arquitectónicos do Románico que foron catalogados como Patrimonio Cultural da Humanidade.
- Realización de itinerarios artísticos.
- Análise dos elementos diferenciadores das escolas rexionais e das súas causas.
- Ampliación e uso correcto do vocabulario específico.
- Exercicios prácticos sobre identificación de imaxes e a súa interpretación.
- Comentario de obras representativas: “Catedral e campanil de Pisa”, “Catedral de Santiago de Compostela”, “Tímpano de Sainte Madeleine de Vézelay”, Pórticos de Pratería e da Gloria”, Pintura de Tahull”, “O anuncio aos pastores de san Isidoro de León”.
- Cadros cronolóxicos dos estilos e escolas da arte medieval.

### **Actitudes:**

- Sensibilización pola beleza, harmonía e espiritualidade das obras medievais.
- Respecto polo patrimonio arquitectónico románico como testemuña do pasado.
- Coñecemento da riqueza artística do noso país e os problemas que conleva a súa conservación.

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben situar no tempo e no espazo a arte románica e comprenden as circunstancias históricas nas que se desenvolveu.
- Comprobar que saben establecer as diferenzas entre os distintos estilos do románico europeo e do románico peninsular.

- Ver se son conscientes do poder que tivo a Igrexa durante a Idade Media e se relacionan a relixiosidade da sociedade medieval coas características da arte románica.
- Observar se coñecen as características da arquitectura e da escultura románica e utilizan rigorosamente o vocabulario específico deste tema nas súas explicacións.
- Ver se identifican os elementos decorativos e iconográficos das portadas románicas, a partir da análise do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.
- Comprobar que recoñecen as técnicas pictóricas do Románico e as características formais das tallas en madeira.
- Valorar se saben analizar as características da pintura mural ao fresco a partir do exemplo das pinturas da bóveda de Sant Climent de Taüll.
- Asegurarse de que recoñecen as principais manifestacións artísticas do Románico na Península Ibérica.
- Constatar que valoran a importancia do patrimonio artístico do Románico europeo e peninsular e que gozan da contemplación das obras de arte seleccionadas.

## **Unidade 11.- Arte gótica.**

### **Conceptos:**

- 1.- O contexto histórico do mundo gótico.
- 2.- Orixe e significado da arte gótica.
- 3.- Os mosteiros cistercienses en Galicia: innovacións cara ó gótico.
- 4.- A arquitectura gótica.
  - 3.1. A catedral gótica: o sistema construtivo.
  - 3.2. O arquitectura civil: lonxas e concellos.
  - 3.3. As grandes catedrais góticas europeas.
- 5.- A escultura gótica: a humanización das artes figurativas.
- 6.- A pintura gótica. As innovacións pictóricas e estilos: francogótico, italogótico, cortesán e flamengo.

### **Procedementos:**

- Comparación entre as obras do período románico e gótico.
- Análise das características técnicas e formais da arquitectura, escultura e pintura gótica.
- Visita a unha catedral ou edificio gótico.
- Descrición dos distintos espazos e elementos construtivos da Catedral de León.
- Comentario de obras representativas: “Catedral de París”, “Catedral de León”, “Catedral de Mallorca”, “lonxa de Valencia”, Palacio ducal de Venecia”, “casa do concello de Florencia”, “Capela de Enrique VIII”, “Anunciación e Visitación de Reims”, “Tumba do Infante Don Afonso”, retablo da cartuxa de Miraflores”, “Laios sobre o corpo de Cristo”, “Políptico do Cordeiro Místico”, Matrimonio Arnolfini”, “Santo Domingo de Silos”, “O xardín das delicias”.
- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.

### **Actitudes:**

- Valoración positiva dos cambios culturais en Italia e Países Baixos relacionados coa nova mentalidade burguesa.
- Respecto polo legado artístico da época.

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben situar no tempo e no espazo o desenvolvemento da arte gótica.
- Comprobar que coñecen o contexto histórico da época e que relacionan os cambios na sociedade cos cambios na produción artística.
- Ver se distinguen as características do gótico setentrional e do gótico meridional e saben explicar as innovacións técnicas e construtivas que introduciu a arquitectura gótica, especialmente nas catedrais.
- Confirmar que coñecen as principais catedrais góticas en Europa e en España e que recoñecen as características específicas da catedral de León.

- Valorar se saben explicar a evolución estilística do gótico civil e analizan de forma pormenorizada, unha obra do gótico mediterráneo.
- Comprobar que coñecen os elementos máis importantes da escultura gótica nos distintos países de Europa, así como a evolución que experimentan estas manifestacións artísticas ao longo do tempo.
- Pescudar se distinguen os distintos estilos pictóricos do gótico europeo e recoñecen as obras de arte e os pintores máis importantes.
- Ver se analizan correctamente as obras de Giotto, Van Eyck e El Bosco.
- Asegurarse de que entenderon que as manifestacións artísticas poden variar segundo o contexto socioeconómico e cultural de cada zona.
- Constatar que valoran a importancia do patrimonio artístico do gótico europeo e peninsular e que gozan da contemplación das obras de arte seleccionadas.

## **Unidade 12.- Arte Renacentista.**

### **Conceptos:**

- 1.- Aproximación histórica ao Renacemento. O humanismo.
- 2.- As etapas da arte renacentista: Quattrocento, Cinquecento e manierismo.
- 3.- O urbanismo e a arquitectura renacentista.
- 4.- O Quattrocento italiano: a formulación dunha nova linguaxe.
  - 4.1. A arquitectura: Brunelleschi e Alberti.
  - 4.2. As vilas renacentistas. A Vila Capra, de Andrea Palladio.
  - 4.3. A renovación da escultura: Donatello.
- 4.4. O novo sistema de representación na pintura: Masaccio, Fra Angelico, della Francesca e Botticelli.
- 5.- O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte italiana.
  - 5.1. De Bramante a Palladio: o templo, o pazo e a vila.
  - 5.2. A escultura de Miguel Anxo: da perfección do clasicismo á crise do Renacemento.
  - 5.3. A pintura: Leonardo, Rafael e Miguel Anxo. A escola veneciana: Tiziano.
  - 5.4. A escola de Venecia: Tiziano, o Tintoretto e o Veronés.
- 6.- Renacemento en España.
  - 6.1. Arquitectura: inicios, clasicismo e manierismo. O Escorial.
  - 6.2. Pintura: o Greco.

### **Procedementos:**

- Lectura de un fragmento da obra de L.B. Alberti “Os dez libros de arquitectura”.
- Análise do papel dos mecenas no desenvolvemento das artes.
- Análise dos procedementos da perspectiva.
- Identificación das obras e dos grandes xenios da arte do Renacemento.
- introdución ó estudio da mitoloxía como fonte iconográfica importante.
- Elaboración dun sistema de aproximación a á obra de arte que permita identificar e comentar as obras artísticas.
- Comentario de obras representativas: “Santa María del Fiore”, “Capela Pazzi”, “Santa María Novella”, “Pazo Médici-Riccardi”, “Sacrificio de Isaac”, “David de Donatello”, “Anunciación de Fra Angelico”, “Trinidad de Masaccio” “O nacemento de Venus de Botticelli”.
- Elaborar un esquema comparativo que indique os trazos que teñen en común e os elementos diferenciadores da arquitectura, a escultura e a pintura do Quattrocento e Cinquecento.
- Comentario de obras representativas: “San Pietro in Montorio”, “Igrexa de San Lorenzo”, “Escaleira da biblioteca Laurentina”, “O Escorial”, “Villa Capra”, “O David”, “A Piedade”, “Tumbas Mediceas”, “Útima Cea”, “A Escola de Atenas”, “A Creación de Adán”, “A Gioconda”, “A bacanal”, “O Enterro do Conde de Orgaz”, “San Sebastián de Berruguete”.
- Perfiles biográficos dos principais artistas.
- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.
- Utilización de diversas fontes de observación e de información directas e indirectas: a Internet, material audiovisual, visitas a museos e exposicións, etc.

### **Actitudes:**

- Recoñecemento e valoración da arte do Renacemento como o froito dun novo home e artista que marca o paso de Idade Media a unha nova era.
- Valoración dos intentos de concordia entre o racionalismo e as crenzas cristiás.
- Interese en detectar no entorno o legado renacentista.
- Valoración e recoñecemento dos elementos específicos do Renacemento español.
- Interese por visitar monumentos e obras da arte.
- Fomentar un criterio persoal sobre as obras da arte e seus valores estéticos.

### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben situar no tempo e no espazo o desenvolvemento da arte renacentista.
- Ver se comprenden a importancia dos cambios que introduciu o humanismo e valoran o papel que desempeñaron os mecenas no desenvolvemento da arte.
- Comprobar que recoñecen as características básicas do urbanismo renacentista e que distinguen as principais tipoloxías arquitectónicas deste período.
- Observar se saben explicar como eran as igrexas renacentistas a partir do exemplo da igrexa de San Lorenzo, de Brunelleschi.
- Confirmar que recoñecen as características dos pazos e as vilas renacentistas e que analizan correctamente un destes edificios.
- Ver se enmarcan cronoloxicamente os estilos do Renacemento español e se coñecen os trazos distintivos de cada un deles.
- Valorar se saben indicar as diferenzas entre a arquitectura do Quattrocento, a do Cinquecento e a Manierista.
- Comprobar que recoñecen aos grandes construtores renacentistas, como Brunelleschi, Miguel Ángel e Palladio, así como as súas obras máis destacadas.
- Observar se coñecen os aspectos técnicos e formais dos estilos pictóricos renacentistas e analizan as obras de Sandro Botticelli e de Miguel Ángel.
- Verificar se son capaces de citar e identificar as obras correspondentes aos períodos plateresco, clasicista e manierista do Renacemento español.
- Valorar se gozan coa análise das obras de arte seleccionadas e mostran interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico.

## **Unidade 13.- Arte Barroca e Rococó.**

### **Conceptos:**

- 1.- Aproximación á historia dos séculos XVII e XVIII.
- 2.- O Barroco: características xerais.
- 3.- Arquitectura e urbanismo.
  - 3.1. Urbanismo na Roma barroca: Bernini e Borromini.
  - 3.2. O pazo do poder: Versalles.
  - 3.3. España: da praza maior ó pazo borbónico.
  - 3.4. Barroco compostelán.
- 4.- As artes plásticas do Barroco.
  - 4.1. A escultura barroca: Bernini
  - 4.2. A imaxinería española.
- 4.3. As correntes pictóricas do século XVII: Clasicismo, Naturalismo, Realismo, Academicismo e Barroco.
  - 4.4. A pintura barroca: o tenebrismo de Caravaggio.
  - 4.5. A pintura flamenca e holandesa: Rubens e Rembrandt.
  - 4.6. A pintura española: Ribera, Velázquez, Zurbarán e Murillo.

### **Procedementos:**



- Estudio do tratamento do espazo na arquitectura e escultura a través de diapositivas.
- Análise comparativo da temática clasicista e a barroca.
- dedución das características básicas propias da arquitectura partir da observación de imaxes.
- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.
- Comentario de obras representativas: “Igrexa e Praza de San Pedro do Vaticano”, “San Carlo alle Quattro Fontane”, “Fachada do Obradoiro”, “Pazo de Versailles”, Praza Maior de Salamanca”.
- Comparar a utilización da luz na obra de Caravaggio e Velázquez.
- dedución das características básicas da pintura e da escultura a través de imaxes.
- Comentario de obras representativas: “Baldaquino de San Pedro”, “Apolo e Dafne”, “Éxtase de Santa Teresa”, “A Piedade”, “Cristo Xacente”, “A Cea de Emaús”, “O triúnfo de santo Ignacio”, “As tres Gracias”, “A rolda e noite”, “Muller lendo unha carta”, “As lanzas”, “As fiandeiras”, “As Meniñas”, “Martirio de San Felipe”, “Nenos comendo melón e uvas”, “Retrato de Felipe IV”.
- Definición, comprensión e uso correcto do vocabulario específico.

#### **Actitudes:**

- Valoración da compoñente político e relixioso da arte barroca.
- Valorar o papel propagandístico da obra plástica.
- Interese pola obra de arte interpretada como instrumento para entender o pasado.
- Fomentar a necesidade de contemplar ó natural a obra pictórica para valorar na súa realidade o papel da luz as sombras e o color.
- Recoñecer os cambios estéticos como espello da destreza técnica e da sensibilidade unha época.

#### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se saben situar a arte barroca e o rococó no tempo e no espazo.
- Comprobar que recoñecen aos grandes artistas do Barroco e do Rococó.
- Observar se identifican as características da arquitectura barroca e analizan correctamente unha das obras máis representativas do barroco palatino francés.
- Ver se recoñecen os elementos construtivos e decorativos das igrexas barrocas, e distinguen os edificios máis importantes deste estilo.
- Comprobar que coñecen características técnicas e formais da escultura barroca, que valoran a importancia da obra de Bernini e que analizan unha das súas obras.
- Valorar se saben explicar a función da pintura relixiosa barroca e comparan as características das grandes tendencias artísticas do século XVII.
- Asegurarse de que identifican aos principais mestres das grandes escolas europeas da pintura barroca.
- Confirmar que coñecen aos grandes pintores do Barroco español e que recoñecen algunhas das súas obras.
- Observar se saben explicar os cambios na concepción da arte que introduce o estilo Rococó a partir da análise dunha das obras de Fragonard.
- Constatar que valoran a importancia do patrimonio artístico do Barroco e o Rococó, e que gozan coa contemplación das obras de arte seleccionadas.

### **Unidade 14.- Neoclasicismo e Romanticismo.**

#### **Conceptos:**

- 1.- Referentes históricos: xeografía e cronoloxía da arte neoclásico e da arte romántica.
- 2.- O Neoclasicismo.
  - 2.1. O retorno aos modelos da antigüidade clásica: urbanismo e arquitectura.
  - 2.2. A idealización da escultura: Cánova.
  - 2.3. A pintura neoclásica: a orde e o equilibrio da antigüidade.
- 3.- Goya entre a tradición e a ruptura.
- 4.- O Romanticismo: características xerais.
  - 4.1. A pintura romántica: Delacroix.

- 4.2. O romanticismo alemán.
- 4.3. O romanticismo inglés. Os prerrafaelitas.

#### **Procedementos:**

- Situar cronoloxicamente o Neoclasicismo e o Romanticismo.
- Indicar as aportacións do romanticismo á pintura de paisaxe.
- Comparar a arquitectura neoclásica coa barroca indicando os elementos diferenciadores.
- Realizar un esquema comparativo con as principais diferenzas da pintura de David e Delacroix.
- Realizar un esquema comparando os temas representados no barroco, neoclasicismo e romanticismo.
- Identificar as diferentes etapas na pintura de Goya, as influencias dos acontecementos políticos na súa obra e aquelas características que influiron na arte posterior.
- Comentar obras representativas: "Morte de Marat", "Paulina Bonaparte", "O Xuramento dos Horacios", "A liberdade guiando o pobo", "A familia de Carlos IV", "Os fusilamentos do 3 de maio", "A condessa de Chinchón", "Dous vellos comendo sopa".
- Completar o vocabulario técnico.

#### **Actitudes:**

- Valoración dos compoñentes éticos da pintura desta época.
- Apreciación do legado artístico dos monarcas ilustrados.

#### **Criterios de avaliación:**

- Pescudar se son capaces de situar no tempo os diversos estilos tanto arquitectónicos como escultóricos e pictóricos que se suceden ao longo dos séculos XVIII e XIX.
- Comprobar que coñecen o contexto histórico e os núcleos europeos nos que se desenvolven as distintas correntes artísticas.
- Ver se saben explicar as características da arquitectura neoclásica e recoñecen os edificios máis importantes en Europa e en España.
- Confirmar que coñecen as características básicas da escultura neoclásica e analizar a obra de un dos escultores máis destacados deste estilo.
- Observar se distinguen as características da pintura neoclásica e recoñecen os seus máximos expoñentes.
- Comprobar que valoran a singularidade da obra de Francisco de Goya e que analizan correctamente un dos seus retratos.
- Pescudar se saben explicar as raíces ideolóxicas do movemento romántico e o seu calado en diversos ámbitos da vida.
- Ver se identifican os trazos fundamentais da pintura romántica e analizan unha das obras máis importantes de Eugène Delacroix.
- Pescudar se coñecen as características específicas do romanticismo alemán e do romanticismo inglés.
- Comprobar que comprenden e usan correctamente a linguaxe propio do tema.
- Constatar que valoran a importancia do patrimonio artístico e expresan as emocións que pode producir a contemplación e o estudo da obra artística.

### **Unidade 15.- Do Realismo ao Modernismo.**

#### **Conceptos:**

- 1.- Aproximación histórica á segunda metade do século XIX.
- 2.- A cronoloxía e a xeografía da arte da segunda metade do século XIX.
- 3.- Arquitectura e urbanismo.

urbanismo utópico.

- 3.1. As grandes transformacións urbanas. Os novos proxectos urbanísticos e o
- 3.2. Recuperación do pasado e novos materiais. O eclecticismo.

- 3.3. A arquitectura do ferro: A Torre Eiffel.
- 3.4. A escola de Chicago. Louis Sullivan.
- 4.- As artes figurativas no século XIX.
  - 4.1. A escultura A escultura no século XIX. O pensador, de Auguste Rodin.
  - 4.2. Tendencias e ismos pictóricos.
  - 4.3. A pintura realista: Courbet.
  - 4.4. O impresionismo. Aportacións técnicas. Monet e Renoir.
  - 4.5. O postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin.
  - 4.6. A pervivencia da pintura académica.
  - 4.7. O modernismo. Gaudí.

#### **Procedementos:**

- Establecer as relacións entre a Revolución Industrial os novos materiais e a arquitectura do século XIX.
- Identificar nun percorrido na cidade na que vives as consecuencias do seu crecemento: estilo das vivendas construídas, trazado urbano e edificios públicos.
- Realizar un esquema coas causas que propiciaron a renovación arquitectónica da “Escola de Chicago”.
- Elaborar un esquema onde se recollan as principais tendencias da arquitectura do século XIX.
- Comentario de obras significativas: “Proxecto da cidade lineal de Madrid”, “Ópera de París”, “Torre Eiffel”, “Reliance Building”, “Auditorium Building”, “A Sagrada Familia”.
- Facer unha relación dos temas preferidos polos pintores realistas e impresionistas.
- Explicar as diferenzas entre o paisaxe romántico e o realista.
- Realizar un esquema cos precedentes do impresionismo.
- Comparar o papel da luz na pintura barroca e na impresionista.
- Analizar os elementos comúns e as diferenzas da pintura impresionista e a pintura dos posimpresionistas.
- Comentario de obra representativas: “O enterro de Ornans”, “O almuerzo sobre a herba”, “Impresión. Sol nacente”, “Le Moulin de la Galette”, Xogadores de cartas”, “ “A visión despois do sermón”, “Noite estrelada”, “ O pensador”.
- Completar o vocabulario técnico.

#### **Actitudes:**

- Comprender e valorar as novas concepcións do espazo na arquitectura.
- Establecer as relacións entre novas formas de vida da sociedade industrial e a respostas dada pola arquitectura para atendela.
- Comprensión das relacións entre á arte e os avances científicos.
- Valoración da ruptura que o impresionismo supuxo coas formas artísticas tradicionais.
- Diferenciar os valores artísticos da fotografía e a pintura.

#### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que coñecen as características xerais dos distintos estilos artísticos que se desenvolven na segunda metade do século XIX.
- Ver se relacionan o crecemento das cidades cos novos proxectos urbanísticos de mediados do século XIX.
- Pescudar se recoñecen as obras e os artistas máis destacados da arquitectura historicista.
- Valorar se saben explicar os cambios que se producen na arquitectura tras o proceso de industrialización en Europa, a través do exemplo da Torre Eiffel.
- Comprobar que recoñecen as características das dúas tendencias arquitectónicas que xorden a finais do século XIX: o Modernismo e a Escola de Chicago.
- Pescudar se coñecen e valoran a obra de Antonio Gaudí.
- Asegurarse de que recoñecen as distintas tendencias escultóricas do século XIX e saben analizar unha escultura impresionista de Auguste Rodin.
- Observar se saben explicar en que consiste a renovación pictórica do Realismo.
- Confirmar que coñecen aos principais artistas impresionistas e que identifican as achegas técnicas deste estilo.

- Observar se coñecen as presentacións pictóricas do postimpresionismo e valoran a importancia deste movemento como porta de entrada da arte do século XX.
- Ver se distinguen as tendencias artísticas que se desenvolven en Europa a mediados do século XIX de forma paralela á arte de vangarda.
- Valorar se gozan coa análise das obras de arte seleccionadas e mostran interese pola protección e a conservación do patrimonio artístico.

## **Unidade 16.- Arte das primeiras vangardas.**

### **Conceptos:**

- 1.- A xeografía e a cronoloxía das primeiras vangardas.
- 2.- As primeiras vangardas: características xerais.
- 3.- A arquitectura do século XX. O Movemento Moderno.
  - 3.1. O funcionalismo. Le Corbusier.
  - 3.2. A arquitectura da Bauhaus. Walter Gropius.
  - 3.3. A arquitectura orgánica. O organicismo. Frank Lloyd Wright.
  - 3.4. As vangardas arquitectónicas: Neoplasticismo holandés e Expresionismo alemán.
- 4.- Primeiras vangardas artísticas.
  - 4.1. O Fauvismo.
  - 4.2. O expresionismo: “Die Brücke” (A Ponte), “Der Blaue Riter” (O Xinete Azul).
  - 4.3. O cubismo e as súas variantes.
  - 4.4. Os inicios da abstracción. Dadá e o surrealismo.
  - 4.5. Mestres españois da vangarda: Picasso, Dalí, Miró.
  - 4.6. As vangardas galegas. A escultura: Asorey.

### **Procedementos:**

- Realizar un eixe cronolóxico cons acontecementos históricos da primeira metade do século XX.
- Facer un resumo da influencia que os estilos anteriores tiveron nas primeiras vangardas.
- Comentar un fragmento dos “ Manifestos” das diferentes vangardas e relacionalo coas súas obras.
- Analizar a valoración que os fascismos teñen das obras do movemento vangardista.
- Analizar o novo sistema de representación da realidade do cubismo.
- Identificar o papel da realidade nos pintores dadaístas, surrealistas e abstractos.
- Completar o vocabulario técnico.
- Comentar obras de arte representativas: “ A raia verde”, “O berro”, “O guitarrista cego”, “ Les demoiselles d’Avignon”, “Bodegón”, “Guernica”, “Fonte”, “A persistencia da memoria”, “ O gran masturbador”.
- Redactar un cadro-resumo cos principais acontecementos da vida de Picasso, das súas obras e características.

### **Actitudes:**

- Recoñecemento da importancia da liberdade do creador na obra de arte e da obra de arte como obxecto autónomo.
- Valoración da capacidade de mirar a obra de arte sen xuízos previos.

### **Criterios de avaliación:**

- Valorar se coñecen o contexto histórico no que se desenvolven as primeiras vangardas e comprenden as causas dos grandes cambios que se producen nas artes figurativas na primeira metade do século XX.
- Comprobar que saben relacionar a nova arquitectura coa aparición de novas necesidades e a incorporación de melloras técnicas.

- Observar se recoñecen as características da arquitectura funcionalista.
- Pescudar se coñecen a obra de Frank Lloyd Wright, o principal representante da arquitectura organicista e valoran a súa influencia sobre a arquitectura posterior.
- Constatar que coñecen as primeiras vangardas arquitectónicas do século XX.
- Comprobar que saben explicar as características do cubismo escultórico a través da análise dunha obra de Pablo Gargallo.
- Cerciorarse de que coñecen as características xerais das diferentes vangardas pictóricas e os/as artistas de cada tendencia.
- Ver se saben analizar algunhas obras dos/as grandes pintores/as vangardistas da primeira metade do século XX.
- Valorar se saben comparar entre si obras de distintos estilos artísticos.
- Asegurarse de que utilizan de forma precisa o vocabulario específico da arte das primeiras vangardas.
- Constatar que valoran a importancia do patrimonio artístico e expresan as emocións que produce a contemplación e o estudo da obra artística.

## **Unidade 17.- Arte da segunda metade do século XX.**

### **Conceptos:**

- 1.- A xeografía e a cronoloxía da arte da segunda metade do século XX.
- 2.- As características das segundas vangardas e as tendencias posmodernas.
- 3.- A arquitectura. Do funcionalismo á arquitectura de autor.
  - 3.1. A herdanza funcionalista.
  - 3.2. A crise do movemento Moderno: a arquitectura posmoderna.
  - 3.3. Hig-Tech e arquitectura de autor.
4. As artes plásticas. Segundas vangardas.
  - 4.1. O expresionismo abstracto e o informalismo.
  - 4.2. A pop art.
  - 4.3. A nova figuración.
  - 4.4. A abstracción pospictórica e a minimal art.
  - 4.5. Arte acción e arte conceptual. Body Art e Land Art.
  - 4.6. A arte cinética ou Optical-Art.
  - 4.7 A arte Póvera ou “arte pobre”.
  - 4.8. O Hiperrealismo e/ou Fotorrealismo.
  - 4.9. As tendencias posmodernas: Neoexpresionismo e Transvangarda.
- 5.- A escultura. A escultura en España. O peite dos ventos, de Chillida.
- 6.- Perspectiva da arte en Galicia na segunda metade do século XX.

### **Procedementos:**

- Facer un esquema das diferentes tendencias artísticas que se desenvolveron desde 1945 ata a crise da modernidade, situándoas no tempo e no espazo.
- Completar o vocabulario técnico.
- Buscar un exemplo en escultura e pintura de cada un dos estilos artísticos.
- Identificar o valor do baleiro na obra de Moore.
- Analizar as claves estéticas da arte moderno, alonxado do coñecemento popular, a través de obras representativas: “Composición IV de Kandinsky”, “Composición en vermello, Mondrian”, “Composición n.1, Pollock”, “Mujer II, De Kooning”, “Marrón e ocre, Tapies”, “Marilyn, Warhol”, “A Gran Vía, A. López”, “ O Profeta, Gargallo”, “A Plaza, Giacometti”, “Figura reclinada, Moore”, “O peite do vento”, Chillida”, “Muller sentada, Maside”, “A pastora, Colmeiro”, “Conversa na Praia, Seoane”.

### **Actitudes:**

- Mentalidade aberta á hora de contemplar as obras de arte actuais.
- Expresión das emocións ante a obra de arte.

- Toma de conciencia sobre o pluralismo de tendencias nas artes actuais.
- Interese por visitar exposicións e monumentos sobre as obras da arte de século XX.

#### **Criterios de avaliación:**

- Comprobar que saben situar no tempo as diferentes correntes artísticas da segunda metade do século XX.
- Pescudar se comprenden as causas da crise do Modernismo e as presentacións filosóficas da arte posmoderna.
- Valorar se saben explicar as características xerais das segundas vangardas e coñecen os/as seus/súas principais representantes.
- Observar se distinguen as distintas tendencias arquitectónicas da segunda metade do século XX e saben analizar un edificio deconstrutivista.
- Ver se coñecen os arquitectos máis importantes do último terzo do século XX.
- Constatar que son capaces de identificar os elementos diferenciadores das segundas vangardas pictóricas, as obras e os/as autores/as máis importantes.
- Valorar se analizan correctamente os aspectos formais e estilísticos dunha obra de arte de Jackson Pollock e outra de Andy Warhol e saben a que estilo pertencen.
- Confirmar que recoñecen os trazos xerais das tendencias posmodernas do último terzo do século XX e dos movementos revival.
- Observar se coñecen as características da escultura da segunda metade do século XX, as obras e os/as artistas máis destacados.
- Ver se saben comparar entre si obras de diversas tendencias, xa sexan escultóricas ou pictóricas e se utilizan o vocabulario propio da materia.

## **2º BAC**

### **HISTORIA DA ARTE**

#### **7.3. temporalización prevista.**

- 1ª avaliación: ( 51 sesións). Unidades 1 a 8.

Unidade 1: 3 sesión

Unidade 2: 4 sesións

Unidade 3: 4 sesións

Unidade 4: 8 sesións

Unidade 5: 10 sesións

Unidade 6: 8 sesións

Unidade 7: 6 sesións

Unidade 8: 8 sesións

3 sesións dedicadas a exames (a marxe do horario escolar)

- 2ª avaliación: ( 33 sesións). Unidades 9 a 13.

Unidade 9: 4 sesións

Unidade 10: 8 sesións

Unidade 11: 8 sesións

Unidade 12: 10 sesións  
Unidade 13: 3 sesións  
2 sesións dedicadas ( fora de horas de clase)  
4 sesión dedicada actividades complementarias

☐ 3ª avaliación: ( 25 sesións). Unidades 13 a 17.

Unidade 13: 8 sesións  
Unidade 14: 5 sesións  
Unidade 15: 7 sesións  
Unidade 16: 7 sesións  
Unidade 17: 5 sesións  
Tema 5: 5 sesións  
2 sesións dedicadas a exames

#### **7.4. Actitudes xerais.**

- Interese por coñecer os aspectos constitutivos dunha obra de arte.
- Interese por desenvolver o gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante a obra de arte.
- Sensibilidade e preocupación por conservar o contorno artístico local.
- Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte.
- Valoración das obras de arte do contorno mediante a súa comprensión histórica e artística.
- Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal.
- Valoración do protagonismo do mecenas e do comitente no proxecto e na creación das obras e nos programas artísticos.
- Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da historia.
- Actitude aberta diante das linguaxes artísticas de vangarda como resposta ante problemas estéticos.
- Sensibilidade e interese polo coñecemento e conservación do patrimonio artístico e cultural galego.

#### **7.5. Criterios de avaliación.**

- Analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e as súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
- Relacionar as manifestacións artísticas co seu contexto histórico-cultural, valorando a diversidade de correntes e modelos estéticos que poden desenvolverse nunha mesma época e os trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- Analizar as obras de arte significativas dos principais estilos e artistas da arte occidental e de Galicia, a partir de diversas metodoloxías, situándoas no seu contexto histórico-artístico e recoñecer as posibles influencias e a súa pervivencia na arte posterior.
- Manexar con precisión e rigor a terminoloxía específica de cada unha das artes visuais.
- Interpretar os principais códigos iconográficos da cultura visual de Occidente.
- Observar e analizar obras de arte do noso patrimonio cultural no seu contexto orixinal, en museos ou exposicións, especialmente do propio contorno.
- Identificar e localizar os trazos característicos que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, así como saber diferenciarlos e sinalar os cambios.

- Recoñecer as obras máis representativas dos grandes mestres da historia da arte, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a historia da arte.
- Realizar actividades de documentación e indagación a través de fontes de información diversas (textos, imaxes, plantas, alzados, planos, etc.), sobre determinados aspectos da creación artística.
- Utilizar un método de comentario que integre a valoración obxectiva da obra de arte e a creatividade persoal do alumno e expresalo con claridade e corrección formal.
- Analizar a presenza da obra de arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social.

### 7.6. Criterios de cualificación.

A avaliación é continua e aplicarase o procedemento da media ponderada entre as probas e traballos na aula e fora dela e, os exames. A cualificación final será o resultado obtido da media das tres avaliacións realizadas durante o curso.

### 7.7. Mínimos esixibles.

- Corrección lingüística oral e escrita.
- Conexión cronolóxica, social, económica e cultural entre os grandes estilos artísticos e o seu contexto histórico.
- Identificar os elementos básicos dunha obra de arte: liña, cor, textura, composición, materiais, etc.
- Dominio dun vocabulario específico.
- Análise dunha obra de arte acorde cós criterios traballados.
- Coñecemento básico do patrimonio histórico-artístico representativo da cultura occidental con especiais referencias a Galicia e España.

## 8.- 2º BAC

### XEOGRAFÍA

#### 8.1.- Obxectivos:

- Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explicar o espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.
- Comprender e analizar a realidade xeográfica de España e de Galicia como un espazo dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular.
- Coñecer e comprender a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español, e identificar os grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.
- Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten, a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais; prestando unha atención especial á Unión Europea, ás súas características territoriais e ás consecuencias da integración en España e en Galicia.
- Valorar a función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades produtivas na configuración do espazo xeográfico español, recoñecer a súa relación mutua coa sociedade, percibir a condición do home como o axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.
- Entender a poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espazo.
- Comprender a interdependencia de tódolos territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación cos espazos próximos e afastados do hábitat do alumno e prestar



especial atención á superación dos diferentes niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.

- Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten a ordenación do territorio, e valorar a necesidade de potenciar o equilibrio natural e a equidade social. Valorar o potencial da tecnoloxía xeográfica para resolver os desastres naturais, facer máis habitables as cidades e poñer estas ferramentas ó servizo dos máis desfavorecidos.

## 8.2.- Contidos:

### Bloque I.- NATUREZA E MEDIO AMBIENTE EN ESPAÑA E EN GALICIA.

#### **Unidade 1.- O espazo xeográfico español: a diversidade física de España e Galicia: o relevo.**

##### **Conceptos:**

- 1.- O espazo xeográfico español.
- 2.- Características do relevo peninsular.
  - 2.1. Tipos de unidades morfoestruturais.
  - 2.2. Evolución das unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
  - 2.3. O rochedo peninsular e os tipos de relevo.
  - 2.4. As grandes unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
  - 2.5. O relevo costeiro e insular.
- 3.- O espazo xeográfico galego.

##### **Procedementos:**

- Lectura e comentario de textos relativos á unidade.
- Identificar sobre o mapa físico peninsular os diferentes tipos de costas.
- Localización das principais unidades morfoestruturais do relevo sobre o mapa físico da península.
- Comentario de fotografías para identificar as principais formas de relevo da España silíceo, calcario e arxiloso.
- Realización e comentario de perfís topográficos.
- Definición de termos relativos a unidade.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese relativos ós conceptos da unidade.
- Aplicación dos contidos xerais sobre o relevo a Galicia.
- Realización dunha saída polo contorno para observar os tipos de relevo e de rochedo.

##### **Actitudes:**

- Aprecio do papel da peculiar situación e configuración do espazo xeográfico español na súa diversidade física e humana.
- Valoración da diversidade do relevo español e interese por coñecer e interpretar o da propia rexión.
- Observación do carácter dinámico do relevo e interese por coñecer as explicacións das súas características.
- Práctica da capacidade de observación da realidade natural.

##### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- Define con precisión conceptos relativos ó relevo costeiro peninsular e ó relevo insular.
- Localiza e identifica en mapas e en perfís topográficos as áreas de rochedo silíceo, calcario e arxiloso e as unidades morfoestruturais do relevo español.
- Localiza e identifica en mapas as formas do relevo costeiro peninsular, as illas Baleares e as illas Canarias, cabos e golfos.

- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular, os tipos de rochedo e de relevo e as unidades morfoestruturais do relevo peninsular.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta textos, mapas, fotografías sobre o territorio español, a orixinalidade da súa situación xeográfica e a súa diversidade natural e humana.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular e as súas unidades morfoestruturais.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre o relevo costeiro peninsular e o relevo insular.
- Aprecia a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español e observa e reflexiona sobre a incidencia de distintos tipos de relevo na actividade humana.

## **Unidade 2.- A diversidade climática de España e de Galicia.**

### **Conceptos:**

- 1.- Os factores do clima.
  - 1.1. Os factores xeográficos.
  - 1.2. Os factores termodinámicos.
- 2.- Os elementos do clima.
  - 2.1. A temperatura do aire.
  - 2.2. A humidade, a néboa e o calixeiro.
  - 2.3. A presión e o vento.
  - 2.4. As precipitacións.
- 3.- Tipos de tempo atmosférico en España.
- 4.- Principais tipos de clima en España.
  - 4.1. O clima oceánico.
  - 4.2. O clima mediterráneo.
  - 4.3. O clima de montaña.
  - 4.4. O clima de Canarias.
  - 4.5. Tipos de clima en Galicia.

### **Procedementos:**

- Definición de termos relativos á unidade.
- Elaboración e interpretación de esquemas sobre factores e elementos do clima.
- Comentario de mapas do tempo.
- Construción, comentario e comparación de climogramas.
- Localización e identificación en mapas dos principais dominios climáticos de España.
- Aplicación dos conceptos xerais sobre o tempo e o clima a Galicia.
- Recompilación de datos meteorolóxicos e climáticos de diversas fontes.
- Visita ó Instituto Meteorolóxico da Cidade.

### **Actitudes:**

- Aprecio da diversidade climática española.
- Rigor na análise e na interpretación dos datos meteorolóxicos e climáticos.
- Práctica da capacidade de observación dos factores e elementos do clima sobre o contorno.
- Reflexión sobre a importancia do clima na actividade humana.
- Interese pola correcta aplicación dos conceptos teóricos en cuestións prácticas.

### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos a factores e elementos do clima, tipos de tempo atmosférico e tipos de clima.
- Localiza e identifica en mapas os centros de acción e as masas de aire que lles afectan ó tempo e ó clima peninsular, e a distribución espacial de temperaturas, amplitudes térmicas, precipitacións e aridez.
- Localiza e identifica en mapas os principais dominios climáticos de España.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os factores e elementos do clima, os tipos de tempo e os distintos dominios climáticos de España.

- Comenta mapas do tempo en superficie.
- Elabora, analiza, explica, compara, comenta e interpreta climogramas, datos estatísticos sobre climas e mapas cos diferentes dominios climáticos.
- Aprecia a diversidade climática española, observa os factores e elementos do clima e reflexiona sobre a incidencia do tempo e do clima na actividade humana.

### **Unidade 3.- A diversidade hídrica e bioxeográfica.**

#### **Conceptos:**

- 1.- Os ríos peninsulares:
  - 1.1. Factores que inflúen nos ríos peninsulares.
  - 1.2. O caudal e o réxime fluvial.
  - 1.3. As concas e as vertentes hidrográficas.
  - 1.4. Baleares e Canarias.
- 2.- Os lagos e os humidais españois:
  - 2.1. As lagoas.
  - 2.2. Os humidais.
- 3.- Os acuíferos.
- 4.- As formacións vexetais.
  - 4.1. Factores que inflúen na vexetación.
- 5.- As paisaxes vexetais de España.
  - 5.1. A paisaxe vexetal do clima oceánico.
  - 5.2. A paisaxe vexetal do clima mediterráneo.
  - 5.3. A paisaxe vexetal de ribeira.
  - 5.4. A paisaxe vexetal de montaña.
  - 5.5. A paisaxe vexetal de Canarias.
- 6.- O solo:
  - 6.1. Factores do solo.
  - 6.2. Os horizontes e o perfil do solo.
  - 6.3. Os tipos de solo.
- 7.- Os ríos e vexetación de Galicia:
  - 7.1. A disimetría das vertentes.
  - 7.2. O encaixamento da rede fluvial.
  - 7.3. O caudal dos ríos galegos.
  - 7.4. A vexetación de Galicia.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Comentario e comparación de mapas relativos á auga, á vexetación e ó solo.
- Comentario e comparación de gráficos sobre o réxime dos ríos peninsulares.
- Identificación e comentario de fotografías dos diferentes paisaxes da Península.
- Localización nun mapa dos solos de España.
- Localización nun mapa das principais paisaxes vexetais.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos a diversidade hídrica e bioxeográfica de España.
- Aplicación dos contidos xerais sobre as augas, a vexetación e o solo a Galicia.
- Realización dunha saída polo contorno natural do centro de estudos.

#### **Actitudes:**

- Rigor na obtención e na interpretación da información referida ós conceptos da unidade.
- Práctica da capacidade de observación da realidade natural aplicada ó contorno.
- Aprecio pola diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e Galicia.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos ás augas, vexetación, paisaxes vexetais e solos de España.

- Localiza en mapas os principais ríos, concas e vertentes hidrográficas da Península.
- Localiza en mapas as principais formacións vexetais de España.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos e imaxes sobre as augas: réximes fluviais e fotografías de ríos.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas e imaxes sobre as formacións vexetais e solos de España: cliseries, mapas coa distribución de especies vexetais e perfís do solo.

## **Unidade 4.- As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade.**

### **Conceptos:**

- 1.- As grandes paisaxes naturais.
  - 1.1.- A paisaxe oceánica.
  - 1.2. A paisaxe mediterránea.
  - 1.3. A montaña.
  - 1.4. As Illas Canarias.
- 2.- A influencia do medio ambiente na actividade humana. O medio natural como recurso.
  - 2.1. O relevo como recurso.
  - 2.2. O clima como recurso.
  - 2.3. A auga como recurso.
    - 2.3.1. O uso da auga.
    - 2.3.2. O balance hídrico.
    - 2.3.3. A política hidráulica.
  - 2.4. A vexetación como recurso.
  - 2.5. O solo como recurso.
- 3.- Os riscos naturais.
  - 3.1. Os riscos xeolóxicos.
  - 3.2. Os riscos climáticos.
  - 3.3. As actuacións fronte aos riscos naturais.
- 4.- Influencia da actividade humana no medio natural.
  - 4.1. Problemas e políticas ambientais.
  - 4.2. Principais problemas medioambientais e solucións:
    - 4.2.1. A alteración do relevo.
    - 4.2.2. A contaminación atmosférica.
    - 4.2.3. A contaminación acústica.
    - 4.2.4. A sobreexplotación e contaminación das augas.
    - 4.2.5. Os danos, alteración e a destrución da vexetación.
    - 4.2.6. A contaminación, erosión e desertización do solo.
    - 4.2.7. Os residuos sólidos urbanos (RSU).
- 5.- A protección dos espazos naturais.
- 6.- O medio ecoxeográfico galego e os seus problemas.

### **Procedementos:**

- Definición de termos relativos ós conceptos da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre problemas ambientais.
- Elaboración dun mapa cos riscos naturais que lle afectan a Galicia e a España.
- Localización nun mapa dos espazos naturais protexidos e das áreas afectadas polos distintos problemas ambientais.
- Comentario e interpretación de diversos tipos de gráficos, datos estatísticos, mapas e esquemas sobre os principais espazos naturais, erosión do solo e superficie queimada no presente ano.
- Recompilación de noticias de prensa sobre problemas medioambientais e as políticas de protección á natureza impulsados por a UE, España e a Comunidade.
- Elaboración de cadros resumo coas principais agresións ó medio do ser humano e as medidas que poden adoptarse fronte a elas.
- Aplicación dos contidos da unidade didáctica á situación de Galicia.

### **Actitudes:**

- Aprecio pola diversidade do medio físico español e galego e a orixinalidade das súas paisaxes naturais.
- Interese e curiosidade por coñecer as diversas paisaxes naturais de Galicia e de España e aprecio polo contorno paisaxístico.
- Valoración da complexidade das interrelacións do medio natural coa actividade humana.
- Práctica da capacidade de observación da realidade natural aplicada ó contorno.
- Aprecio polo valor do contorno como recurso e elemento importante para a calidade de vida.
- Conciencia e sensibilidade ante os problemas ambientais do contorno.
- Adopción de actitudes de consumo responsables que contribúen ó desenvolvemento sostible.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos ás paisaxes naturais de Galicia e de España, ós problemas e ás políticas ambientais.
- Localiza en mapas as áreas correspondentes ás paisaxes naturais de Galicia e de España.
- Localiza en mapas as áreas afectadas por riscos e problemas ambientais, así como por políticas ambientais de protección.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre as paisaxes naturais de Galicia e de España, a influencia do medio natural na actividade humana e a influencia da actividade humana no medio natural.
- Identifica e comenta a partir de fotografías as principais paisaxes naturais de Galicia e de España, sinalando as interrelacións do medio natural coa actividade humana.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficas, mapas, imaxes e textos sobre problemas e políticas ambientais.
- Valora a diversidade dos espazos naturais de Galicia e de España, identifica e emite xuízos sobre os problemas ambientais e propón solucións fronte a eles.

## Bloque II.- O ESPAZO XEOGRÁFICO E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

### **Unidade 5.- Os espazos do sector primario.**

#### **Conceptos:**

- 1.- O espazo rural.
  - 1.1.- Factores físicos e elementos humanos.
    - 1.1.1. O medio natural.
    - 1.1.2. A estrutura agraria.
  - 1.2. O poboamento e o hábitat rural.
    - 1.2.1. O poboamento rural e as súas transformacións recentes.
    - 1.2.2. O hábitat rural e as súas transformacións recentes.
  - 1.3. A política agraria.
    - 1.3.1. A política agraria desde mediados do século XIX ata a PAC.
    - 1.3.2. A política agraria comunitaria (PAC) e as súas repercusións.
- 2.- Os usos agrarios do espazo rural.
  - 2.1. A actividade agrícola.
    - 2.1.1. A estrutura agrícola e as súas transformacións recentes.
    - 2.1.2. A produción agrícola e as súas transformacións recentes.
  - 2.2. A actividade gandeira e as súas transformacións recentes.
  - 2.3. A actividade forestal.
- 3.- As paisaxes agrarias de España.
  - 3.1. A paisaxe agraria do norte peninsular húmido.
  - 3.2. A paisaxe agraria do interior peninsular.
  - 3.3. A paisaxe agraria mediterránea.
  - 3.4. A paisaxe agraria de montaña.
  - 3.5. A paisaxe agraria de Canarias.
- 4.- As dinámicas recentes do mundo rural.
  - 4.1. Os novos usos de espazo rural.
  - 4.2. A crise do mundo rural.
  - 4.3. Os problemas rurais e as políticas de desenvolvemento rural.

- 5.- Os espazos da actividade pesqueira.
  - 5.1. A actividade pesqueira.
  - 5.2. A crise e os problemas da actividade pesqueira.
  - 5.3. A política pesqueira: regulación e reconversión do sector.
  - 5.4. A acuicultura.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Recompilación e comentario de noticias sobre os problemas do sector primario.
- Comentario e comparación de mapas coa distribución dos diferentes cultivos e gandería.
- Localización nun mapa das principais paisaxes agrarias de España.
- Análise do espazo rural sobre unha folla do MTN.
- Elaboración e comentario de diversos tipos de gráficos e datos estatísticos sobre usos do espazo rural.
- Comentario de fotografías sobre os espazos rurais e pesqueiro.
- Busca de información complementaria sobre os problemas pesqueiros e de produción de leite na nosa Comunidade.
- Aplicación dos contidos xerais da unidade didáctica á situación de Galicia.
- Realización dun traballo de campo sobre unha paisaxe agraria do contorno.

#### **Actitudes:**

- Avaliación da diversidade de paisaxes rurais de Galicia e de España e interese por coñecer os do contorno.
- Rigor na obtención e na interpretación de fontes relativas ós espazos rural e pesqueiro.
- Aprecio polas interrelacións do medio físico e as actividades agraria e pesqueira.
- Conciencia dos graves problemas derivados dalgúns formas de aproveitamento agrario e pesqueiro, e interese e aprecio polas fórmulas para evitar e solucionar estes problemas.
- Avaliación das políticas de desenvolvemento rural como fórmula para evitar o despoboamento das áreas rurais desfavorecidas e os problemas ambientais derivados deste despoboamento.
- Desenvolvemento da capacidade crítica e da observación sobre as actividades agrarias ou pesqueiras do contorno.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión os conceptos relativos ós espazos agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro.
- Localiza e identifica en mapas fenómenos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiro.
- Identifica os factores que inflúen na actividade agraria, os usos do espazo rural, as paisaxes agrarias, e as dinámicas recentes do mundo rural en Galicia e en España.
- Coñece e elabora temas sobre a crise e os problemas da actividade pesqueira, e a política de regulación e reconversión do sector pesqueiro.
- Analiza, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o tamaño da propiedade agraria; a evolución do barbeito; a distribución do gando bovino, ovino, porcino e caprino; a produción de leite, e a achega da agricultura e da gandería á produción final agraria.
- Elabora, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os problemas da pesca galega e española; a evolución da pesca desembarcada; a evolución da acuicultura; os problemas da flota pesqueira, e as características da pesca artesanal tradicional.
- Propón Emite valoracións, opinións e xuízos críticos sobre os espazos rurais e pesqueiros e solucións para os seus problemas.

## **Unidade 6.- Os espazos industriais.**

#### **Conceptos:**

- 1.- A industria e as materias primas.
  - 1.1. Os tipos de materias primas.
  - 1.2. As fontes de enerxía.

- 1.2.1. Principais formas de enerxía primaria.
- 1.2.2. Produción e consumo de electricidade.
- 1.2.3. Os problemas enerxéticos e a política enerxética.
- 2.- Os recursos enerxéticos de Galicia.
  - 2.1. O sector mineiro.
  - 2.2. O potencial enerxético de Galicia.
- 3.- Industria española entre 1855 e 1975.
  - 3.1. Evolución histórica.
  - 3.2. A produción industrial 1855-1975.
  - 3.3. A estrutura industrial 1855-1975.
  - 3.4. A localización industrial 1855-1975.
  - 3.5. As áreas industriais 1855-1975.
  - 3.6. A política industrial 1855-1975.
- 4.- A crise e a reestruturación industrial (1975-1985).
  - 4.1. A crise industrial.
  - 4.2. A reestruturación industrial.
- 5.- A industria española na actualidade.
  - 5.1. A recuperación da industria 1985-2007.
  - 5.2. A produción industrial actual.
  - 5.3. A estrutura actual da industria.
  - 5.4. A localización industrial actual.
  - 5.5. As áreas industriais actuais.
  - 5.6. A política industrial actual.
- 6.- A industria en Galicia.
  - 6.1. O proceso de industrialización en Galicia.
  - 6.2. Estrutura e principais áreas industriais.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos referentes á unidade.
- Recompilación e comentario de noticias de prensa sobre a crise dos estaleiros e problemática da reconversión industrial no entorno da ría de Ferrol.
- Localización nun mapa das áreas industriais de Galicia e de España.
- Comentario e comparación de mapas: áreas industriais en España e Galicia, distribución do gasto nacional en I+D, zonas de urxente industrialización e mapa de produción da electricidade.
- Comentario de gráficos e datos estatísticos sobre o sector industrial en Galicia e en España.
- Análise de fotografías e diapositivas de un parque tecnolóxico, rexións industrias tradicionais etc.
- Elaboración dun esquema coas distintas etapas da industrialización.
- Busca de información sobre as industrias punteiras en Galicia e as repercusións da incorporación á UE neste sector.
- Visita ó porto e a refinería.
- Realización dun traballo de campo sobre o sector téxtil na cidade.

#### **Actitudes:**

- Valoración da utilización racional dos recursos e concienciación sobre a importancia do aforro e da reciclaxe, adoptando condutas concretas encamiñadas a isto.
- Comprensión do custo da actividade industrial na paisaxe e valorar os produtos industriais realizados sen contaminar o medio natural.
- Conciencia dos desequilibrios territoriais que xera a desigual distribución da industria no espazo.
- Desenvolvemento da capacidade de observación respecto á realidade industrial do contorno.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión os conceptos relativos a materias primas, fontes de enerxía e industria.
- Localiza en mapas fenómenos referidos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial.

- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre materias primas, fontes de enerxía e política enerxética.
- Coñece e elabora temas sobre a evolución histórica e as características da industria ata a segunda metade do século XX; a crise e a reestruturación industrial e a industria galega e española na actualidade.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre as materias primas e as fontes de enerxía e actividade industrial.
- Emite opinións e xuízos críticos sobre os problemas da produción mineira, enerxética e industrial e analiza as solucións encamiñadas á utilización racional dos recursos.

## **Unidade 7.- Os espazos de servizos.**

### **Conceptos:**

- 1.- O proceso de terciarización da economía.
  - 1.1. As causas da terciarización.
  - 1.2. Características do sector terciario.
  - 1.3. Os desequilibrios territoriais.
- 2.- Os transportes e as comunicacións.
  - 2.1. O sistema de transportes e a súa importancia.
  - 2.2. Características e problemas.
  - 2.3. A política de transporte.
  - 2.4. Os modos de transporte.
  - 2.5. O sistema de transporte galego.
- 3.- Os espazos turísticos.
  - 3.1. Os recursos turísticos de España.
  - 3.2. A evolución do turismo e do seus factores.
    - 3.2.1. O modelo turístico tradicional.
    - 3.2.2. A crise do modelo turístico tradicional.
    - 3.2.3. A reconversión: cara a un novo modelo turístico.
  - 3.3. Características do turismo español.
  - 3.4. Os tipos de turismo.
  - 3.5. As áreas turísticas.
  - 3.6. As repercusións espaciais do turismo.
  - 3.7. Os problemas e a política turística.
  - 3.8. O turismo en Galicia.
- 4.- O comercio.
  - 4.1. O comercio interior.
  - 4.2. O comercio exterior.
  - 4.3. O comercio en Galicia.

### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre a incidencia do turismo rural e a extensión do tren de alta velocidade ó conxunto do territorio nacional.
- Localización nun mapa das principais áreas turísticas galegas e españolas.
- Comentario e comparación de mapas sobre: ocupación activa ocupada no sector terciario, rede de estradas nacionais e transeuropeas, rede ferroviaria e áreas turísticas.
- Comentario de gráficos e de datos estatísticos relativos: estacionalidade do turismo, evolución do número de visitantes e ingresos por turismo.
- Comentario de diapositivas ou de fotografías relativas as diferentes modalidades de turismo.
- Elaboración dun cadro resumo dos diferentes servizos: transporte, turismo e comercio.
- Realización dun informe sobre as posibles consecuencias na economía galega de integración da eurorrexión formada polo norte de Portugal e Galicia.

### **Actitudes:**



- Avaliación das posibles repercusións medioambientais dos medios de transporte e do turismo e proposta de solucións para omitir estes impactos negativos, por exemplo, tomando conciencia da importancia de utilizar o transporte público.
- Interese por conservar os espazos turísticos, tanto naturais como culturais; especialmente os de Galicia.
- Concienciación sobre o consumismo nas sociedades desenvolvidas e adopción dunha actitude crítica e selectiva fronte ós artigos de consumo e fronte á información dos medios de comunicación de masas.
- Aprecio polo papel positivo do turismo no achegamento dos pobos, o contacto entre culturas e o entendemento político entre os países.
- Aprecio pola diversidade turística española e desenvolvemento da curiosidade por coñecer espazos diferentes ó propio.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión os conceptos relativos ó sector terciario, o sistema de transporte, o turismo e o comercio exterior e interior en Galicia e en España.
- Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ó sistema de transporte, ó turismo e ó comercio interior e exterior en Galicia e en España.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o sistema de transporte galego e español: características xerais, características dos diferentes modos e problemas do sistema de transporte.
- Coñece e elabora temas sobre o turismo en Galicia e en España: causas e consecuencias do desenvolvemento turístico, o modelo turístico tradicional, o turismo alternativo e os problemas do turismo.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o comercio interior e exterior en Galicia e en España e os seus problemas.
- Elaborar, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o sistema de transporte en Galicia e en España.
- Identifica os problemas das actividades terciarias, emite xuízos críticos e opinións, e propón solucións.

### Bloque III.- POBOACIÓN, ESPAZO URBANO E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

#### **Unidade 8.- A poboación española e a poboación galega.**

##### **Conceptos:**

- 1.- As fontes demográficas.
- 2.- A distribución da poboación.
  - 2.1. Características da distribución.
  - 2.2. Factores explicativos da distribución.
- 3.- O movemento natural da poboación.
  - 3.1. Os réximes demográficos.
    - 3.1.1. O réxime demográfico antigo ata principios do século XX.
    - 3.1.2. A transición demográfica: 1900-1975.
    - 3.1.3. O réxime demográfico actual a partir de 1975.
  - 3.2. Os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- 4.- Os movementos migratorios.
  - 4.1. As migracións interiores.
    - 4.1.1. As migracións interiores tradicionais.
    - 4.1.2. As migracións interiores actuais.
  - 4.2. As migracións exteriores.
    - 4.2.1. As migracións transoceánicas.
    - 4.2.2. A emigración a Europa.

- 4.3. A inmigración estranxeira actual e as súas consecuencias.
- 5.- O crecemento real de poboación.
- 6.- A estrutura da poboación española.
  - 6.1. A estrutura po sexo e idade.
  - 6.2. A estrutura económica da poboación.
- 7.- O futuro da poboación española.
- 8.- A poboación de Galicia: características e tendencias.
  - 8.1. Os efectivos demográficos e a súa distribución.
  - 8.2. O movemento natural da poboación.
  - 8.3. A tradición migratoria en Galicia.
  - 8.4. O crecemento real da poboación.
  - 8.5. A estrutura da poboación.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentarios de texto.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas sobre a: distribución da poboación, taxas de natalidade e mortalidade, saldos migratorios na actualidade, taxas de actividade.
- Comentario e comparación de gráficos e datos estatísticos de poboación activa e por sectores e idades de España e Galicia.
- Realización e comentario de pirámides de poboación nacionais e galegas.
- Elaboración de cadros comparativos e de síntese referidos ós conceptos da unidade.
- Recollida de información e debate sobre a situación dos inmigrantes estranxeiros en España.

#### **Actitudes:**

- Avaliación da complexidade dos fenómenos demográficos: multicausalidade, carácter dinámico e diversidade territorial.
- Desenvolvemento da capacidade crítica e de opinión sobre as implicacións sociais e económicas da problemática demográfica (baixa natalidade, envellecemento, inmigración, desemprego).
- Valoración da diversidade de grupos humanos que conviven en Galicia e en España.
- Tolerancia e respecto cara a persoas e grupos sociais pertencentes a outras razas ou culturas e rexeitamento das actitudes de intolerancia e de xenofobia.
- Rexeitamento de calquera discriminación no mundo laboral respecto ó emprego.
- Interese e actitude crítica cara ós datos demográficos procedentes de diversos medios de comunicación.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos a fontes demográficas, movementos naturais e migratorios, crecemento real e estrutura da poboación galega e española.
- Localiza e identifica en mapas a distribución da poboación española; as comunidades con maior e menor natalidade, mortalidade e crecemento natural; as principais áreas emigratorias e inmigratorias; as rexións con maiores e menores taxas de actividade e de paro, e as comunidades autónomas nas que predominan os sectores primario, secundario e terciario.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os movementos naturais e migratorios, e sobre o crecemento real da poboación galega e española.
- Coñece e elabora temas sobre a estrutura e o futuro da poboación galega e española.
- Elaborar, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os movementos naturais e migratorios e o crecemento real da poboación galega e española.
- Elaborar, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a estrutura e o futuro da poboación galega e española.
- Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de tolerancia e de solidariedade cara á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, raza ou nacionalidade.

## **Unidade 9.- O espazo urbano.**

### **Conceptos:**

- 1.- O Concepto de cidade: un fenómeno complexo.
- 2.- Proceso de urbanización.
  - 2.1. A urbanización preindustrial.
  - 2.2. A urbanización industrial.
  - 2.3. A urbanización postindustrial.
- 3.- A morfoloxía urbana.
- 4.- A estrutura urbana.
  - 4.1. A cidade preindustrial: o casco antigo.
  - 4.2. A cidade industrial: ensanches e barrios.
  - 4.3. A periferia actual e as recentes transformacións urbanas.
  - 4.4. As aglomeracións urbanas.
- 5.- Os problemas das cidades españolas.
- 6.- A produción e a ordenación do espazo urbano.
  - 6.1. A produción do espazo urbano.
  - 6.2. A planificación urbana: o urbanismo.
- 7.- O sistema urbano español.
  - 7.1. Características do sistema urbano español.
    - 7.1.1. O tamaño das cidades.
    - 7.1.2. As funcións urbanas.
    - 7.1.3. A área de influencia urbana.
    - 7.1.4. A xerarquía urbana española.
    - 7.1.5. As relacións urbanas no sistema de cidades.
  - 7.2. O sistema de cidades e os seus cambios.
    - 7.2.1. O sistema de cidades.
    - 7.2.2. O cambio recente no sistema urbano español.
    - 7.2.3. A integración en Europa e no sistema urbano europeo.
    - 7.2.4. A globalización no sistema urbano mundial.
- 8.- O sistema urbano galego.
  - 8.1. O proceso de urbanización.
  - 8.2. O subsistema urbano galego.

### **Procedementos:**

- Definición de termos e de conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre problemas urbanos.
- Recompilación e comentario de noticias de prensa relativas: planificación actual do crecemento urbano das cidades da Coruña, Vigo e Madrid.
- Localización en mapas de: a distribución xeográfica das grandes aglomeracións urbanas e da xerarquía urbana dos sistemas de cidades español e galego.
- Comentario, elaboración e comparación de gráficos e datos estatísticos sobre; municipios españois máis poboados na actualidade, crecemento das principais áreas metropolitanas.
- Interpretación e comentario de fotografías e diapositivas sobre os elementos que definen o fenómeno urbano.
- Comentario de planos urbanos nos seus aspectos morfolóxicos e estruturais.
- Identificación nos planos de Madrid, Barcelona e a Coruña das diversas partes da estrutura urbana.
- Elaboración de un cadro comparativo das etapas do proceso de urbanización.
- Realización dun itinerario por a cidade da Coruña ou Santiago.

### **Actitudes:**

- Interese por coñecer os diversos aspectos constitutivos do fenómeno urbano.
- Emisión de xuízos críticos respecto ó contorno urbano.

- Valoración do patrimonio urbano, preocupación pola súa conservación e aprecio polas medidas encamiñadas á súa rehabilitación e mellora.
- Participación activa na realización das actividades relacionadas cos contidos da unidade.
- Concienciación sobre os problemas medioambientais causados polo ser humano.
- Colaboración activa na conservación e na mellora do medio ambiente urbano.
- Fomento da convivencia cidadá a través do coñecemento dos problemas existentes nas grandes urbes e solidariedade cara ós barrios marxinados.
- Análise de cuestións relacionadas coa calidade de vida nas cidades.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión os conceptos relativos ó poboamento rural, ó proceso de urbanización, á morfoloxía e á estrutura urbana.
- Define con precisión conceptos relativos ós problemas das cidades, ó urbanismo e ó sistema de cidades.
- Localiza e identifica en mapas as principais cidades fenicias, gregas e romanas, as capitais provinciais, as principais áreas metropolitanas, as metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais e as cidades de máis de 250 000 habitantes.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre o poboamento rural, o proceso de urbanización, a morfoloxía urbana e a estrutura urbana e as aglomeracións urbanas.
- Coñece e elabora temas sobre os problemas urbanos, a produción do espazo urbano e o urbanismo e o sistema de cidades.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o poboamento rural, o proceso de urbanización, a morfoloxía urbana e a estrutura urbana e as aglomeracións urbanas.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os problemas urbanos, a produción do espazo urbano e o urbanismo e o sistema de cidades.
- Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información, emite xuízos e propón solucións sobre eles.

### **Unidade 10.- A organización territorial e os desequilibrios rexionais.**

#### **Conceptos:**

- 1.- A organización política administrativa de España.
  - 1.1. A evolución histórica da organización política administrativa.
  - 1.2. A organización política-administrativa actual.
    - 1.2.1. As divisións político-administrativas.
    - 1.2.2. Orixe, formación e organización do estado autonómico.
- 2.- Os desequilibrios territoriais.
  - 2.1. As diferenzas espaciais.
  - 2.2. A evolución dos desequilibrios.
- 3.- As políticas rexionais e de cohesión territorial.
  - 3.1. As bases da política territorial.
  - 3.2. A política rexional e de cohesión da Unión Europea 2007-2013.
  - 3.3. A política rexional do Estado.
  - 3.4. A ordenación do territorio.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos e conceptos relativos á unidade.
- Lectura e comentarios de texto da Constitución sobre o Estado das autonomías.
- Localización nun mapa das comunidades autónomas, das súas capitais e das provincias que as integran.
- Elaboración, comentario e comparación de mapas relativos á evolución histórica da organización territorial.

- Realización e interpretación de gráficos, datos estatísticos e fotografías sobre: financiamento das comunidades autónomas e fondo de suficiencia.
- Realización dun traballo de indagación sobre a situación de Galicia en relación coas demais comunidades.

#### **Actitudes:**

- Interese por coñecer o proceso autonómico español e, en particular o concernente a Galicia.
- Valoración do pluralismo e da diversidade cultural de España e respecto das diferentes opinións sobre a organización territorial e política.
- Desenvolvemento de sentimentos de pertenza, integración e participación con respecto á Galicia.
- Expresión de actitudes de tolerancia e respecto cara ás particularidades das outras comunidades autónomas.
- Solidariedade cara ás comunidades autónomas máis desfavorecidas e aprecio polas actuacións encamiñadas a paliar os desequilibrios territoriais.
- Avaliación crítica da política rexional española e galega, e adopción dunha postura crítica ante as informacións procedentes dos medios de comunicación.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión os conceptos relativos á organización territorial de España, ós desequilibrios territoriais, ás políticas territoriais e á ordenación do territorio.
- Localiza e identifica en mapas as comunidades autónomas españolas e as súas capitais; fenómenos relacionados coa evolución da organización territorial; desequilibrios demográficos, económicos e sociais entre comunidades autónomas, e aspectos relevantes da política territorial.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a orixe e a formación do Estado autonómico e a súa organización actual.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, imaxes e textos sobre a orixe e a formación do Estado autonómico e a súa organización actual; os desequilibrios territoriais; a política rexional española, e a ordenación do territorio.
- Emite opinións que reflicten tolerancia, respecto e solidariedade cara ás outras comunidades e valora as actuacións favorecedoras do desenvolvemento rexional.

## Bloque IV.- ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO.

### **Unidade 11.- España e Galicia na Unión Europea.**

#### **Conceptos:**

- 1.- A construción da UE.
  - 1.1.O proceso de integración. Os tratados.
    - 1.1.1. Os tratados fundacionais.
    - 1.1.2. A evolución dos tratados fundacionais.
- 2.- O proceso de ampliación e as súas consecuencias.
- 3.- O medio físico europeo e os seus contrastes.
  - 3.1. O relevo.
  - 3.2. As paisaxes bioclimáticas da UE.
  - 3.3. Situación do medio ambiente na UE.
- 4.- O funcionamento da Unión Europea.
  - 4.1. As institucións da UE.
  - 4.2. As políticas comúns.
- 5.- Trazos socioeconómicos da UE.
  - 5.1. A poboación da UE.
  - 5.2. As cidades da UE.

- 5.3. As actividades económicas da UE.
- 5.4. Benestar social.
- 6.- Os desequilibrios e as políticas territoriais da UE.
  - 6.1. As disparidades territoriais na UE.
  - 6.2. A política territorial da UE.
- 7.- España na Unión Europea.
  - 7.1. A integración española en Europa.
  - 7.2. A posición actual e perspectivas de España na EU.
- 8.- Galicia na Unión Europea.
  - 8.1. A integración de Galicia en Europa.
  - 8.2. O arco atlántico.
  - 8.3. A euronrexión Galicia-Norte de Portugal.

#### **Procedementos:**

- Definición de termos relativos ós conceptos da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre a Carta Social, a Carta de Dereitos Fundamentais e o futuro político da UE.
- Elaboración de mapas cos países integrantes da UE, os países pertencentes ó espazo Schengen e os principais relevos, ríos, lagos e espazos protexidos da UE.
- Comentario e interpretación de diversos tipos de gráficos, datos estatísticos, mapas e esquemas sobre a UE.
- Comentario de fotografías sobre a diversidade de Europa, o relevo e as paisaxes naturais e agrarias da UE.
- Utilización da explicación multicausal para a interpretación das fontes.
- Elaboración de cadros comparativos e sintéticos sobre aspectos da UE.
- Confección dun eixe cronolóxico cos acontecementos clave da construción europea.
- Realización de informes sobre aspectos da UE.
- Organización dun debate sobre as consecuencias da próxima ampliación da UE para Galicia e para España.
- Realización de enquisas sobre o futuro da UE.

#### **Actitudes:**

- Valoración dos aspectos positivos da integración europea e da pertenza española á UE.
- Emisión de xuízos críticos sobre a integración europea e as súas limitacións.
- Interese por coñecer a participación e oposición española no contexto europeo.
- Desenvolvementos de sentimentos de pertenza á UE.
- Expresión de opinións e xuízos críticos sobre a participación de España nos distintos ámbitos políticos, económicos e sociais.

#### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos á construción do futuro da UE e á súa estrutura institucional, o medio ambiente nos países da EU, e as diferentes políticas rexionais.
- Localiza e identifica en mapas as diversas etapas da construción europea; os países que integran actualmente a UE e os candidatos á adhesión coas súas capitais, e aspectos socioeconómicos básicos.
- Localiza en mapas relevos, ríos, océanos, mares e climas da UE.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a unidade e a diversidade de Europa, construción e futuro da UE e a súa estrutura institucional.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre a natureza e o medio nos países da Unión.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os trazos socioeconómicos básicos da UE; as disparidades e as políticas rexionais, e a posición de España na UE.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta textos, mapas e datos estatísticos sobre a unidade e a diversidade de Europa e o proceso de construción europea.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre o relevo e as paisaxes bioclimáticas da UE.

- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta gráficos, mapas, textos e datos estadísticos sobre trazos socioeconómicos básicos da UE.
- Realiza avaliacións críticas e emite xuízos sobre a integración europea e as relacións da UE con outros ámbitos mundiais.

## **Unidade 12. España no mundo.**

### **Conceptos:**

- 1.- O proceso de globalización.
  - 1.1. As causas da globalización.
  - 1.2. O funcionamento da globalización.
  - 1.3. A consecuencia da globalización.
  - 1.4. Os movementos antiglobalización.
- 2.- As desigualdades territoriais no mundo.
  - 2.1. As causas das desigualdades.
  - 2.2. Os países desenvolvidos.
  - 2.3. Os países subdesenvolvidos.
  - 2.4. As relacións mundiais.
  - 2.5. A axuda ao desenvolvemento.
- 3.- Posición de España no mundo.
  - 3.1. España nas áreas socioeconómicas.
  - 3.2. España nas áreas xeopolíticas.
  - 3.3. A posición relativa de España no mundo segundo o IDH e o IGEI.

### **Procedementos:**

- Definición de termos relativos ós conceptos da unidade.
- Lectura e comentario de textos sobre os movementos antiglobalización.
- Elaboración de mapas coas liñas xeopolíticas de España.
- Comentario e interpretación de diversos tipos de gráficos, datos estadísticos, mapas e esquemas sobre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, relacións centro-periferia, etc.
- Comparación de fotografías representativas das características do desenvolvemento e do subdesenvolvemento.
- Elaboración de cadros comparativos e sintéticos sobre os desequilibrios rexionais.
- Confección de organigramas coas institucións internacionais ás que pertence España.
- Realización dun dossier de prensa sobre as repercusións en Galicia da progresiva mundialización da economía nos diferentes sectores económicos.
- Realización dun debate sobre globalización/antiglobalización.

### **Actitudes:**

- Rigor crítico na obtención e no tratamento da información relativa ós contidos da unidade.
- Análise crítica de diversos aspectos polémicos da unidade, como as vantaxes e os inconvenientes das multinacionais e da globalización; da axuda ó desenvolvemento por parte dos países desenvolvidos e de España, e das teorías actuais sobre o subdesenvolvemento.
- Sensibilidade cara ás diferenzas no nivel de desenvolvemento; solidariedade cos espazos mundiais máis desfavorecidos, e aprecio polas actitudes encamiñadas a fomentar os valores de xustiza e igualdade.
- Actitude crítica e selectiva ante a información procedente dos medios de comunicación, a publicidade e o consumo.
- Interese por coñecer a participación e a posición española no contexto mundial.

### **Criterios de avaliación:**

- Define con precisión conceptos relativos ós procesos de mundialización, áreas xoeconómicas mundiais, movementos antiglobalización e posición relativa de España nas áreas xoeconómicas e xeopolíticas.

- Localiza e identifica en mapas os centros mundiais de decisión económica e política, as grandes áreas xeoeconómicas do mundo e os ámbitos cara ós que se dirixen as principais liñas xeopolíticas españolas.
- Sintetiza conceptos e redacta temas sobre os procesos de mundialización; as áreas xeoeconómicas mundiais; os movementos antiglobalización, e a posición relativa de España nas áreas xeoeconómicas e xeopolíticas.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta mapas, textos e táboas estatísticas sobre os procesos de mundialización.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta táboas estatísticas, cadros e textos sobre as áreas xeoeconómicas mundiais e os movementos antiglobalización.
- Elabora, analiza, explica, comenta e interpreta táboas estatísticas, textos, mapas e organigramas sobre a posición relativa de España no mundo.
- Emite opinións críticas sobre as desigualdades territoriais causadas pola globalización, propón e avalía as solucións para aplicalas, mostrando unha actitude solidaria cos máis desfavorecidos.

## 2º BAC

### XEOGRAFÍA

#### 8.3.- temporalización prevista.

☐ 1ª avaliación: ( 50 sesións). Unidades 1 a 5.

Unidade 1: 12 sesións

Unidade 2: 11 sesións

Unidade 3: 11 sesións

Unidade 4: 6 sesións

Unidade 5: 10 sesións

3 sesións dedicadas a exames fora do horario escolar.

1 sesión dedicada actividades complementarias

☐ 2ª avaliación: ( 34 sesións). unidades 6 a 9.

Unidade 6: 10 sesións

Unidade 7: 7 sesións

Unidade 8: 10 sesións

Unidade 9: 7 sesións

2 sesións dedicadas a exames fora do horario escolar

☐ 3ª avaliación: ( 30 sesións). unidades 10 a 12.

Unidade 10: 9 sesións

Unidade 11: 13 sesións



Unidade 12: 8 sesións

2 sesións dedicadas a exames